



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Número 226
1 de agosto de 2025



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite e publicación

■ 28454 (12/PNP-002298)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa defensa da inclusión do porto de Vigo na Rede básica transeuropea de transporte (TEN-T) [95561](#)

■ 28526 (12/PNP-002299)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis

Sobre as accións que a Xunta de Galicia debe demandar ao Goberno de España para a inclusión do porto de Vigo na Rede básica transeuropea de transportes (TEN-T) [95565](#)

■ 28720 (12/PNP-002300)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García González, Patricia e 8 máis

Sobre determinadas actuacións que a Xunta de Galicia debe solicitar ao Goberno español no relativo á sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea sobre as vedas á pesca de fondo e no relativo á defensa da frota galega ante a Unión Europea [95569](#)

■ 28711 (12/PNP-002301)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Lorenzo Gómez, Rubén e 8 máis

Sobre as solicitudes que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno do Estado relativas ao Plan industrial e tecnolóxico para a seguridade e a defensa [95573](#)

■ 28902 (12/PNP-002302)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 3 máis

Sobre determinadas medidas que a Xunta de Galicia debe realizar para a reformulación do plan funcional do Centro Integral de Saúde Olimpia Valencia, en Vigo [95579](#)

■ 28957 (12/PNP-002303)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 3 máis

Sobre determinadas medidas que debe realizar a Xunta para a tradución ao galego do programa Atenea [95584](#)



I 28978 (12/PNP-002304)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e Taibo Corsanego, Iria**

Sobre determinadas medidas que debe adoptar a Xunta acerca da declaración BIC do Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside, en Sada [95589](#)

I 28994 (12/PNP-002305)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Fernández, Secundino e 3 máis**

Sobre determinadas medidas que debe realizar a Xunta respecto da proposta da UE de reducir os fondos da Política Agraria Común (PAC) para incrementar o gasto militar [95593](#)

I 29069 (12/PNP-002306)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis**

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que se proceda á toma de posesión dos postos de traballo das escalas da Administración especial da Xunta de Galicia adxudicados mediante a Resolución do 9 de xullo de 2025, da Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal [95598](#)

I 29268 (12/PNP-002307)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de anular a ampliación da concesión da AP-9, cambiar o modelo de xestión e establecer a súa gratuidade [95604](#)

I 29335 (12/PNP-002308)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis**

Sobre a demanda ao Goberno galego do inicio inmediato das obras de ampliación e mellora das instalacións do IES Antón Alonso, de Tomiño [95608](#)

I 29379 (12/PNP-002309)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Taibo Corsanego, Iria e 2 máis**

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxectivo de que leve a cabo todas as accións que estean na súa man para converter o galego en lingua oficial da Unión Europea [95612](#)

I 29500 (12/PNP-002310)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis**

Sobre a demanda ao Goberno galego da provisión, polo sistema de concurso de traslados, da praza de inspección veterinaria ocupada con carácter temporal polo exconselleiro do Mar [95616](#)

I 29505 (12/PNP-002311)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis**

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe adoptar na cidade de Vigo co fin de garantir a calidade da súa atención sanitaria primaria [95620](#)

I 29510 (12/PNP-002312)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que manteña a actividade sanitaria no Centro de Saúde Nicolás Peña, de Vigo, así como a atención pediátrica nos centros de saúde de Coia, Pintor Colmeiro e Nicolás Peña [95624](#)

I 29545 (12/PNP-002313)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego despois de se producir un cuarto derrubamento nas instalacións do Hospital Materno-Infantil de Ourense [95628](#)

I 29551 (12/PNP-002314)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e 5 máis

Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia ante a necesidade de adaptar o mapa escolar á perda demográfica das zonas rurais e costeiras do país [95633](#)

I 29556 (12/PNP-002315)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis

Sobre as medidas económicas que debe tomar o Goberno galego en relación co mantemento da actividade do Centro de Saúde Nicolás Peña, de Vigo, e coa dotación do novo Olimpia Valencia [95638](#)

I 29559 (12/PNP-002316)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre as accións que a Xunta de Galicia debe pór en marcha en relación cos reiterados derrubamentos dos falsos teitos do Hospital Materno-Infantil de Ourense [95643](#)

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

I 28453 (12/PNC-002688)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 9 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa defensa da inclusión do porto de Vigo na Rede básica transeuropea de transporte (TEN-T) [95648](#)

I 28527 (12/PNC-002689)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia



Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis

Sobre as accións que a Xunta de Galicia debe demandar ao Goberno de España para a inclusión do porto de Vigo na Rede básica transeuropea de transportes (TEN-T)

[95652](#)**I 28611 (12/PNC-002690)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Presas Bergantiños, Noa Olalla

Sobre a xestión orzamentaria da Consellería do Mar, a desviación de partidas correspondentes aos seus orzamentos e os programas que recibirán as contías non executadas por esta consellaría en 2024

[95656](#)**I 28673 (12/PNC-002691)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as actuacións que prevé realizar a Xunta de Galicia para restablecer as conexións viarias entre as localidades da parroquia de Mourillós, no concello de Celanova

[95661](#)**I 28704 (12/PNC-002692)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Lorenzo Gómez, Rubén e 8 máis

Sobre as solicitudes que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno do Estado relativas ao Plan industrial e tecnolóxico para a seguridade e a defensa

[95666](#)**I 28719 (12/PNC-002693)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García González, Patricia e 8 máis

Sobre determinadas actuacións que a Xunta de Galicia debe solicitar ao Goberno español no relativo á sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea sobre as vedas á pesca de fondo e no relativo á defensa da frota galega ante a Unión Europea

[95672](#)**I 28905 (12/PNC-002694)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 3 máis

Sobre determinadas medidas que a Xunta de Galicia debe realizar para a reformulación do plan funcional do Centro Integral de Saúde Olimpia Valencia, en Vigo

[95676](#)**I 28958 (12/PNC-002695)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 3 máis

Sobre determinadas medidas que debe realizar a Xunta para a tradución ao galego do programa Atenea

[95681](#)**I 28979 (12/PNC-002697)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Taibo Corsanego, Iria

Sobre determinadas medidas que debe adoptar a Xunta acerca da declaración BIC do Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside, en Sada

[95687](#)

I 28995 (12/PNC-002698)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Fernández, Secundino e 3 máis**

Sobre determinadas medidas que debe realizar a Xunta respecto da proposta da UE de reducir os fondos da Política Agraria Común (PAC) para incrementar o gasto militar [95690](#)

I 29018 (12/PNC-002699)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ruanova Vilas-Boas, Brais e Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre determinadas medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia respecto do saneamento dos núcleos rurais do concello de Oia [95695](#)

I 29070 (12/PNC-002700)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis**

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que se proceda á toma de posesión dos postos de traballo das escalas da Administración especial da Xunta de Galicia adxudicados mediante a Resolución do 9 de xullo de 2025, da Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal [95700](#)

I 29269 (12/PNC-002701)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de anular a ampliación da concesión da AP-9, cambiar o modelo de xestión e establecer a súa gratuidade [95706](#)

I 29289 (12/PNC-002702)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Fernández, Secundino e Prado Cores, María Montserrat**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para que o Centro de Saúde de Vilariño de Conso manteña unha atención sanitaria permanente [95710](#)

I 29336 (12/PNC-002703)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis**

Sobre a demanda ao Goberno galego do inicio inmediato das obras de ampliación e mellora das instalacións do IES Antón Alonso, de Tomiño [95715](#)

I 29377 (12/PNC-002704)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Taibo Corsanego, Iria e 2 máis**

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxectivo de que leve a cabo todas as accións que estean na súa man para converter o galego en lingua oficial da Unión Europea [95719](#)

I 29378 (12/PNC-002705)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Taibo Corsanego, Iria e 2 máis**

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxectivo de que leve a cabo todas as accións que estean na súa man para converter o galego en lingua oficial da Unión Europea [95723](#)

I 29501 (12/PNC-002706)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego da provisión, polo sistema de concurso de traslados, da praza de inspección veterinaria ocupada con carácter temporal polo exconselleiro do Mar [95727](#)

I 29506 (12/PNC-002707)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe adoptar na cidade de Vigo co fin de garantir a calidade da súa atención sanitaria primaria [95731](#)

I 29511 (12/PNC-002708)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que manteña a actividade sanitaria no Centro de Saúde Nicolás Peña, de Vigo, así como a atención pediátrica nos centros de saúde de Coia, Pintor Colmeiro e Nicolás Peña [95735](#)

I 29536 (12/PNC-002709)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a demanda á Xunta de Galicia dunha mellor dotación do servizo de matronas do Centro de Saúde de Ponteareas [95739](#)

I 29540 (12/PNC-002710)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia dun incremento dos cadros de persoal dos corpos de xestión, tramitación e auxilio das unidades do partido xudicial de Ourense [95744](#)

I 29550 (12/PNC-0027sa e 5 máis)

Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia ante a necesidade de adaptar o mapa escolar á perda demográfica das zonas rurais e costeiras do país [95748](#)

I 29557 (12/PNC-002712)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis

Sobre as medidas económicas que debe tomar o Goberno galego en relación co mantemento da actividade do Centro de Saúde Nicolás Peña, de Vigo, e coa dotación do novo Olimpia Valencia [95753](#)

I 29560 (12/PNC-002713)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre as accións que a Xunta de Galicia debe pór en marcha en relación cos reiterados derrubamentos dos falsos teitos do Hospital Materno-Infantil de Ourense [95758](#)

I 29564 (12/PNC-002714)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe levar a cabo no Centro de Saúde de Vila de Cruces e no consultorio de Merza, no mesmo concello, co fin de mellorar o estado das súas instalacións [95763](#)

1.4. Procedementos de información

1.4.3. Interpelacións

Admisión a trámite e publicación

I 28909 (12/INT-001112)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 3 máis

Sobre a previsión da Xunta de Galicia de reformular o novo Centro Integral de Saúde (CIS) Olimpia Valencia consensuadamente cos traballadores, garantindo suficiente persoal, evitando a concentración asistencial e mantendo os centros de saúde existentes para mellorar a atención primaria en Vigo [95768](#)

I 28983 (12/INT-001113)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Taibo Corsanego, Iria

Sobre o cambio de nome do Museo Carlos Maside e a exclusión do conxunto da Cerámica do Castro e do Laboratorio de Formas, en consonancia coa declaración BIC [95773](#)

I 28999 (12/INT-001114)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e 3 máis

Sobre a valoración que fai a Xunta da proposta da UE de recortar os fondos da Política Agraria Común (PAC) 2028-2034, do seu desvío a armamento militar e das consecuencias para o sector agrogandeiro galego [95778](#)

I 29074 (12/INT-001115)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre a xestión do Goberno galego durante as últimas décadas en materia de persoal e función pública, singularmente no referido aos corpos e escalas da Administración especial [95783](#)

I 29376 (12/INT-001116)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 2 máis

Sobre a postura do Goberno galego en relación coa demanda encamiñada a converter o galego, o catalán e o éuscaro en linguas oficiais da Unión Europea [95790](#)



I 29549 (12/INT-001117)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Davila, María Cristina e 5 máis**

Sobre os criterios seguidos polo Goberno galego na adaptación do mapa escolar á evolución demográfica en zonas rurais e da costa

[95795](#)**1.4.4. Preguntas****1.4.4.1. Preguntas orais en pleno****Admisión a trámite e publicación****I 28439 (12/POP-004084)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e Pérez López, José Daniel**

Sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para garantir que as vivendas de uso turístico (VUT) contén co acordo expreso das comunidades de propietarios

[95799](#)**I 28442 (12/POP-004085)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ruanova Vilas-Boas, Brais e 2 máis**

Sobre as razóns polas que o Goberno galego destinou 4,5 millóns de euros á sociedade Recursos de Galicia a través dunha modificación orzamentaria tipificada como «imprevistos»

[95803](#)**I 28444 (12/POP-004086)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da oferta de camas hospitalarias na Área Sanitaria da Coruña e Cee durante o verán

[95807](#)**I 28446 (12/POP-004087)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Prado del Río, Paula e 7 máis**

Sobre os principais datos da memoria de actividade do Instituto de Medicina Legal de Galicia durante o ano 2024

[95811](#)**I 28448 (12/POP-004088)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa Olalla e 4 máis**

Sobre as actuacións que prevé levar a cabo o Goberno galego ante a última agresión acontecida no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

[95814](#)**I 28450 (12/POP-004089)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Prado del Río, Paula e 7 máis**

Sobre as actuacións de mellora que está a levar a cabo ou ten planificadas o Goberno galego nas dependencias xudiciais

[95818](#)

I 28452 (12/POP-004090)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, José Daniel e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre o estado de conservación do ecosistema formado pola lagoa de Traba, no concello de Laxe

[95821](#)

I 28456 (12/POP-004091)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre os efectos que o déficit de axentes da Unidade do Corpo Nacional de Policía Adscrita ten no desenvolvemento das súas funcións en Galicia

[95826](#)

I 28460 (12/POP-004092)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Fernández González, Ariadna

Sobre o impulso de novos comedores escolares naqueles centros que non contan con este servizo e que teñen familias que o demandan

[95829](#)

I 28462 (12/POP-004093)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Fernández González, Ariadna

Sobre a introdución de estratexias e técnicas de prevención e resolución de conflitos nos centros educativos coa participación mediadora do propio alumnado

[95834](#)

I 28464 (12/POP-004094)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre a planificación que prevé establecer a Consellería de Educación para garantir a seguridade do alumnado en caso de emerxencias

[95839](#)

I 28465 (12/POP-004095)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 8 máis

Sobre o balance da campaña de prevención e control da avespa velutina desenvolvida este ano

[95843](#)

I 28467 (12/POP-004096)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 2 máis

Sobre a postura do Goberno galego en relación coas demandas dos concellos e dos usuarios do autobús da área metropolitana da Coruña referidas á mellora deste servizo

[95846](#)

I 28469 (12/POP-004097)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 3 máis

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia en relación coa presenza da lingua galega no currículo das ensinanzas de Formación Profesional

[95851](#)



I 28471 (12/POP-004098)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Insua Lema, Óscar e Ríos Santomé, Paulo**

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia dunha eventual incorporación de novas rutas directas e máis rápidas para conectar Santiago de Compostela con Fisterra e Muxía

[95856](#)**I 28481 (12/POP-004099)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Fernández, Secundino e 2 máis**

Sobre a situación do Plan básico municipal de Viana do Bolo

[95861](#)**I 28483 (12/POP-004100)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Prado Cores, María Montserrat**

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para garantir durante o verán os servizos de medicina familiar e comunitaria no Centro de Saúde de Trives

[95866](#)**I 28486 (12/POP-004101)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa Olalla e Valcárcel Armesto, Montserrat**

Sobre as condicións de calidade da auga potable no concello de Maside e as medidas para garantir a seguranza do seu servizo para a veciñanza

[95870](#)**I 28488 (12/POP-004102)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 2 máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia verbo da asistencia sanitaria no consultorio de Parga, no concello de Guitiriz

[95875](#)**I 28490 (12/POP-004103)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Davila, María Cristina e Fernández González, Ariadna**

Sobre as garantías para unha axeitada atención no vindeiro curso 2025-2026 ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

[95879](#)**I 28492 (12/POP-004104)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre a distribución por parte da Xunta de Galicia do fondo correspondente a 2025 para a promoción da cinematografía en linguas cooficiais

[95885](#)**I 28495 (12/POP-004105)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Trenor López, Gonzalo e 8 máis**

Sobre as principais medidas previstas no novo Plan sectorial de xestión de residuos industriais de Galicia (Priga)

[95889](#)

I 28497 (12/POP-004106)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ruanova Vilas-Boas, Brais e 3 máis**

Sobre as intencións que ten o Goberno galego no que atinxe ao contacto coas traballadoras e traballadores das empresas da automoción con risco de perda de emprego

[95892](#)**I 28500 (12/POP-004107)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre a inclusión da docencia da lingua galega no Sistema de escolas europeas

[95897](#)**I 28502 (12/POP-004108)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ruanova Vilas-Boas, Brais e Taibo Corsanego, Iria**

Sobre a postura da Xunta de Galicia respecto da activación dunha demanda ao Goberno central para a creación dun punto de coordinación transfronteirizo entre Galicia e Portugal

[95901](#)**I 28504 (12/POP-004109)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla**

Sobre o funcionamento do servizo de axuda no fogar (SAF) no concello de Rodeiro

[95906](#)**I 28506 (12/POP-004110)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto das condicións de acceso ás prazas das casas niño

[95911](#)**I 28508 (12/POP-004111)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Trenor López, Gonzalo e 7 máis**

Sobre os obxectivos e as previsións da construción da nova planta de clasificación de residuos téxtiles do complexo medioambiental de Sogama no concello de Cerceda

[95915](#)**I 28510 (12/POP-004112)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Trenor López, Gonzalo e 8 máis**

Sobre o cronograma que o Goberno galego ten deseñado para a xestión integral do litoral e en que fase se atopa cada iniciativa proposta

[95918](#)**I 28512 (12/POP-004113)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Trenor López, Gonzalo e 8 máis**

Sobre os principais pasos, prazos e mecanismos de coordinación previstos pola Xunta de Galicia para a posta en marcha da plataforma ambiental GalA

[95922](#)**I 28514 (12/POP-004114)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

Trenor López, Gonzalo e 8 máis

Sobre as xestións previstas pola Xunta de Galicia para lle demandar ao Goberno central a apertura dun procedemento de exixencia de responsabilidade ambiental en relación co accidente do buque *Toconao* e as súas verteduras

[95925](#)**I 28515 (12/POP-004115)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sanz Arias, Cristina e 9 máis

Sobre o balance dos servizos prestados pola Oficina Económica de Galicia

[95928](#)**I 28524 (12/POP-004116)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Lorenzo Gómez, Rubén e 9 máis

Sobre os efectos que, de ser o caso, traería a posta en marcha da fábrica de Altri para o tecido industrial galego

[95931](#)**I 28528 (12/POP-004118)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Martínez, Roberto e 7 máis

Sobre a actitude do presidente do Goberno central ante as solicitudes de información e de reunión por parte da Xunta de Galicia co fin de tratar os asuntos relativos á AP-9

[95934](#)**I 28530 (12/POP-004119)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Martínez, Roberto e 8 máis

Sobre a actitude do Goberno central e da Mesa do Congreso dos Deputados en relación co proceso de transferencia da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia

[95937](#)**I 28532 (12/POP-004120)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Martínez, Roberto e 8 máis

Sobre o ritmo de avance na materialización dos compromisos do Goberno central con Galicia en materia de infraestruturas viarias de titularidade estatal

[95940](#)**I 28534 (12/POP-004121)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Martínez, Roberto e 8 máis

Sobre o estudo que debe presentar o Goberno central relativo ás vías xurídicas de anulación da prórroga de concesión da AP-9, ao custo que podería supoñer o seu rescate e á gratuidade das súas peaxes

[95943](#)**I 28536 (12/POP-004122)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Martínez, Roberto e 8 máis

Sobre a postura das forzas políticas PSOE, Sumar e BNG nas Cortes Xerais ante a tramitación da Proposición de lei orgánica de transferencia a Galicia da autoestrada AP-9

[95947](#)

I 28540 (12/POP-004123)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Davila, María Cristina e Prado Cores, María Montserrat**

Sobre as medidas que pensa impulsar a Consellaría de Educación para garantir o dereito á saúde mental e o benestar psicosocial do alumnado dos centros educativos galegos e sobre a creación da figura de coordinación de convivencia e benestar

[95950](#)**I 28542 (12/POP-004124)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****García González, Patricia e 9 máis**

Sobre as medidas que está a adoptar o Goberno galego para consolidar e reforzar o liderado do sector naval galego, garantindo o mantemento do emprego de calidade, o relevo xeracional e a captación de novos investimentos para o futuro desta industria

[95954](#)**I 28548 (12/POP-004125)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Lorenzo Gómez, Rubén e 8 máis**

Sobre a situación da instalación de puntos de recarga de vehículos eléctricos en Galicia

[95958](#)**I 28553 (12/POP-004126)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Lorenzo Gómez, Rubén e 8 máis**

Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia dos vinte e cinco anos do programa ReAcciona

[95962](#)**I 28556 (12/POP-004127)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Lorenzo Gómez, Rubén e 8 máis**

Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia da súa colaboración coas sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras no marco de apoio ás pemes e ás persoas autónomas

[95966](#)**I 28559 (12/POP-004128)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Trenor López, Gonzalo e 8 máis**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego das políticas de fomento da adopción responsable e do benestar animal en Galicia

[95970](#)**I 28564 (12/POP-004129)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa Olalla e 4 máis**

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante a posibilidade de negociar co Goberno central unha quitação da débeda pública autonómica

[95974](#)**I 28565 (12/POP-004130)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Lorenzo Gómez, Rubén e 8 máis**

Sobre o balance xeral da Estratexia de internacionalización da empresa galega 2021-2025

[95979](#)

I 28567 (12/POP-004131)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Lorenzo Gómez, Rubén e 8 máis**

Sobre o balance das medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para mellorar a eficiencia enerxética do tecido produtivo galego

[95983](#)**I 28569 (12/POP-004132)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Lorenzo Gómez, Rubén e 8 máis**

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia dos proxectos de almacenamento de enerxía a partir de fontes renovables que buscan implantarse en Galicia

[95987](#)**I 28571 (12/POP-004133)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Lorenzo Gómez, Rubén e 8 máis**

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia das medidas para garantir o futuro da actividade e dos empregos na factoría de aluminio de Alcoa, na Mariña lucense

[95991](#)**I 28573 (12/POP-004134)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Lorenzo Gómez, Rubén e 8 máis**

Sobre o coñecemento por parte da Xunta de Galicia de se o Goberno de España ten a intención de ofrecer algunha solución enerxética aos proxectos industriais estratéxicos de Galicia

[95995](#)**I 28575 (12/POP-004135)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Lorenzo Gómez, Rubén e 8 máis**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da posible inclusión na nova lista PCI (Proxectos de Intereses Común) do hidróxeno ducto Guitiriz-Zamora e o seu apoio a esta iniciativa

[96001](#)**I 28580 (12/POP-004136)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Lorenzo Gómez, Rubén e 8 máis**

Sobre as iniciativas e servizos de apoio da Xunta de Galicia destinadas á transformación e dixitalización de autónomos e pemes

[96006](#)**I 28585 (12/POP-004137)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Lorenzo Gómez, Rubén e 8 máis**

Sobre o balance das medidas que está a promover a Consellería de Economía e Industria para mellorar a competitividade dos equipos directivos das empresas galegas

[96010](#)**I 28588 (12/POP-004138)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez López, José Daniel e 2 máis**

Sobre as necesidades infraestruturais da comarca de Bergantiños para o seu desenvolvemento económico e social

[96014](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.1. Proposicións presentadas

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 30 de xullo de 2025, adoptou os seguintes acordos:

Admisión a trámite e publicación

- 28454 (12/PNP-002298)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa defensa da inclusión do porto de Vigo na Rede básica transeuropea de transporte (TEN-T)

- 28526 (12/PNP-002299)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis

Sobre as accións que a Xunta de Galicia debe demandar ao Goberno de España para a inclusión do porto de Vigo na Rede básica transeuropea de transportes (TEN-T)

- 28720 (12/PNP-002300)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García González, Patricia e 8 máis

Sobre determinadas actuacións que a Xunta de Galicia debe solicitar ao Goberno español no relativo á sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea sobre as vedas á pesca de fondo e no relativo á defensa da frota galega ante a Unión Europea

- 28711 (12/PNP-002301)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Lorenzo Gómez, Rubén e 8 máis

Sobre as solicitudes que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno do Estado relativas ao Plan industrial e tecnolóxico para a seguridade e a defensa

- 28902 (12/PNP-002302)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 3 máis

Sobre determinadas medidas que a Xunta de Galicia debe realizar para a reformulación do plan funcional do Centro Integral de Saúde Olimpia Valencia, en Vigo

- 28957 (12/PNP-002303)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 3 máis

Sobre determinadas medidas que debe realizar a Xunta para a tradución ao galego do programa Atenea



- 28978 (12/PNP-002304)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Taibo Corsanego, Iria

Sobre determinadas medidas que debe adoptar a Xunta acerca da declaración BIC do Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside, en Sada

- 28994 (12/PNP-002305)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e 3 máis

Sobre determinadas medidas que debe realizar a Xunta respecto da proposta da UE de reducir os fondos da Política Agraria Común (PAC) para incrementar o gasto militar

- 29069 (12/PNP-002306)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que se proceda á toma de posesión dos postos de traballo das escalas da Administración especial da Xunta de Galicia adxudicados mediante a Resolución do 9 de xullo de 2025, da Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal

- 29268 (12/PNP-002307)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de anular a ampliación da concesión da AP-9, cambiar o modelo de xestión e establecer a súa gratuidade

- 29335 (12/PNP-002308)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego do inicio inmediato das obras de ampliación e mellora das instalacións do IES Antón Alonso, de Tomiño

- 29379 (12/PNP-002309)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 2 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxectivo de que leve a cabo todas as accións que estean na súa man para converter o galego en lingua oficial da Unión Europea

- 29500 (12/PNP-002310)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego da provisión, polo sistema de concurso de traslados, da praza de inspección veterinaria ocupada con carácter temporal polo exconselleiro do Mar

- 29505 (12/PNP-002311)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis



Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe adoptar na cidade de Vigo co fin de garantir a calidade da súa atención sanitaria primaria

- 29510 (12/PNP-002312)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que manteña a actividade sanitaria no Centro de Saúde Nicolás Peña, de Vigo, así como a atención pediátrica nos centros de saúde de Coia, Pintor Colmeiro e Nicolás Peña

- 29545 (12/PNP-002313)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego despois de se producir un cuarto derrubamento nas instalacións do Hospital Materno-Infantil de Ourense

- 29551 (12/PNP-002314)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e 5 máis

Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia ante a necesidade de adaptar o mapa escolar á perda demográfica das zonas rurais e costeiras do país

- 29556 (12/PNP-002315)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis

Sobre as medidas económicas que debe tomar o Goberno galego en relación co mantemento da actividade do Centro de Saúde Nicolás Peña, de Vigo, e coa dotación do novo Olimpia Valencia

- 29559 (12/PNP-002316)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre as accións que a Xunta de Galicia debe pór en marcha en relación cos reiterados derrubamentos dos falsos teitos do Hospital Materno-Infantil de Ourense

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

- 28453 (12/PNC-002688)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 9 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa defensa da inclusión do porto de Vigo na Rede básica transeuropea de transporte (TEN-T)

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo



- 28527 (12/PNC-002689)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis

Sobre as accións que a Xunta de Galicia debe demandar ao Goberno de España para a inclusión do porto de Vigo na Rede básica transeuropea de transportes (TEN-T)

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 28611 (12/PNC-002690)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Presas Bergantiños, Noa Olalla

Sobre a xestión orzamentaria da Consellería do Mar, a desviación de partidas correspondentes aos seus orzamentos e os programas que recibirán as contías non executadas por esta consellaría en 2024

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 28673 (12/PNC-002691)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as actuacións que prevé realizar a Xunta de Galicia para restablecer as conexións viarias entre as localidades da parroquia de Mourillós, no concello de Celanova

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 28704 (12/PNC-002692)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Lorenzo Gómez, Rubén e 8 máis

Sobre as solicitudes que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno do Estado relativas ao Plan industrial e tecnolóxico para a seguridade e a defensa

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 28719 (12/PNC-002693)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García González, Patricia e 8 máis

Sobre determinadas actuacións que a Xunta de Galicia debe solicitar ao Goberno español no relativo á sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea sobre as vedas á pesca de fondo e no relativo á defensa da frota galega ante a Unión Europea

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 28905 (12/PNC-002694)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 3 máis

Sobre determinadas medidas que a Xunta de Galicia debe realizar para a reformulación do plan funcional do Centro Integral de Saúde Olimpia Valencia, en Vigo

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 28958 (12/PNC-002695)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 3 máis



Sobre determinadas medidas que debe realizar a Xunta para a tradución ao galego do programa Atenea

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 28979 (12/PNC-002697)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Taibo Corsanego, Iria

Sobre determinadas medidas que debe adoptar a Xunta acerca da declaración BIC do Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside, en Sada

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 28995 (12/PNC-002698)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e 3 máis

Sobre determinadas medidas que debe realizar a Xunta respecto da proposta da UE de reducir os fondos da Política Agraria Común (PAC) para incrementar o gasto militar

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 29018 (12/PNC-002699)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre determinadas medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia respecto do saneamento dos núcleos rurais do concello de Oia

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 29070 (12/PNC-002700)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que se proceda á toma de posesión dos postos de traballo das escalas da Administración especial da Xunta de Galicia adxudicados mediante a Resolución do 9 de xullo de 2025, da Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 29269 (12/PNC-002701)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de anular a ampliación da concesión da AP-9, cambiar o modelo de xestión e establecer a súa gratuidade

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 29289 (12/PNC-002702)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para que o Centro de Saúde de Vilariño de Conso manteña unha atención sanitaria permanente

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego



- 29336 (12/PNC-002703)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego do inicio inmediato das obras de ampliación e mellora das instalacións do IES Antón Alonso, de Tomiño

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 29377 (12/PNC-002704)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 2 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxectivo de que leve a cabo todas as accións que estean na súa man para converter o galego en lingua oficial da Unión Europea

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 29378 (12/PNC-002705)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 2 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxectivo de que leve a cabo todas as accións que estean na súa man para converter o galego en lingua oficial da Unión Europea

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 29501 (12/PNC-002706)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego da provisión, polo sistema de concurso de traslados, da praza de inspección veterinaria ocupada con carácter temporal polo exconselleiro do Mar

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 29506 (12/PNC-002707)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe adoptar na cidade de Vigo co fin de garantir a calidade da súa atención sanitaria primaria

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 29511 (12/PNC-002708)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que manteña a actividade sanitaria no Centro de Saúde Nicolás Peña, de Vigo, así como a atención pediátrica nos centros de saúde de Coia, Pintor Colmeiro e Nicolás Peña

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 29536 (12/PNC-002709)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Prado Cores, María Montserrat



Sobre a demanda á Xunta de Galicia dunha mellor dotación do servizo de matronas do Centro de Saúde de Ponteareas

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 29540 (12/PNC-002710)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia dun incremento dos cadros de persoal dos corpos de xestión, tramitación e auxilio das unidades do partido xudicial de Ourense

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 29550 (12/PNC-002711)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e 5 máis

Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia ante a necesidade de adaptar o mapa escolar á perda demográfica das zonas rurais e costeiras do país

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 29557 (12/PNC-002712)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis

Sobre as medidas económicas que debe tomar o Goberno galego en relación co mantemento da actividade do Centro de Saúde Nicolás Peña, de Vigo, e coa dotación do novo Olimpia Valencia

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 29560 (12/PNC-002713)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre as accións que a Xunta de Galicia debe pór en marcha en relación cos reiterados derrubamentos dos falsos teitos do Hospital Materno-Infantil de Ourense

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 29564 (12/PNC-002714)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe levar a cabo no Centro de Saúde de Vila de Cruces e no consultorio de Merza, no mesmo concello, co fin de mellorar o estado das súas instalacións

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

1.4. Procedementos de información

1.4.3. Interpelacións

Admisión a trámite e publicación

- 28909 (12/INT-001112)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 3 máis



Sobre a previsión da Xunta de Galicia de reformular o novo Centro Integral de Saúde (CIS) Olimpia Valencia consensuadamente cos traballadores, garantindo suficiente persoal, evitando a concentración asistencial e mantendo os centros de saúde existentes para mellorar a atención primaria en Vigo

- 28983 (12/INT-001113)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Taibo Corsanego, Iria

Sobre o cambio de nome do Museo Carlos Maside e a exclusión do conxunto da Cerámica do Castro e do Laboratorio de Formas, en consonancia coa declaración BIC

- 28999 (12/INT-001114)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e 3 máis

Sobre a valoración que fai a Xunta da proposta da UE de recortar os fondos da Política Agraria Común (PAC) 2028-2034, do seu desvío a armamento militar e das consecuencias para o sector agrogandeiro galego

- 29074 (12/INT-001115)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre a xestión do Goberno galego durante as últimas décadas en materia de persoal e función pública, singularmente no referido aos corpos e escalas da Administración especial

- 29376 (12/INT-001116)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 2 máis

Sobre a postura do Goberno galego en relación coa demanda encamiñada a converter o galego, o catalán e o éuscaro en linguas oficiais da Unión Europea

- 29549 (12/INT-001117)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e 5 máis

Sobre os criterios seguidos polo Goberno galego na adaptación do mapa escolar á evolución demográfica en zonas rurais e da costa

1.4.4. Preguntas

1.4.4.1. Preguntas orais en pleno

Admisión a trámite e publicación

- 28439 (12/POP-004084)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Pérez López, José Daniel

Sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para garantir que as vivendas de uso turístico (VUT) contén co acordo expreso das comunidades de propietarios



- 28442 (12/POP-004085)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e 2 máis

Sobre as razóns polas que o Goberno galego destinou 4,5 millóns de euros á sociedade Recursos de Galicia a través dunha modificación orzamentaria tipificada como «imprevistos»

- 28444 (12/POP-004086)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da oferta de camas hospitalarias na Área Sanitaria da Coruña e Cee durante o verán

- 28446 (12/POP-004087)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre os principais datos da memoria de actividade do Instituto de Medicina Legal de Galicia durante o ano 2024

- 28448 (12/POP-004088)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 4 máis

Sobre as actuacións que prevé levar a cabo o Goberno galego ante a última agresión acontecida no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

- 28450 (12/POP-004089)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre as actuacións de mellora que está a levar a cabo ou ten planificadas o Goberno galego nas dependencias xudiciais

- 28452 (12/POP-004090)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, José Daniel e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre o estado de conservación do ecosistema formado pola lagoa de Traba, no concello de Laxe

- 28456 (12/POP-004091)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre os efectos que o déficit de axentes da Unidade do Corpo Nacional de Policía Adscrita ten no desenvolvemento das súas funcións en Galicia

- 28460 (12/POP-004092)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Fernández González, Ariadna

Sobre o impulso de novos comedores escolares naqueles centros que non contan con este servizo e que teñen familias que o demandan



- 28462 (12/POP-004093)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Fernández González, Ariadna

Sobre a introdución de estratexias e técnicas de prevención e resolución de conflitos nos centros educativos coa participación mediadora do propio alumnado

- 28464 (12/POP-004094)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre a planificación que prevé establecer a Consellería de Educación para garantir a seguridade do alumnado en caso de emerxencias

- 28465 (12/POP-004095)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 8 máis

Sobre o balance da campaña de prevención e control da avespa velutina desenvolvida este ano

- 28467 (12/POP-004096)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 2 máis

Sobre a postura do Goberno galego en relación coas demandas dos concellos e dos usuarios do autobús da área metropolitana da Coruña referidas á mellora deste servizo

- 28469 (12/POP-004097)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 3 máis

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia en relación coa presenza da lingua galega no currículo das ensinanzas de Formación Profesional

- 28471 (12/POP-004098)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e Ríos Santomé, Paulo

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia dunha eventual incorporación de novas rutas directas e máis rápidas para conectar Santiago de Compostela con Fisterra e Muxía

- 28481 (12/POP-004099)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e 2 máis

Sobre a situación do Plan básico municipal de Viana do Bolo

- 28483 (12/POP-004100)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para garantir durante o verán os servizos de medicina familiar e comunitaria no Centro de Saúde de Trives



- 28486 (12/POP-004101)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e Valcárcel Armesto, Montserrat

Sobre as condicións de calidade da auga potable no concello de Maside e as medidas para garantir a seguranza do seu servizo para a veciñanza

- 28488 (12/POP-004102)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia verbo da asistencia sanitaria no consultorio de Parga, no concello de Guitiriz

- 28490 (12/POP-004103)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Fernández González, Ariadna

Sobre as garantías para unha axeitada atención no vindeiro curso 2025-2026 ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

- 28492 (12/POP-004104)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a distribución por parte da Xunta de Galicia do fondo correspondente a 2025 para a promoción da cinematografía en linguas cooficiais

- 28495 (12/POP-004105)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 8 máis

Sobre as principais medidas previstas no novo Plan sectorial de xestión de residuos industriais de Galicia (Priga)

- 28497 (12/POP-004106)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e 3 máis

Sobre as intencións que ten o Goberno galego no que atinxe ao contacto coas traballadoras e traballadores das empresas da automoción con risco de perda de emprego

- 28500 (12/POP-004107)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a inclusión da docencia da lingua galega no Sistema de escolas europeas

- 28502 (12/POP-004108)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e Taibo Corsanego, Iria

Sobre a postura da Xunta de Galicia respecto da activación dunha demanda ao Goberno central para a creación dun punto de coordinación transfronteirizo entre Galicia e Portugal



- 28504 (12/POP-004109)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla

Sobre o funcionamento do servizo de axuda no fogar (SAF) no concello de Rodeiro

- 28506 (12/POP-004110)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto das condicións de acceso ás prazas das casas niño

- 28508 (12/POP-004111)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 7 máis

Sobre os obxectivos e as previsións da construción da nova planta de clasificación de residuos téxtiles do complexo medioambiental de Sogama no concello de Cerceda

- 28510 (12/POP-004112)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 8 máis

Sobre o cronograma que o Goberno galego ten deseñado para a xestión integral do litoral e en que fase se atopa cada iniciativa proposta

- 28512 (12/POP-004113)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 8 máis

Sobre os principais pasos, prazos e mecanismos de coordinación previstos pola Xunta de Galicia para a posta en marcha da plataforma ambiental GalA

- 28514 (12/POP-004114)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 8 máis

Sobre as xestións previstas pola Xunta de Galicia para lle demandar ao Goberno central a apertura dun procedemento de exixencia de responsabilidade ambiental en relación co accidente do buque *Toconao* e as súas verteduras

- 28515 (12/POP-004115)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sanz Arias, Cristina e 9 máis

Sobre o balance dos servizos prestados pola Oficina Económica de Galicia

- 28524 (12/POP-004116)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Lorenzo Gómez, Rubén e 9 máis

Sobre os efectos que, de ser o caso, traería a posta en marcha da fábrica de Altri para o tecido industrial galego



- 28528 (12/POP-004118)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Martínez, Roberto e 7 máis

Sobre a actitude do presidente do Goberno central ante as solicitudes de información e de reunión por parte da Xunta de Galicia co fin de tratar os asuntos relativos á AP-9

- 28530 (12/POP-004119)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Martínez, Roberto e 8 máis

Sobre a actitude do Goberno central e da Mesa do Congreso dos Deputados en relación co proceso de transferencia da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia

- 28532 (12/POP-004120)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Martínez, Roberto e 8 máis

Sobre o ritmo de avance na materialización dos compromisos do Goberno central con Galicia en materia de infraestruturas viarias de titularidade estatal

- 28534 (12/POP-004121)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Martínez, Roberto e 8 máis

Sobre o estudo que debe presentar o Goberno central relativo ás vías xurídicas de anulación da prórroga de concesión da AP-9, ao custo que podería supoñer o seu rescate e á gratuidade das súas peaxes

- 28536 (12/POP-004122)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Martínez, Roberto e 8 máis

Sobre a postura das forzas políticas PSOE, Sumar e BNG nas Cortes Xerais ante a tramitación da Proposición de lei orgánica de transferencia a Galicia da autoestrada AP-9

- 28540 (12/POP-004123)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as medidas que pensa impulsar a Consellaría de Educación para garantir o dereito á saúde mental e o benestar psicosocial do alumnado dos centros educativos galegos e sobre a creación da figura de coordinación de convivencia e benestar

- 28542 (12/POP-004124)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García González, Patricia e 9 máis

Sobre as medidas que está a adoptar o Goberno galego para consolidar e reforzar o liderado do sector naval galego, garantindo o mantemento do emprego de calidade, o relevo xeracional e a captación de novos investimentos para o futuro desta industria

- 28548 (12/POP-004125)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia



Lorenzo Gómez, Rubén e 8 máis

Sobre a situación da instalación de puntos de recarga de vehículos eléctricos en Galicia

- 28553 (12/POP-004126)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Lorenzo Gómez, Rubén e 8 máis

Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia dos vinte e cinco anos do programa ReAcciona

- 28556 (12/POP-004127)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Lorenzo Gómez, Rubén e 8 máis

Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia da súa colaboración coas sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras no marco de apoio ás pemes e ás persoas autónomas

- 28559 (12/POP-004128)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 8 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego das políticas de fomento da adopción responsable e do benestar animal en Galicia

- 28564 (12/POP-004129)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 4 máis

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante a posibilidade de negociar co Goberno central unha quitação da débeda pública autonómica

- 28565 (12/POP-004130)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Lorenzo Gómez, Rubén e 8 máis

Sobre o balance xeral da Estratexia de internacionalización da empresa galega 2021-2025

- 28567 (12/POP-004131)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Lorenzo Gómez, Rubén e 8 máis

Sobre o balance das medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para mellorar a eficiencia enerxética do tecido produtivo galego

- 28569 (12/POP-004132)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Lorenzo Gómez, Rubén e 8 máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia dos proxectos de almacenamento de enerxía a partir de fontes renovables que buscan implantarse en Galicia

- 28571 (12/POP-004133)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Lorenzo Gómez, Rubén e 8 máis



Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia das medidas para garantir o futuro da actividade e dos empregos na factoría de aluminio de Alcoa, na Mariña lucense

- 28573 (12/POP-004134)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Lorenzo Gómez, Rubén e 8 máis

Sobre o coñecemento por parte da Xunta de Galicia de se o Goberno de España ten a intención de ofrecer algunha solución enerxética aos proxectos industriais estratéxicos de Galicia

- 28575 (12/POP-004135)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Lorenzo Gómez, Rubén e 8 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da posible inclusión na nova lista PCI (Proxectos de Intereses Común) do hidróxeno ducto Guitiriz-Zamora e o seu apoio a esta iniciativa

- 28580 (12/POP-004136)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Lorenzo Gómez, Rubén e 8 máis

Sobre as iniciativas e servizos de apoio da Xunta de Galicia destinadas á transformación e dixitalización de autónomos e pemes

- 28585 (12/POP-004137)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Lorenzo Gómez, Rubén e 8 máis

Sobre o balance das medidas que está a promover a Consellería de Economía e Industria para mellorar a competitividade dos equipos directivos das empresas galegas

- 28588 (12/POP-004138)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, José Daniel e 2 máis

Sobre as necesidades infraestruturais da comarca de Bergantiños para o seu desenvolvemento económico e social

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2025

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García González, Paula Mouzo Mas, María Deza Martínez María Deza Martínez, Jesús María Fernández Rosende, María Dolores Hermelo Piñeiro, María Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González, Manuel Santos Costa, ao abeiro do disposto no artigo 160 e con concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en pleno**.

Exposición de Motivos

Desde o Grupo Parlamentario Popular sempre defendemos con firmeza o papel estratéxico do Porto de Vigo como motor económico de Galicia e como nodo fundamental na conexión loxística con Europa. Lamentablemente, unha decisión política tomada durante o mandato do expresidente José Luis Rodríguez Zapatero, que excluíu ao Porto de Vigo da Rede Básica Transeuropea de Transportes (TEN-T), continúa xerando consecuencias negativas máis dunha década despois.

Tal e como vimos denunciando desde hai tempo, o Porto de Vigo vese obrigado a atrasar obras crave por non contar coa consideración de nodo principal da UE. Esta exclusión impide o acceso directo a financiamento europeo específico e somete ao porto a limitacións no endebedamento por parte do Estado, condicionando gravemente a súa capacidade de desenvolvemento.

A pesar dos reiterados esforzos da Xunta de Galicia e do sector empresarial, o Goberno de España non impulsou as xestións necesarias diante da Comisión Europea para reverter esta inxustiza. Non se trata dunha demanda localista, senón de corrixir un agravio que segue a ter consecuencias directas: sen estar na rede básica, o porto non pode optar a determinadas liñas de financiamento europeo, o que condiciona a execución de obras fundamentais debido ás limitacións de endebedamento impostas polo Estado.

O Porto de Vigo reúne todas as condicións para formar parte da rede básica da UE:

- É un eixo principal no corredor atlántico.
- Está conectado ferroviariamente coa Plataforma Loxística Plisan.
- É líder en tráfico de pesca, con máis dun millón de toneladas anuais (máis que o consumo total de España), o que o converte nun activo estratéxico para a soberanía alimentaria nacional.
- É a terminal de vehículos máis importante do Atlántico peninsular.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Resulta incomprensible que, mentres se inclúen como nodos principais portos con menor tráfico e relevancia, o Porto de Vigo queda relegado e todo iso a pesar de que xa demostrou sobradamente o seu valor estratéxico e a súa capacidade operativa.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a trasladar ao Goberno de España as seguintes demandas:

1. Defender activamente ante a Comisión Europea a inclusión do Porto de Vigo na Rede Básica Transeuropea de Transporte (TEN-T) na próxima revisión.
2. Promover unha reformulación dos criterios de inclusión na rede básica que contemple de forma obxectiva o volume de actividade, a conectividade multimodal e o impacto estratéxico do Porto de Vigo.
3. Asumir a súa responsabilidade histórica, e corrixir o erro político acontecido durante o mandato de José Luis Rodríguez Zapatero, de tal xeito que se facilite o acceso inmediato a financiamento para as obras prioritarias do Porto de Vigo, evitando máis atrasos inaceptables.”

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2025.



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 14/07/2025 10:39:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 10:40:30
Nº Rexistro: 28454
Data envío: 14/07/2025 10:40:30.388

CSV: BOPGDSPG-IEZoeHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/07/2025 10:40:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 10:40:30
Nº Rexistro: 28454
Data envío: 14/07/2025 10:40:30.388

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Miguel Fidalgo Iglesias, Gonzalo Trenor López, Manuel Santos Costa, Juan Manuel Casares Gándara, Julio García Comesaña, Patricia García González, José Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López y Cristina Sanz Arias**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e con cordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Pleno**

Exposición de Motivos

Desde o Grupo Parlamentario Popular de Galicia sempre defendemos con firmeza o papel estratéxico do Porto de Vigo, tanto en Galicia como a nivel nacional e europeo. E como vimos denunciando desde hai tempo, a súa exclusión da Rede Básica Transeuropea de Transporte (TEN-T) non só foi unha decisión política inxusta, adoptada durante o Goberno de José Luis Rodríguez Zapatero, senón que foi mantida polos sucesivos gobernos socialistas sen adoptar medidas para corríxila.

O actual Goberno de España rexeitou asumir a súa responsabilidade, sinalando que “deberían ser os eurodeputados quen loitasen por revisar os criterios de acceso”. Este argumento non só resulta falso senón tamén indignante, debido a que son os propios gobernos quen debe propoñer oficialmente as infraestruturas candidatas. Así se reflicte, ademais, en respostas oficiais do Goberno onde non se menciona ningún plan para incluír a Vigo en futuras revisións.

Fronte a esta inacción, o PP si actuou. Desde o Parlamento Europeo, os deputados do Partido Popular introduciron ás 25 emendas para mellorar a posición de Galicia na rede TEN-T, incluíndo o Porto de Vigo e varias conexións ferroviarias clave. Aínda que estas emendas foron aprobadas polo parlamento, foron ignoradas polo Executivo nos trólogos, mesmo baixo a presidencia do goberno español de Pedro Sánchez no Consello da UE.

O Porto de Vigo cumpre con todos os criterios técnicos para ser nodo básico:

- É o primeiro porto pesqueiro de Europa
- Ten conexión ferroviaria coa PLISAN
- Opera como terminal clave na exportación de vehículos
- Forma parte das autoestradas de mar

Asinado o día 14/07/2025 ás
17:06
Por Alberto Pazos Couñago





A Xunta de Galicia, plenamente comprometida, defendeu estas cuestións a todos os niveis, pero sen apoio estatal é imposible obter recoñecemento europeo nin fondos vinculados á rede básica.

Por todo o anterior exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei.

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a trasladar as seguintes demandas ao Goberno de España:

- 1- Definir e publicar unha estratexia nacional de portos excluídos da rede básica TEN-T, que contemple accións específicas para a súa inclusión na próxima revisión prevista pola Comisión Europea.
- 2- Solicitar á Comisión Europea a apertura dunha mesa técnica intergubernamental de revisión, con participación de Galicia, eurodeputados e representantes do sector loxístico galego.
- 3- Activar un plan de compensación financeira, utilizando para iso fondos da Unión Europea, de forma que se garanta a execución das obras crave no Porto de Vigo, mentres non se modifique o seu status dentro da rede TEN-T.
- 4- Publicar con transparencia a repartición territorial dos fondos portuarios do corredor atlántico, en particular os 3.100 millóns de euros anunciados polo Comisionado para investimentos ata 2030.

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 14/07/2025 17:06:22



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 17:07:41
Nº Rexistro: 28526
Data envío: 14/07/2025 17:07:41.470

CSV: BOPGDSPG-IEZoeHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/07/2025 17:07:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 17:07:41
Nº Rexistro: 28526
Data envío: 14/07/2025 17:07:41.470

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Patricia García González, María Deza Martínez, Jesús Fernández Rosende, Miguel Fidalgo Iglesias, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei, para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A sentenza do TXUE desestima o recurso presentado pola OPP-7 de Burela e 16 armadores contra o regulamento europeo impulsado en 2022 polo comisario de Pesca, que prohibe a pesca de fondo en zonas amplas do Atlántico baseándose na posible presenza de ecosistemas mariños vulnerables.

Desde o primeiro momento, a Xunta de Galicia actuou con firmeza en defensa do sector, participando como coadxuvante no procedemento xudicial e achegando probas técnicas de que a pesca de palangre non causa impactos ambientais significativos nos espazos afectados.

Tras coñecerse a sentenza, a conselleira do Mar, Marta Valverde, mantivo reunións co sector para analizar alternativas e esixiu ao Goberno de España que presente un recurso de casación ante o Tribunal de Xustiza da UE. Así mesmo, reclamou que a Comisión Europea revise o regulamento e introduza criterios socioeconómicos nas decisións de xestión pesqueira, en coherencia coa Política Pesqueira Común.

A Xunta tamén solicitou unha reunión urxente co ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, Luís Planas, para coordinar medidas de apoio ao sector e avaliar posibles compensacións económicas.

É imprescindible que as políticas pesqueiras da Unión Europea deixen de basearse exclusivamente en argumentos medioambientais e avancen cara a un modelo

Asinado o día 16/07/2025 ás
10:58
Por Alberto Pazos Couñago





equilibrado entre sostibilidade ambiental, viabilidade económica e cohesión social, que garanta o futuro da pesca galega e a soberanía alimentaria europea. Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que se dirixa ao Goberno de España para que:

- 1.- Interpoña un recurso de casación diante do Tribunal de Xustiza da Unión Europea contra a sentenza que desestima as demandas contra o regulamento que impón 87 vedas á pesca de fondo.
- 2.- Solicite á Comisión Europea a revisión urxente do devandito regulamento e a súa modificación para que incorpore criterios económicos e sociais, ademais dos medioambientais, nas súas decisións.
- 3.- Achegue toda a información científica recompilada desde 2022 para avaliar con rigor a existencia ou non de ecosistemas vulnerables e o real impacto da pesca de palangre nestas zonas.
- 4.- Estableza conxuntamente coa Xunta de Galicia unha estratexia de defensa da frota galega ante as institucións europeas e valore a posta en marcha de axudas específicas para as embarcacións afectadas, mentres non se revise a normativa”.

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 16/07/2025 10:58:59



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/07/2025 10:59:15
Nº Rexistro: 28720
Data envío: 16/07/2025 10:59:15.282

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/07/2025 10:59:15



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/07/2025 10:59:15
Nº Rexistro: 28720
Data envío: 16/07/2025 10:59:15.282

CSV: BOPGDSPG-IEZoeHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Rubén Lorenzo Gómez, Cristina Sanz Arias, María Deza Martínez, Encarna Amigo Díaz, Miguel Fidalgo Iglesias, Felisa Rodríguez Carrera, Ángel Rodríguez Conde, Borja Vereza Fraiz e Miguel A. Viso Diéguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O pasado 22 de abril, o Goberno de Pedro Sánchez anunciou un «Plan Industrial e Tecnolóxico para a Seguridade e a Defensa», dotado con 10.471 millóns de euros para o ano 2025, como resposta —segundo as súas propias palabras— ao complexo contexto internacional actual: unha Rusia cada vez máis agresiva, o auxe de ameazas híbridas (como a desinformación ou os ciberataques) e a necesidade de fortalecer o pilar europeo da OTAN. A pesar da gravidade destes desafíos e, por tanto, o rigor que merecen, o Executivo presentou este Plan sen debate parlamentario previo, sen unha memoria económica clara e sen comprometerse cunha supervisión transparente, o que pon en dúbida a súa viabilidade.

Segundo o propio Goberno, este Plan permitiría alcanzar o obxectivo do 2% do PIB en gasto en defensa, compromiso asumido coa OTAN e a Unión Europea. Con todo, a realidade é que a OTAN acordou no cumio celebrado na Haya, elevar o gasto militar ata o 5% do PIB para 2032, distribuíndoo nun 3,5% para gasto directo en defensa e un 1,5% para seguridade complementaria, como mobilidade militar, protección de infraestruturas críticas e ciberseguridade. O Plan do Goberno, por tanto, nace desfasado e a curto prazo, e non parece responder ás necesidades reais nin aos compromisos que os nosos aliados están xa dispostos a asumir.

Aínda máis preocupante é que se anuncie un investimento desta envergadura cuns Orzamentos Xerais do Estado prorrogados desde o ano 2023 e cunha coalición de goberno claramente dividida nesta materia. Esta división interna fai difícil garantir a estabilidade e continuidade do plan, o que compromete a



credibilidade internacional de España e o cumprimento dos compromisos adquiridos.

Así mesmo, a opacidade financeira é outro punto crítico. O Executivo central afirma que o Plan se financiará con aforros derivados do bo comportamento económico, así como con créditos do Plan de Recuperación, sen descartar endebedamento adicional nin recortes en gasto social ou ambiental. Porén, en ningún momento se especifica o impacto fiscal nin as partidas orzamentarias que poderían verse afectadas.

A falta de información e a ausencia de debate público previo fan que esta estratexia, de enorme impacto orzamentario, estea a executarse de costas á cidadanía e aos seus representantes lexítimos.

Doutra banda, o Plan estrutúrase en seis eixos: modernización das condicións e equipamento das Forzas Armadas (35%); desenvolvemento tecnolóxico en telecomunicacións e ciberseguridade (31%); adquisición de sistemas de defensa e disuasión (19%); reforzo para emerxencias e catástrofes naturais (17%); seguridade en misións internacionais (3%); e amortización de créditos de modernización anteriores (-5%). Aínda que a proposta poida parecer ambiciosa, presenta importantes lagoas de planificación industrial, transparencia orzamentaria e coordinación interinstitucional.

En conxunto, este Plan podería representar unha oportunidade para modernizar a política de defensa, fortalecer a industria nacional e dar cumprimento aos compromisos internacionais. Con todo, a forma na que foi anunciado, a ausencia de canles de diálogo coas Comunidades Autónomas e o segredismo que rodea a súa tramitación converten o proxecto nunha iniciativa que esperta máis incertezas ca confianza.

Ademais, en Galicia contamos con empresas punteiras no sector, dende vehículos terrestres, embarcacións ou tecnoloxía innovadora polo que o incremento do gasto nesta área fai que se abra un nicho de oportunidades para a industria. De feito, iniciativas como o Polo Aeroespacial de Galicia, xunto con empresas destacadas do sector de defensa como Urovesa ou Navantia, poden actuar como motores tractores para o desenvolvemento e consolidación deste sector.



Polo tanto, Galicia, como comunidade con interese no desenvolvemento tecnolóxico e industrial e na estabilidade do financiamento público, non pode permanecer allea ante a posta en marcha dunha medida que podería ter consecuencias relevantes a nivel orzamentario e estratéxico.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a trasladar ao Goberno de España as seguintes demandas:

- 1.- Reclamar a remisión inmediata dunha información detallada sobre o Plan Industrial e Tecnolóxico para a Seguridade e a Defensa, incluíndo a súa memoria económica, fontes de financiamento, criterios de reparto territorial, impacto previsto nas Comunidades Autónomas e calendario de execución dos investimentos.
- 2.- Demandar a participación efectiva das Comunidades Autónomas nos mecanismos de seguimento, avaliación e control do Plan, có obxectivo de garantir a coordinación institucional e o respecto ao principio de lealdade constitucional que debe rexer as relacións entre administracións públicas.
- 3.- Esixir que calquera modificación substancial do Plan sexa previamente comunicada ás Comunidades Autónomas, especialmente se afecta a cuestións orzamentarias, á distribución territorial dos fondos ou á redefinición dos eixos estratéxicos de investimento.
- 4.- Advertir da necesidade de que este tipo de plans de investimento estatal non impliquen en ningún caso recortes encubertos nin afectación negativa ao financiamento doutras políticas públicas prioritarias, como as políticas sociais, ambientais ou territoriais, nin comprometan os fondos comprometidos a través do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.”





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/07/2025 10:46:45
Nº Rexistro: 28711
Data envío: 16/07/2025 10:46:45,998

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 16/07/2025 10:46:27



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/07/2025 10:46:45
Nº Rexistro: 28711
Data envío: 16/07/2025 10:46:45,998

CSV: BOPGDSPG-IEZoeHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/07/2025 10:46:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/07/2025 10:46:45
Nº Rexistro: 28711
Data envío: 16/07/2025 10:46:45,998

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 17/07/2025
10:35
Por María Montserrat

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputado **Alexandra Fernández Gómez, Carmela González Iglesias, Montserrat Prado Cores e Brais Ruanova Vilas-Boas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a necesidade de reformular o novo CIS Olimpia Valencia en Vigo.

Asinado o día 17/07/2025 ás
10:35
Por Carmela González Iglesias

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza anunciou a apertura do novo Centro Integral de Saúde Olimpia Valencia como un fito na ampliación da infraestrutura sanitaria e un mecanismo para mellorar a situación de colapso da Atención Primaria na cidade de Vigo. Porén a realidade é que o novo centro non só vai levar aparelado a substitución do Centro de Saúde López Mora, como prometera a Xunta nos últimos anos; senón que a poucos meses da súa apertura a Consellería de Sanidade vén de dar a coñecer que, vinculado á apertura do novo CIS, vai executar o peche do Centro de Saúde Nicolás Peña.

Ademais do peche de 2 centros de saúde, algunhas das dotacións recollidas no Plan Funcional inicial como espazos de tratamento e sistemas integrados de imaxe médica, xa non se contemplan no novo programa. Por tanto, dende o punto de vista do déficit infraestrutural que padece a cidade, a apertura do novo centro xa non vai supor a ampliación de espazos anunciada nun inicio.

Mais a maior estafa ten a ver coa falla total de dotación de profesionais de nova contratación. A pretensión da Xunta é facer unha política unicamente de traslado de profesionais dende outros centros de saúde cara o novo CIS Olimpia Valencia. En total prevén trasladar 32 profesionais tanto do Centro de Saúde López Mora como do Nicolás

Asinado o día 17/07/2025 ás
10:35
Por Alexandra Fernández Gómez



Peña que pecharía aos que se sumarían 17 do Centro de Saúde Pintor Colmeiro, 22 do de Coia, 3 de Rúa Cuba, 1 de Rosalía e 2 de Beiramar. En total 105 profesionais que, supoñen un 20% menos da capacidade prevista. É dicir, o novo centro vai estar infradotado e nin tan sequera vai supor a incorporación de máis profesionais á rede asistencial da cidade, senón que se baleiran outros centros para dotar o novo.

Por se fose pouco, o novo CIS Olimpia Valencia pretende inaugurar un novo modelo de xestión na Atención Primaria que o único que persegue é a concentración da atención e de recursos en grandes centros, en lugar de soster unha rede capilar e de proximidade. Vémolos no feito de que o novo centro prevé non só integrar a actividade e a poboación dos dous centros que se pechan, senón tamén unha parte dos Centros de Saúde de Coia, Rúa Cuba, Rosalía de Castro e Beiramar e a totalidade da poboación pediátrica dos dous centros que pechan, máis a dos centros de Saúde de Colmeiro e Coia. Isto último é especialmente grave xa que impide a atención continuada dende a infancia até a adultez, a abordaxe familiar e a posibilidade dunha acción comunitaria eficaz.

Esta política de concentración en macrocentros é apenas unha aposta da Xunta do PP para poder seguir espremendo e recortando a Atención Primaria a costa de perder calidade na atención sanitaria. É por iso que a posta en marcha do novo CIS Olimpia Valencia está contando cun forte rexeitamento por parte dos profesionais sanitarios cos que a Xunta non está contando para definir o futuro do novo centro.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a reformular o Plan Funcional do Centro Integral de Saúde Olimpia Valencia de forma consensuada cos traballadores, garantindo como mínimo o seguinte:





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

- Reversión do peche do Centro de Saúde Nicolás Peña.
- Aumento da dotación de persoal até alcanzar o 100% da súa capacidade.
- Dotación propia de persoal, mediante a contratación de novos profesionais.
- Continuidade da Atención Pediátrica nos Centros de Saúde de Coia e Pintor Colmeiro.
- Incorporación de espazos e sistemas de imaxe médica.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 17/07/2025 10:35:19

Carmela González Iglesias na data 17/07/2025 10:35:27

María Montserrat Prado Cores na data 17/07/2025 10:35:37

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 17/07/2025 10:35:43

Olalla Rodil Fernández na data 17/07/2025 10:35:50



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/07/2025 10:38:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 10:38:23
Nº Rexistro: 28902
Data envío: 17/07/2025 10:38:23.097

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 12:13:21
Nº Rexistro: 28957
Data envío: 17/07/2025 12:13:21.511

Asinado o día 17/07/2025 ás 12:11
Por Mercedes Queixa

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Iria Taibo Corsanego, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Mercedes Queizas Zas e Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a tradución ao galego do programa Atenea.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Ministerio de Xustiza está a traballar na implantación do programa Atenea, para a xestión interna da Administración de Xustiza. Este programa ofrécese gratuitamente ás comunidades que o queiran implantar, voluntariamente, e a Xunta de Galiza xa declarou a súa vontade de implantalo.

Este programa substitúe o actual, Minerva-NOX, que tamén fora escollido voluntariamente pola Xunta de Galiza e nunca chegou a ser traducido ao galego. O feito de que o programa de xestión da Administración de Xustiza non estea dispoñíbel en galego condiciona a presenza deste idioma nos procedementos, con graves consecuencias para os dereitos lingüísticos das persoas traballadoras da xustiza e para a cidadanía, que na práctica non pode ver garantido o dereito a escoller a lingua dos seus procedementos nin a lingua de notificación. Na actualidade, os traballadores e traballadoras da xustiza que queren desenvolver a súa actividade en galego, teñen que redactar a documentación nun documento á parte, fóra do programa Minerva, e posteriormente substituíren o modelo do documento que figura no programa. Isto ten varias consecuencias importantes, tanto desde o punto de vista da carga de traballo para os profesionais como no que ten que ver coa seguridade xurídica.

Asinado o día 17/07/2025 ás 12:11
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Asinado o día 17/07/2025 ás 12:11
Por Iria Taibo Corsanego



A implantación do novo programa fai que sexa urxente contar coa tradución. Se o programa Atenea non está dispoñíbel desde o primeiro momento en galego, o uso nesta lingua vaise ver condicionado. Na actualidade, a presenza do galego na administración de xustiza é moi cativa, e mesmo se reduciu nos últimos anos, polo que o goberno galego debe traballar urxentemente para garantir que quen queira facer uso do galego poida facelo.

Hoxe non é posíbel tramitar procedementos integramente en galego nin tampouco está garantido que a cidadanía reciba a notificación das súas resolucións en lingua galega, polo que o dereito a elixir a lingua non está garantido, na práctica. Ademais, isto pode vulnerar o dereito fundamental a un procedemento xusto e con todas as garantías. O goberno galego ten o deber de eliminar esas limitacións.

Ademais, o programa debe estar configurado para que o galego se ofrezca por defecto, para facilitar o seu uso nesta lingua e cumprir tamén co obxectivo da oferta positiva que establece o Plan Xeral. Trátase dun dos principios informadores do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, aprobado por unanimidade no Parlamento Galego en 2004. A tradución dos programas informáticos de xestión da administración de xustiza e dos formularios de uso cotián tamén figura no Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega.

Ademais, a Lei de Normalización Lingüística establece que a Xunta de Galiza debe promover a progresiva normalización do uso do galego na Administración de Xustiza, e o Estatuto de Autonomía de Galiza indica que os poderes públicos deben garantir o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciar o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa.

A modificación deste mesmo ano da Lei Orgánica do Poder Xudicial tamén obriga a establecer os medios materiais que permitan que o conxunto do procedemento, as comunicacións e os actos de impulso procesual poidan desenvolverse integramente en todas as linguas oficiais do Estado.



O custo do programa vai ser sufragado polo Ministerio de Xustiza, polo que a tradución debe ser asumida pola Xunta de Galiza. A tradución forma parte do exercicio da competencia en materia de xustiza que ten asumida a Xunta, xa que o goberno galego ten a competencia en medios materiais e, en consecuencia, o custo da tradución compete á Xunta de Galiza.

Por outra banda, o goberno galego é coñecedor do importante movemento no sector profesional afectado por este programa a respecto da necesidade de que o programa Atenea estea dispoñíbel en lingua galega desde o primeiro momento, o que é un argumento adicional, non de pouca importancia, para que a Xunta de Galiza deba exercer as súas competencias e pór os medios para facilitar a tradución do programa e, en definitiva, facer que a lingua galega poida ser utilizada con normalidade na administración de xustiza.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

- Facerse cargo da tradución do programa Atenea ao galego.
- Garantir que a tradución ao galego do programa Atenea estea dispoñíbel de xeito urxente, para que estea dispoñíbel ao mesmo tempo que a versión en castelán no momento da implantación do programa.
- Garantir que a versión en galego do programa Atenea se ofrezca en primeiro lugar aos usuarios e usuarias.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 17/07/2025 12:11:24

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 17/07/2025 12:11:32

Mercedes Queixas Zas na data 17/07/2025 12:11:40

Daniel Castro García na data 17/07/2025 12:11:47

Ana Pontón Mondelo na data 17/07/2025 12:11:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 12:13:21
Nº Rexistro: 28957
Data envío: 17/07/2025 12:13:21.511



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/07/2025 12:13:22



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 12:13:21
Nº Rexistro: 28957
Data envío: 17/07/2025 12:13:21.511

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 17/07/2025 ás 12:57
Por Ana Pontón Mont

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Mercedes Queixas Zas** e **Iria Taibo Corsanego**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a declaración BIC do Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside de Sada (A Coruña).

Asinado o día 17/07/2025 ás 12:57
Por Iria Taibo Corsanego

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 11 de agosto de 2023 o DOG publicaba a resolución de incoación para declarar BIC o Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside de Sada (A Coruña).

Dábase resposta, trece anos despois, a un acordo unánime deste Parlamento e despois de continuas reclamacións de colectivos sociais, culturais, movemento memorialístico e institucións como o Consello da Cultura Galega ou o Concello de Sada, ás que nos temos sumado no grupo parlamentario do BNG, trasladándoas a diferentes debates nesta cámara, por causa do deterioro progresivo do edificio e da consecuente afectación á colección museística única que nel se conserva.

Un desleixo que comprometeu a memoria da vangarda artística galega, recuperada da memoria do exilio, como proxecto cultural senlleiro xestado por dous referentes imprescindíbeis como Luís Seoane e Isaac Díaz Pardo que capitanearon a industria cultural de raíz máis prestixiosa de Galiza.

Con todo, unha vez analizada a resolución da incoación do expediente BIC, volveron acordar novos interrogantes a respecto da protección e conservación íntegra do proxecto cultural en que se integra o Museo Carlos Maside desde o seu nacemento.

Asinado o día 17/07/2025 ás 12:57
Por Mercedes Queixas Zas





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Na proposta inicial de declaración BIC resultou tan incomprensíbel a deturpación do nome orixinal do museo como que se limite só ao edificio do museo desarraigándoo do conxunto da Cerámica do Castro, a diferenza de como se procedeu no momento da declaración BIC para o conxunto de Sargadelos, proxecto irmán do desenvolvido no Castro (Sada).

Mais apenas faltan escasos quince días para rematar o prazo máximo para resolver o procedemento de incoación do expediente BIC e a Xunta segue sen se pronunciar; renace así a preocupación social ante a resolución final que o goberno da Xunta vaia adoptar para garantir a preservación fidedigna e protección dunha das columnas vertebrais do proxecto cultural de Isaac Díaz Pardo e Luís Seoane.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta a:

- Respetar, na incoación da declaración BIC, o nome orixinal do Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside de Sada (A Coruña) e incluír o conxunto da Cerámica do Castro anexa ao museo, en consonancia coa declaración BIC da Fábrica de Cerámica de Sargadelos de Cervo (Lugo).

- Velar para que sexa o Laboratorio de Formas parte activa responsábel da xestión do Museo, como substrato e raíz histórica que é do amplo proxecto de industria cultural ao que deron vida Luís Seoane e Isaac Díaz Pardo para recuperar a memoria, a tradición e a cultura popular galega.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 17/07/2025 12:57:09

Iria Taibo Corsanego na data 17/07/2025 12:57:15

Ana Pontón Mondelo na data 17/07/2025 12:57:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 12:58:17
Nº Rexistro: 28978
Data envío: 17/07/2025 12:58:17.684

CSV: BOPGDSPG-IEZoeHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/07/2025 12:58:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 12:58:17
Nº Rexistro: 28978
Data envío: 17/07/2025 12:58:17.684

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputado **Secundino Fernández Fernández, Iria Taibo Corsanego, Sonia Vidal Lamas e Ariadna Fernández González**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a proposta de que a UE reduza un 21,7 % os fondos destinadas a PAC para incrementar o gasto militar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2023 entrou en funcionamento a PAC para o novo período coñecida como PEPAC 23-27 e que financia as políticas agroforestais da UE pola vía do FEAGA e o FEADER que cofinancian os estados membros; unha política agraria que trouxo reducións económicas e mudanzas burocráticas que prexudicaron as explotacións agrogandeiras galegas. Concretamente nos últimos anos a PAC beneficiou aos grandes latifundios e deixou de lado aos pequenos agricultores galegos.

Neste ano 2025 comezase a falar do novo período en principio 28-34. Concretamente nos últimos días comezan a aparecer novas alarmantes sobre os fondos que se destinarán a este período da Política Agraria Común; parece ser que a **Comisión Europea presentará** unha proposta de orzamentos para o período 2028-2034, que traerá consigo mudanzas moi significativas e negativas respecto aos montantes económicos de anteriores exercicios

Unha das propostas lanzadas pola UE e da que se fixeron eco os medios de comunicación é a de recortar en 21,7% os fondos destinados á **Política Agraria Común** (PAC) para destinalos a defensa. Parece ser que a presidenta da comisión europea Ursula





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

von der Leyen prefere as armas cos alimentos, prefere tanques a labregas e labregos. Si xa a PAC nos últimos anos foi negativa para o noso País, imaxinémonos o que significará un recorte brutal deste calibre.

Este recorte proposto afectará fundamentalmente ao segundo pilar da PAC, os fondos Feader que financian en colaboración cos estados e a Xunta de Galiza partidas tan importantes como as axudas agroambientais, os fondos para mellora e incorporación de mozas e mozos, o desenvolvemento rural...

Esta redución do orzamento comunitario para o sector agrario significaría unha baixa de mais de 84.000 millóns de € para o sector o que sin dúbida traería consigo unhas graves consecuencias para o agro e no que o noso país, Galiza se vería gravemente afectado. O grave deste recorte é que estes fondos non van para políticas sociais ou servizos públicos van para armamento e gasto militar

Parece que a esta UE gobernada pola dereita europea da que forma parte o Partido Popular non lle importa a produción de alimentos nin a soberanía alimentar. Prefiren as armas, as bombas que a produción agraria de calidade e o desenvolvemento do nos medio rural

Ursula von der Leyen como o resto do seu Executivo apostan por pór en marcha unha estratexia de rearmar Unión Europea para o cal pretenden destinar a enorme cantidade de 800.000 millóns de euros

Mentres estas novas están saíndo a Xunta do PP, de Rueda non fixo nin a mínima declaración de rexeitamento ante esta nova tan grave e que vai afectar ao noso agro e ao noso medio rural dun xeito tan intenso. Parece que están dispostos a vender unha vez mais o noso rural

Para o BNG esta proposta é totalmente inaceptábel, demandamos que se retire e se teña en conta como punto de partida a resolución aprobada no parlamento europeo a favor





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

dun incremento de fondos para a PAC. Dende o BNG demandamos que este incremento de fondos traia consigo unha distribución que teña en conta fundamentalmente as pequenas explotación familiares, a permanencia no territorio, a loita contra o despoboamento, a remuda xeracional e por suposto unha mellora e ampliación dos servizos públicos e un desenvolvemento rural produtivo e respectuoso co medio ambiente

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Rexeitar de forma clara e rotunda a proposta da presidenta de comisión europea de recortar un 21,7 % os fondos destinados a política agraria común para o período 2028-2032
2. Esixir para o novo período da PAC 28-32 unha mellora no financiamento para Galiza.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 17/07/2025 13:32:52

Iria Taibo Corsanego na data 17/07/2025 13:33:03

Sonia Vidal Lamas na data 17/07/2025 13:33:10

Ariadna Fernández González na data 17/07/2025 13:33:19

Luis Bará Torres na data 17/07/2025 13:33:25



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/07/2025 13:35:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 13:35:35
Nº Rexistro: 28994
Data envío: 17/07/2025 13:35:35,348

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2025 09:41:46
Nº Rexistro: 29069
Data envío: 18/07/2025 09:41:46.222

Asinado o día 18/07/25
09:39
Por Montserrat Valcárcel

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados e deputada **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Ramón Fernández Alfonso** e **Montserrat Valcárcel Armesto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a resolución de procedementos de selección e provisión de postos de traballo e a toma de posesión de destinos de persoal de corpos e escalas de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galiza.

Asinado o día 18/07/2025 ás
09:39
Por Ramón Fernández Alfonso

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei da Función Pública de Galiza, en consonancia coa normativa estatal -de carácter básico-, establece que o concurso é o sistema ordinario de provisión de postos de traballo na administración pública galega; podendo convocarse concursos específicos para a provisión de xefaturas de servizo ou postos de nivel equivalente, agás que polas súas características específicas na relación de postos de traballo prevese a súa cobertura polo sistema de libre designación.

Xa que logo é mediante concurso como as traballadoras da administración pública poden desenvolver a súa carreira profesional e acadar postos de traballo de maior nivel e/ou responsabilidade, así como optar a destinos nas cidades e vilas que por cuestións persoais podan preferir.

A realidade é que nas escalas de enxeñería, enxeñería técnica, arquitectura, arquitectura técnica e ciencias, que forman parte dos corpos e escalas da Administración especial, a Xunta de Galiza unicamente convocou en máis de 30 anos catro concursos

Asinado o día 18/07/2025 ás
09:38
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

ordinarios de traslados: no ano 1999, en 2004, resolto en outubro de 2005, en decembro de 2012, resolto en decembro de 2013, e en febreiro de 2024, resolto en xullo de 2025.

O exposto implica que unha traballadora que adquirise a condición de funcionaria p.e. como arquitecta técnica no proceso selectivo convocado no 2005 non tivo a oportunidade de participar en concurso algún ate entrado o ano 2024, isto é, case dúas décadas sen opción á carreira profesional ou ao reagrupamento familiar.

Isto evidencia a excepcionalidade da convocatoria dos sistemas ordinarios de provisión de postos de traballo. Camiño necesario para a promoción profesional e a mobilidade no destino e que garante que se cumpran os principios constitucionais e legais de igualdade, mérito, capacidade e publicidade no acceso á función pública e aos postos de traballo da Administración vacantes ben por xubilación do persoal ou por seren de nova creación. É tamén a garantía de que a cidadanía galega poida contar cunha Administración profesional, independente e eficiente.

Non consta que a Xunta de Galiza nin nos escasos concursos convocados, nin nos procesos selectivos celebrados incluíse a totalidade das prazas vacantes, existindo un número relevante de postos de traballo que malia estar ocupados por interinas ou persoal con nomeamento provisorio – de calquera índole- non son ofertadas en procedementos de libre concorrência, incrementando a discrecionalidade, ás veces arbitrariedade e, en todo caso, precariedade, na función pública galega.

Asemade, a Xunta de Galiza, dende hai anos, ven adxudicando ás persoas que superan os procesos selectivos correspondentes a escalas especiais como as indicadas supra, postos de traballo en situación de destino provisional.

En xuño de 2024 o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza ditou unha sentenza que declarou nulo que o destino adxudicado a unha funcionaria de novo ingreso tivera a





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

condición de provisional, procedendo á adxudicación definitiva do mesmo posto que lle fora adxudicado de forma provisional. A Xunta non recorreu esta sentenza.

Malia ser coñecedora desta sentenza, en decembro de 2024 a Xunta de Galiza continuou adxudicando aos aspirantes que superaron os últimos procesos selectivos dos corpos e escalas de Administración especial postos en destino provisional. A inmensa maioría son os mesmos postos que foran ofertados no concurso de traslados convocado a principios de 2024 e que a día de hoxe xa están adxudicados aos funcionarios que obtiveron maior puntuación no concurso segundo o baremo legalmente establecido, que inclúe, entre outros a antigüidade. Non obstante, aínda que non se estableceu a data para a súa toma de posesión.

Esta situación esta a provocar unha tremenda incerteza e inseguridade xurídica, tanto nas traballadoras que superaron os procesos selectivos e están en destino provisional, como nas participantes no concurso de traslados. Asemade esta situación de falla de claridade deu lugar á interposición de numerosos procedementos contencioso-administrativos, nalgún dos que, solicitadas medidas cautelares, a Xunta de Galiza procedeu á retirada de varias prazas das ofertadas no concurso de traslados convocado, incrementándose a sensación de caos e mala xestión do persoal da administración pública de Galiza.

Así pois a negligencia da Xunta de Galiza na convocatoria e resolución regular de concursos de traslados que durante lustros impediu a promoción e mobilidade profesional de numerosas traballadoras da administración autonómica, e a posibilidade de acceso a postos de traballo de maior nivel, ben por ser de nova creación ou por ir quedando vacantes como consecuencia de xubilacións; a convocatoria e resolución de numerosos procesos selectivos sen concurso previo, e a adxudicación e toma de posesións como destinos provisionais de postos de traballo a persoal de recente ingreso está a provocar un extraordinario desconcerto nas traballadoras atinxidas, moitas das cales poden ver





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

frustradas as súas lexítimas expectativas e non obter a praza solicitada e xa adxudicada no concurso malia reunir maiores méritos que a funcionaria que a ocupa de forma provisional e que a pode obter de forma definitiva por vía xudicial.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a que, con carácter inmediato, proceda a empuzar para a toma de posesión dos postos de traballo adxudicados mediante Resolución do 9 de xullo de 2025, da Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal, pola que se resolve o concurso ordinario para a provisión de postos de traballo vacantes de corpos e escalas de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galiza, escalas de enxeñaría, enxeñaría técnica, arquitectura, arquitectura técnica e ciencias ; así como a adoptar as medidas necesarias para que as adxudicatarias sexan as persoas que contan coa maior cualificación e méritos para ocupar os destinos convocados.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/07/2025 9:38:55

Ramón Fernández Alfonso na data 18/07/2025 9:39:05

Montserrat Valcárcel Armesto na data 18/07/2025 9:39:13

Rosana Pérez Fernández na data 18/07/2025 9:39:22



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2025 09:41:46
Nº Rexistro: 29069
Data envío: 18/07/2025 09:41:46,222

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/07/2025 9:41:47



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2025 09:41:46
Nº Rexistro: 29069
Data envío: 18/07/2025 09:41:46.222

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/07/2025 13:28:26
Nº Rexistro: 29268
Data envío: 21/07/2025 13:28:26.057

Asinado o día 21/07/2025 ás 13:28
Por Paulo Ríos Santo

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados e deputada **Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez e Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a anulación da prórroga da concesión da AP9.

Asinado o día 21/07/2025 ás 13:27
Por Alexandra Fernández Gómez

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 17 de xullo a Comisión Europea comunicou ao goberno español o resultado do procedemento de infracción aberto en 2021 en relación coa ampliación da concesión da autoestrada AP9 (logo dun procedemento similar iniciado en 2019 a instancia da asociación En Colectivo. A Comisión considera ilegal a prórroga aprobada polo goberno do PP en 2020, que supuxo unha ampliación da concesión desde o 18 de agosto de 2023 ao 18 de agosto de 2048.

Previamente o goberno comunitario enviara ao goberno español dúas cartas de emprazamento nas que pedía explicacións sobre o procedemento seguido no outorgamento da prórroga, sen concurso público, o que na práctica equivale a unha nova concesión e vulnera a normativa comunitaria.

No ditame motivado enviado ao goberno español, a Comisión insta ao goberno español a respectar as normas sobre contratos de concesión de autoestradas, isto é, a facelo mediante concurso público. O executivo comunitario concede ao goberno un prazo de dous meses para responder e adoptar as medidas necesarias. En caso de non facelo, a Comisión podería levar o caso ao Tribunal de Xustiza da UE.

Asinado o día 21/07/2025 ás 13:27
Por Luis Bará Torres





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Esta resolución da Comisión Europea vén constatar o trato de favor do goberno do PP á concesionaria da AP9 mediante unha ampliación ilegal da concesión, por 25 anos, coa conseguinte obriga de pagamento de peaxes abusivas até 2048.

Mais tamén abre a oportunidade de declarar a nulidade da concesión e en consecuencia asumir a xestión directa da mesma, tal e como se fixo con outras autoestradas da mesma época que a AP9, que logo de 50 anos de concesión pasaron a ser gratuitas.

Esta opción, ademais de ser procedente desde o punto de vista legal, suporía un aforro para as arcas públicas xa que diversos estudos -entre eles un encargado polo BNG á UdC- estiman que o custo da anulación da concesión sería inferior ao que terían as bonificacións aprobadas até o ano 2048.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a solicitar do Goberno español iniciar os trámites para declarar a nulidade da ampliación da concesión da AP9 aprobada no ano 2000, como paso previo á asunción da xestión directa da autoestrada e a gratuidade da mesma.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 21/07/2025 13:27:46

Alexandra Fernández Gómez na data 21/07/2025 13:27:54

Paulo Ríos Santomé na data 21/07/2025 13:28:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/07/2025 13:28:26
Nº Rexistro: 29268
Data envío: 21/07/2025 13:28:26.057

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/07/2025 13:28:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/07/2025 13:28:26
Nº Rexistro: 29268
Data envío: 21/07/2025 13:28:26.057

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/07/2025 10:48:20
Nº Rexistro: 29335
Data envío: 22/07/2025 10:48:20.951

Asinado o día 22/07/2025 ás 10:40
Por Julio Abalde Alonso

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados **María Elena Espinosa Mangana, Carlos López Font e Julio Ernesto Abalde Alonso**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O IES Antón Alonso Ríos de Tomiño necesita unha reforma e ampliación.

E as diversas promesas arrincan desde fai case catro anos.

O 9 de decembro de 2021 a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, sacou a concurso a redacción do proxecto de ampliación e adecuación de espazos educativos e docentes do IES Antón Alonso Ríos, no que se investirían 1.803.035 euros.

O delegado territorial da Xunta de Galicia en Pontevedra, anunciou ese mesmo día a apertura da fase de contratación deste proxecto, que definirá a mellora dos obradoiros de Formación Profesional e das novas aulas para facer fronte ao incremento de alumnado.

O 8 de setembro de 2022 e a pesar de que a Xunta de Galicia se comprometera a iniciar no ano 2022 as obras de ampliación, anuncian que será finalmente en 2023 cando se inicie a construción dun edificio anexo de case 1.300 m²; que aumentará a superficie docente con 730 metros para dez novas aulas: unha de FP polivalente, dúas de obradoiros de ciclo, dúas aulas de Bacharelato, dúas aulas de apoio educativo e salas dobres, un seminario, un espazo foro e unha maker zone. Tamén se incrementaría a superficie das

Asinado o día 22/07/2025 ás 10:40
Por Carlos López Font

Asinado o día 22/07/2025 ás 10:40
Por Elena Espinosa Mangana

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

95608

28071 Madrid





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/07/2025 10:48:20
Nº Rexistro: 29335
Data envío: 22/07/2025 10:48:20.951

áreas de administración e servizos comúns e zonas de tránsito, que gañarán un 25 % e favorecerán a ventilación e circulación para proporcionar unha maior seguridade sanitaria.

O 29 de novembro de 2023, o secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación e FP e Universidades en sede parlamentaria, di que a ampliación do IES Antón Alonso Ríos vai ser unha das obras máis ambiciosas no ámbito das instalacións educativas e a máis innovadora en eficiencia enerxética e que está previsto licitar a obra no ano 2024 cun orzamento de 4,7 millóns de euros.

Estamos xa no mes de xullo de 2025 e nada se sabe do comezo das obras do IES Antón Alonso Ríos que era nun primeiro momento no 2022, logo pasou a principios do 2023, e logo que a actuación podería estar completada ao longo do curso 2025-2026.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a comezar de forma inminente as obras de ampliación e adecuación dos espazos educativos e docentes do IES Antón Alonso de Tomiño.

Santiago de Compostela, a 22 de xullo do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

95609

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-IEZoeHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 22/07/2025 10:40:02

Carlos López Font na data 22/07/2025 10:40:14

Julio Abalde Alonso na data 22/07/2025 10:40:25

José Ramón Gómez Besteiro na data 22/07/2025 10:40:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/07/2025 10:48:20
Nº Rexistro: 29335
Data envío: 22/07/2025 10:48:20.951

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/07/2025 10:48:20
Nº Rexistro: 29335
Data envío: 22/07/2025 10:48:20.951

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/07/2025 10:48:21

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Iria Taibo Corsanego**, **Mercedes Queixas Zas** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a carta dos presidentes catalán e vasco en relación coa oficialidade de catalán, éuscaro e galego na Unión Europea.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En relación co debate que se está a producir sobre a posibilidade de que a lingua galega, xunto co catalán e o éuscaro, se fagan linguas oficiais da Unión Europea, os presidentes vasco e catalán remitiron unha carta aos ministros e ministras de Exteriores dos 27 estados da UE. Nesta carta, demandan que galego, catalán e éuscaro adquiran a categoría de oficiais na Unión Europea.

Segundo recollen varios medios de comunicación, o presidente da Xunta de Galiza rexeitou asinar esta carta, a pesar do que establece o Estatuto de Autonomía de Galiza (Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en tódolos planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento) e a Lei de Normalización Lingüística (*Os poderes públicos de Galicia promoverán o uso normal da lingua galega, oralmente e por escrito, nas súas relacións cos cidadáns; O Goberno Galego e as Corporacións Locais dentro do seu ámbito fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras*).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A oficialidade do galego na Unión Europea tería importantes consecuencias para o noso idioma, tanto desde o punto de vista dos dereitos lingüísticos da cidadanía como para o seu uso nas diferentes institucións, xa que son moitas as instancias nas que só está permitido usar unha lingua oficial da Unión Europea que tamén sexa oficial do estado correspondente.

Ademais da evidente apertura de posibilidades laborais para todo tipo de profesionais lingüísticos, a hipotética oficialidade da lingua galega implicaría outras vantaxes para moi diversos sectores profesionais e culturais.

O goberno español xa manifestou a súa dispoñibilidade para asumir o custo económico da implantación das tres linguas na Unión Europea, polo que aínda é menos comprensíbel que o presidente da Xunta de Galiza decida rexeitar esa posibilidade, por non falar de que o lóxico sería que a liderase.

A lingua galega atópase nunha grave situación de emerxencia, polo que o goberno galego non ten ningún motivo para rexeitar este recoñecemento oficial, que podería representar un punto de inflexión no que se refire ao prestixio social e ao avance de usos do noso idioma.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O parlamento insta o Goberno galego a levar a cabo todas as accións que estean na súa man encamiñadas a demandar que a lingua galega sexa declarada oficial na Unión Europea”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 22/07/2025 12:41:48

Mercedes Queixas Zas na data 22/07/2025 12:41:55

Daniel Castro García na data 22/07/2025 12:42:05

Ana Pontón Mondelo na data 22/07/2025 12:42:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/07/2025 12:46:20
Nº Rexistro: 29379
Data envío: 22/07/2025 12:46:20.733

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/07/2025 12:46:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/07/2025 12:46:20
Nº Rexistro: 29379
Data envío: 22/07/2025 12:46:20.733

CSV: BOPGDSPG-IEZoeHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados e deputadas **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, **Secundino Fernández Fernández**, **Noa Presas Bergantiños** e **Rosana Pérez Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre as razóns da non inclusión nos sistemas ordinarios de provisión e/ou selección da praza ocupada con carácter temporal polo ex-conselleiro D. Alfonso Villares.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Por Decreto de 4 de xuño de 2025 -publicado no DOG núm.106 do día 5 de xuño- acordouse o cesamento, a petición propia, do conselleiro do mar, D. Alfonso Villares, por mor da súa implicación nun caso de agresión sexual, polo que de ter a condición de persoal indefinido non fixo ao servizo da administración autonómica disporía dun prazo dun mes para solicitar o reingreso ao servizo activo.

O pasado día 9 de xullo publicouse no DOG a convocatoria de concurso ordinario para a provisión de postos de traballo vacantes do corpo facultativo superior de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galiza, subgrupo A1, escala de veterinarios, na que figuraban 6 postos de traballo de inspector/a veterinario/a de apoio na área de Mondoñedo, o que ven representar a práctica totalidade dos postos de esa denominación, agás dous. Un dos excluídos no procedemento de provisión e ao que por tanto non poden acceder o resto das traballadoras é o MR.C99.20.070.27290.008, no que, curiosamente, reingresou o Sr. Ex-conselleiro.

A non inclusión do posto de traballo nas convocatorias de concurso de traslados, malia estar ocupado por persoal temporal, non só implicaría un inxustificable trato de





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

favor cara un traballador, senón que limita os dereitos doutras moitas traballadoras que por distintas razóns tanto profesionais como persoais poderían lexitimamente aspirar á el.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a provisión polo sistema de concurso de traslados do posto de traballo MR.C99.20.070.27290.008 de inspección veterinaria de apoio, na área de Mondoñedo.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 23/07/2025 10:03:02

Secundino Fernández Fernández na data 23/07/2025 10:03:09

Noa Presas Bergantiños na data 23/07/2025 10:03:16

Rosana Pérez Fernández na data 23/07/2025 10:03:22



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 10:05:12
Nº Rexistro: 29500
Data envío: 23/07/2025 10:05:12.239

CSV: BOPGDSPG-IEZoeHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/07/2025 10:05:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 10:05:12
Nº Rexistro: 29500
Data envío: 23/07/2025 10:05:12.239

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 10:19:17
Nº Rexistro: 29505
Data envío: 23/07/2025 10:19:17.533

Asinado o día 23/07/2025 ás 10:16
Por Silvia Longueira Castro

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **María Elena Espinosa Mangana, Carlos López Font e Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Actualmente estamos ante unha crise sen precedentes na Atención Primaria. A súa capilaridade e presenza en toda a cidade de Vigo, converte á Primaria na rede máis habitual e de maior contacto coa persoa usuaria. Tamén aquela que máis problemas de saúde resolve. A Atención Primaria, non en tanto, sufriu unha gran minusvaloración, sendo considerada por parte do goberno de Galicia un elemento menor do sistema.

O fabuloso traballo dos/as profesionais sanitarios e o seu desmedido esforzo, que durante a pandemia foi unha táboa de salvación para a cidadanía, non está sendo valorado e comprendido pola Xunta de Galicia.

A situación da Atención Primaria en Galicia está a mostrarse como unha fonte de preocupación da cidadanía ao comprobar como un elemento fundamental do noso sistema de benestar, como é o sistema sanitario público, está a evidenciar debilidades provocadas por unha xestión errática e de desatención da Xunta de Galicia.

E Vigo parece que se converte de novo no punto de ensaio dos experimentos da Xunta de Galicia en materia de Sanidade. Non chegou co modelo do Álvaro Cunqueiro, que non volveron repetir en ningún outro lugar de Galicia, senón

Asinado o día 23/07/2025 ás 10:16
Por Carlos López Font

Asinado o día 23/07/2025 ás 10:16
Por Elena Espinosa Mangana

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

95620

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-IEZoeHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 10:19:17
Nº Rexistro: 29505
Data envío: 23/07/2025 10:19:17.533

que pronto abrirá o Olimpia Valencia que introducirá un novo modelo de atención pediátrica coa concentración das consultas de catro centros de saúde.

Un novo centro que nace sen ningunha previsión de contratar a novo persoal para reforzar a atención primaria senón que está pensado para aliviar a carga doutros centros de saúde da contorna. Abrir este centro de saúde significa pechar o centro de saúde de López Moura, algo que se saíu á luz hai tempo, pero tamén pechar o centro de saúde do Nicolás Peña, situación que se coñeceu a mediados deste ano e ademais pretenden concentrar a atención pediátrica de varios centros de saúde.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Modificar o Plan funcional do Sergas para que siga mantendo a actividade sanitaria no Centro de Saúde Nicolás Peña, a pesar de que se abra o novo centro de saúde Olimpia Valencia.
2. Dotar de persoal o novo centro Olimpia Valencia e que non se nutra de profesionais provenientes doutros centros de saúde.
3. Incorporar o servizo de radioloxía no novo centro Olimpia Valencia.

Santiago de Compostela, a 22 de xullo do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

95621

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-IEZoeHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 23/07/2025 10:16:04

Carlos López Font na data 23/07/2025 10:16:10

Silvia Longueira Castro na data 23/07/2025 10:16:22

José Ramón Gómez Besteiro na data 23/07/2025 10:16:30



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 10:19:17
Nº Rexistro: 29505
Data envío: 23/07/2025 10:19:17.533

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/07/2025 10:19:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 10:19:17
Nº Rexistro: 29505
Data envío: 23/07/2025 10:19:17.533

CSV: BOPGDSPG-IEZoeHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 10:26:15
Nº Rexistro: 29510
Data envío: 23/07/2025 10:26:15.003

Asinado o día 23/07/2025 ás 10:24
Por Silvia Longueira Castro

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **María Elena Espinosa Mangana, Carlos López Font e Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Actualmente estamos ante unha crise sen precedentes na Atención Primaria. A súa capilaridade e presenza en toda a cidade de Vigo, converte á Primaria na rede máis habitual e de maior contacto coa persoa usuaria. Tamén aquela que máis problemas de saúde resolve. A Atención Primaria, non en tanto, sufriu unha gran minusvaloración, sendo considerada por parte do goberno de Galicia un elemento menor do sistema.

O fabuloso traballo dos/as profesionais sanitarios e o seu desmedido esforzo, que durante a pandemia foi unha táboa de salvación para a cidadanía, non está sendo valorado e comprendido pola Xunta de Galicia.

A situación da Atención Primaria en Galicia está a mostrarse como unha fonte de preocupación da cidadanía ao comprobar como un elemento fundamental do noso sistema de benestar, como é o sistema sanitario público, está a evidenciar debilidades provocadas por unha xestión errática e de desatención da Xunta de Galicia.

E Vigo parece que se converte de novo no punto de ensaio dos experimentos da Xunta de Galicia en materia de Sanidade. Non chegou co modelo do Álvaro Cunqueiro, que non volveron repetir en ningún outro lugar de Galicia, senón

Asinado o día 23/07/2025 ás 10:24
Por Carlos López Font

Asinado o día 23/07/2025 ás 10:24
Por Elena Espinosa Mangana

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

95624

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-IEZoeHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 10:26:15
Nº Rexistro: 29510
Data envío: 23/07/2025 10:26:15.003

que pronto abrirá o Olimpia Valencia que introducirá un novo modelo de atención pediátrica coa concentración das consultas de catro centros de salud.

Todo parece indicar que en novo Olimpia Valencia, concentraranse os pediatras que viñan traballando nos centros de saúde de López Mora, Nicolás Peña, Pintor Colmeiro e Coia.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Modificar o Plan funcional do Sergas para que siga mantendo a actividade sanitaria no centro de saúde Nicolás Peña, a pesar de que se abra o novo centro de saúde Olimpia Valencia.
2. Continuar coa atención pediátrica nos centros de saúde de Coia, Pintor Colmeiro e Nicolás Peña.

Santiago de Compostela, a 22 de xullo do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

95625

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-IEZoeHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 23/07/2025 10:24:02

Carlos López Font na data 23/07/2025 10:24:09

Silvia Longueira Castro na data 23/07/2025 10:24:17

José Ramón Gómez Besteiro na data 23/07/2025 10:24:27



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 10:26:15
Nº Rexistro: 29510
Data envío: 23/07/2025 10:26:15.003

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/07/2025 10:26:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 10:26:15
Nº Rexistro: 29510
Data envío: 23/07/2025 10:26:15.003

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2025 12:59:15
Nº Rexistro: 29545
Data envío: 24/07/2025 12:59:15.700

Asinado o día 24/07/2025 ás 12:57
Por Iria Carreira Pazo

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputado **Noa Presas Bergantiños, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre as explicacións que debe dar o Conselleiro de Sanidade sobre o cuarto derrube coñecido do Hospital Materno Infantil de Ourense e ás condicións do traslado “provisional” da sala de partos.

Asinado o día 24/07/2025 ás 12:57
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

.EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai anos Ourense soportas precarias condicións dun Hospital Materno Infantil que ten sido constante obxecto de queixas, reclamacións e controversias. Así, recentemente, no mes de marzo de 2025 o producíase un novo derrume na área de pediatría do edificio Hospital Materno-Infantil de Ourense. Era o segundo que se coñecía en ano e medio mais, após este derrube de marzo, transcenderon informacións respecto dun derrube que fora ocultado polo goberno galego e que afectara unha pediatra.

A esta situación súmase que o pasado 23 de xullo coñeceuse a través dos medios de comunicación que se tiña producido un novo derrube nunha sala que xa non estaba sendo empregada mais anexa a outras que si continuaban en funcionamento. De feito, este derrube provocou o adiamento no traslado de máis funcións mais o SERGAS non deu explicacións públicas suficientes ao respecto.

Hai que ter en conta que este derrube se produce no medio dun proceso de traslados ao que o SERGAS tivo que ceder ante a presión social, que obrigou ao goberno galego a planificar o derrube do edificio e prever a reubicación dos servizos deste edificio noutras áreas do Complexo Hospitalario.

Asinado o día 24/07/2025 ás 12:57
Por Noa Presas Bergantiños





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2025 12:59:15
Nº Rexistro: 29545
Data envío: 24/07/2025 12:59:15.700

Neste contexto, a Xerencia da Área sanitaria de Verín, Ourense e Valdeorras impuxo ao persoal unhas condicións de traslado e reubicación do servizo de partos do Materno ao Cristal que é de todo punto inaceptable, tal e como está a denunciar o persoal da *Área de Partos* e do *Servizo de Despertar*. Enfermaría, celadores e celadoras, técnicos en coidados auxiliares de enfermería e matroas amosaron á dirección, en reunións en xuño e por escrito, o seu desacordo. Da mesma maneira, a Comisión de Centro posicionouse en contra e tamén o fixeron asociacións de apoio á maternidade, colectivos feministas locais e organizacións sindicais.

Entre as principais demandas cabe salientar que a proposta imposta pola xerencia supón un evidente retroceso no respecto aos dereitos de maternidade estipulados internacionalmente. Así, elimínase a única sala de parto natural, redúcense as salas de dilatación e van estar divididas unicamente por *mamparas* e cun espazo mínimo (ían ser cortinas e polas mobilizacións anunciaron mamparas como grande avance) e sen baño e auga corrente, é dicir falta de privacidade e de hixiene. O novo paritorio ten un só aseo sen ducha, destinado a dar servizo a varias salas de dilatación e o acceso a ducha vai estar compartido con outros servizos. Ao mesmo tempo non hai claridade sobre como vai poder ser a atención a situacións especialmente delicadas, como agresión sexuais e abortos, nin escollidos nin espontáneos ou necesarios por cuestións médicas, co que todo isto implica en termos de seguridade, privacidade e respecto na atención.

Colectivos profesionais como a Asociación Galega de Matronas volveu saír publicamente non só en contra do traslado senón alertando da desigualdade territorial en materia de dereitos das mulleres de Ourense. Así mesmo, a Comisión de Centro do CHUO tamén se manifestou en contra e é inaceptable ter que ver que moreas mulleres en avanzado estado de xestación teñen que estar mobilizándose e reclamando ao SERGAS e á Valedora do Pobo semanas e días antes dos seus partos, co que iso supón.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Substanciar de forma urxente a comparecencia do Conselleiro de Sanidade para dar explicacións sobre o novo derrube do Materno infantil e as condicións do edificio así como da reorganización dos servizos sen garantir a escoita das asociacións de doentes e maternidade nin do persoal do centro.

2. Negociar e acordar, de forma urxente e a través dunha mesa de traballo, co persoal do centro e as asociación de apoio á maternidade, as condicións de reubicación de forma que se garantan espazos suficientes, condicións suficientes de privacidade, intimidade e hixiene, cando menos unha sala de parto natural e as melloras necesarias para garantir o cumprimento dos principios recollidos na Estratexia de Atención ao Parto Normal no Sistema Nacional de Saúde e da OMS.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 24/07/2025 12:57:20

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 24/07/2025 12:57:30

Iria Carreira Pazos na data 24/07/2025 12:57:37

Olalla Rodil Fernández na data 24/07/2025 12:57:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2025 12:59:15
Nº Rexistro: 29545
Data envío: 24/07/2025 12:59:15.700

CSV: BOPGDSPG-IEZoeHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/07/2025 12:59:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2025 12:59:15
Nº Rexistro: 29545
Data envío: 24/07/2025 12:59:15.700

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2025 13:01:37
Nº Rexistro: 29551
Data envío: 24/07/2025 13:01:37.039

Asinado o día 24/07/25
12:54
Por Iria Taibo Corsan

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Cristina Fernández Davila, Rosana Pérez Fernández, Iria Taibo Corsanego, Olalla Rodil Fernández** e dos deputados **Luis Bará Torres e Oscar Insua Lema**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a decisión da Consellaría de Educación, Ciencia, Universidades e FP de pechar sete centros educativos na Galiza.

Asinado o día 24/07/2025 ás
12:54
Por Rosana Pérez Fernández

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado día 23 de xullo a Consellería de Educación anunciou aos medios de comunicación o peche de sete centros educativos por falta de alumnado, ao non acadar a súa matrícula o mínimo de 5 alumnos que ten estipulado.

Segundo informan, deixarán de funcionar os centros de Educación Infantil da Lagoa en Arteixo, o de Muros, o de Queiruga en Porto do Son e o de Romariz en Soutomaior, así como os colexios de Seráns en Porto do Son, de Castromil en Vimianzo e o de Negueira de Muñiz.

Nas últimas décadas o peche de centros escolares no rural galego están sendo unha sangría que deixa ser servizos básicos estas poboacións, facendo que a mocidade decida novamente migrar ás cidades deixando o interior do País nun claro abandono.

As políticas que está a desenvolver o Goberno do PP na Xunta de Galiza nada teñen que ver coa súa propaganda de apoio ao rural, nin teñen como obxectivo o asentamento poboacional do interior galego, senón non se explica as medidas que toma ano tras ano co peche de centros educativos, reducindo os servizos de Atención Primaria

Asinado o día 24/07/2025 ás
12:54
Por Cristina Fernández Davila





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ou pechando incluso os centros de saúde, eliminando paradas ou liñas de autobús e mingando as súas frecuencias, entre outras.

Este ano, como nos anteriores, o Goberno do PP xustifica os peches na necesidade de adaptar o mapa escolar á evolución demográfica para o vindeiro curso escolar, advertindo que hai outras tres en serio perigo de peche, pero xa se ten demostrado en numerosas ocasións que as escolas rurais teñen unha matrícula irregular e se este curso apenas manteñen 5 alumnos/as, os vindeiros cursos ben poden acadar os 10 ou 12. Pechando as escolas non se da a posibilidade de recuperación do alumnado nin o asentamento de novas familias interesadas en vivir nos concellos máis pequenos.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a demandar da Consellería Educación, Ciencia, Universidades e FP que:

1.- Tendo en conta a posible futura recuperación de matrícula nos centros escolares dos concellos máis pequenos do rural e costeiros, non se usen criterios numéricos para tomar a decisión do seu peche e si valoren a evolución poboacional do concello, a distancia que hai ao centro escolar máis próximo, así como o impulso da administración autonómica de políticas que animen ao asentamento de novas familias nas zonas máis despoboadas na Galiza.

2.- Paralicen a decisión de peche das escolas públicas anunciadas aos medios de comunicación antes de proceder á publicación no DOG do mapa educativo para o vindeiro curso escolar.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3.- Convoquen ás comunidades educativas e aos concellos para, entre todos os afectados (admón. Autonómica e local, centros educativos, asociacións de pais e nais...), tomar as medidas necesarias para incentivar o asentamento poboacional nas zonas do interior galego, así como as da costa con menor veciñanza.

4.- Deseñen unha campaña publicitaria para poñer en valor as unitarias e escolas públicas para poder seguir mantendo as máis cativas/os matriculadas no seu entorno familiar”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 24/07/2025 12:54:18

Rosana Pérez Fernández na data 24/07/2025 12:54:32

Iria Taibo Corsanego na data 24/07/2025 12:54:40

Olalla Rodil Fernández na data 24/07/2025 12:54:48

Luis Bará Torres na data 24/07/2025 12:54:55

Óscar Insua Lema na data 24/07/2025 12:55:08



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/07/2025 13:01:37



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2025 13:01:37
Nº Rexistro: 29551
Data envío: 24/07/2025 13:01:37.039

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2025 13:10:21
Nº Rexistro: 29556
Data envío: 24/07/2025 13:10:21.173

Asinado o día 24/07/2025 ás 13:08
Por Silvia Longueira (

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **María Elena Espinosa Mangana, Carlos López Font e Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Actualmente estamos ante unha crise sen precedentes na Atención Primaria. A súa capilaridade e presenza en toda a cidade de Vigo, converte á Primaria na rede máis habitual e de maior contacto coa persoa usuaria. Tamén aquela que máis problemas de saúde resolve. A Atención Primaria, non en tanto, sufriu unha gran minusvaloración, sendo considerada por parte do Goberno de Galicia un elemento menor do sistema.

O fabuloso traballo dos/as profesionais sanitarios e o seu desmedido esforzo, que durante a pandemia foi unha táboa de salvación para a cidadanía, non está sendo valorado e comprendido pola Xunta de Galicia.

A situación da Atención Primaria en Galicia está a mostrarse como unha fonte de preocupación da cidadanía ao comprobar como un elemento fundamental do noso sistema de benestar, como é o sistema sanitario público, está a evidenciar debilidades provocadas por unha xestión errática e de desatención da Xunta de Galicia.

E Vigo parece que se converte de novo no punto de ensaio dos experimentos da Xunta de Galicia en materia de Sanidade. Non chegou co modelo do Álvaro Cunqueiro, que non volveron repetir en ningún outro lugar de Galicia, senón

Asinado o día 24/07/2025 ás 13:08
Por Carlos López Font

Asinado o día 24/07/2025 ás 13:08
Por Elena Espinosa Mangana

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

95638

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-IEZoeHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2025 13:10:21
Nº Rexistro: 29556
Data envío: 24/07/2025 13:10:21.173

que pronto abrirá o Olimpia Valencia que introducirá un novo modelo de atención pediátrica coa concentración das consultas de catro centros de saúde.

Un novo centro que nace sen ningunha previsión de contratar a novo persoal para reforzar a atención primaria senón que está pensado para aliviar a carga doutros centros de saúde da contorna. Abrir este centro de saúde significa pechar o centro de saúde de López Moura, algo que se saíu á luz hai tempo, pero tamén pechar o centro de saúde do Nicolás Peña, situación que se coñeceu a mediados deste ano.

E todo parece indicar que en novo Olimpia Valencia, concentraranse os pediatras que viñan traballando nos centros de saúde de Lopez Mora, Nicolás Peña, Pintor Colmeiro e Coia.

É necesario reverter esta situación, e para iso son necesarios medios materiais, non demasiados, pero sobre todo recursos humanos.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Dispor de dotación económica suficiente para manter a actividade sanitaria no centro de saúde Nicolás Peña, e non ser trasladado o centro de saúde Olimpia Valencia cando abra.
2. Dispor de dotación económica para que o novo centro Olimpia Valencia conte con profesionais propios e que non se nutra de profesionais provenientes doutros centros de saúde.





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2025 13:10:21
Nº Rexistro: 29556
Data envío: 24/07/2025 13:10:21.173

3. Dispor de dotación económica para incorporar o servizo de radioloxía o novo centro Olimpia Valencia.

Santiago de Compostela, a 24 de xullo do 2025

CSV: BOPGDSPG-IEZoeHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

28071 Madrid

95640

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 24/07/2025 13:08:00

Carlos López Font na data 24/07/2025 13:08:07

Silvia Longueira Castro na data 24/07/2025 13:08:14

José Ramón Gómez Besteiro na data 24/07/2025 13:08:22



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2025 13:10:21
Nº Rexistro: 29556
Data envío: 24/07/2025 13:10:21.173

CSV: BOPGDSPG-IEZoeHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/07/2025 13:10:22



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2025 13:10:21
Nº Rexistro: 29556
Data envío: 24/07/2025 13:10:21.173

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2025 13:22:38
Nº Rexistro: 29559
Data envío: 24/07/2025 13:22:38,238

Asinado o día 24/07/2025 ás 13:20
Por Silvia Longueira C

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Este grupo parlamentario leva alertando dende o inicio da actual lexislatura da situación límite na que se atopa a área sanitaria de Ourense, Verín e Valdeorras, e especialmente o estado do Hospital Materno Infantil de Ourense.

A gravidade da situación non é nova. O 30 de decembro de 2023, nunha zona de traballo do paritorio onde había pacientes, produciuse un derrubamento do teito, sen que houbera que lamentar danos persoais, feito xa denunciado polo Grupo Parlamentario Socialista. Naquel momento, advertiamos das deficiencias na planta de obstetricia, con paredes desconchadas, xanelas deterioradas que filtran frío e calor, áreas de traballo inapropiadas, falta de despachos, baños e vestiarios, e condicións asistenciais claramente insuficientes.

O 22 de marzo de 2025, produciuse un segundo colapso parcial do falso teito na terceira planta do mesmo edificio. Esta segunda incidencia confirmou o que viñamos denunciando: o estado do edificio non garante a seguridade nin das pacientes nin do persoal sanitario.

E por se isto non fose suficiente, o 23 de xullo de 2025, apenas catro meses despois, volveu afundirse parte do falso teito no Hospital Materno Infantil. Estamos, por tanto, diante do terceiro derrubamento nun período de sete

Asinado o día 24/07/2025 ás 13:20
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 24/07/2025 ás 13:20
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

95643

28071 Madrid





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2025 13:22:38
Nº Rexistro: 29559
Data envío: 24/07/2025 13:22:38,238

meses, sen que a Xunta de Galicia e o Sergas tomaran medidas efectivas nin asumiran responsabilidades.

Estes feitos poñen de manifesto unha inxustificable negligencia por parte do Goberno galego, que mantén en funcionamento unhas instalacións visiblemente deterioradas e potencialmente perigosas, mesmo despois de múltiples alertas, advertencias e denuncias públicas. A Consellería de Sanidade non só non ofrece explicacións convincentes, senón que segue sen asumir responsabilidades políticas nin técnicas, nin abrir investigacións rigorosas e públicas sobre o sucedido.

A situación resulta aínda máis grave se temos en conta que estas deficiencias afectan a un centro hospitalario que atende mulleres embarazadas, neonatos e crianzas, é dicir, a poboación máis vulnerable, e que as obras no novo edificio continúan sen avances visibles, prolongando indefinidamente a dependencia dunha infraestrutura obsoleta e perigosa.

Por todo o anterior, consideramos que chegou o momento de que o Goberno galego asuma responsabilidades, presente explicacións en sede parlamentaria, publique os informes técnicos existentes e poña en marcha un plan urxente de inspección, reparación e reubicación asistencial, garantindo a seguridade da cidadanía e do persoal sanitario.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Asumir responsabilidades políticas inmediatas polos reiterados derrubamentos de falsos teitos no Hospital Materno Infantil de Ourense.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

95644

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2025 13:22:38
Nº Rexistro: 29559
Data envío: 24/07/2025 13:22:38,238

2. Publicar de maneira inmediata os informes técnicos existentes sobre o estado estrutural do edificio e as causas dos colapsos, garantindo a transparencia e o dereito á información da cidadanía.
3. Por en marcha un plan de inspección e reparación integral, baixo supervisión técnica independente, para avaliar a seguridade de todas as instalacións do Hospital Materno Infantil e do conxunto do CHUO.
4. Garantir a reubicación temporal da actividade asistencial en zonas seguras, en caso de que persista calquera risco estrutural, ata que se dispoña dunha infraestrutura estable e segura.
5. Presentar en sede parlamentaria, no prazo máximo de 30 días, un cronograma detallado sobre a apertura do novo edificio materno-infantil, así como a planificación da demolición do actual.

Santiago de Compostela, a 24 de xullo do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

95645

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-IEZoeHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 24/07/2025 13:20:43

Elena Espinosa Mangana na data 24/07/2025 13:20:52

Silvia Longueira Castro na data 24/07/2025 13:20:58

José Ramón Gómez Besteiro na data 24/07/2025 13:21:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2025 13:22:38
Nº Rexistro: 29559
Data envío: 24/07/2025 13:22:38,238

CSV: BOPGDSPG-IEZoeHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/07/2025 13:22:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2025 13:22:38
Nº Rexistro: 29559
Data envío: 24/07/2025 13:22:38,238

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García González, Julio García Comesaña, Paula Mouzo Mas, María Deza Martínez María Deza Martínez, Jesús María Fernández Rosende, María Dolores Hermelo Piñeiro, María Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González, Manuel Santos Costa**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e con concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Exposición de Motivos

Desde o Grupo Parlamentario Popular sempre defendemos con firmeza o papel estratéxico do Porto de Vigo como motor económico de Galicia e como nodo fundamental na conexión loxística con Europa. Lamentablemente, unha decisión política tomada durante o mandato do expresidente José Luis Rodríguez Zapatero, que excluíu ao Porto de Vigo da Rede Básica Transeuropea de Transportes (TEN-T), continúa xerando consecuencias negativas máis dunha década despois.

Tal e como vimos denunciando desde hai tempo, o Porto de Vigo vese obrigado a atrasar obras crave por non contar coa consideración de nodo principal da UE. Esta exclusión impide o acceso directo a financiamento europeo específico e somete ao porto a limitacións no endebedamento por parte do Estado, condicionando gravemente a súa capacidade de desenvolvemento.

A pesar dos reiterados esforzos da Xunta de Galicia e do sector empresarial, o Goberno de España non impulsou as xestións necesarias diante da Comisión Europea para reverter esta inxustiza. Non se trata dunha demanda localista, senón de corrixir un agravio que segue a ter consecuencias directas: sen estar na rede básica, o porto non pode optar a determinadas liñas de financiamento europeo, o que condiciona a execución de obras fundamentais debido ás limitacións de endebedamento impostas polo Estado.

O Porto de Vigo reúne todas as condicións para formar parte da rede básica da UE:

- É un eixo principal no corredor atlántico.
- Está conectado ferroviariamente coa Plataforma Loxística Plisan.
- É líder en tráfico de pesca, con máis dun millón de toneladas anuais (máis que o consumo total de España), o que o converte nun activo estratéxico para a soberanía alimentaria nacional.
- É a terminal de vehículos máis importante do Atlántico peninsular.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Resulta incomprensible que, mentres se inclúen como nodos principais portos con menor tráfico e relevancia, o Porto de Vigo queda relegado e todo iso a pesar de que xa demostrou sobradamente o seu valor estratéxico e a súa capacidade operativa.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a trasladar ao Goberno de España as seguintes demandas:

1. Defender activamente ante a Comisión Europea a inclusión do Porto de Vigo na Rede Básica Transeuropea de Transporte (TEN-T) na próxima revisión.
2. Promover unha reformulación dos criterios de inclusión na rede básica que contemple de forma obxectiva o volume de actividade, a conectividade multimodal e o impacto estratéxico do Porto de Vigo.
3. Asumir a súa responsabilidade histórica, e corrixir o erro político acontecido durante o mandato de José Luis Rodríguez Zapatero, de tal xeito que se facilite o acceso inmediato a financiamento para as obras prioritarias do Porto de Vigo, evitando máis atrasos inaceptables.”

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2025.



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 14/07/2025 10:38:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 10:40:02
Nº Rexistro: 28453
Data envío: 14/07/2025 10:40:02.299

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/07/2025 10:40:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 10:40:02
Nº Rexistro: 28453
Data envío: 14/07/2025 10:40:02.299

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Miguel Fidalgo Iglesias, Gonzalo Trenor López, Manuel Santos Costa, Juan Manuel Casares Gándara, Julio García Comesaña, Patricia García González, José Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López y Cristina Sanz Arias**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e con cordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos**.

Exposición de Motivos

Desde o Grupo Parlamentario Popular de Galicia sempre defendemos con firmeza o papel estratéxico do Porto de Vigo, tanto en Galicia como a nivel nacional e europeo. E como vimos denunciando desde hai tempo, a súa exclusión da Rede Básica Transeuropea de Transporte (TEN-T) non só foi unha decisión política inxusta, adoptada durante o Goberno de José Luis Rodríguez Zapatero, senón que foi mantida polos sucesivos gobernos socialistas sen adoptar medidas para corríxila.

O actual Goberno de España rexeitou asumir a súa responsabilidade, sinalando que “deberían ser os eurodeputados quen loitasen por revisar os criterios de acceso”. Este argumento non só resulta falso senón tamén indignante, debido a que son os propios gobernos quen debe propoñer oficialmente as infraestruturas candidatas. Así se reflicte, ademais, en respostas oficiais do Goberno onde non se menciona ningún plan para incluír a Vigo en futuras revisións.

Fronte a esta inacción, o PP si actuou. Desde o Parlamento Europeo, os deputados do Partido Popular introduciron ás 25 emendas para mellorar a posición de Galicia na rede TEN-T, incluíndo o Porto de Vigo e varias conexións ferroviarias clave. Aínda que estas emendas foron aprobadas polo parlamento, foron ignoradas polo Executivo nos trólogos, mesmo baixo a presidencia do goberno español de Pedro Sánchez no Consello da UE.

O Porto de Vigo cumpre con todos os criterios técnicos para ser nodo básico:

- É o primeiro porto pesqueiro de Europa
- Ten conexión ferroviaria coa PLISAN
- Opera como terminal clave na exportación de vehículos
- Forma parte das autoestradas de mar

Asinado o día 14/07/2025 ás
17:06
Por Alberto Pazos Couñago





A Xunta de Galicia, plenamente comprometida, defendeu estas cuestións a todos os niveis, pero sen apoio estatal é imposible obter recoñecemento europeo nin fondos vinculados á rede básica.

Por todo o anterior exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei.

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a trasladar as seguintes demandas ao Goberno de España:

- 1- Definir e publicar unha estratexia nacional de portos excluídos da rede básica TEN-T, que contemple accións específicas para a súa inclusión na próxima revisión prevista pola Comisión Europea.
- 2- Solicitar á Comisión Europea a apertura dunha mesa técnica intergubernamental de revisión, con participación de Galicia, eurodeputados e representantes do sector loxístico galego.
- 3- Activar un plan de compensación financeira, utilizando para iso fondos da Unión Europea, de forma que se garanta a execución das obras crave no Porto de Vigo, mentres non se modifique o seu status dentro da rede TEN-T.
- 4- Publicar con transparencia a repartición territorial dos fondos portuarios do corredor atlántico, en particular os 3.100 millóns de euros anunciados polo Comisionado para investimentos ata 2030.

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 14/07/2025 17:06:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 17:08:02
Nº Rexistro: 28527
Data envío: 14/07/2025 17:08:02.286

CSV: BOPGDSPG-IEZoeHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/07/2025 17:08:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 17:08:02
Nº Rexistro: 28527
Data envío: 14/07/2025 17:08:02.286

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 3ª**, sobre os orzamentos sen executar pola Consellaría de Mar no 2024 e o seu reinvestimento na recuperación e potenciamento do medio mariño e do sector do mar galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Este Grupo Parlamentario ten posto de manifesto en numerosas ocasións a falta de peso político da Consellaría de Mar, a súa escasa relevancia dentro do conxunto das políticas levadas a cabo polo Goberno galego e o abandono progresivo, e cada vez máis evidente, dun sector fundamental para a economía galega, primando, pola contra, multitude de accións propagandísticas que non van máis ala diso, dos anuncios, da publicidade e dos reclamos que a inmensa maioría das veces non se traducen en resultados palpábeis a prol do sector do mar.

Tamén temos evidenciado que os exiguos orzamentos da Consellaría, que apenas medran dun ano para outro, amosan precisamente esa falta de importancia que o Goberno mantén cara un sector que, pola contra, di continuamente defender.

Mais a proba máis palpábel da nula transcendencia das políticas pesqueiras da Xunta de Galiza é a falta de execución e a minoración de créditos, escandalosa nalgúns programas concretos, que se produce ano tras ano na Consellaría de Mar.

Asinado o día 15/07/2025 ás
12:25
Por Noa Presas Bergantiños

Asinado o día 15/07/2025 ás
12:25
Por Rosana Pérez Fernández





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

O Estado de Execución dos Orzamentos da Xunta de Galiza do exercicio 2024, a 31 de decembro, volve deixar moi patente unha xestión moi deficiente, que xa é crónica e que amosa falta de utilidade para reflotar o sector.

Así, vemos como os orzamentos iniciais da Consellaría de Mar para 2024 ascendían a 214.521.306 euros. As modificacións orzamentarias á baixa que se produciron durante o exercicio sumaron 97.701.306 euros e deixaron o orzamento inicial nun total de 116.820.000, dos que se executaron 91.608.000, un 78,4%, e deixáronse sen executar 25.212.000 euros.

En definitiva, os 214,5 millóns de euros do orzamento inicial da Consellaría de Mar para 2024 quedaron reducidos a 91,6 realmente executados, o 42,7% do 100% inicial.

Tanto dende o punto de vista da alarmante situación do sector do mar galego, nomeadamente do marisqueiro, como dende o punto de vista da xestión orzamentaria dos recursos públicos, estamos diante dunha práctica política que non podemos cualificar máis que de irresponsábel e mesmo imprudente polas consecuencias que dela se derivan en detrimento do sector do mar, entre outras a perda de traballadores e traballadoras nese mesmo ano 2024, no que Galiza rexistrou o maior descenso da súa historia e que afectou a todos os sectores da frota sen excepción.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 3ª:

. Que valoración fai o Goberno galego da reiterada falta de execución orzamentaria da Consellaría de Mar?

. Que valoración lle merece a continúa desviación de partidas orzamentarias desa Consellaría a outras seccións?





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

. Que valoración fai da minoración de créditos e da falta de execución orzamentaria desa Consellaría no exercicio 2024?

. Que valoración fai da incidencia da diminución continua deses recursos, ano tras ano, no desenvolvemento e potenciamento do sector do mar galego?

. Vai reinvestir os 91.608.000 euros euros non executados pola Consellaría de Mar no 2024

. A que partidas e programas se van destinar os 91.608.000 euros non executados pola Consellaría de Mar no 2024? Considera que deben destinarse a atender os múltiples problemas que apremian ao sector do mar galego?

. Que medidas vai tomar para eliminar a práctica de desviar partidas correspondentes aos orzamentos anuais da Consellaría de Mar a outras seccións?

. Que accións vai desenvolver para que o orzamento íntegro desa Consellaría se execute anualmente e repercuta na recuperación e potenciamento que tanto necesita o medio mariño e o sector do mar galego?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 15/07/2025 12:25:24

Noa Presas Bergantiños na data 15/07/2025 12:25:30



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2025 12:26:33
Nº Rexistro: 28611
Data envío: 15/07/2025 12:26:33,247

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/07/2025 12:26:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2025 12:26:33
Nº Rexistro: 28611
Data envío: 15/07/2025 12:26:33,247

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre o restablecemento dun paso seguro entre O Val e o restos das localidades da parroquia de Mourillós en Celanova.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A parroquia de Mourillós, no concello de Celanova, vese gravemente afectada polas consecuencias derivadas da construción do enlace coa autovía AG-31, en concreto o correspondente ao enlace de acceso dende Celanova á autovía. Esta infraestrutura, inicialmente proxectada para a conexión da A-52 coa Madalena (fronteira portuguesa) ao que tan pronto como puido renunciou a Xunta do Partido Popular rematando o trazado en Celanova sen darlle continuidade ate a fronteira portuguesa, como estaba inicialmente previsto e daba pleno sentido ao proxecto.

A AG-31 é unha vía importante para o desenvolvemento económico e social da comarca de Celanova e Baixa Limia se ben a efectiva execución do trazado provocou a división física da parroquia de Mourillós en Celanova, deixando á veciñanza sen os pasos tradicionais de comunicación entre os diferentes lugares que a integran.

Antes da execución das obras, existían tres pasos ou vías locais que permitían a circulación peonil e rodada entre o lugar do Val e o resto da parroquia, garantindo unha mobilidade fluída e segura, ademais de reforzar a cohesión social e a continuidade das actividades comunitarias (acceso a fincas, servizos, vivendas, actividades culturais e relixiosas, etc.).

Asinado o día 16/07/2025 ás
09:48
Por Luis Bará Torres

Asinado o día 16/07/2025 ás
09:48
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Co deseño do enlace actual da AG-31, suprimiuse totalmente esta conectividade, deixando como única opción de paso a travesía dunha rotonda situada no acceso principal, unha infraestrutura pensada para o tráfico rodado rápido, carente de beirarrúas, pasos de peóns ou calquera medida de seguridade viaria adaptada á veciñanza. Esta situación converteuse nun punto crítico de perigo, especialmente para as persoas maiores, crianzas e persoas con mobilidade reducida, que quedan obrigadas a transitar por un espazo hostil e inseguro.

Ademais, a falta dun paso alternativo afecta directamente ao acceso a propiedades agrícolas, vivendas dispersas e servizos comúns, xerando un prexuízo social e económico continuado para as familias afectadas. Esta situación non foi resolta nin mitigada desde a finalización das obras, malia as reiteradas peticións veciñais.

A veciñanza leva máis dunha década reclamando unha solución, demandando un paso peonil e rodado seguro entre O Val e a Devesa, que recupere a mobilidade histórica da parroquia e respecte o dereito básico á conexión territorial.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a:

a) Executar as actuacións necesarias para habilitar un paso seguro de comunicación entre o lugar do Val e o resto da parroquia de Mourillós (preferentemente pola Devesa), no concello de Celanova, que permita restablecer as conexións viarias e a convivencia veciñal interrompida pola construción do enlace coa autovía AG-31.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

b) Realizar estas actuacións á maior brevidade, priorizando a seguridade das persoas e atendendo ás demandas veciñais expresadas reiteradamente durante máis dunha década.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 16/07/2025 9:48:38

Luis Bará Torres na data 16/07/2025 9:48:58



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/07/2025 09:49:49
Nº Rexistro: 28673
Data envío: 16/07/2025 09:49:49,489

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/07/2025 9:49:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/07/2025 09:49:49
Nº Rexistro: 28673
Data envío: 16/07/2025 09:49:49,489

CSV: BOPGDSPG-IEZoeHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Rubén Lorenzo Gómez, Cristina Sanz Arias, María Deza Martínez, Encarna Amigo Díaz, Miguel Fidalgo Iglesias, Felisa Rodríguez Carrera, Ángel Rodríguez Conde, Borja Vereza Fraiz e Miguel A. Viso Diéguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Exposición de motivos

O pasado 22 de abril, o Goberno de Pedro Sánchez anunciou un «Plan Industrial e Tecnolóxico para a Seguridade e a Defensa», dotado con 10.471 millóns de euros para o ano 2025, como resposta —segundo as súas propias palabras— ao complexo contexto internacional actual: unha Rusia cada vez máis agresiva, o auxe de ameazas híbridas (como a desinformación ou os ciberataques) e a necesidade de fortalecer o pilar europeo da OTAN. A pesar da gravidade destes desafíos e, por tanto, o rigor que merecen, o Executivo presentou este Plan sen debate parlamentario previo, sen unha memoria económica clara e sen comprometerse cunha supervisión transparente, o que pon en dúbida a súa viabilidade.

Segundo o propio Goberno, este Plan permitiría alcanzar o obxectivo do 2% do PIB en gasto en defensa, compromiso asumido coa OTAN e a Unión Europea. Con todo, a realidade é que a OTAN acordou no cumio celebrado na Haya, elevar o gasto militar ata o 5% do PIB para 2032, distribuíndoo nun 3,5% para gasto directo en defensa e un 1,5% para seguridade complementaria, como mobilidade militar, protección de infraestruturas críticas e ciberseguridade. O Plan do Goberno, por tanto, nace desfasado e a curto prazo, e non parece responder ás necesidades reais nin aos compromisos que os nosos aliados están xa dispostos a asumir.

Aínda máis preocupante é que se anuncie un investimento desta envergadura cuns Orzamentos Xerais do Estado prorrogados desde o ano 2023 e cunha coalición de goberno claramente dividida nesta materia. Esta división interna fai difícil garantir a estabilidade e continuidade do plan, o que compromete a





credibilidade internacional de España e o cumprimento dos compromisos adquiridos.

Así mesmo, a opacidade financeira é outro punto crítico. O Executivo central afirma que o Plan se financiará con aforros derivados do bo comportamento económico, así como con créditos do Plan de Recuperación, sen descartar endebedamento adicional nin recortes en gasto social ou ambiental. Porén, en ningún momento se especifica o impacto fiscal nin as partidas orzamentarias que poderían verse afectadas.

A falta de información e a ausencia de debate público previo fan que esta estratexia, de enorme impacto orzamentario, estea a executarse de costas á cidadanía e aos seus representantes lexítimos.

Doutra banda, o Plan estrutúrase en seis eixos: modernización das condicións e equipamento das Forzas Armadas (35%); desenvolvemento tecnolóxico en telecomunicacións e ciberseguridade (31%); adquisición de sistemas de defensa e disuasión (19%); reforzo para emerxencias e catástrofes naturais (17%); seguridade en misións internacionais (3%); e amortización de créditos de modernización anteriores (-5%). Aínda que a proposta poida parecer ambiciosa, presenta importantes lagoas de planificación industrial, transparencia orzamentaria e coordinación interinstitucional.

En conxunto, este Plan podería representar unha oportunidade para modernizar a política de defensa, fortalecer a industria nacional e dar cumprimento aos compromisos internacionais. Con todo, a forma na que foi anunciado, a ausencia de canles de diálogo coas Comunidades Autónomas e o segredismo que rodea a súa tramitación converten o proxecto nunha iniciativa que esperta máis incertezas ca confianza.

Ademais, en Galicia contamos con empresas punteiras no sector, dende vehículos terrestres, embarcacións ou tecnoloxía innovadora polo que o incremento do gasto nesta área fai que se abra un nicho de oportunidades para a industria. De feito, iniciativas como o Polo Aeroespacial de Galicia, xunto con empresas destacadas do sector de defensa como Urovesa ou Navantia, poden actuar como motores tractores para o desenvolvemento e consolidación deste sector.



Polo tanto, Galicia, como comunidade con interese no desenvolvemento tecnolóxico e industrial e na estabilidade do financiamento público, non pode permanecer allea ante a posta en marcha dunha medida que podería ter consecuencias relevantes a nivel orzamentario e estratéxico.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a trasladar ao Goberno de España as seguintes demandas:

- 1.- Reclamar a remisión inmediata dunha información detallada sobre o Plan Industrial e Tecnolóxico para a Seguridade e a Defensa, incluíndo a súa memoria económica, fontes de financiamento, criterios de reparto territorial, impacto previsto nas Comunidades Autónomas e calendario de execución dos investimentos.
- 2.- Demandar a participación efectiva das Comunidades Autónomas nos mecanismos de seguimento, avaliación e control do Plan, có obxectivo de garantir a coordinación institucional e o respecto ao principio de lealdade constitucional que debe rexer as relacións entre administracións públicas.
- 3.- Esixir que calquera modificación substancial do Plan sexa previamente comunicada ás Comunidades Autónomas, especialmente se afecta a cuestións orzamentarias, á distribución territorial dos fondos ou á redefinición dos eixos estratéxicos de investimento.
- 4.- Advertir da necesidade de que este tipo de plans de investimento estatal non impliquen en ningún caso recortes encubertos nin afectación negativa ao financiamento doutras políticas públicas prioritarias, como as políticas sociais, ambientais ou territoriais, nin comprometan os fondos comprometidos a través do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.”





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/07/2025 10:44:04
Nº Rexistro: 28704
Data envío: 16/07/2025 10:44:04.073

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 16/07/2025 10:43:47



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/07/2025 10:44:04
Nº Rexistro: 28704
Data envío: 16/07/2025 10:44:04.073

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/07/2025 10:44:04
Nº Rexistro: 28704
Data envío: 16/07/2025 10:44:04.073

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/07/2025 10:44:04

CSV: BOPGDSPG-IEZoeHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Patricia García González, María Deza Martínez, Jesús Fernández Rosende, Miguel Fidalgo Iglesias, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos

A sentenza do TXUE desestima o recurso presentado pola OPP-7 de Burela e 16 armadores contra o regulamento europeo impulsado en 2022 polo comisario de Pesca, que prohibe a pesca de fondo en zonas amplas do Atlántico baseándose na posible presenza de ecosistemas mariños vulnerables.

Desde o primeiro momento, a Xunta de Galicia actuou con firmeza en defensa do sector, participando como coadxuvante no procedemento xudicial e achegando probas técnicas de que a pesca de palangre non causa impactos ambientais significativos nos espazos afectados.

Tras coñecerse a sentenza, a conselleira do Mar, Marta Valverde, mantivo reunións co sector para analizar alternativas e esixiu ao Goberno de España que presente un recurso de casación ante o Tribunal de Xustiza da UE. Así mesmo, reclamou que a Comisión Europea revise o regulamento e introduza criterios socioeconómicos nas decisións de xestión pesqueira, en coherencia coa Política Pesqueira Común.

A Xunta tamén solicitou unha reunión urxente co ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, Luís Planas, para coordinar medidas de apoio ao sector e avaliar posibles compensacións económicas.

É imprescindible que as políticas pesqueiras da Unión Europea deixen de basearse exclusivamente en argumentos medioambientais e avancen cara a un modelo

Asinado o día 16/07/2025 ás
10:57
Por Alberto Pazos Couñago





equilibrado entre sostibilidade ambiental, viabilidade económica e cohesión social, que garanta o futuro da pesca galega e a soberanía alimentaria europea. Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que se dirixa ao Goberno de España para que:

- 1.- Interpoña un recurso de casación diante do Tribunal de Xustiza da Unión Europea contra a sentenza que desestima as demandas contra o regulamento que impón 87 vedas á pesca de fondo.
- 2.- Solicite á Comisión Europea a revisión urxente do devandito regulamento e a súa modificación para que incorpore criterios económicos e sociais, ademais dos medioambientais, nas súas decisións.
- 3.- Achegue toda a información científica recompilada desde 2022 para avaliar con rigor a existencia ou non de ecosistemas vulnerables e o real impacto da pesca de palangre nestas zonas.
- 4.- Estableza conxuntamente coa Xunta de Galicia unha estratexia de defensa da frota galega ante as institucións europeas e valore a posta en marcha de axudas específicas para as embarcacións afectadas, mentres non se revise a normativa”.

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 16/07/2025 10:57:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/07/2025 10:57:53
Nº Rexistro: 28719
Data envío: 16/07/2025 10:57:53.071

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/07/2025 10:57:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/07/2025 10:57:53
Nº Rexistro: 28719
Data envío: 16/07/2025 10:57:53.071

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputado **Alexandra Fernández Gómez, Carmela González Iglesias, Montserrat Prado Cores e Brais Ruanova Vilas-Boas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre a necesidade de reformular o novo CIS Olimpia Valencia en Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza anunciou a apertura do novo Centro Integral de Saúde Olimpia Valencia como un fito na ampliación da infraestrutura sanitaria e un mecanismo para mellorar a situación de colapso da Atención Primaria na cidade de Vigo. Porén a realidade é que o novo centro non só vai levar aparelado a substitución do Centro de Saúde López Mora, como prometera a Xunta nos últimos anos; senón que a poucos meses da súa apertura a Consellería de Sanidade vén de dar a coñecer que, vinculado á apertura do novo CIS, vai executar o peche do Centro de Saúde Nicolás Peña.

Ademais do peche de 2 centros de saúde, algunhas das dotacións recollidas no Plan Funcional inicial como espazos de tratamento e sistemas integrados de imaxe médica, xa non se contemplan no novo programa. Por tanto, dende o punto de vista do déficit infraestrutural que padece a cidade, a apertura do novo centro xa non vai supor a ampliación de espazos anunciada nun inicio.

Mais a maior estafa ten a ver coa falla total de dotación de profesionais de nova contratación. A pretensión da Xunta é facer unha política unicamente de traslado de profesionais dende outros centros de saúde cara o novo CIS Olimpia Valencia. En total prevén trasladar 32 profesionais tanto do Centro de Saúde López Mora como do Nicolás



Peña que pecharía aos que se sumarían 17 do Centro de Saúde Pintor Colmeiro, 22 do de Coia, 3 de Rúa Cuba, 1 de Rosalía e 2 de Beiramar. En total 105 profesionais que, supoñen un 20% menos da capacidade prevista. É dicir, o novo centro vai estar infradotado e nin tan sequera vai supor a incorporación de máis profesionais á rede asistencial da cidade, senón que se baleiran outros centros para dotar o novo.

Por se fose pouco, o novo CIS Olimpia Valencia pretende inaugurar un novo modelo de xestión na Atención Primaria que o único que persegue é a concentración da atención e de recursos en grandes centros, en lugar de soster unha rede capilar e de proximidade. Vémolos no feito de que o novo centro prevé non só integrar a actividade e a poboación dos dous centros que se pechan, senón tamén unha parte dos Centros de Saúde de Coia, Rúa Cuba, Rosalía de Castro e Beiramar e a totalidade da poboación pediátrica dos dous centros que pechan, máis a dos centros de Saúde de Colmeiro e Coia. Isto último é especialmente grave xa que impide a atención continuada dende a infancia até a adultez, a abordaxe familiar e a posibilidade dunha acción comunitaria eficaz.

Esta política de concentración en macrocentros é apenas unha aposta da Xunta do PP para poder seguir espremendo e recortando a Atención Primaria a costa de perder calidade na atención sanitaria. É por iso que a posta en marcha do novo CIS Olimpia Valencia está contando cun forte rexeitamento por parte dos profesionais sanitarios cos que a Xunta non está contando para definir o futuro do novo centro.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a reformular o Plan Funcional do Centro Integral de Saúde Olimpia Valencia de forma consensuada cos traballadores, garantindo como mínimo o seguinte:





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

- Reversión do peche do Centro de Saúde Nicolás Peña.
- Aumento da dotación de persoal até alcanzar o 100% da súa capacidade.
- Dotación propia de persoal, mediante a contratación de novos profesionais.
- Continuidade da Atención Pediátrica nos Centros de Saúde de Coia e Pintor Colmeiro.
- Incorporación de espazos e sistemas de imaxe médica.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 17/07/2025 10:33:08

Carmela González Iglesias na data 17/07/2025 10:34:29

María Montserrat Prado Cores na data 17/07/2025 10:34:38

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 17/07/2025 10:34:51

Olalla Rodil Fernández na data 17/07/2025 10:35:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 10:38:49
Nº Rexistro: 28905
Data envío: 17/07/2025 10:38:49.025

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/07/2025 10:38:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 10:38:49
Nº Rexistro: 28905
Data envío: 17/07/2025 10:38:49.025

CSV: BOPGDSPG-IEZoeHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 12:13:49
Nº Rexistro: 28958
Data envío: 17/07/2025 12:13:49.802

Asinado o día 17/07/2025
12:11
Por Mercedes Queixa

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Iria Taibo Corsanego, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Mercedes Queizas Zas e Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**, sobre a tradución ao galego do programa Atenea.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Ministerio de Xustiza está a traballar na implantación do programa Atenea, para a xestión interna da Administración de Xustiza. Este programa ofrécese gratuitamente ás comunidades que o queiran implantar, voluntariamente, e a Xunta de Galiza xa declarou a súa vontade de implantalo.

Este programa substitúe o actual, Minerva-NOX, que tamén fora escollido voluntariamente pola Xunta de Galiza e nunca chegou a ser traducido ao galego. O feito de que o programa de xestión da Administración de Xustiza non estea dispoñíbel en galego condiciona a presenza deste idioma nos procedementos, con graves consecuencias para os dereitos lingüísticos das persoas traballadoras da xustiza e para a cidadanía, que na práctica non pode ver garantido o dereito a escoller a lingua dos seus procedementos nin a lingua de notificación. Na actualidade, os traballadores e traballadoras da xustiza que queren desenvolver a súa actividade en galego, teñen que redactar a documentación nun documento á parte, fóra do programa Minerva, e posteriormente substituíren o modelo do documento que figura no programa. Isto ten varias consecuencias importantes, tanto desde o punto de vista da carga de traballo para os profesionais como no que ten que ver coa seguridade xurídica.

Asinado o día 17/07/2025 ás
12:10
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Asinado o día 17/07/2025 ás
12:10
Por Iria Taibo Corsanego



A implantación do novo programa fai que sexa urxente contar coa tradución. Se o programa Atenea non está dispoñíbel desde o primeiro momento en galego, o uso nesta lingua vaise ver condicionado. Na actualidade, a presenza do galego na administración de xustiza é moi cativa, e mesmo se reduciu nos últimos anos, polo que o goberno galego debe traballar urxentemente para garantir que quen queira facer uso do galego poida facelo.

Hoxe non é posíbel tramitar procedementos integramente en galego nin tampouco está garantido que a cidadanía reciba a notificación das súas resolucións en lingua galega, polo que o dereito a elixir a lingua non está garantido, na práctica. Ademais, isto pode vulnerar o dereito fundamental a un procedemento xusto e con todas as garantías. O goberno galego ten o deber de eliminar esas limitacións.

Ademais, o programa debe estar configurado para que o galego se ofrezca por defecto, para facilitar o seu uso nesta lingua e cumprir tamén co obxectivo da oferta positiva que establece o Plan Xeral. Trátase dun dos principios informadores do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, aprobado por unanimidade no Parlamento Galego en 2004. A tradución dos programas informáticos de xestión da administración de xustiza e dos formularios de uso cotián tamén figura no Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega.

Ademais, a Lei de Normalización Lingüística establece que a Xunta de Galiza debe promover a progresiva normalización do uso do galego na Administración de Xustiza, e o Estatuto de Autonomía de Galiza indica que os poderes públicos deben garantir o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciar o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa.

A modificación deste mesmo ano da Lei Orgánica do Poder Xudicial tamén obriga a establecer os medios materiais que permitan que o conxunto do procedemento, as comunicacións e os actos de impulso procesual poidan desenvolverse integramente en todas as linguas oficiais do Estado.



O custo do programa vai ser sufragado polo Ministerio de Xustiza, polo que a tradución debe ser asumida pola Xunta de Galiza. A tradución forma parte do exercicio da competencia en materia de xustiza que ten asumida a Xunta, xa que o goberno galego ten a competencia en medios materiais e, en consecuencia, o custo da tradución compete á Xunta de Galiza.

or outra banda, o goberno galego é coñecedor do importante movemento no sector profesional afectado por este programa a respecto da necesidade de que o programa Atenea estea dispoñíbel en lingua galega desde o primeiro momento, o que é un argumento adicional, non de pouca importancia, para que a Xunta de Galiza deba exercer as súas competencias e pór os medios para facilitar a tradución do programa e, en definitiva, facer que a lingua galega poida ser utilizada con normalidade na administración de xustiza.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

- Facerse cargo da tradución do programa Atenea ao galego.
- Garantir que a tradución ao galego do programa Atenea estea dispoñíbel de xeito urxente, para que estea dispoñíbel ao mesmo tempo que a versión en castelán no momento da implantación do programa.
- Garantir que a versión en galego do programa Atenea se ofrezca en primeiro lugar aos usuarios e usuarias.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 17/07/2025 12:10:42

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 17/07/2025 12:10:52

Mercedes Queixas Zas na data 17/07/2025 12:11:03

Daniel Castro García na data 17/07/2025 12:11:11

Ana Pontón Mondelo na data 17/07/2025 12:11:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 12:13:49
Nº Rexistro: 28958
Data envío: 17/07/2025 12:13:49.802

CSV: BOPGDSPG-IEZoeHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/07/2025 12:13:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 12:13:49
Nº Rexistro: 28958
Data envío: 17/07/2025 12:13:49.802

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 17/07/25
12:56
Por Ana Pontón Mont

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Mercedes Queixas Zas** e **Iria Taibo Corsanego**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a declaración BIC do Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside de Sada (A Coruña).

Asinado o día 17/07/2025 ás
12:56
Por Iria Taibo Corsanego

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 11 de agosto de 2023 o DOG publicaba a resolución de incoación para declarar BIC o Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside de Sada (A Coruña).

Dábase resposta, trece anos despois, a un acordo unánime deste Parlamento e despois de continuas reclamacións de colectivos sociais, culturais, movemento memorialístico e institucións como o Consello da Cultura Galega ou o Concello de Sada, ás que nos temos sumado no grupo parlamentario do BNG, trasladándoas a diferentes debates nesta cámara, por causa do deterioro progresivo do edificio e da consecuente afectación á colección museística única que nel se conserva.

Un desleixo que comprometeu a memoria da vangarda artística galega, recuperada da memoria do exilio, como proxecto cultural senlleiro xestado por dous referentes imprescindíbeis como Luís Seoane e Isaac Díaz Pardo que capitanearon a industria cultural de raíz máis prestixiosa de Galiza.

Con todo, unha vez analizada a resolución da incoación do expediente BIC, volveron acordar novos interrogantes a respecto da protección e conservación íntegra do proxecto cultural en que se integra o Museo Carlos Maside desde o seu nacemento.

Asinado o día 17/07/2025 ás
12:56
Por Mercedes Queixas Zas



Na proposta inicial de declaración BIC resultou tan incomprensíbel a deturpación do nome orixinal do museo como que se limite só ao edificio do museo desarraigándoo do conxunto da Cerámica do Castro, a diferenza de como se procedeu no momento da declaración BIC para o conxunto de Sargadelos, proxecto irmán do desenvolvido no Castro (Sada).

Mais apenas faltan escasos quince días para rematar o prazo máximo para resolver o procedemento de incoación do expediente BIC e a Xunta segue sen se pronunciar; renace así a preocupación social ante a resolución final que o goberno da Xunta vaia adoptar para garantir a preservación fidedigna e protección dunha das columnas vertebrais do proxecto cultural de Isaac Díaz Pardo e Luís Seoane.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta a:

- Respetar, na incoación da declaración BIC, o nome orixinal do Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside de Sada (A Coruña) e incluír o conxunto da Cerámica do Castro anexa ao museo, en consonancia coa declaración BIC da Fábrica de Cerámica de Sargadelos de Cervo (Lugo).

- Velar para que sexa o Laboratorio de Formas parte activa responsábel da xestión do Museo, como substrato e raíz histórica que é do amplo proxecto de industria cultural ao que deron vida Luís Seoane e Isaac Díaz Pardo para recuperar a memoria, a tradición e a cultura popular galega.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 17/07/2025 12:56:42

Iria Taibo Corsanego na data 17/07/2025 12:56:49

Ana Pontón Mondelo na data 17/07/2025 12:56:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 12:59:05
Nº Rexistro: 28979
Data envío: 17/07/2025 12:59:05.237

CSV: BOPGDSPG-IEZoeHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/07/2025 12:59:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 12:59:05
Nº Rexistro: 28979
Data envío: 17/07/2025 12:59:05.237

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 17/07/2025
13:32
Por Sonia Vidal Lamas

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputado **Secundino Fernández Fernández, Iria Taibo Corsanego, Sonia Vidal Lamas e Ariadna Fernández González**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**, sobre a proposta de que a UE reduza un 21,7 % os fondos destinadas a PAC para incrementar o gasto militar.

Asinado o día 17/07/2025 ás
13:31
Por Iria Taibo Corsanego

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2023 entrou en funcionamento a PAC para o novo período coñecida como PEPAC 23-27 e que financia as políticas agroforestais da UE pola vía do FEAGA e o FEADER que cofinancian os estados membros; unha política agraria que trouxo reducións económicas e mudanzas burocráticas que prexudicaron as explotacións agrogandeiras galegas. Concretamente nos últimos anos a PAC beneficiou aos grandes latifundios e deixou de lado aos pequenos agricultores galegos.

Neste ano 2025 comezase a falar do novo período en principio 28-34. Concretamente nos últimos días comezan a aparecer novas alarmantes sobre os fondos que se destinarán a este período da Política Agraria Común; parece ser que a **Comisión Europea presentará** unha proposta de orzamentos para o período 2028-2034, que traerá consigo mudanzas moi significativas e negativas respecto aos montantes económicos de anteriores exercicios

Asinado o día 17/07/2025 ás 13:31
Por Secundino Fernández
Fernández

Unha das propostas lanzadas pola UE e da que se fixeron eco os medios de comunicación é a de recortar en 21,7% os fondos destinados á **Política Agraria Común** (PAC) para destinalos a defensa. Parece ser que a presidenta da comisión europea Ursula





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

von der Leyen prefere as armas cos alimentos, prefere tanques a labregas e labregos. Si xa a PAC nos últimos anos foi negativa para o noso País, imaxinémonos o que significará un recorte brutal deste calibre.

Este recorte proposto afectará fundamentalmente ao segundo pilar da PAC, os fondos Feader que financian en colaboración cos estados e a Xunta de Galiza partidas tan importantes como as axudas agroambientais, os fondos para mellora e incorporación de mozas e mozos, o desenvolvemento rural...

Esta redución do orzamento comunitario para o sector agrario significaría unha baixa de mais de 84.000 millóns de € para o sector o que sin dúbida traería consigo unhas graves consecuencias para o agro e no que o noso país, Galiza se vería gravemente afectado. O grave deste recorte é que estes fondos non van para políticas sociais ou servizos públicos van para armamento e gasto militar

Parece que a esta UE gobernada pola dereita europea da que forma parte o Partido Popular non lle importa a produción de alimentos nin a soberanía alimentar. Prefiren as armas, as bombas que a produción agraria de calidade e o desenvolvemento do nos medio rural

Ursula von der Leyen como o resto do seu Executivo apostan por pór en marcha unha estratexia de rearmar Unión Europea para o cal pretenden destinar a enorme cantidade de 800.000 millóns de euros

Mentres estas novas están saíndo a Xunta do PP, de Rueda non fixo nin a mínima declaración de rexeitamento ante esta nova tan grave e que vai afectar ao noso agro e ao noso medio rural dun xeito tan intenso. Parece que están dispostos a vender unha vez mais o noso rural

Para o BNG esta proposta é totalmente inaceptábel, demandamos que se retire e se teña en conta como punto de partida a resolución aprobada no parlamento europeo a favor





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

dun incremento de fondos para a PAC. Dende o BNG demandamos que este incremento de fondos traia consigo unha distribución que teña en conta fundamentalmente as pequenas explotación familiares, a permanencia no territorio, a loita contra o despoboamento, a remuda xeracional e por suposto unha mellora e ampliación dos servizos públicos e un desenvolvemento rural produtivo e respectuoso co medio ambiente

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Rexeitar de forma clara e rotunda a proposta da presidenta de comisión europea de recortar un 21,7 % os fondos destinados a política agraria común para o período 2028-2032
2. Esixir para o novo período da PAC 28-32 unha mellora no financiamento para Galiza.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 17/07/2025 13:31:53

Iria Taibo Corsanego na data 17/07/2025 13:31:59

Sonia Vidal Lamas na data 17/07/2025 13:32:06

Ariadna Fernández González na data 17/07/2025 13:32:33

Luis Bará Torres na data 17/07/2025 13:32:40



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 13:35:56
Nº Rexistro: 28995
Data envío: 17/07/2025 13:35:56,944

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/07/2025 13:35:57

CSV: BOPGDSPG-IEZoeHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Brais Ruanova Vilas-Boas** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre o saneamento nas parroquias do rural do Concello de Oia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Oia é un concello de amplo carácter litoral, mais tamén cunha importante implantación de poboación nas parroquias do rural, cuestión pola cal a veciñanza do concello leva demandando unha atención especializada no que ten haber coa prestación de diferentes servizos.

No ano 2020 a consellaría de infraestruturas e mobilidade anunciou un proxecto piloto no concello de Oia para desenvolver un novo modelo de saneamento da auga no ámbito rural “máis eficiente, sostíbel e integrado no territorio.” Este proxecto piloto estaría vencellado ao convenio de colaboración de Augas de Galicia coa Universidade da Coruña para desenvolver sistemas de depuración adaptados á realidade de núcleos rurais.

O obxectivo da proposta anunciada en 2020 era encontrar a mellor solución para dotar de saneamento os núcleos da zona interior do concello de Oia.

Este é o caso das parroquias de Loureza e Burgueira, nas que a veciñanza non ten ningún sistema público de depuración nin existe ningunha alternativa para o baleirado das foxas sépticas pola falta de planificación e de solucións por parte do concello e da Xunta.

Así e todo no ano 2021 o Concello de Oia recibiu unha subvención da Consellería con competencias en materia de medio ambiente para o saneamento nos camiños de

Asinado o día 17/07/2025 ás
13:53
Por Luis Bará Torres

Asinado o día 17/07/2025 ás
13:53
Por Brais Ruanova Vilas-Boas





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Aguieira e Sobral por valor de 50.000 €, mais non presentou ningunha alternativa para o saneamento nos núcleos máis rurais.

No 2023 a conselleira de infraestructuras e mobilidade naquel momento, a señora Ethel Vázquez, anunciaba a través dos medios que se ía a executar o proxecto dunha nova depuradora en substitución dos sistemas compactos dos que se derivan grande parte das problemáticas nomeadas.

E para pechar o ciclo de anuncios, o pasado novembro de 2024 a actual conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, volveu incidir na “colaboración” da Xunta para avaliar e facer unha diagnose da situación do saneamento nas zonas do interior do Concello.

O que queda claro é que, alén dos anuncios feitos polo Partido Popular dende os gobernos local e galego, non hai nada material que dote dunha vez por todas ao rural do concello de Oia de alternativas de saneamento para a veciñanza.

Na última década varios concellos galegos apostaron por infraestructuras verdes e solucións de proximidade para resolver a necesidade de saneamento en núcleos rurais de pequena poboación ou afastados das redes de saneamento e de estacións depuradoras.

As chamadas depuradoras ecolóxicas, dotadas con humidais artificiais, semellan unha alternativa viábel, experimentada con éxito en pequenos núcleos rurais en concellos como San Sadurniño, Moeche, Cedeira ou Cerdedo-Cotobade.

Mentres que estes concellos promoveron esta solución, non hai noticias sobre o proxecto piloto anunciado pola Xunta fai máis de cinco anos para resolver a carencia de saneamento nas parroquias do interior do concello de Oia onde, nalgúns barrios como o de Mavia, son continuas as filtracións e verteduras causando unha contaminación fluvial que é intolerábel para a veciñanza e que acusa o total abandono ao que están sometidos e sometidas as veciñas polo concello.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno Galego a:

1. Informar ao Parlamento e á veciñanza dos resultados do estudo contratado en 2020 para analizar as alternativas para mellorar a depuración da franxa litoral do concello de Oia.

2. Aplicar os resultados do citado estudo e levar a cabo os proxectos de depuradoras ecolóxicas nos núcleos rurais do concello de Oia, en coordinación co concello e coa veciñanza e en colaboración coa Confederación Hidrográfica Miño-Sil, que cumpran determinadas características de poboación, distancia a redes de saneamento e complexidade de dotación de redes centralizadas como son os casos das parroquias de Loureza e Burgueira.

3. Vixiar as posíbeis verteduras e filtracións de augas sen depurar aos cursos fluviais do concello de Oia e instar á administración local a tomar as accións necesarias para corrixir este feito e, se procede, prestar a colaboración necesaria dende o Goberno Galego para dito fin.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 17/07/2025 13:53:24

Luis Bará Torres na data 17/07/2025 13:53:30



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 13:54:21
Nº Rexistro: 29018
Data envío: 17/07/2025 13:54:21.027

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/07/2025 13:54:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 13:54:21
Nº Rexistro: 29018
Data envío: 17/07/2025 13:54:21.027

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 18/07/2025
09:38
Por Montserrat Valcárcel

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados e deputada **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Ramón Fernández Alfonso** e **Montserrat Valcárcel Armesto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 3ª**, sobre a resolución de procedementos de selección e provisión de postos de traballo e a toma de posesión de destinos de persoal de corpos e escalas de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galiza.

Asinado o día 18/07/2025 ás
09:38
Por Ramón Fernández Alfonso

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei da Función Pública de Galiza, en consonancia coa normativa estatal -de carácter básico-, establece que o concurso é o sistema ordinario de provisión de postos de traballo na administración pública galega; podendo convocarse concursos específicos para a provisión de xefaturas de servizo ou postos de nivel equivalente, agás que polas súas características específicas na relación de postos de traballo prevese a súa cobertura polo sistema de libre designación.

Xa que logo é mediante concurso como as traballadoras da administración pública poden desenvolver a súa carreira profesional e acadar postos de traballo de maior nivel e/ou responsabilidade, así como optar a destinos nas cidades e vilas que por cuestións persoais podan preferir.

A realidade é que nas escalas de enxeñería, enxeñería técnica, arquitectura, arquitectura técnica e ciencias, que forman parte dos corpos e escalas da Administración especial, a Xunta de Galiza unicamente convocou en máis de 30 anos catro concursos

Asinado o día 18/07/2025 ás
09:38
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

ordinarios de traslados: no ano 1999, en 2004, resolto en outubro de 2005, en decembro de 2012, resolto en decembro de 2013, e en febreiro de 2024, resolto en xullo de 2025.

O exposto implica que unha traballadora que adquirise a condición de funcionaria p.e. como arquitecta técnica no proceso selectivo convocado no 2005 non tivo a oportunidade de participar en concurso algún ate entrado o ano 2024, isto é, case dúas décadas sen opción á carreira profesional ou ao reagrupamento familiar.

Isto evidencia a excepcionalidade da convocatoria dos sistemas ordinarios de provisión de postos de traballo. Camiño necesario para a promoción profesional e a mobilidade no destino e que garante que se cumpran os principios constitucionais e legais de igualdade, mérito, capacidade e publicidade no acceso á función pública e aos postos de traballo da Administración vacantes ben por xubilación do persoal ou por seren de nova creación. É tamén a garantía de que a cidadanía galega poida contar cunha Administración profesional, independente e eficiente.

Non consta que a Xunta de Galiza nin nos escasos concursos convocados, nin nos procesos selectivos celebrados incluíse a totalidade das prazas vacantes, existindo un número relevante de postos de traballo que malia estar ocupados por interinas ou persoal con nomeamento provisorio – de calquera índole- non son ofertadas en procedementos de libre concorrência, incrementando a discrecionalidade, ás veces arbitrariedade e, en todo caso, precariedade, na función pública galega.

Asemade, a Xunta de Galiza, dende hai anos, ven adxudicando ás persoas que superan os procesos selectivos correspondentes a escalas especiais como as indicadas supra, postos de traballo en situación de destino provisional.

En xuño de 2024 o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza ditou unha sentenza que declarou nulo que o destino adxudicado a unha funcionaria de novo ingreso tivera a





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

condición de provisional, procedendo á adxudicación definitiva do mesmo posto que lle fora adxudicado de forma provisional. A Xunta non recorreu esta sentenza.

Malia ser coñecedora desta sentenza, en decembro de 2024 a Xunta de Galiza continuou adxudicando aos aspirantes que superaron os últimos procesos selectivos dos corpos e escalas de Administración especial postos en destino provisional. A inmensa maioría son os mesmos postos que foran ofertados no concurso de traslados convocado a principios de 2024 e que a día de hoxe xa están adxudicados aos funcionarios que obtiveron maior puntuación no concurso segundo o baremo legalmente establecido, que inclúe, entre outros a antigüidade. Non obstante, aínda que non se estableceu a data para a súa toma de posesión.

Esta situación esta a provocar unha tremenda incerteza e inseguridade xurídica, tanto nas traballadoras que superaron os procesos selectivos e están en destino provisional, como nas participantes no concurso de traslados. Asemade esta situación de falla de claridade deu lugar á interposición de numerosos procedementos contencioso-administrativos, nalgún dos que, solicitadas medidas cautelares, a Xunta de Galiza procedeu á retirada de varias prazas das ofertadas no concurso de traslados convocado, incrementándose a sensación de caos e mala xestión do persoal da administración pública de Galiza.

Así pois a negligencia da Xunta de Galiza na convocatoria e resolución regular de concursos de traslados que durante lustros impediu a promoción e mobilidade profesional de numerosas traballadoras da administración autonómica, e a posibilidade de acceso a postos de traballo de maior nivel, ben por ser de nova creación ou por ir quedando vacantes como consecuencia de xubilacións; a convocatoria e resolución de numerosos procesos selectivos sen concurso previo, e a adxudicación e toma de posesións como destinos provisionais de postos de traballo a persoal de recente ingreso está a provocar un extraordinario desconcerto nas traballadoras atinxidas, moitas das cales poden ver





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

frustradas as súas lexítimas expectativas e non obter a praza solicitada e xa adxudicada no concurso malia reunir maiores méritos que a funcionaria que a ocupa de forma provisional e que a pode obter de forma definitiva por vía xudicial.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 3ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a que, con carácter inmediato, proceda a emprazar para a toma de posesión dos postos de traballo adxudicados mediante Resolución do 9 de xullo de 2025, da Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal, pola que se resolve o concurso ordinario para a provisión de postos de traballo vacantes de corpos e escalas de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galiza, escalas de enxeñaría, enxeñaría técnica, arquitectura, arquitectura técnica e ciencias ; así como a adoptar as medidas necesarias para que as adxudicatarias sexan as persoas que contan coa maior cualificación e méritos para ocupar os destinos convocados.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/07/2025 9:38:16

Ramón Fernández Alfonso na data 18/07/2025 9:38:23

Montserrat Valcárcel Armesto na data 18/07/2025 9:38:30

Rosana Pérez Fernández na data 18/07/2025 9:38:45



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2025 09:42:13
Nº Rexistro: 29070
Data envío: 18/07/2025 09:42:13.883

CSV: BOPGDSPG-IEZoeHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/07/2025 9:42:14



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2025 09:42:13
Nº Rexistro: 29070
Data envío: 18/07/2025 09:42:13.883

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/07/2025 13:28:53
Nº Rexistro: 29269
Data envío: 21/07/2025 13:28:53,404

Asinado o día 21/07/2025 ás 13:27
Por Paulo Ríos Santo

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados e deputada **Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez e Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre a anulación da prórroga da concesión da AP9.

Asinado o día 21/07/2025 ás 13:27
Por Alexandra Fernández Gómez

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 17 de xullo a Comisión Europea comunicou ao goberno español o resultado do procedemento de infracción aberto en 2021 en relación coa ampliación da concesión da autoestrada AP9 (logo dun procedemento similar iniciado en 2019 a instancia da asociación En Colectivo. A Comisión considera ilegal a prórroga aprobada polo goberno do PP en 2020, que supuxo unha ampliación da concesión desde o 18 de agosto de 2023 ao 18 de agosto de 2048.

Previamente o goberno comunitario enviara ao goberno español dúas cartas de emprazamento nas que pedía explicacións sobre o procedemento seguido no outorgamento da prórroga, sen concurso público, o que na práctica equivale a unha nova concesión e vulnera a normativa comunitaria.

No ditame motivado enviado ao goberno español, a Comisión insta ao goberno español a respectar as normas sobre contratos de concesión de autoestradas, isto é, a facelo mediante concurso público. O executivo comunitario concede ao goberno un prazo de dous meses para responder e adoptar as medidas necesarias. En caso de non facelo, a Comisión podería levar o caso ao Tribunal de Xustiza da UE.

Asinado o día 21/07/2025 ás 13:27
Por Luis Bará Torres





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Esta resolución da Comisión Europea vén constatar o trato de favor do goberno do PP á concesionaria da AP9 mediante unha ampliación ilegal da concesión, por 25 anos, coa conseguinte obriga de pagamento de peaxes abusivas até 2048.

Mais tamén abre a oportunidade de declarar a nulidade da concesión e en consecuencia asumir a xestión directa da mesma, tal e como se fixo con outras autoestradas da mesma época que a AP9, que logo de 50 anos de concesión pasaron a ser gratuitas.

Esta opción, ademais de ser procedente desde o punto de vista legal, suporía un aforro para as arcas públicas xa que diversos estudos -entre eles un encargado polo BNG á UdC- estiman que o custo da anulación da concesión sería inferior ao que terían as bonificacións aprobadas até o ano 2048.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a solicitar do Goberno español iniciar os trámites para declarar a nulidade da ampliación da concesión da AP9 aprobada no ano 2000, como paso previo á asunción da xestión directa da autoestrada e a gratuidade da mesma.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 21/07/2025 13:27:01

Alexandra Fernández Gómez na data 21/07/2025 13:27:23

Paulo Ríos Santomé na data 21/07/2025 13:27:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/07/2025 13:28:53
Nº Rexistro: 29269
Data envío: 21/07/2025 13:28:53,404

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/07/2025 13:28:53
Nº Rexistro: 29269
Data envío: 21/07/2025 13:28:53,404

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/07/2025 13:28:54

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela, Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/07/2025 09:55:38
Nº Rexistro: 29289
Data envío: 22/07/2025 09:55:38,828

Asinado o día 22/07/2025
09:55
Por Olalla Rodil Ferné

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada e deputado **Secundino Fernández Fernández** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre a falla de atención médica no centro de saúde de Vilariño de Conso.

Asinado o día 22/07/2025 ás
09:55
Por María Montserrat Prado Cores

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vilariño de Conso é un concello situado na comarca de Viana do Bolo no oriente ourensán duns 200 km² de superficie. Conta cunha poboación de 521 habitantes, dos cales o 40 % superan os 65 anos segundo os datos do INE do 2023. Esta poboación está distribuída en 14 núcleos de poboación. Estamos polo tanto diante dun concello cunha densidade de poboación extremadamente baixa, 2,6 habitantes/km² e unha grande dispersión. A renda media de Vilariño de Conso é unha das mais baixas de Galiza, na xente maior baseada fundamentalmente nunhas exiguas pensións que proveñen do réxime agrario

Na época de verán, a poboación vese incrementada de xeito importante co regreso de persoas que emigraron e que veñen pasar as súas vacacións ao seu lugar de orixe e tamén coa presenza de numerosos visitantes

Por este incremento de poboación os servizos públicos teñen mais demanda; entre eles os servizos sanitarios

No centro de saúde de Vilariño hai un médico e un enfermeiro para atender a toda a poboación de Vilariño e incluso persoas das parroquias de Vilarmeao, Grixoa e Santa

Asinado o día 22/07/2025 ás 09:54
Por Secundino Fernández
Fernández





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Mariña da Ponte de Viana do Bolo que por razón de proximidade acoden ao centro de saúde de Vilariño.

Estes días no BNG recibimos numerosas de veciñas e veciños mostrando o malestar por non haber persoal médico no centro de saúde e ser derivados cara o centro de saúde de Viana do Bolo.

Ante esta situación no BNG intuímos que o SERGAS ten intención de deixar sen cobertura médica ao Centro de Saúde (CS) de Vilariño de Conso do día 16 ao 31 de xullo; polo cal non haberá consulta ordinaria, tendo que desprazarse para consultas a Viana do Bolo. Parece ser que a consellería de sanidade pretende que neste período os pacientes do concello de Vilariño de Conso se despracen ao centro de saúde de Viana do Bolo

Esta situación incrementará a saturación do centro de saúde de Viana, xa que non dotou de mais persoal; polo que a situación da atención primaria de Viana e Vilariño verase prexudicada notabelmente

Esta diminución de persoal sanitario, agravada neste momento polo incremento de poboación, é moi grave e perigosa. Un grave déficit de atención a unha poboación envellecida dispersa nun territorio de montaña no que as comunicacións son moi complicadas

Dende o BNG mostramos unha vez mais a repulsa por esta actuación da Xunta do PP presidida por Rueda que pon en risco a atención sanitaria das xentes do rural e polo tanto a saúde das veciñas e veciños de Vilariño e Viana.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

- Cubrir de xeito inmediato as prazas de persoal sanitario de maneira que se manteña a atención médica no centro de saúde de Vilariño de Conso
- Facer as previsións necesarias para que no sucesivo o centro de saúde de Vilariño de Conso manteña permanentemente a súa actividade sanitaria e a atención médica.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 22/07/2025 9:54:53

María Montserrat Prado Cores na data 22/07/2025 9:55:07

Olalla Rodil Fernández na data 22/07/2025 9:55:15



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/07/2025 09:55:38
Nº Rexistro: 29289
Data envío: 22/07/2025 09:55:38,828

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/07/2025 9:55:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/07/2025 09:55:38
Nº Rexistro: 29289
Data envío: 22/07/2025 09:55:38,828

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/07/2025 10:48:47
Nº Rexistro: 29336
Data envío: 22/07/2025 10:48:47,836

Asinado o día 22/07/2025 ás 10:37
Por Julio Abalde Alonso

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados **María Elena Espinosa Mangana, Carlos López Font e Julio Ernesto Abalde Alonso**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O IES Antón Alonso Ríos de Tomiño necesita unha reforma e ampliación.

E as diversas promesas arrincan desde fai case catro anos.

O 9 de decembro de 2021 a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, sacou a concurso a redacción do proxecto de ampliación e adecuación de espazos educativos e docentes do IES Antón Alonso Ríos, no que se investirían 1.803.035 euros.

O delegado territorial da Xunta de Galicia en Pontevedra, anunciou ese mesmo día a apertura da fase de contratación deste proxecto, que definirá a mellora dos obradoiros de Formación Profesional e das novas aulas para facer fronte ao incremento de alumnado.

O 8 de setembro de 2022 e a pesar de que a Xunta de Galicia se comprometera a iniciar no ano 2022 as obras de ampliación, anuncian que será finalmente en 2023 cando se inicie a construción dun edificio anexo de case 1.300 m²; que aumentará a superficie docente con 730 metros para dez novas aulas: unha de FP polivalente, dúas de obradoiros de ciclo, dúas aulas de Bacharelato, dúas aulas de apoio educativo e salas dobres, un seminario, un espazo foro e unha maker zone. Tamén se incrementaría a superficie das

Asinado o día 22/07/2025 ás 10:37
Por Carlos López Font

Asinado o día 22/07/2025 ás 10:37
Por Elena Espinosa Mangana

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

95715

28071 Madrid





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/07/2025 10:48:47
Nº Rexistro: 29336
Data envío: 22/07/2025 10:48:47.836

áreas de administración e servizos comúns e zonas de tránsito, que gañarán un 25 % e favorecerán a ventilación e circulación para proporcionar unha maior seguridade sanitaria.

O 29 de novembro de 2023, o secretario xeral técnico da Conselleria de Cultura, Educación e FP e Universidades en sede parlamentaria, di que a ampliación do IES Antón Alonso Ríos vai ser unha das obras máis ambiciosas no ámbito das instalacións educativas e a máis innovadora en eficiencia enerxética e que está previsto licitar a obra no ano 2024 cun orzamento de 4,7 millóns de euros.

Estamos xa no mes de xullo de 2025 e nada se sabe do comezo das obras do IES Antón Alonso Ríos que era nun primeiro momento no 2022, logo pasou a principios do 2023, e logo que a actuación podería estar completada ao longo do curso 2025-2026.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a comezar de forma inminente as obras de ampliación e adecuación dos espazos educativos e docentes do IES Antón Alonso de Tomiño.

Santiago de Compostela, a 22 de xullo do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

95716

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-IEZoeHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 22/07/2025 10:37:35

Carlos López Font na data 22/07/2025 10:37:42

Julio Abalde Alonso na data 22/07/2025 10:37:53

José Ramón Gómez Besteiro na data 22/07/2025 10:38:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/07/2025 10:48:47
Nº Rexistro: 29336
Data envío: 22/07/2025 10:48:47.836

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/07/2025 10:48:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/07/2025 10:48:47
Nº Rexistro: 29336
Data envío: 22/07/2025 10:48:47.836

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/07/2025 12:45:39
Nº Rexistro: 29377
Data envío: 22/07/2025 12:45:39.366

Asinado o día 22/07/2025
12:43
Por Daniel Castro Ga

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Iria Taibo Corsanego**, **Mercedes Queixas Zas** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª**, sobre a carta dos presidentes catalán e vasco en relación coa oficialidade de catalán, éuscaro e galego na Unión Europea.

Asinado o día 22/07/2025 ás
12:42
Por Mercedes Queixas Zas

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En relación co debate que se está a producir sobre a posibilidade de que a lingua galega, xunto co catalán e o éuscaro, se fagan linguas oficiais da Unión Europea, os presidentes vasco e catalán remitiron unha carta aos ministros e ministras de Exteriores dos 27 estados da UE. Nesta carta, demandan que galego, catalán e éuscaro adquiran a categoría de oficiais na Unión Europea.

Segundo recollen varios medios de comunicación, o presidente da Xunta de Galiza rexeitou asinar esta carta, a pesar do que establece o Estatuto de Autonomía de Galiza (Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en tódolos planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento) e a Lei de Normalización Lingüística (*Os poderes públicos de Galicia promoverán o uso normal da lingua galega, oralmente e por escrito, nas súas relacións cos cidadáns; O Goberno Galego e as Corporacións Locais dentro do seu ámbito fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras*).

Asinado o día 22/07/2025 ás
12:42
Por Iria Taibo Corsanego





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A oficialidade do galego na Unión Europea tería importantes consecuencias para o noso idioma, tanto desde o punto de vista dos dereitos lingüísticos da cidadanía como para o seu uso nas diferentes institucións, xa que son moitas as instancias nas que só está permitido usar unha lingua oficial da Unión Europea que tamén sexa oficial do estado correspondente.

Ademais da evidente apertura de posibilidades laborais para todo tipo de profesionais lingüísticos, a hipotética oficialidade da lingua galega implicaría outras vantaxes para moi diversos sectores profesionais e culturais.

O goberno español xa manifestou a súa dispoñibilidade para asumir o custo económico da implantación das tres linguas na Unión Europea, polo que aínda é menos comprensíbel que o presidente da Xunta de Galiza decida rexeitar esa posibilidade, por non falar de que o lóxico sería que a liderase.

A lingua galega atópase nunha grave situación de emerxencia, polo que o goberno galego non ten ningún motivo para rexeitar este recoñecemento oficial, que podería representar un punto de inflexión no que se refire ao prestixio social e ao avance de usos do noso idioma.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 1ª:

“O parlamento insta o Goberno galego a levar a cabo todas as accións que estean na súa man encamiñadas a demandar que a lingua galega sexa declarada oficial na Unión Europea”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 22/07/2025 12:42:48

Mercedes Queixas Zas na data 22/07/2025 12:42:55

Daniel Castro García na data 22/07/2025 12:43:03

Ana Pontón Mondelo na data 22/07/2025 12:43:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/07/2025 12:45:39
Nº Rexistro: 29377
Data envío: 22/07/2025 12:45:39.366

CSV: BOPGDSPG-IEZoeHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/07/2025 12:45:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/07/2025 12:45:39
Nº Rexistro: 29377
Data envío: 22/07/2025 12:45:39.366

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Iria Taibo Corsanego**, **Mercedes Queixas Zas** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre a carta dos presidentes catalán e vasco en relación coa oficialidade de catalán, éuscaro e galego na Unión Europea.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En relación co debate que se está a producir sobre a posibilidade de que a lingua galega, xunto co catalán e o éuscaro, se fagan linguas oficiais da Unión Europea, os presidentes vasco e catalán remitiron unha carta aos ministros e ministras de Exteriores dos 27 estados da UE. Nesta carta, demandan que galego, catalán e éuscaro adquiran a categoría de oficiais na Unión Europea.

Segundo recollen varios medios de comunicación, o presidente da Xunta de Galiza rexeitou asinar esta carta, a pesar do que establece o Estatuto de Autonomía de Galiza (Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en tódolos planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento) e a Lei de Normalización Lingüística (*Os poderes públicos de Galicia promoverán o uso normal da lingua galega, oralmente e por escrito, nas súas relacións cos cidadáns; O Goberno Galego e as Corporacións Locais dentro do seu ámbito fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras*).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A oficialidade do galego na Unión Europea tería importantes consecuencias para o noso idioma, tanto desde o punto de vista dos dereitos lingüísticos da cidadanía como para o seu uso nas diferentes institucións, xa que son moitas as instancias nas que só está permitido usar unha lingua oficial da Unión Europea que tamén sexa oficial do estado correspondente.

Ademais da evidente apertura de posibilidades laborais para todo tipo de profesionais lingüísticos, a hipotética oficialidade da lingua galega implicaría outras vantaxes para moi diversos sectores profesionais e culturais.

O goberno español xa manifestou a súa dispoñibilidade para asumir o custo económico da implantación das tres linguas na Unión Europea, polo que aínda é menos comprensíbel que o presidente da Xunta de Galiza decida rexeitar esa posibilidade, por non falar de que o lóxico sería que a liderase.

A lingua galega atópase nunha grave situación de emerxencia, polo que o goberno galego non ten ningún motivo para rexeitar este recoñecemento oficial, que podería representar un punto de inflexión no que se refire ao prestixio social e ao avance de usos do noso idioma.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O parlamento insta o Goberno galego a levar a cabo todas as accións que estean na súa man encamiñadas a demandar que a lingua galega sexa declarada oficial na Unión Europea”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 22/07/2025 12:42:18

Mercedes Queixas Zas na data 22/07/2025 12:42:26

Daniel Castro García na data 22/07/2025 12:42:34

Ana Pontón Mondelo na data 22/07/2025 12:42:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/07/2025 12:45:59
Nº Rexistro: 29378
Data envío: 22/07/2025 12:45:59.858

CSV: BOPGDSPG-IEZoeHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/07/2025 12:46:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/07/2025 12:45:59
Nº Rexistro: 29378
Data envío: 22/07/2025 12:45:59.858

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados e deputadas **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Secundino Fernández Fernández, Noa Presas Bergantiños e Rosana Pérez Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**, sobre as razóns da non inclusión nos sistemas ordinarios de provisión e/ou selección da praza ocupada con carácter temporal polo ex-conselleiro D. Alfonso Villares.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Por Decreto de 4 de xuño de 2025 -publicado no DOG núm.106 do día 5 de xuño- acordouse o cesamento, a petición propia, do conselleiro do mar, D. Alfonso Villares, por mor da súa implicación nun caso de agresión sexual, polo que de ter a condición de persoal indefinido non fixo ao servizo da administración autonómica disporía dun prazo dun mes para solicitar o reingreso ao servizo activo.

O pasado día 9 de xullo publicouse no DOG a convocatoria de concurso ordinario para a provisión de postos de traballo vacantes do corpo facultativo superior de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galiza, subgrupo A1, escala de veterinarios, na que figuraban 6 postos de traballo de inspector/a veterinario/a de apoio na área de Mondoñedo, o que ven representar a práctica totalidade dos postos de esa denominación, agás dous. Un dos excluídos no procedemento de provisión e ao que por tanto non poden acceder o resto das traballadoras é o MR.C99.20.070.27290.008, no que, curiosamente, reingresou o Sr. Ex-conselleiro.

A non inclusión do posto de traballo nas convocatorias de concurso de traslados, malia estar ocupado por persoal temporal, non só implicaría un inxustificable trato de





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

favor cara un traballador, senón que limita os dereitos doutras moitas traballadoras que por distintas razóns tanto profesionais como persoais poderían lexitimamente aspirar á el.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a provisión polo sistema de concurso de traslados do posto de traballo MR.C99.20.070.27290.008 de inspección veterinaria de apoio, na área de Mondoñedo.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 23/07/2025 10:02:29

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 23/07/2025 10:02:38

Noa Presas Bergantiños na data 23/07/2025 10:02:46

Rosana Pérez Fernández na data 23/07/2025 10:02:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 10:05:52
Nº Rexistro: 29501
Data envío: 23/07/2025 10:05:52.635

CSV: BOPGDSPG-IEZoeHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/07/2025 10:05:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 10:05:52
Nº Rexistro: 29501
Data envío: 23/07/2025 10:05:52.635

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 10:19:39
Nº Rexistro: 29506
Data envío: 23/07/2025 10:19:39.960

Asinado o día 23/07/2025 ás 10:14
Por Silvia Longueira Castro

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **María Elena Espinosa Mangana, Carlos López Font e Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Actualmente estamos ante unha crise sen precedentes na Atención Primaria. A súa capilaridade e presenza en toda a cidade de Vigo, converte á Primaria na rede máis habitual e de maior contacto coa persoa usuaria. Tamén aquela que máis problemas de saúde resolve. A Atención Primaria, non en tanto, sufriu unha gran minusvaloración, sendo considerada por parte do goberno de Galicia un elemento menor do sistema.

O fabuloso traballo dos/as profesionais sanitarios e o seu desmedido esforzo, que durante a pandemia foi unha táboa de salvación para a cidadanía, non está sendo valorado e comprendido pola Xunta de Galicia.

A situación da Atención Primaria en Galicia está a mostrarse como unha fonte de preocupación da cidadanía ao comprobar como un elemento fundamental do noso sistema de benestar, como é o sistema sanitario público, está a evidenciar debilidades provocadas por unha xestión errática e de desatención da Xunta de Galicia.

E Vigo parece que se converte de novo no punto de ensaio dos experimentos da Xunta de Galicia en materia de Sanidade. Non chegou co modelo do Álvaro Cunqueiro, que non volveron repetir en ningún outro lugar de Galicia, senón

Asinado o día 23/07/2025 ás 10:14
Por Carlos López Font

Asinado o día 23/07/2025 ás 10:14
Por Elena Espinosa Mangana

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

95731

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-IEZoeHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 10:19:39
Nº Rexistro: 29506
Data envío: 23/07/2025 10:19:39.960

que pronto abrirá o Olimpia Valencia que introducirá un novo modelo de atención pediátrica coa concentración das consultas de catro centros de saúde.

Un novo centro que nace sen ningunha previsión de contratar a novo persoal para reforzar a atención primaria senón que está pensado para aliviar a carga doutros centros de saúde da contorna. Abrir este centro de saúde significa pechar o centro de saúde de López Moura, algo que se saíu á luz hai tempo, pero tamén pechar o centro de saúde do Nicolás Peña, situación que se coñeceu a mediados deste ano e ademais pretenden concentrar a atención pediátrica de varios centros de saúde.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Modificar o Plan funcional do Sergas para que siga mantendo a actividade sanitaria no Centro de Saúde Nicolás Peña, a pesar de que se abra o novo centro de saúde Olimpia Valencia.
2. Dotar de persoal o novo centro Olimpia Valencia e que non se nutra de profesionais provenientes doutros centros de saúde.
3. Incorporar o servizo de radioloxía no novo centro Olimpia Valencia.

Santiago de Compostela, a 22 de xullo do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

95732

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 23/07/2025 10:14:08

Carlos López Font na data 23/07/2025 10:14:16

Silvia Longueira Castro na data 23/07/2025 10:14:23

José Ramón Gómez Besteiro na data 23/07/2025 10:14:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 10:19:39
Nº Rexistro: 29506
Data envío: 23/07/2025 10:19:39.960

CSV: BOPGDSPG-IEZoeHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/07/2025 10:19:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 10:19:39
Nº Rexistro: 29506
Data envío: 23/07/2025 10:19:39.960

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 10:26:36
Nº Rexistro: 29511
Data envío: 23/07/2025 10:26:36.665

Asinado o día 23/07/2025 ás 10:23
Por Silvia Longueira Castro

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **María Elena Espinosa Mangana, Carlos López Font e Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Actualmente estamos ante unha crise sen precedentes na Atención Primaria. A súa capilaridade e presenza en toda a cidade de Vigo, converte á Primaria na rede máis habitual e de maior contacto coa persoa usuaria. Tamén aquela que máis problemas de saúde resolve. A Atención Primaria, non en tanto, sufriu unha gran minusvaloración, sendo considerada por parte do goberno de Galicia un elemento menor do sistema.

O fabuloso traballo dos/as profesionais sanitarios e o seu desmedido esforzo, que durante a pandemia foi unha táboa de salvación para a cidadanía, non está sendo valorado e comprendido pola Xunta de Galicia.

A situación da Atención Primaria en Galicia está a mostrarse como unha fonte de preocupación da cidadanía ao comprobar como un elemento fundamental do noso sistema de benestar, como é o sistema sanitario público, está a evidenciar debilidades provocadas por unha xestión errática e de desatención da Xunta de Galicia.

E Vigo parece que se converte de novo no punto de ensaio dos experimentos da Xunta de Galicia en materia de Sanidade. Non chegou co modelo do Álvaro Cunqueiro, que non volveron repetir en ningún outro lugar de Galicia, senón

Asinado o día 23/07/2025 ás 10:23
Por Carlos López Font

Asinado o día 23/07/2025 ás 10:23
Por Elena Espinosa Mangana

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

95735

28071 Madrid





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 10:26:36
Nº Rexistro: 29511
Data envío: 23/07/2025 10:26:36.665

que pronto abrirá o Olimpia Valencia que introducirá un novo modelo de atención pediátrica coa concentración das consultas de catro centros de salud.

Todo parece indicar que en novo Olimpia Valencia, concentraranse os pediatras que viñan traballando nos centros de saúde de López Mora, Nicolás Peña, Pintor Colmeiro e Coia.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Modificar o Plan funcional do Sergas para que siga mantendo a actividade sanitaria no centro de saúde Nicolás Peña, a pesar de que se abra o novo centro de saúde Olimpia Valencia.
2. Continuar coa atención pediátrica nos centros de saúde de Coia, Pintor Colmeiro e Nicolás Peña.

Santiago de Compostela, a 22 de xullo do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

95736

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-IEZoeHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 23/07/2025 10:23:30

Carlos López Font na data 23/07/2025 10:23:36

Silvia Longueira Castro na data 23/07/2025 10:23:43

José Ramón Gómez Besteiro na data 23/07/2025 10:23:51



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 10:26:36
Nº Rexistro: 29511
Data envío: 23/07/2025 10:26:36.665

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/07/2025 10:26:37



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 10:26:36
Nº Rexistro: 29511
Data envío: 23/07/2025 10:26:36.665

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Cristina Fernández Davila** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre a falta dunha Matrona no Centro de Saúde de Ponteareas para atender a poboación feminina na Comarca do Condado-Paradanta.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O centro de saúde de Ponteareas, á vez que da servizo sanitario a toda a poboación da Vila, tamén acolle o PAC (Punto de Atención Continuada) para unha boa parte dos concellos da comarca do Condado, así como atención pediátrica para aqueles que non dispoñen na actualidade de especialista ou o servizo de Matrona.

Este último, o servizo básico sanitario de Matrona, está tamén sufrindo unha importante mingua na capacidade de atención á poboación feminina, debido á ter unha das prazas vacantes e sen cubrir por unha especialista.

As funcións da Matrona son moitas e moi variadas:

- Control do embarazo.
- Atención no posparto
- Asesoramento sobre saúde sexual e reprodutiva
- Cribado de infeccións de transmisión sexual (ITS)
- Educación para a saúde
- Obradoiros de preparación ao parto, lactación, coidado do bebé, etc.
- Prevención do cancro xinecolóxico.
- Realización de citoloxías.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

- Acompañamento emocional no embarazo, posparto ou ante outros problemas de saúde feminina.

- Detección de violencia de xénero ou situacións de vulnerabilidade.

Como se pode ver, é un tipo de servizo sanitario que require unha gran especialización e formación, e que en moitas ocasións é preciso unha atención inmediata ás mulleres que o demandan na consulta, por situacións ou dúbidas sobrevidas. Polo tanto as súas citas deben ser áxiles e próximas e, no seu horario habitual, deberan ter ocos para cuestións que requiren inmediatez, aínda que non teñan o carácter de urxente.

Polo tanto é preciso cubrir a vacante do Centro de Saúde de Pontearreas para poder dar a atención que precisan todas as mulleres da Vila e doutros Concellos que teñen este servizo de referencia en Pontearreas. Na actualidade non están obtendo cita para as revisións ou consultas que precisan de xeito programado para a prevención de calquera problema para o futuro bebé ou a saúde das mulleres no embarazo, parto, posparto ou por enfermidades de transmisión sexual ou cancro xinecolóxico. Unha falta de atención ou diagnóstico a tempo pode ter consecuencias nefastas para a súa vida.

A Plataforma en Defensa da Sanidade Pública do Condado-Paradanta está a alertar deste baleiro asistencial para un importante número de mulleres nun momento moi vulnerable da súa vida. Esta poboación de Pontearreas e comarca, ao non conseguir as citas nun prazo razoable, deben trasladarse ao Hospital de referencia. Tendo en conta os problemas de transporte público que existen no rural, pon en entredito os dereitos sanitarios que temos todas as persoas, sen discriminación polo lugar onde se reside.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

“O Parlamento insta o goberno da Xunta de Galicia a través do Sergas a dotar ao centro de saúde de Ponteareas do persoal de enfermaría especializada-Matrona necesario, así como para substituír as súas baixas laborais, vacacións e permisos e así prestar unha atención sanitaria de boa calidade á poboación feminina da Vila e da Comarca.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 24/07/2025 9:21:39

María Montserrat Prado Cores na data 24/07/2025 9:21:47

Olalla Rodil Fernández na data 24/07/2025 9:21:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29536
Data envío: 24/07/2025 09:22:54.042

CSV: BOPGDSPG-IEZoeHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/07/2025 9:22:57



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29536
Data envío: 24/07/2025 09:22:54.042

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 24/07/2025
10:20
Por Noa Presas Bergantiños

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados e deputada **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Oscar Insua Lema e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**, sobre o incremento do cadro de persoal e a cobertura das baixas nos xulgados de Ourense.

Asinado o día 24/07/2025 ás
10:20
Por Oscar Insua Lema

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O libro do cadro de persoal ao servizo da administración de xustiza publicado polo Consello Xeral do Poder Xudicial recolle que, por exemplo, o Xulgado de Instrución núm. 2 de Ourense conta cos dúas traballadoras do corpo de xestión procesual, catro do de tramitación e 1 de auxilio xudicial. Cadro de persoal moito máis reducido ao que contan outros órganos análogos de partidos xudiciais da Comunidade Valenciana, de Castela A Mancha, Andalucía ou da propia Galiza.

Así, xulgados de instrución de Toledo, Alicante, Xaén ou A Coruña contan con máis persoal do corpo de xestión ou auxilio, ou de ambos que os xulgados de Ourense; aínda que o módulo que serven de referencia para medir a carga de traballo é o mesmo para todas as unidades xudiciais do Estado.

Porén esta diferenza de partida vese agravada pola falla de dilixencia da Xunta de Galiza na cobertura das baixas que se producen no xa reducido cadro de persoal do xulgados. Así, organizacións sindicais veñen de denunciar que o cadro de persoal do referido Xulgado de Instrución núm.2 de Ourense atópase “baixo mínimos”. Dende o 16 de xuño -hai máis dun mes- os efectivos dun dos corpos de funcionarias está á metade, situación que se verá agravada polo traslado doutra das súas traballadoras. Esta situación

Asinado o día 24/07/2025 ás
10:19
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

impide que actualmente sexa incompatible atender o servizo de garda que ten conferido co despacho ordinario dos asuntos do xulgado. Cumpre lembrar que os xulgados de instrución de Ourense deben atender o servizo de garda unha semana cada tres, polo que de non corrixirse esta situación de xeito inmediato a tramitación ordinaria dos procedementos sufrirá unha importante demora con evidente prexuízo na instrución e investigación das causas que se seguen nesta unidade e que mesmo pode implicar a impunidade de feitos delitivos ou unha rebaixa substancial da pena correspondente.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza ao incremento do cadro de persoal dos corpos de xestión, tramitación e auxilio das unidades xudiciais do partido xudicial de Ourense; así como a cobertura inmediata das baixas ou vacantes que se produzan por calquera causa.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 24/07/2025 10:19:55

Óscar Insua Lema na data 24/07/2025 10:20:06

Noa Presas Bergantiños na data 24/07/2025 10:20:13

Ana Pontón Mondelo na data 24/07/2025 10:20:22



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2025 10:21:16
Nº Rexistro: 29540
Data envío: 24/07/2025 10:21:16.193

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/07/2025 10:21:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2025 10:21:16
Nº Rexistro: 29540
Data envío: 24/07/2025 10:21:16.193

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2025 13:01:15
Nº Rexistro: 29550
Data envío: 24/07/2025 13:01:15.195

Asinado o día 24/07/2025 ás 12:53
Por Iria Taibo Corsan

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Cristina Fernández Davila, Rosana Pérez Fernández, Iria Taibo Corsanego, Olalla Rodil Fernández** e dos deputados **Luis Bará Torres e Oscar Insua Lema**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a decisión da Consellaría de Educación, Ciencia, Universidades e FP de pechar sete centros educativos na Galiza.

Asinado o día 24/07/2025 ás 12:53
Por Rosana Pérez Fernández

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado día 23 de xullo a Consellería de Educación anunciou aos medios de comunicación o peche de sete centros educativos por falta de alumnado, ao non acadar a súa matrícula o mínimo de 5 alumnos que ten estipulado.

Segundo informan, deixarán de funcionar os centros de Educación Infantil da Lagoa en Arteixo, o de Muros, o de Queiruga en Porto do Son e o de Romariz en Soutomaior, así como os colexios de Seráns en Porto do Son, de Castromil en Vimianzo e o de Negueira de Muñiz.

Nas últimas décadas o peche de centros escolares no rural galego están sendo unha sangría que deixa ser servizos básicos estas poboacións, facendo que a mocidade decida novamente migrar ás cidades deixando o interior do País nun claro abandono.

As políticas que está a desenvolver o Goberno do PP na Xunta de Galiza nada teñen que ver coa súa propaganda de apoio ao rural, nin teñen como obxectivo o asentamento poboacional do interior galego, senón non se explica as medidas que toma ano tras ano co peche de centros educativos, reducindo os servizos de Atención Primaria

Asinado o día 24/07/2025 ás 12:53
Por Cristina Fernández Davila





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

ou pechando incluso os centros de saúde, eliminando paradas ou liñas de autobús e mingando as súas frecuencias, entre outras.

Este ano, como nos anteriores, o Goberno do PP xustifica os peches na necesidade de adaptar o mapa escolar á evolución demográfica para o vindeiro curso escolar, advertindo que hai outras tres en serio perigo de peche, pero xa se ten demostrado en numerosas ocasións que as escolas rurais teñen unha matrícula irregular e se este curso apenas manteñen 5 alumnos/as, os vindeiros cursos ben poden acadar os 10 ou 12. Pechando as escolas non se da a posibilidade de recuperación do alumnado nin o asentamento de novas familias interesadas en vivir nos concellos máis pequenos.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a demandar da Consellería Educación, Ciencia, Universidades e FP que:

1.- Tendo en conta a posible futura recuperación de matrícula nos centros escolares dos concellos máis pequenos do rural e costeiros, non se usen criterios numéricos para tomar a decisión do seu peche e si valoren a evolución poboacional do concello, a distancia que hai ao centro escolar máis próximo, así como o impulso da administración autonómica de políticas que animen ao asentamento de novas familias nas zonas máis despoboadas na Galiza.

2.- Paralicen a decisión de peche das escolas públicas anunciadas aos medios de comunicación antes de proceder á publicación no DOG do mapa educativo para o vindeiro curso escolar.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3.- Convoquen ás comunidades educativas e aos concellos para, entre todos os afectados (admón. Autonómica e local, centros educativos, asociacións de pais e nais...), tomar as medidas necesarias para incentivar o asentamento poboacional nas zonas do interior galego, así como as da costa con menor veciñanza.

4.- Deseñen unha campaña publicitaria para poñer en valor as unitarias e escolas públicas para poder seguir mantendo as máis cativas/os matriculadas no seu entorno familiar”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 24/07/2025 12:53:20

Rosana Pérez Fernández na data 24/07/2025 12:53:31

Iria Taibo Corsanego na data 24/07/2025 12:53:38

Olalla Rodil Fernández na data 24/07/2025 12:53:48

Luis Bará Torres na data 24/07/2025 12:53:56

Óscar Insua Lema na data 24/07/2025 12:54:05



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/07/2025 13:01:15



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2025 13:01:15
Nº Rexistro: 29550
Data envío: 24/07/2025 13:01:15.195

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2025 13:10:41
Nº Rexistro: 29557
Data envío: 24/07/2025 13:10:41.096

Asinado o día 24/07/2025 ás 13:07
Por Silvia Longueira (

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **María Elena Espinosa Mangana, Carlos López Font e Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Actualmente estamos ante unha crise sen precedentes na Atención Primaria. A súa capilaridade e presenza en toda a cidade de Vigo, converte á Primaria na rede máis habitual e de maior contacto coa persoa usuaria. Tamén aquela que máis problemas de saúde resolve. A Atención Primaria, non en tanto, sufriu unha gran minusvaloración, sendo considerada por parte do Goberno de Galicia un elemento menor do sistema.

O fabuloso traballo dos/as profesionais sanitarios e o seu desmedido esforzo, que durante a pandemia foi unha táboa de salvación para a cidadanía, non está sendo valorado e comprendido pola Xunta de Galicia.

A situación da Atención Primaria en Galicia está a mostrarse como unha fonte de preocupación da cidadanía ao comprobar como un elemento fundamental do noso sistema de benestar, como é o sistema sanitario público, está a evidenciar debilidades provocadas por unha xestión errática e de desatención da Xunta de Galicia.

E Vigo parece que se converte de novo no punto de ensaio dos experimentos da Xunta de Galicia en materia de Sanidade. Non chegou co modelo do Álvaro Cunqueiro, que non volveron repetir en ningún outro lugar de Galicia, senón

Asinado o día 24/07/2025 ás 13:07
Por Carlos López Font

Asinado o día 24/07/2025 ás 13:06
Por Elena Espinosa Mangana

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

95753

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-IEZoeHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



que pronto abrirá o Olimpia Valencia que introducirá un novo modelo de atención pediátrica coa concentración das consultas de catro centros de saúde.

Un novo centro que nace sen ningunha previsión de contratar a novo persoal para reforzar a atención primaria senón que está pensado para aliviar a carga doutros centros de saúde da contorna. Abrir este centro de saúde significa pechar o centro de saúde de López Moura, algo que se saíu á luz hai tempo, pero tamén pechar o centro de saúde do Nicolás Peña, situación que se coñeceu a mediados deste ano.

E todo parece indicar que en novo Olimpia Valencia, concentraranse os pediatras que viñan traballando nos centros de saúde de Lopez Mora, Nicolás Peña, Pintor Colmeiro e Coia.

É necesario reverter esta situación, e para iso son necesarios medios materiais, non demasiados, pero sobre todo recursos humanos.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Dispor de dotación económica suficiente para manter a actividade sanitaria no centro de saúde Nicolás Peña, e non ser trasladado o centro de saúde Olimpia Valencia cando abra.
2. Dispor de dotación económica para que o novo centro Olimpia Valencia conte con profesionais propios e que non se nutra de profesionais provenientes doutros centros de saúde.





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2025 13:10:41
Nº Rexistro: 29557
Data envío: 24/07/2025 13:10:41.096

3. Dispor de dotación económica para incorporar o servizo de radioloxía o novo centro Olimpia Valencia.

Santiago de Compostela, a 24 de xullo do 2025

CSV: BOPGDSPG-IEZoeHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

95755

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 24/07/2025 13:06:56

Carlos López Font na data 24/07/2025 13:07:38

Silvia Longueira Castro na data 24/07/2025 13:07:45

José Ramón Gómez Besteiro na data 24/07/2025 13:07:52



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2025 13:10:41
Nº Rexistro: 29557
Data envío: 24/07/2025 13:10:41.096

CSV: BOPGDSPG-IEZoeHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/07/2025 13:10:41



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2025 13:10:41
Nº Rexistro: 29557
Data envío: 24/07/2025 13:10:41.096

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2025 13:23:02
Nº Rexistro: 29560
Data envío: 24/07/2025 13:23:02.178

Asinado o día 24/07/2025 ás 13:20
Por Silvia Longueira Castro

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Este grupo parlamentario leva alertando dende o inicio da actual lexislatura da situación límite na que se atopa a área sanitaria de Ourense, Verín e Valdeorras, e especialmente o estado do Hospital Materno Infantil de Ourense.

A gravidade da situación non é nova. O 30 de decembro de 2023, nunha zona de traballo do paritorio onde había pacientes, produciuse un derrubamento do teito, sen que houbera que lamentar danos persoais, feito xa denunciado polo Grupo Parlamentario Socialista. Naquel momento, advertiamos das deficiencias na planta de obstetricia, con paredes desconchadas, xanelas deterioradas que filtran frío e calor, áreas de traballo inapropiadas, falta de despachos, baños e vestiarios, e condicións asistenciais claramente insuficientes.

O 22 de marzo de 2025, produciuse un segundo colapso parcial do falso teito na terceira planta do mesmo edificio. Esta segunda incidencia confirmou o que viñamos denunciando: o estado do edificio non garante a seguridade nin das pacientes nin do persoal sanitario.

E por se isto non fose suficiente, o 23 de xullo de 2025, apenas catro meses despois, volveu afundirse parte do falso teito no Hospital Materno Infantil. Estamos, por tanto, diante do terceiro derrubamento nun período de sete

Asinado o día 24/07/2025 ás 13:20
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 24/07/2025 ás 13:20
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

95758

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-IEZoeHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2025 13:23:02
Nº Rexistro: 29560
Data envío: 24/07/2025 13:23:02.178

meses, sen que a Xunta de Galicia e o Sergas tomaran medidas efectivas nin asumiran responsabilidades.

Estes feitos poñen de manifesto unha inxustificable negligencia por parte do Goberno galego, que mantén en funcionamento unhas instalacións visiblemente deterioradas e potencialmente perigosas, mesmo despois de múltiples alertas, advertencias e denuncias públicas. A Consellería de Sanidade non só non ofrece explicacións convincentes, senón que segue sen asumir responsabilidades políticas nin técnicas, nin abrir investigacións rigorosas e públicas sobre o sucedido.

A situación resulta aínda máis grave se temos en conta que estas deficiencias afectan a un centro hospitalario que atende mulleres embarazadas, neonatos e crianzas, é dicir, a poboación máis vulnerable, e que as obras no novo edificio continúan sen avances visibles, prolongando indefinidamente a dependencia dunha infraestrutura obsoleta e perigosa.

Por todo o anterior, consideramos que chegou o momento de que o Goberno galego asuma responsabilidades, presente explicacións en sede parlamentaria, publique os informes técnicos existentes e poña en marcha un plan urxente de inspección, reparación e reubicación asistencial, garantindo a seguridade da cidadanía e do persoal sanitario.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Asumir responsabilidades políticas inmediatas polos reiterados derrubamentos de falsos teitos no Hospital Materno Infantil de Ourense.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

95759

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2025 13:23:02
Nº Rexistro: 29560
Data envío: 24/07/2025 13:23:02.178

2. Publicar de maneira inmediata os informes técnicos existentes sobre o estado estrutural do edificio e as causas dos colapsos, garantindo a transparencia e o dereito á información da cidadanía.
3. Por en marcha un plan de inspección e reparación integral, baixo supervisión técnica independente, para avaliar a seguridade de todas as instalacións do Hospital Materno Infantil e do conxunto do CHUO.
4. Garantir a reubicación temporal da actividade asistencial en zonas seguras, en caso de que persista calquera risco estrutural, ata que se dispoña dunha infraestrutura estable e segura.
5. Presentar en sede parlamentaria, no prazo máximo de 30 días, un cronograma detallado sobre a apertura do novo edificio materno-infantil, así como a planificación da demolición do actual.

Santiago de Compostela, a 24 de xullo do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

95760

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-IEZoeHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 24/07/2025 13:20:08

Elena Espinosa Mangana na data 24/07/2025 13:20:16

Silvia Longueira Castro na data 24/07/2025 13:20:23

José Ramón Gómez Besteiro na data 24/07/2025 13:20:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2025 13:23:02
Nº Rexistro: 29560
Data envío: 24/07/2025 13:23:02.178

CSV: BOPGDSPG-IEZoeHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/07/2025 13:23:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2025 13:23:02
Nº Rexistro: 29560
Data envío: 24/07/2025 13:23:02.178

CSV: BOPGDSPG-IEZoeHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2025 13:25:23
Nº Rexistro: 29564
Data envío: 24/07/2025 13:25:23.349

Asinado o día 24/07/2025 ás 13:24
Por Olalla Rodil Ferné

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Ariadna Fernández González** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre o centro de saúde de Vila de Cruces e o consultorio de Merza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello de Vila de Cruces, encadrado na comarca do Deza-Tabeirós e Terra de Montes, conta con algo máis de 5.000 habitantes, cunha densidade poboacional de case 35 hab/km² e unha superficie de case 155 quilómetros cadrados.

Neste concello a asistencia sanitaria préstase en dúas localizacións diferentes, unha delas na propia vila, onde se sitúa o centro médico de Vila de Cruces e outra en Merza, cun pequeno consultorio, ambas as dúas instalacións con deficiencias que precisan ser corrixidas e melloras necesarias para o bo funcionamento do servizo sanitario.

Tanto no caso dos usuarios e usuarias e dos profesionais que desenvolven alí a súa labor, aclaran que é preciso que se actúe sobre as condicións do centro de saúde de Vila de Cruces, levando a cabo unha reforma que evite as humidades e as goteiras que nos meses de climatoloxía máis adversa afectan a distintas zonas do centro, coma son as salas de agarda dos doentes ou os aseos, por exemplo. A presenza de mofo e zonas do interior e os chans levantados e mollados son frecuentes no centro de saúde debido a esta situación de falla de mantemento das instalacións, dando lugar a unhas condicións de salubridade pouco desexables nun espazo que deba protexer a saúde de quen alí

Asinado o día 24/07/2025 ás 13:24
Por María Montserrat Prado Cores

Asinado o día 24/07/2025 ás 13:24
Por Ariadna Fernández González





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

acode para recibir atención e que se estenden aos muros exteriores, nun mal estado evidente. Así mesmo, a pasarela de entrada ao propio edificio supón un risco para as crianzas ao contar cunha varanda na que as barras deberan estar colocadas doutro xeito para non crear situacións de perigo para os mais pequenos, xa que a altura de dita pasarela de acceso é considerable de producirse unha caída.

Xa no interior do edificio, os propios profesionais demandan un mellor aproveitamento da sala de arquivos, que agora se atopa baleira e que é contigua a sala onde se atenden as urxencias, de moi pequeno tamaño e que causa dificultades á hora de levar a cabo dita atención aos doentes, de xeito que unindo a agora sala baleira con esta se disporía dun maior espazo que se podería usar de xeito mais proveitoso simplemente coa eliminación do tabique que as separa.

No referido ao consultorio situado en Merza, a falla de mantemento é tamén evidente, coa pintura das paredes en moi mal estado e cunha falla de iluminación que non é a adecuada nun edificio adicado a esta fin. Non menos importante é a falla de sinalización exterior do consultorio, que permita localizalo coa maior brevidade posible en caso de precisarse atención urxente.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Levar a cabo as actuacións sobre o mantemento das instalacións dos centros de saúde de Vila de Cruces e Merza coa maior rapidez posible, corrixindo as goteiras antes do próximo inverno e resolvendo as deficiencias causadas polas humidades, a baranda da pasarela de entrada ou os problemas relativos á iluminación, dotando de sinalización exterior ao consultorio de Merza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Dotar dun carro axeitado de parada cardíaca ao centro de saúde de Vila de Cruces.

3. Manter unha reunión co persoal traballador do centro, na que se traten as deficiencias que precisan de ser resoltas a través desta xuntanza cos profesionais que desenvolven alí a súa labor.

4. Humanizar a sala de agarda de pediatría, dotándoa do material necesario e dun cambiador.

5. Levar a cabo reformas na sala de atención de urxencias, aumentando o seu tamaño e iluminación para garantir a correcta atención no caso de precisar o seu uso”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 24/07/2025 13:24:15

María Montserrat Prado Cores na data 24/07/2025 13:24:21

Olalla Rodil Fernández na data 24/07/2025 13:24:30



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2025 13:25:23
Nº Rexistro: 29564
Data envío: 24/07/2025 13:25:23.349

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/07/2025 13:25:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2025 13:25:23
Nº Rexistro: 29564
Data envío: 24/07/2025 13:25:23.349

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 10:40:05
Nº Rexistro: 28909
Data envío: 17/07/2025 10:40:05.835

Asinado o día 17/07/2025
10:37
Por María Montserrat

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Carmela González Iglesias, Montserrat Prado Cores e Brais Ruanova Vilas-Boas, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a necesidade de reformular o novo CIS Olimpia Valencia en Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza anunciou a apertura do novo Centro Integral de Saúde Olimpia Valencia como un fito na ampliación da infraestrutura sanitaria e un mecanismo para mellorar a situación de colapso da Atención Primaria na cidade de Vigo. Porén a realidade é que o novo centro non só vai levar aparelado a substitución do Centro de Saúde López Mora, como prometera a Xunta nos últimos anos; senón que a poucos meses da súa apertura a Consellería de Sanidade vén de dar a coñecer que, vinculado á apertura do novo CIS, vai executar o peche do Centro de Saúde Nicolás Peña.

Ademais do peche de 2 centros de saúde, algunhas das dotacións recollidas no Plan Funcional inicial como espazos de tratamento e sistemas integrados de imaxe médica, xa non se contemplan no novo programa. Por tanto, dende o punto de vista do déficit infraestrutural que padece a cidade, a apertura do novo centro xa non vai supor a ampliación de espazos anunciada nun inicio.

Mais a maior estafa ten a ver coa falla total de dotación de profesionais de nova contratación. A pretensión da Xunta é facer unha política unicamente de traslado de profesionais dende outros centros de saúde cara o novo CIS Olimpia Valencia. En total prevén trasladar 32 profesionais tanto do Centro de Saúde López Mora como do Nicolás

Asinado o día 17/07/2025 ás
10:37
Por Carmela González Iglesias

Asinado o día 17/07/2025 ás
10:37
Por Alexandra Fernández Gómez



Peña que pecharía aos que se sumarían 17 do Centro de Saúde Pintor Colmeiro, 22 do de Coia, 3 de Rúa Cuba, 1 de Rosalía e 2 de Beiramar. En total 105 profesionais que, supoñen un 20% menos da capacidade prevista. É dicir, o novo centro vai estar infradotado e nin tan sequera vai supor a incorporación de máis profesionais á rede asistencial da cidade, senón que se baleiran outros centros para dotar o novo.

Por se fose pouco, o novo CIS Olimpia Valencia pretende inaugurar un novo modelo de xestión na Atención Primaria que o único que persegue é a concentración da atención e de recursos en grandes centros, en lugar de soste unha rede capilar e de proximidade. Vémolo no feito de que o novo centro prevé non só integrar a actividade e a poboación dos dous centros que se pechan, senón tamén unha parte dos Centros de Saúde de Coia, Rúa Cuba, Rosalía de Castro e Beiramar e a totalidade da poboación pediátrica dos dous centros que pechan, máis a dos centros de Saúde de Colmeiro e Coia. Isto último é especialmente grave xa que impide a atención continuada dende a infancia até a adultez, a abordaxe familiar e a posibilidade dunha acción comunitaria eficaz.

Esta política de concentración en macrocentros é apenas unha aposta da Xunta do PP para poder seguir espremendo e recortando a Atención Primaria a costa de perder calidade na atención sanitaria. É por iso que a posta en marcha do novo CIS Olimpia Valencia está contando cun forte rexeitamento por parte dos profesionais sanitarios cos que a Xunta non está contando para definir o futuro do novo centro.

Por todo o exposto fórmase a seguinte interpelación:

- Vai a Xunta de Galiza reformular o novo CIS Olimpia Valencia de forma consensuada cos traballadores, procurando reforzar e mellorar a rede de atención primaria de Vigo?





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

- Por que a Xunta de Galiza se nega a contratar novo persoal para dotar o novo CIS Olimpia Valencia?

- Por que a Xunta de Galiza prevé contratar un 20% menos de profesionais do que permite a súa capacidade?

- Por que a Xunta de Galiza non mantén en funcionamento o Centro de Saúde Nicolás Peña, tal e como prometera e como reclaman os profesionais?

- Por que a Xunta de Galiza vai concentrar no novo CIS Olimpia Valencia a atención pediátrica de 4 Centros de Saúde?

- Considera que este modelo de concentración asistencial mellora a calidade asistencial?

- Como vai afectar estas medidas aos Centros de Saúde de Coia, Cuba, Beiramar e Rosalía?

- Considera a Xunta que segue vixente o Plan Funcional de 2019 ou ten unha nova planificación para a cidade de Vigo?

- Ten previsto trasladar máis profesionais desde outros centros de saúde para dotar o CIS Olimpia Valencia? Cales? Con que xustificación?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 17/07/2025 10:37:01

Carmela González Iglesias na data 17/07/2025 10:37:12

María Montserrat Prado Cores na data 17/07/2025 10:37:21

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 17/07/2025 10:37:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 10:40:05
Nº Rexistro: 28909
Data envío: 17/07/2025 10:40:05.835

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 10:40:05
Nº Rexistro: 28909
Data envío: 17/07/2025 10:40:05.835

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/07/2025 10:40:07

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Iria Taibo Corsanego, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a declaración BIC do Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside de Sada (A Coruña).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 11 de agosto de 2023 o DOG publicaba a resolución de incoación para declarar BIC o Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside de Sada (A Coruña).

Dábase resposta, trece anos despois, a un acordo unánime deste Parlamento e despois de continuas reclamacións de colectivos sociais, culturais, movemento memorialístico e institucións como o Consello da Cultura Galega ou o Concello de Sada, ás que nos temos sumado no grupo parlamentario do BNG, trasladándoas a diferentes debates nesta cámara, por causa do deterioro progresivo do edificio e da consecuente afectación á colección museística única que nel se conserva.

Un desleixo que comprometeu a memoria da vangarda artística galega, recuperada da memoria do exilio, como proxecto cultural senlleiro xestado por dous referentes imprescindíbeis como Luís Seoane e Isaac Díaz Pardo que capitanearon a industria cultural de raíz máis prestixiosa de Galiza.

Con todo, unha vez analizada a resolución da incoación do expediente BIC, volveron acordar novos interrogantes a respecto da protección e conservación íntegra do proxecto cultural en que se integra o Museo Carlos Maside desde o seu nacemento.

Asinado o día 17/07/2025 ás
12:58
Por Iria Taibo Corsanego

Asinado o día 17/07/2025 ás
12:57
Por Mercedes Queixas Zas



Na proposta inicial de declaración BIC resultou tan incomprensíbel a deturpación do nome orixinal do museo como que se limite só ao edificio do museo desarraigándoo do conxunto da Cerámica do Castro, a diferenza de como se procedeu no momento da declaración BIC para o conxunto de Sargadelos, proxecto irmán do desenvolvido no Castro (Sada).

Mais apenas faltan escasos quince días para rematar o prazo máximo para resolver o procedemento de incoación do expediente BIC e a Xunta segue sen se pronunciar; renace así a preocupación social ante a resolución final que o goberno da Xunta vaia adoptar para garantir a preservación fidedigna e protección dunha das columnas vertebrais do proxecto cultural de Isaac Díaz Pardo e Luís Seoane.

Por todo o exposto fórmase a seguinte interpelación:

- Que razón xustifica o cambio do nome orixinal do Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside polo de Museo Galego de Arte Contemporánea Sargadelos-Carlos Maside?

- Por que non se inclúe o conxunto da Cerámica do Castro, anexa ao museo, e parte inseparábel do proxecto, en consonancia coa declaración BIC da Fábrica de Cerámica de Sargadelos de Cervo (Lugo)?

- Vai velar o goberno porque o Laboratorio de Formas, ao que está ligado o Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside, sexa parte activa na xestión do museo?

- Entende a Xunta que esta declaración BIC protexe e conserva na súa integridade o legado histórico museístico trazado por Isaac Díaz Pardo e Luís Seoane?

- Solicitou a Xunta os informes ás institucións consultivas especializadas, tal e como refire o artigo 7 da Lei de Patrimonio Cultural de Galiza?





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

- A que institucións se dirixiu a Xunta?
- Cal foi a resposta de cadanseu informe?
- En que datas se lle entregaron á Xunta os informes de resposta?
- Por que non resolveu a Xunta o procedemento de incoación para declarar BIC o Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside de Sada a escasos quince días de que esta decaía?
- Entende a Xunta que deixar decaer a declaración BIC protexe e conserva na súa integridade o legado histórico museístico trazado por Isaac Díaz Pardo e Luís Seoane para o Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 17/07/2025 12:57:56

Iria Taibo Corsanego na data 17/07/2025 12:58:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 13:00:07
Nº Rexistro: 28983
Data envío: 17/07/2025 13:00:07.143

CSV: BOPGDSPG-IEZoeHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/07/2025 13:00:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 13:00:07
Nº Rexistro: 28983
Data envío: 17/07/2025 13:00:07.143

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 13:36:53
Nº Rexistro: 28999
Data envío: 17/07/2025 13:36:53,640

Asinado o día 17/07/2025 ás 13:34
Por Sonia Vidal Lama

Á Mesa do Parlamento

Secundino Fernández Fernández, Iria Taibo Corsanego, Sonia Vidal Lamas e Ariadna Fernández González, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a proposta de que a UE reduza un 21,7 % os fondos destinadas a PAC para incrementar o gasto militar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2023 entrou en funcionamento a PAC para o novo período coñecida como PEPAC 23-27 e que financia as políticas agroforestais da UE pola vía do FEAGA e o FEADER que cofinancian os estados membros; unha política agraria que trouxo reducións económicas e mudanzas burocráticas que prexudicaron as explotacións agrogandeiras galegas. Concretamente nos últimos anos a PAC beneficiou aos grandes latifundios e deixou de lado aos pequenos agricultores galegos.

Neste ano 2025 comezase a falar do novo período en principio 28-34. Concretamente nos últimos días comezan a aparecer novas alarmantes sobre os fondos que se destinarán a este período da Política Agraria Común; parece ser que a **Comisión Europea presentará** unha proposta de orzamentos para o período 2028-2034, que traerá consigo mudanzas moi significativas e negativas respecto aos montantes económicos de anteriores exercicios

Unha das propostas lanzadas pola UE e da que se fixeron eco os medios de comunicación é a de recortar en 21,7% os fondos destinados á **Política Agraria Común** (PAC) para destinalos a defensa. Parece ser que a presidenta da comisión europea Ursula von der Leyen prefire as armas cos alimentos, prefire tanques a labregas e labregos. Si xa

Asinado o día 17/07/2025 ás 13:34
Por Iria Taibo Corsanego

Asinado o día 17/07/2025 ás 13:34
Por Secundino Fernández





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

a PAC nos últimos anos foi negativa para o noso País, imaxinémonos o que significará un recorte brutal deste calibre.

Este recorte proposto afectará fundamentalmente ao segundo pilar da PAC, os fondos Feader que financian en colaboración cos estados e a Xunta de Galiza partidas tan importantes como as axudas agroambientais, os fondos para mellora e incorporación de mozas e mozos, o desenvolvemento rural...

Esta redución do orzamento comunitario para o sector agrario significaría unha baixa de mais de 84.000 millóns de € para o sector o que sin dúbida traería consigo unhas graves consecuencias para o agro e no que o noso país, Galiza se vería gravemente afectado. O grave deste recorte é que estes fondos non van para políticas sociais ou servizos públicos van para armamento e gasto militar

Parece que a esta UE gobernada pola dereita europea da que forma parte o Partido Popular non lle importa a produción de alimentos nin a soberanía alimentar. Prefiren as armas, as bombas que a produción agraria de calidade e o desenvolvemento do nos medio rural

Ursula von der Leyen como o resto do seu Executivo apostan por pór en marcha unha estratexia de rearmar Unión Europea para o cal pretenden destinar a enorme cantidade de 800.000 millóns de euros

Mentres estas novas están saíndo a Xunta do PP, de Rueda non fixo nin a mínima declaración de rexeitamento ante esta nova tan grave e que vai afectar ao noso agro e ao noso medio rural dun xeito tan intenso. Parece que están dispostos a vender unha vez mais o noso rural

Para o BNG esta proposta é totalmente inaceptábel, demandamos que se retire e se teña en conta como punto de partida a resolución aprobada no parlamento europeo a favor dun incremento de fondos para a PAC. Dende o BNG demandamos que este incremento





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

de fondos traía consigo unha distribución que teña en conta fundamentalmente as pequenas explotacións familiares, a permanencia no territorio, a loita contra o despoboamento, a remuda xeracional e por suposto unha mellora e ampliación dos servizos públicos e un desenvolvemento rural produtivo e respectuoso co medio ambiente

Por todo o exposto fórmase a seguinte interpelación:

- Coñece a Xunta de Galiza a proposta presentada pola UE para o novo período da PAC 2028-2034?
- Esta de acordo Xunta de Galiza co recorte proposto pola UE para os fondos da PAC?
- Esta de acordo a Xunta de Galiza con recortar nos fondos da PAC para destinar o diñeiro a armamento?
- Esta de acordo a Xunta de Galiza en cambiar alimentos por bombas?
- Que accións e medidas ten pensado tomar a Xunta de Galiza para manter e mellorar o nivel de axudas europeas da PAC ao rural galego?
- Cuantificou a Xunta de Galiza o que significaría para o noso País esta proposta destrutiva para o noso sector agrogandeiro?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 17/07/2025 13:34:11

Iria Taibo Corsanego na data 17/07/2025 13:34:16

Sonia Vidal Lamas na data 17/07/2025 13:34:23

Ariadna Fernández González na data 17/07/2025 13:34:29



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/07/2025 13:36:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 13:36:53
Nº Rexistro: 28999
Data envío: 17/07/2025 13:36:53,640

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2025 09:43:43
Nº Rexistro: 29074
Data envío: 18/07/2025 09:43:43,769

Asinado o día 18/07/2025
09:38
Por Montserrat Valcárcel

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Ramón Fernández Alfonso e Montserrat Valcárcel Armesto, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a resolución de procedementos de selección e provisión de postos de traballo e a toma de posesión de destinos de persoal de corpos e escalas de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galiza.

Asinado o día 18/07/2025 ás
09:37
Por Ramón Fernández Alfonso

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei da Función Pública de Galiza, en consonancia coa normativa estatal -de carácter básico-, establece que o concurso é o sistema ordinario de provisión de postos de traballo na administración pública galega; podendo convocarse concursos específicos para a provisión de xefaturas de servizo ou postos de nivel equivalente, agás que polas súas características específicas na relación de postos de traballo prevese a súa cobertura polo sistema de libre designación.

Xa que logo é mediante concurso como as traballadoras da administración pública poden desenvolver a súa carreira profesional e acadar postos de traballo de maior nivel e/ou responsabilidade, así como optar a destinos nas cidades e vilas que por cuestións persoais podan preferir.

A realidade é que nas escalas de enxeñería, enxeñería técnica, arquitectura, arquitectura técnica e ciencias, que forman parte dos corpos e escalas da Administración especial, a Xunta de Galiza unicamente convocou en máis de 30 anos catro concursos ordinarios de traslados: no ano 1999, en 2004, resolto en outubro de 2005, en decembro de 2012, resolto en decembro de 2013, e en febreiro de 2024, resolto en xullo de 2025.

Asinado o día 18/07/2025 ás
09:37
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2025 09:43:43
Nº Rexistro: 29074
Data envío: 18/07/2025 09:43:43,769

O exposto implica que unha traballadora que adquirise a condición de funcionaria p.e. como arquitecta técnica no proceso selectivo convocado no 2005 non tivo a oportunidade de participar en concurso algún ate entrado o ano 2024, isto é, case dúas décadas sen opción á carreira profesional ou ao reagrupamento familiar.

Isto evidencia a excepcionalidade da convocatoria dos sistemas ordinarios de provisión de postos de traballo. Camiño necesario para a promoción profesional e a mobilidade no destino e que garante que se cumpran os principios constitucionais e legais de igualdade, mérito, capacidade e publicidade no acceso á función pública e aos postos de traballo da Administración vacantes ben por xubilación do persoal ou por seren de nova creación. É tamén a garantía de que a cidadanía galega poida contar cunha Administración profesional, independente e eficiente.

Non consta que a Xunta de Galiza nin nos escasos concursos convocados, nin nos procesos selectivos celebrados inclúise a totalidade das prazas vacantes, existindo un número relevante de postos de traballo que malia estar ocupados por interinas ou persoal con nomeamento provisorio – de calquera índole- non son ofertadas en procedementos de libre concorrência, incrementando a discrecionalidade, ás veces arbitrariedade e, en todo caso, precariedade, na función pública galega.

Asemade, a Xunta de Galiza, dende hai anos, ven adxudicando ás persoas que superan os procesos selectivos correspondentes a escalas especiais como as indicadas supra, postos de traballo en situación de destino provisional.

En xuño de 2024 o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza ditou unha sentenza que declarou nulo que o destino adxudicado a unha funcionaria de novo ingreso tivera a condición de provisional, procedendo á adxudicación definitiva do mesmo posto que lle fora adxudicado de forma provisional. A Xunta non recorreu esta sentenza.

Malia ser coñecedora desta sentenza, en decembro de 2024 a Xunta de Galiza continuou adxudicando aos aspirantes que superaron os últimos procesos selectivos dos





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2025 09:43:43
Nº Rexistro: 29074
Data envío: 18/07/2025 09:43:43,769

corpos e escalas de Administración especial postos en destino provisional. A inmensa maioría son os mesmos postos que foran ofertados no concurso de traslados convocado a principios de 2024 e que a día de hoxe xa están adxudicados aos funcionarios que obtiveron maior puntuación no concurso segundo o baremo legalmente establecido, que inclúe, entre outros a antigüidade. Non obstante, aínda que non se estableceu a data para a súa toma de posesión.

Esta situación esta a provocar unha tremenda incerteza e inseguridade xurídica, tanto nas traballadoras que superaron os procesos selectivos e están en destino provisional, como nas participantes no concurso de traslados. Asemade esta situación de falla de claridade deu lugar á interposición de numerosos procedementos contencioso-administrativos, nalgún dos que, solicitadas medidas cautelares, a Xunta de Galiza procedeu á retirada de varias prazas das ofertadas no concurso de traslados convocado, incrementándose a sensación de caos e mala xestión do persoal da administración pública de Galiza.

Así pois a neglixencia da Xunta de Galiza na convocatoria e resolución regular de concursos de traslados que durante lustros impediu a promoción e mobilidade profesional de numerosas traballadoras da administración autonómica, e a posibilidade de aceso a postos de traballo de maior nivel, ben por ser de nova creación ou por ir quedando vacantes como consecuencia de xubilacións; a convocatoria e resolución de numerosos procesos selectivos sen concurso previo, e a adxudicación e toma de posesións como destinos provisionais de postos de traballo a persoal de recente ingreso está a provocar un extraordinario desconcerto nas traballadoras atinxidas, moitas das cales poden ver frustradas as súas lexítimas expectativas e non obter a praza solicitada e xa adxudicada no concurso malia reunir maiores méritos que a funcionaria que a ocupa de forma provisional e que a pode obter de forma definitiva por vía xudicial.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2025 09:43:43
Nº Rexistro: 29074
Data envío: 18/07/2025 09:43:43,769

Por todo o exposto fórmulase a seguinte interpelación:

Cantos concurso de traslados se convocaron e resolveron no que vai de século nas escalas de escalas de enxeñeiros, enxeñeiros técnicos, arquitectos, arquitectos técnicos da Xunta de Galiza?

Cal é o motivo de que os seus concursos sexan menos frecuentes que os de outros corpos e escalas?

E concursos específicos?

Nos procedementos de selección e nos provisión de postos de traballo convocados ofertáronse a totalidade das prazas vacantes ou existiron prazas que non se incluíron na oferta malia estar cubertas por interinas?

En caso negativo, cal é a razón, e o posto concreto que malia estar vacante non foi obxecto de adxudicación?

Cantas comisións de servizos de corpos e escalas de Administración especial da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galiza concedéronse nos últimos 15 anos? En que postos concretos?

Considera a Xunta que a ausencia de convocatorias regulares de concursos de traslados condiciona o exercicio do dereito á carreira profesional das traballadoras e as súas posibilidades de mobilidade laboral?

Na actualidade cantas prazas, e cal é a identificación de cada unha, das escalas de enxeñeiros, enxeñeiros técnicos, arquitectos, arquitectos técnicos e ciencias cubertas por persoal interino, en comisión de servizos ou con nomeamento provisional?

Considera a Xunta de Galiza que o persoal que tras superar un proceso selectivo está ocupando un posto en virtude de designación provisional ten dereito á permanencia definitiva no posto?





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2025 09:43:43
Nº Rexistro: 29074
Data envío: 18/07/2025 09:43:43,769

Cal e a razón de adiar a toma de posesión dos postos adxudicados no concurso resolto por Resolución de 9 de xullo de 2025?

Canto ten previsto a Xunta de Galiza de dar posesión as adxudicatarias do concurso?

Existe algunha sentenza de órgano contencioso-administrativo no que a Xunta de Galiza fose parte que declare tal circunstancia?

Actualmente se sigue algún procedemento xudicial por esta causa? No seu caso, cantos, e cantas son o número de prazas atinxidas?

En que medida afectaría ao concurso de traslados das escalas de enxeñeiros, enxeñeiros técnicos, arquitectos, arquitectos técnicos e ciencias un eventual recoñecemento do dereito a ocupar con carácter definitivo un posto de traballo adxudicado como destino provisional?

Podería supor que postos de traballo foran adxudicados a traballadoras con menos méritos que outras que optasen a ese posto?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/07/2025 9:37:48

Ramón Fernández Alfonso na data 18/07/2025 9:37:58

Montserrat Valcárcel Armesto na data 18/07/2025 9:38:07



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2025 09:43:43
Nº Rexistro: 29074
Data envío: 18/07/2025 09:43:43,769

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/07/2025 9:43:44



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2025 09:43:43
Nº Rexistro: 29074
Data envío: 18/07/2025 09:43:43,769

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego, Mercedes Queixas Zas e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación,** sobre a carta dos presidentes catalán e vasco en relación coa oficialidade de catalán, éuscaro e galego na Unión Europea.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En relación co debate que se está a producir sobre a posibilidade de que a lingua galega, xunto co catalán e o éuscaro, se fagan linguas oficiais da Unión Europea, os presidentes vasco e catalán remitiron unha carta aos ministros e ministras de Exteriores dos 27 estados da UE. Nesta carta, demandan que galego, catalán e éuscaro adquiran a categoría de oficiais na Unión Europea.

Segundo recollen varios medios de comunicación, o presidente da Xunta de Galiza rexeitou asinar esta carta, a pesar do que establece o Estatuto de Autonomía de Galiza (Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en tódolos planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento) e a Lei de Normalización Lingüística (*Os poderes públicos de Galicia promoverán o uso normal da lingua galega, oralmente e por escrito, nas súas relacións cos cidadáns; O Goberno Galego e as Corporacións Locais dentro do seu ámbito fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras*).

A oficialidade do galego na Unión Europea tería importantes consecuencias para





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

o noso idioma, tanto desde o punto de vista dos dereitos lingüísticos da cidadanía como para o seu uso nas diferentes institucións, xa que son moitas as instancias nas que só está permitido usar unha lingua oficial da Unión Europea que tamén sexa oficial do estado correspondente.

Ademais da evidente apertura de posibilidades laborais para todo tipo de profesionais lingüísticos, a hipotética oficialidade da lingua galega implicaría outras vantaxes para moi diversos sectores profesionais e culturais.

O goberno español xa manifestou a súa dispoñibilidade para asumir o custo económico da implantación das tres linguas na Unión Europea, polo que aínda é menos comprensíbel que o presidente da Xunta de Galiza decida rexeitar esa posibilidade, por non falar de que o lóxico sería que a liderase.

A lingua galega atópase nunha grave situación de emerxencia, polo que o goberno galego non ten ningún motivo para rexeitar este recoñecemento oficial, que podería representar un punto de inflexión no que se refire ao prestixio social e ao avance de usos do noso idioma.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

- Cal é a opinión do goberno galego en relación coa posibilidade de que a lingua galega sexa oficial na Unión Europea?

- O goberno galego levou ou ten previsto levar a cabo algunha acción ou negociación encamiñada a favorecer a posíbel oficialidade da lingua galega na Unión Europea?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- O goberno galego está en contacto cos diferentes sectores que se verían afectados no caso de que a lingua galega fose declarada oficial da Unión Europea, co obxectivo de coñecer mellor estas implicacións?

- O presidente da Xunta de Galiza rexeitou demandar, a través dunha carta asinada polos presidentes do País Vasco e de Cataluña, que a lingua galega sexa oficial na Unión Europea?

- A que se debe que o presidente da Xunta de Galiza rexeite as súas obrigas en relación coa defensa e promoción da presenza da lingua galega en todos os planos da vida pública?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 22/07/2025 12:43:18

Mercedes Queixas Zas na data 22/07/2025 12:43:29

Daniel Castro García na data 22/07/2025 12:43:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/07/2025 12:45:23
Nº Rexistro: 29376
Data envío: 22/07/2025 12:45:23.158

CSV: BOPGDSPG-IEZoeHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/07/2025 12:45:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/07/2025 12:45:23
Nº Rexistro: 29376
Data envío: 22/07/2025 12:45:23.158

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2025 13:00:57
Nº Rexistro: 29549
Data envío: 24/07/2025 13:00:57.133

Asinado o día 24/07/2025 ás 12:52
Por Iria Taibo Corsan

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila, Rosana Pérez Fernández, Iria Taibo Corsanego, Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres e Oscar Insua Lema, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a decisión da Consellaría de Educación, Ciencia, Universidades e FP de pechar sete centros educativos na Galiza.

Asinado o día 24/07/2025 ás 12:52
Por Rosana Pérez Fernández

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado día 23 de xullo a Consellería de Educación anunciou aos medios de comunicación o peche de sete centros educativos por falta de alumnado, ao non acadar a súa matrícula o mínimo de 5 alumnos que ten estipulado.

Segundo informan, deixarán de funcionar os centros de Educación Infantil da Lagoa en Arteixo, o de Muros, o de Queiruga en Porto do Son e o de Romariz en Soutomaior, así como os colexios de Seráns en Porto do Son, de Castromil en Vimianzo e o de Negueira de Muñiz.

Nas últimas décadas o peche de centros escolares no rural galego están sendo unha sangría que deixa ser servizos básicos estas poboacións, facendo que a mocidade decida novamente migrar ás cidades deixando o interior do País nun claro abandono.

As políticas que está a desenvolver o Goberno do PP na Xunta de Galiza nada teñen que ver coa súa propaganda de apoio ao rural, nin teñen como obxectivo o asentamento poboacional do interior galego, senón non se explica as medidas que toma ano tras ano co peche de centros educativos, reducindo os servizos de Atención Primaria

Asinado o día 24/07/2025 ás 12:52
Por Cristina Fernández Davila





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ou pechando incluso os centros de saúde, eliminando paradas ou liñas de autobús e mingando as súas frecuencias, entre outras.

Este ano, como nos anteriores, o Goberno do PP xustifica os peches na necesidade de adaptar o mapa escolar á evolución demográfica para o vindeiro curso escolar, advertindo que hai outras tres en serio perigo de peche, pero xa se ten demostrado en numerosas ocasións que as escolas rurais teñen unha matrícula irregular e se este curso apenas manteñen 5 alumnos/as, os vindeiros cursos ben poden acadar os 10 ou 12. Pechando as escolas non se da a posibilidade de recuperación do alumnado nin o asentamento de novas familias interesadas en vivir nos concellos máis pequenos.

Por todo o exposto formúlase a interpelación:

- Que medidas vai tomar a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP para rematar coa sangría de peches de unitarias e escolas públicas nos concellos do rural e da costa galega, mudando os criterios numéricos que teñen fixados, e para favorecer o asentamento poboacional no interior da Galiza?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 24/07/2025 12:52:11

Rosana Pérez Fernández na data 24/07/2025 12:52:27

Iria Taibo Corsanego na data 24/07/2025 12:52:41

Olalla Rodil Fernández na data 24/07/2025 12:52:50

Luis Bará Torres na data 24/07/2025 12:52:58

Óscar Insua Lema na data 24/07/2025 12:53:12



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/07/2025 13:00:57



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2025 13:00:57
Nº Rexistro: 29549
Data envío: 24/07/2025 13:00:57.133

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez e Daniel Pérez López, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o cumprimento da necesidade dun acordo expreso da Comunidade de Propietarios para desenvolver a actividade como VUT.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Goberno estatal vén realizando distintos cambios normativos para facilitar ás comunidades de propietarios regular os usos turísticos nas vivendas que exercen esta actividade dentro da súa comunidade. A través do *Real Decreto-Ley 7/2019 de 1 de marzo de medidas urgentes en materia de vivienda y alquiler* se reformou o artigo 17 da *Ley 49/1960, de 21 de julio, sobre Propiedad Horizontal*, para definir o quórum necesario de votos que se requiren para que as comunidades de propietarios poidan limitar ou condicionar o exercicio desta actividade turística ou establecer cotas especiais ou incremento na participación dos gastos comúns da vivenda, non podendo ser estes superiores ao 20%. En concreto, establécese a necesidade de contar coas tres quintas partes do total de propietarios que, á súa vez, representen as tres quintas partes das cotas de participación.

Posteriormente, en abril de 2025, o goberno estatal volveu introducir unha nova modificación da *Ley de Propiedad Horizontal* no seu artigo 7, a través da disposición final cuarta da *Ley Orgánica 1/2025, de 2 de enero, de medidas en materia de eficiencia del Servicio Público de Justicia*, que establece varias medidas co obxectivo de aportar maior seguridade xurídica e reforzar o papel das comunidades de propietarios á hora de intervir sobre os usos turísticos.

Asinado o día 14/07/2025 ás
09:47
Por Daniel Pérez López

Asinado o día 14/07/2025 ás
09:46
Por Alexandra Fernández Gómez





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

En primeiro lugar, a nova redacción establece que a comunidade poderá aprobar, limitar, condicionar ou prohibir o exercicio da actividade, mentres que na redacción anterior se establecía apenas a capacidade de “*limitar e condicionar*”, o cal xerou interpretación distinta por parte da xustiza que o Tribunal Supremo xa resolveu. Mais a nova redacción vén dar máis claridade ao incluír de forma expresa o termo “*prohibir*” zanzando toda dúbida.

Segundo, a reforma tamén introduce que o desenvolvemento da actividade estará suxeita a aprobación previa e expresa da comunidade de propietarios, que debe alcanzarse mediante os mesmos criterios xa establecidos na anterior reforma. Isto supón que as VUT xa non deben admitirse salvo que exista unha prohibición, como sucedía até o de agora, senón que non deberán ser admitidas salvo que contén con autorización expresa da comunidade de propietarios.

Estas modificacións non teñen carácter retroactivo mais dende a súa entrada en vigor, a Xunta de Galiza debería estar garantindo o cumprimento da normativa esixindo a presentación do acordo expreso da comunidade de propietarios.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas adoptou a Xunta para garantir que as VUT conta co acordo expreso da comunidade de propietarios?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 14/07/2025 9:46:53

Daniel Pérez López na data 14/07/2025 9:47:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 09:47:54
Nº Rexistro: 28439
Data envío: 14/07/2025 09:47:54.347

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 09:47:54
Nº Rexistro: 28439
Data envío: 14/07/2025 09:47:54.347

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/07/2025 9:47:54

CSV: BOPGDSPG-IEZoeHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Brais Ruanova Vilas-Boas, Noa Presas Bergantiños e Ramón Fernández Alfonso, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a natureza das transferencias de crédito en beneficio da Sociedade para o Aproveitamento Sostible de Recursos Naturais de Galiza RDG, S.A.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O orzamento é a maior ferramenta que ten un goberno para a posta en marcha de políticas públicas activas que contribúan á cohesión social e ao desenvolvemento dos sectores produtivos e, polo tanto, ao avance dun país. Así, a súa correcta planificación e execución son fundamentais para que cada euro dos recursos dispoñíbeis redunden en beneficios para o conxunto do país.

Neste sentido cómpre sinalar, como xa ten sinalado o Consello de Contas, a reiteración de modificacións orzamentarias abusivas e que mesmamente en ocasións consúmanse sen despois levar acorde unha adecuada execución.

Este modus operandi pon de manifesto a mala planificación orzamentaria por parte do executivo, que se suma á baixa execución en programas clave para o desenvolvemento económico e social de Galiza.

Véñense de coñecer as modificacións orzamentarias de maio de 2025 e constátase, unha vez máis, como a Xunta do Partido Popular modifica grande parte de capital que en moitos casos quedará sen executar.





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste contexto salienta como no apartado de imprevistos aplícase unha transferencia de crédito de 4.500.000€ desde o programa 621B de imprevistos e funcións non clasificadas á aplicación orzamentaria 23.01.621A.860.00 dos orzamentos da Consellería de Facenda e Administración Pública para facer fronte ao aumento de capital aprobado pola Xunta Xeral da Sociedade para o aproveitamento sostible de recursos naturais de Galiza RDG, S.A.

E o problema que se deriva deste feito é que, ante a imposibilidade de fiscalización pública de Recursos de Galiza, estes 4 millóns e medio serán integrados en dita sociedade sen ningún tipo de control público, como leva demandando incluso o propio Consello de Contas e que o Partido Popular de Galiza leva negando reiteradamente.

Faise preciso pois que unha sociedade como RDG, co impacto que vai ter sobre o desenvolvemento da política de aproveitamento dos recursos do país, pase ao control público efectivo e a súa fiscalización por parte do Consello de Contas.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cal é o motivo de que o Goberno Galego, a través dunha modificación orzamentaria tipificada como imprevistos, de 4,5 millóns de euros a RDG?

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2025



Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 14/07/2025 9:55:52

Noa Presas Bergantiños na data 14/07/2025 9:55:58

Ramón Fernández Alfonzo na data 14/07/2025 9:56:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 09:57:01
Nº Rexistro: 28442
Data envío: 14/07/2025 09:57:01.281

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/07/2025 9:57:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 09:57:01
Nº Rexistro: 28442
Data envío: 14/07/2025 09:57:01.281

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Iria Taibo Corsanego e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza repite un verán máis a mesma estratexia de continuar a tensionar a atención na sanidade pública cunha importante redución na dispoñibilidade de camas hospitalarias en todo o país.

Unha mostra concreta é a denuncia pública que acaba de facer a Comisión de Centro do CHUAC.

A Xerencia da Área Sanitaria da Coruña vai pechar este verán máis de 230 camas, principalmente de Medicina Interna, entre o HUAC, Abente y Lago e o Materno Infantil, sen dispor dunha oferta alternativa nin reforzos asistenciais, o que ten importantes consecuencias sobre os traballadores e traballadoras da sanidade pública galega e mais sobre a atención dos propios doentes: retrasos nas listaxes de agarda, nomeadamente en cirurxías, sobrecarga das urxencias, que verán dificultado o ingreso de pacientes en planta, perda da calidade asistencial.

Estes recortes non obedecen a un contexto puntual de realización de obras, senón á vontade política de aforrar custes, unha praxe moi propia de quen entende a sanidade pública como un gasto, mentres a Xunta non deixa de derivar orzamento público para a sanidade privada.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Enfermar no verán non pode supor para a veciñanza da área sanitaria da Coruña un risco engadido ás propias doenzas nin unha nova sobrecarga para os recursos humanos, sometidos xa de forma recorrente á precaridade laboral.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Comprométese a Xunta a rectificar e manter activa e operativa ao completo a oferta de camas hospitalarias na Área Sanitaria da Coruña durante o verán?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 14/07/2025 10:02:06

Iria Taibo Corsanego na data 14/07/2025 10:02:15

Iria Carreira Pazos na data 14/07/2025 10:02:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 10:27:06
Nº Rexistro: 28444
Data envío: 14/07/2025 10:27:06.777

CSV: BOPGDSPG-IEZoeHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 10:27:06
Nº Rexistro: 28444
Data envío: 14/07/2025 10:27:06.777

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/07/2025 10:27:07

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 10:31:11
Nº Rexistro: 28446
Data envío: 14/07/2025 10:31:11.025

Asinado o día 14/07/2025
10:29
Por Julio García Com

Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Alberto Pazos Couñago, Julio García Comesaña, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, Felisa Rodríguez Carrera, Roberto Rodríguez Martínez e Katherin Varela Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O Instituto de Medicina Legal de Galicia (Imelga) é un órgano da Administración de xustiza en Galicia, que ten por misión prestarlles asistencia técnica aos tribunais, fiscalías e xulgados en materia de medicina forense. Esta organización, integrada por médicos/as forenses e persoal técnico e auxiliar, ten a súa sede en Santiago de Compostela e centros de traballo situados, ademais de nesta cidade, na Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.

O pasado 10 de xullo presentáronse os datos correspondentes á memoria de actividade do ano 2024, tanto no ámbito da clínica forense, que abarca as pericias demandadas polas autoridades xudiciais en suxeitos vivos, como no de patoloxía forense, centrado nas causas e circunstancias da morte.

Polo exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cales son os principais datos da memoria de actividade do Instituto de Medicina Legal de Galicia durante o ano 2024?

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2025

Asinado o día 14/07/2025 ás
10:29
Por Paula Prado del Río

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Rio na data 14/07/2025 10:29:22

Alberto Pazos Couñago na data 14/07/2025 10:29:37

Julio García Comesaña na data 14/07/2025 10:29:47

Argimiro Marnotes Fernández na data 14/07/2025 10:30:03

Paula Mouzo Mas na data 14/07/2025 10:30:15

María Felisa Rodríguez Carrera na data 14/07/2025 10:30:31

Roberto Rodríguez Martínez na data 14/07/2025 10:30:38

Katherinie Varela Fernández na data 14/07/2025 10:30:48



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/07/2025 10:31:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 10:31:11
Nº Rexistro: 28446
Data envío: 14/07/2025 10:31:11.025

CSV: BOPGDSPG-IEZoeHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Asinado o día 14/07/2025 ás 10:33
Por Sonia Vidal Lamas

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Sonia Vidal Lamas, Secundino Fernández Fernández, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Iria Carreira Pazos, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ás actuacións que vai impulsar a Xunta de Galiza logo dunha grave agresión a unha médica nas urxencias do Complexo Hospitalario de Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na madrugada do domingo 29 de xuño unha médica sufría unha grave agresión no servizo de urxencias do Complexo Hospitalario de Ourense, segundo informaron os medios de comunicación, distintos sindicatos, a propia xerencia da área e a comisión de centro, que convocou unha concentración de apoio e reivindicación para o martes 1 de xullo logo de trascender os feitos na xornada do luns.

A propia Dirección da Área Sanitaria de Ourense, Verín e Valdeorras manifestou, como non podería ser doutra maneira, o seu máis absoluto rexeitamento á agresión sufrida por unha profesional no exercicio das súas funcións mais profesionais e colectivos profesionais amosaron publicamente a súa fatura ante a incidencia de agresións e o que consideran medidas insuficientes por parte da Xunta de Galiza, pendentes aínda de clarificar protocolos e medidas. Así, informaban de que após meses de deliberacións no grupo de traballo contra as agresións ao persoal das institucións sanitarias seguen sen un protocolo e medidas claras por parte da Consellaría de Sanidade e doutras áreas implicadas.

Asinado o día 14/07/2025 ás 10:33
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Asinado o día 14/07/2025 ás 10:32
Por Noa Presas Bergantiños





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta situación debe ser atendida pola Xunta ante o incremento de agresións e a preocupación profesional e social desatada. Cómpre recordar que recentemente, con motivo da celebración o 12 de marzo do Día europeo contra as agresións a persoal médico e profesionais sanitarios o Observatorio Contra as Agresións da Organización Médica Colegial (OMC) presentaban os datos respecto de 2024, que marcaban un récord histórico de agresións tanto no estado (con 847) como en Galiza (17), afectando maioritariamente mulleres e sendo máis habituais en primaria.

Esta situación e a alerta de crecente inseguridade no CHUO así como de falta de persoal debe levar á Consellaría de Sanidade e á Xerencia da Área a atender as demandas da Comisión de centro.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións vai levar a cabo o goberno galego ante a última agresión acontecida no CHUO e as demandas de medidas do persoal?

Santiago de Compostela, 1 de xullo de 2025



Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 14/07/2025 10:32:44

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 14/07/2025 10:33:01

Sonia Vidal Lamas na data 14/07/2025 10:33:09

Secundino Fernández Fernández na data 14/07/2025 10:33:22

Iria Carreira Pazos na data 14/07/2025 10:33:30



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 10:34:21
Nº Rexistro: 28448
Data envío: 14/07/2025 10:34:21.837

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/07/2025 10:34:22

CSV: BOPGDSPG-IEZoeHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 10:37:38
Nº Rexistro: 28450
Data envío: 14/07/2025 10:37:38,240

Asinado o día 14/07/2025
10:36
Por Julio García Com

Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Alberto Pazos Couñago, Julio García Comesaña, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, Felisa Rodríguez Carrera, Roberto Rodríguez Martínez e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Xunta de Galicia, ademais de financiar e poñer en marcha no tempo máis breve posible todas as unidades xudiciais que o Consello Xeral do Poder Xudicial concede á nosa Comunidade, tamén acomete obras de mellora e mantemento das dependencias xudiciais que están en funcionamento.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que actuacións de mellora nas dependencias xudiciais está a acometer ou ten planificadas o Goberno galego neste momento?

Asinado o día 14/07/2025 ás
10:35
Por Alberto Pazos Couñago

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2025

Asinado o día 14/07/2025 ás
10:35
Por Paula Prado del Río

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Rio na data 14/07/2025 10:35:38

Alberto Pazos Couñago na data 14/07/2025 10:35:51

Julio García Comesaña na data 14/07/2025 10:36:01

Argimiro Marnotes Fernández na data 14/07/2025 10:36:16

Paula Mouzo Mas na data 14/07/2025 10:36:43

María Felisa Rodríguez Carrera na data 14/07/2025 10:36:59

Roberto Rodríguez Martínez na data 14/07/2025 10:37:08

Katherinie Varela Fernández na data 14/07/2025 10:37:17



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 10:37:38
Nº Rexistro: 28450
Data envío: 14/07/2025 10:37:38,240

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/07/2025 10:37:38

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Pérez López e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a situación da Lagoa de Traba, en Laxe.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sistema lacunar de Traba, no concello de Laxe, consiste nunha lagoa costeira de auga doce encaixada tras un cordón dunar. Morfoloxicamente, formouse cando as achegas sedimentarias do río de Traba e do rego de Vao pecharon un entrante mariño, xerando un espazo de auga. O cordón dunar, elaborado ao longo dos últimos 5.000 anos pola acción combinada de temporais e vento, presenta tipoloxías propias de sistemas dunares activos, favorecendo a circulación de auga subterránea e intercambios salinos estacionais.

Desde o punto de vista medioambiental, o conxunto Lagoa–Dunas de Traba está declarado Espazo Natural Protexido e inscrito na Rede Natura 2000 como ZEPA e LIC, pola súa relevancia ornitolóxica: acolle anátidas, limícolas e especies migratorias pouco frecuentes nesta latitude, actuando como refuxio e punto de repouso. Ademais, alberga unha flora psamofítica e comunidades de halófitas que contribúen á estabilidade do cordón dunar, modulan procesos de erosión costeira e ofrecen servizos ecosistémicos cruciais á resiliencia fronte ao cambio climático. A súa riqueza a nivel ornitolóxico e vexetal é incuestionable, así como o valor patrimonial e a importancia nas actividades socioeconómicas desta parroquia do concello de Laxe.

Asinado o día 14/07/2025 ás
10:38
Por Luis Bará Torres

Asinado o día 14/07/2025 ás
10:38
Por Daniel Pérez López





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Actualmente, o río de Traba e o rego de Vao que constitúen a afluencia fluvial á lagoa, presentan as súas ribeiras sen mantemento e do mesmo xeito o regato polo que a mesma lagoa desauga amosa un exceso de matogueira por sobrecrecemento vexetal.

Esta situación provoca unha serie de problemas a todo o entorno deste ecosistema. O primeiro é que a lagoa perde en biodiversidade ao non manter o réxime hidrolóxico natural debido á colonización vexetal descontrolada que estanca a auga de río e regatos do sistema lacunar. E o segundo, e non menos grave, é que as fincas colindantes á lagoa pasan a meirande parte do ano asolagadas constituíndo un grande problema para o cultivo e mantemento das mesmas, e un perigo para a veciñanza á hora de utilizar maquinaria agrícola permitida nas súas propiedades.

O Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia que cumpre a función pública do goberno do territorio para a organización racional e equilibrada da súa utilización e, en xeral, dos recursos naturais, fixa entre os seus obxectivos parciais a conservación da biodiversidade a través do mantemento dos procesos ecolóxicos esenciais, garantindo o mantemento das paisaxes, os medios ecolóxicos e os hábitats, así como a conexión das poboacións de fauna e flora silvestres e preservando a diversidade xenética. E tamén, contribuír a garantir a biodiversidade mediante o establecemento de medidas de xestión para o mantemento ou o restablecemento, nun estado de conservación favorable dos diferentes tipos de hábitats naturais

Unha normativa que ademais introduce o concepto de desenvolvemento sostible, favorecendo os usos e aproveitamentos respectuosos co medio. Un uso que debe ser compatible co mantemento dos ecosistemas e non reducir a viabilidade dos outros recursos aos que se asociase, nin minugar as posibilidades de disfrute destes ás xeracións vindeiras. Integrando os obxectivos concretos de conservación coas esixencias económicas, sociais e culturais, así como coas particularidades territoriais dos diferentes espazos protexidos que integran a Rede Natura 2000 en Galicia.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á vista do estado actual da Lagoa de Traba, é urxente e necesaria unha actuación por parte da administración competente, que non é outra que a Xunta de Galiza. O feito de non levar a cabo labores previas de conservación durante anos coaduxeron na degradación actual deste ecosistema único e na perda constante de biodiversidade. Unha actuación imprescindible que, ao tempo que recupere a lagoa, resolva o grave problema de asolagamentos que sofren as fincas circundantes, que condiciona, dificulta ou mesmo impide o cultivo e mantemento das mesmas. Realizar esas labores habituais supón, a día de hoxe, un perigo para a veciñanza cando emprega maquinaria agrícola permitida nas súas propiedades.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno

Coñece o Goberno galego o estado actual da Lagoa de Traba de Laxe E do seu entrono?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 14/07/2025 10:38:31

Luis Bará Torres na data 14/07/2025 10:38:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 10:39:32
Nº Rexistro: 28452
Data envío: 14/07/2025 10:39:32.317

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 10:39:32
Nº Rexistro: 28452
Data envío: 14/07/2025 10:39:32.317

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/07/2025 10:39:32

CSV: BOPGDSPG-IEZoeHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 10:44:14
Nº Rexistro: 28456
Data envío: 14/07/2025 10:44:14.955

Asinado o día 14/07/2025 ás 10:42
Por Julio García Com

Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Alberto Pazos Couñago, Julio García Comesaña, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, Felisa Rodríguez Carrera, Roberto Rodríguez Martínez e Katherin Varela Fernández, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Unidade do Corpo Nacional de Policía Adscrita á comunidade autónoma de Galicia (UPA) conta actualmente con 341 axentes, 159 menos do que correspondería.

O Goberno galego leva reclamando de forma reiterada ao Goberno central a cobertura das vacantes neste corpo de seguridade para facer fronte ao aumento de competencias, relacionadas co eido ambiental, a loita contra o furtivismo ou coa protección das vítimas de violencia de xénero e dos menores por poñer algúns exemplos.

Por todo o anterior, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Como afecta o déficit de axentes da Unidade do Corpo Nacional de Policía Adscrita no desenvolvemento das súas funcións en Galicia?

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2025

Asinado o día 14/07/2025 ás 10:42
Por Paula Prado del Río

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Rio na data 14/07/2025 10:42:25
Alberto Pazos Couñago na data 14/07/2025 10:42:38
Julio García Comesaña na data 14/07/2025 10:42:47
Argimiro Marnotes Fernández na data 14/07/2025 10:43:03
Paula Mouzo Mas na data 14/07/2025 10:43:17
María Felisa Rodríguez Carrera na data 14/07/2025 10:43:35
Roberto Rodríguez Martínez na data 14/07/2025 10:43:43
Katherinie Varela Fernández na data 14/07/2025 10:43:53



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/07/2025 10:44:15



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 10:44:14
Nº Rexistro: 28456
Data envío: 14/07/2025 10:44:14.955

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila e Ariadna Fernández González, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de que a Xunta de Galiza autorice aos centros de primaria con prazas vacantes no seu comedor escolar a ofertar menús ao alumnado de 1º e 2º ESO e de Infantil dos CRA próximos onde non existe este servizo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O comedor escolar nos centros educativos é un servizo de apoio ás familias consistente en ofrecer o xantar ao remate da xornada lectiva matinal. O obxectivo principal deste servizo é a conciliación da vida laboral e familiar das nais e pais do alumnado, así como garantir un menú equilibrado a aquel alumnado de familias en risco de exclusión.

Trátase dun servizo que forma parte daqueles que a Consellería de Educación denomina “Servizos Educativos Complementarios”, xunto co transporte escolar ou as aulas matinais ou tardías (malia integrarse na Consellería de Política Social), estando regulado no Decreto 132/2013, do 1 de agosto.

O decreto cumpre en xeral o mandato da Constitución española que consagra o dereito á educación e corresponde aos poderes públicos garantir o seu exercicio en condicións de igualdade, removendo os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e promovendo as condicións para que esta igualdade sexa real e efectiva.

Asinado o día 14/07/2025 ás
10:48
Por Ariadna Fernández González

Asinado o día 14/07/2025 ás
10:47
Por Cristina Fernández Davila





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Estamos, polo tanto, ante un servizo altamente demandado na actualidade, por parte da sociedade galega, pero que non existe en todos os centros educativos como nalgúns dos IES ou os Centros Rurais Agrupados (CRA).

A Consellería de Educación non asume as súas competencias e ten aos centros infantís do rural nunha clara discriminación en comparación cos centros das vilas ou cidades. Isto fai que familias e directivas teñan que loitar todos os cursos por manter a súa matrícula para que a administración educativa non peche as escolas rurais por falta de alumnado. As familias precisan os servizos e ante a falta dos mesmos nas súas parroquias, deben tomar a determinación de matricular ás súas fillas ou fillos nos centros de referencia nas vilas e usar o transporte escolar e incluso a Aula Matinal.

Se nos referimos aos IES, que tan só teñen actividade lectiva unha tarde á semana, o alumnado de 1º e 2º da ESO con 12 e 13 anos, están en clara desvantaxe co resto do alumnado de primaria, de idade similar, que poden optar polo servizo no seu CEIP. As nais e pais deste alumnado non poden deixar que nenos e nenas desas idades coman pola súa conta no descanso do mediodía se non hai ninguén na súa casa por motivos de traballo ou por non dar tempo a que poidan ir xantar empregando o transporte escolar para levarlos e recollelos novamente.

Cómpre avanzar nunha educación pública de calidade para todas as persoas e, asemade, dar cumprimento á tarefa fundamental de facer efectiva a igualdade real entre homes e mulleres a través da implementación de programas que solventen o problema da conciliación laboral e familiar e, moi concretamente, a través da universalización dos servizos educativos complementarios, tendo en conta a equidade e compensación das desigualdades en educación, ao respecto da igualdade de oportunidades no ámbito rural.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno

Que pasos vai dar a Consellaría de Educación para impulsar novos comedores escolares en aqueles centros que non contan con este servizo educativo complementario e as familias o demandan?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 14/07/2025 10:47:59

Ariadna Fernández González na data 14/07/2025 10:48:07



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 10:49:24
Nº Rexistro: 28460
Data envío: 14/07/2025 10:49:24.647

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 10:49:24
Nº Rexistro: 28460
Data envío: 14/07/2025 10:49:24.647

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/07/2025 10:49:25

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila e Ariadna Fernández González, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a resolución de conflitos nos centros educativos mediante a mediación do propio alumnado.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A convivencia nos centros educativos é base fundamental para o desenvolvemento integral da infancia, adolescencia e ata adultos en formación. Malia isto, os conflitos escolares son unha realidade que afectan á convivencia cotiá nos centros escolares e desgastan o ambiente de aprendizaxe, mingua a motivación e afecta de maneira negativa á saúde emocional do alumnado e docentes.

Existen numerosas estratexias prácticas e efectivas para resolver estes conflitos creando entornos seguros, inclusivos e que permitan a aprendizaxe. Tamén profesionais expertas afeitas a estudar e analizar as distintas situacións e circunstancias valorando primeiro a posible prevención e, se é preciso, tamén a resolución dos conflitos.

En diversas investigacións estímase que máis do 60% das escolas teñen pasado por incidentes de conflito no último ano, o que indica a importancia e urxencia de abordar este problema con profundidade.

Entre os tipos máis comúns de conflitos nas escolas e institutos atopamos: o **bullying**, o **ciberacoso**, **ás liortas** ou **conflitos entre estudantes e os conflitos interpersoais indirectos**.

Asinado o día 14/07/2025 ás
10:48
Por Ariadna Fernández González

Asinado o día 14/07/2025 ás
10:48
Por Cristina Fernández Davila



A prevención é, sen dúbida, a mellor maneira de abordar os conflitos escolares. Ante a complexidade dos problemas é esencial construír un ambiente no que a comunicación flúa e a empatía sexa a norma. Hai algunhas estratexias de prevención clave:

- Fomento da comunicación efectiva
- Desenvolvemento de habilidades socioemocionais ou
- Creación de normas de convivencia claras

Pero cando os conflitos xa se teñen materializado, é preciso actuar de xeito áxil e eficaz, e para iso hai que deseñar estratexias de intervención máis efectivas no ámbito escolar, como a mediación escolar, técnicas de negociación, resolución colaborativa dos problemas ou a procura de exemplos de boas prácticas noutros centros.

A resolución de conflitos escolares non debe recaer tan só nos docentes. Cada integrante da comunidade educativa ten un rol esencial que desempeñar para garantir un ambiente de respecto e harmonía. Deste xeito, é importante a participación de todos e todas, o alumnado, as docentes, as familias, o persoal administrativo e o de apoio.

Nesta iniciativa queremos centrarnos no papel fundamental que debe xogar o propio alumnado na resolución dos conflitos, xa que son eles os que viven o día a día do centro educativo. Fomentar a súa participación na creación de regulamentos de convivencia e na identificación de posibles conflitos é básico e iniciativas como Consellos ou Comités de Convivencia de Alumnado poden ser moi efectivos.

Pero é necesario que o centro e a Consellería de Educación asuman esta participación directa, dándolles as ferramentas que precisan para poder realizar a súa labor de xeito eficaz e áxil, sabendo que será máis doado que os compañeiros/as sexan máis receptivos á súa mediación que a calquera doutro da comunidade educativa.



O alumnado deberá ser formado debidamente en estratexias ou tácticas de resolución de conflitos e para impartir as súas propias campañas de sensibilización e facilitarlles os espazos máis idóneos para o diálogo: foros e asambleas para expresar as súas inquedanzas e propostas, e onde poidan debaterse solucións de xeito democrático e construtivo.

Se o propio alumnado está directamente implicado será máis doado aplicar técnicas na que o foco esté posto nas vítimas, así como nos autores ou responsables do delito cometido, sen buscar como último fin o castigo senón para que os causantes do problema recoñezan a súa culpa e intenten reparar o dano cometido.

Esta técnica, chamada xustiza restaurativa (tamén reparadora ou compasiva), destaca porque busca resolver o conflito de xeito colectivo, é dicir, non só consideran ás implicadas directas, senón que participan aquelas persoas que estiveron afectadas dalgún xeito.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai a Consellería de Educación implementar estratexias e técnicas de prevención e resolución de conflitos debidamente reguladas, nos centros educativos galegos, facendo partícipes aos estudantes como mediadores, con estratexias orientadas a que os causantes reparen o dano cometido e proporcionando ao alumnado aquelas ferramentas precisas para este fin?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 14/07/2025 10:48:37

Ariadna Fernández González na data 14/07/2025 10:48:44



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 10:50:10
Nº Rexistro: 28462
Data envío: 14/07/2025 10:50:10.384

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/07/2025 10:50:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 10:50:10
Nº Rexistro: 28462
Data envío: 14/07/2025 10:50:10.384

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de tomar as medidas precisas a través dun Plan de continxencias autonómico e de actuación de emerxencias nos centros educativos que dea seguridade ao alumnado e ás familias e preveña o caos e a confusión.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 23 de maio, a Campaña Mundial pola Educación impulsou no Parlamento Galego un Pleno da Infancia e Adolescencia baixo o título “Educación en Emerxencias”, que contou coa intervención de representantes do alumnado de catro centros educativos galegos.

A súa participación estivo marcada pola manifesta preocupación de que a escola estea garantida en casos de catástrofes ou emerxencias, como o acontecido durante a Covid, a Dana en Valencia ou o apagamento do pasado 29 de abril, data na que inicialmente estaba previsto realizar este Pleno e que tivo que ser adiado case un mes.

As consecuencias destas distintas situacións ou catástrofes (unha pandemia, unha inundación e un apagón) foron similares: a suspensión indefinida das clases e o peche das instalacións, aínda que no caso do apagón, foi máis ben unha mestura de confusión e ordes contrarias.

Pero o que quedou patente nas exposicións que fixeron todas as adolescentes foi a necesidade que teñen de que a conexión á escola e institutos debe permanecer sempre, para evitar sentirse sos e soas, poder controlar as súas emocións ante unha situación

Asinado o día 14/07/2025 ás
10:54
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Asinado o día 14/07/2025 ás
10:53
Por Cristina Fernández Davila





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

inesperada e descoñecida, e poder manter unhas rutinas e un contacto co profesorado e o resto de compañeiras/os que é tranquilizador.

Estas emerxencias ou catástrofes crean no alumnado unha gran incerteza do futuro, pero nos centros escolares tamén deixan danos materiais ou persoais, momentos de caos, desinformación, falta de ferramentas para reconducir a situación caótica e reorganizar un servizo básico como é o ensino para todo o alumnado e as súas familias.

En definitiva, o alumnado precisa saber que a administración e os centros, manteñen un certo control sobre o caos e que eles estarán protexidos dentro dunha certa normalidade que permita continuar o antes posible coas clases.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas vai tomar a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP, para garantir a seguridade do alumnado en caso de emerxencia, proporcionarlles atención emocional, manter o sistema educativo durante a crise e manter unha boa comunicación con toda a comunidade educativa?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 14/07/2025 10:53:59

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 14/07/2025 10:54:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 10:54:49
Nº Rexistro: 28464
Data envío: 14/07/2025 10:54:49.761

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/07/2025 10:54:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 10:54:49
Nº Rexistro: 28464
Data envío: 14/07/2025 10:54:49.761

CSV: BOPGDSPG-IEZoeHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 10:55:29
Nº Rexistro: 28465
Data envío: 14/07/2025 10:55:29.580

Asinado o día 14/07/2025 ás 10:53
Por María Deza Martí

Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Trenor López, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Roberto Rodríguez Martínez e Katherinie Varela Fernández, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

A presenza da avespa velutina en Galicia converteuse nun problema ambiental e de seguridade pública de gran relevancia. Esta especie invasora, expandiuse rapidamente, afectando de maneira significativa a biodiversidade, á produción apícola e incluso á seguridade das persoas.

A Xunta de Galicia, consciente da presenza desta praga, está a desenvolver diferentes estratexias para combatela mediante medidas planificadas e coordinadas en toda Galicia. Entre estas actuacións inclúense a colocación de trampas, a eliminación de niños e campañas informativas, co obxectivo de reducir o impacto da avespa velutina.

Para o Goberno galego é unha prioridade a prevención do risco que supón esta especie.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que valoración fai o Goberno galego da campaña de prevención e control da avespa velutina desenvolvida este ano?

Asinado o día 14/07/2025 ás 10:53
Por Cristina Campero Dorado

Asinado o día 14/07/2025 ás 10:53
Por Gonzalo Trenor López

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Trenor López na data 14/07/2025 10:53:18

Cristina Campero Dorado na data 14/07/2025 10:53:32

María Deza Martínez na data 14/07/2025 10:53:44

José Luis Ferro Iglesias na data 14/07/2025 10:53:58

Rubén Lorenzo Gómez na data 14/07/2025 10:54:14

Argimiro Marnotes Fernández na data 14/07/2025 10:54:32

Carmen Pomar Tojo na data 14/07/2025 10:54:46

Roberto Rodríguez Martínez na data 14/07/2025 10:54:54

Katherinie Varela Fernández na data 14/07/2025 10:55:10



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/07/2025 10:55:30



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 10:55:29
Nº Rexistro: 28465
Data envío: 14/07/2025 10:55:29.580

CSV: BOPGDSPG-IEZoeHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Asinado o día 14/07/25
10:58
Por Paulo Ríos Santo

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego, Mercedes Queixas Zas e Paulo Ríos Santomé, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a demanda dos diferentes concellos da comarca da Coruña da mellora do servizo de transporte metropolitano por autobús.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 1 de xullo, tivo lugar un encontro entre a Xunta de Galiza e representantes dos concellos da comarca da Coruña. Neste encontro dos representantes municipais coa directora xeral de Mobilidade, Judit Fontenla, e coa delegada territorial, Belén do Campo, debatéronse as propostas que os alcaldes e alcaldesas fixeran chegar a Mobilidade hai meses.

As demandas dos concellos coinciden en gran parte coas queixas das persoas usuarias que se repiten desde hai meses, principalmente:

- falta de información actualizada;
- horarios insuficientes, especialmente nas primeiras e últimas horas do día;
- saturación do servizo, cunhas frecuencias inadecuadas para as necesidades reais da cidadanía, que provocan que os autobuses non paren se non teñen espazo, polo que en moitas ocasións unha boa parte da liña queda desatendida.
- nalgunhas liñas, estanse a utilizar vehículos inadecuados para o servizo en cuestión (nomeadamente, autobuses que corresponden á liña que comunica co aeroporto, que teñen, para facilitar o transporte das equipaxes, menos prazas das que se necesitan noutras liñas).

Asinado o día 14/07/2025 ás
10:58
Por Mercedes Queixas Zas

Asinado o día 14/07/2025 ás
10:57
Por Iria Taibo Corsanego





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Nesta reunión tratáronse principalmente as demandas dos concellos en relación coa reorganización e ampliación de liñas, para adaptalas ás necesidades reais da cidadanía. Estas necesidades mudan cos cambios de poboación e outros cambios sociais, polo que este tipo de actualizacións deberían ser habituais e normalizarse este procedemento, mentres que unha parte dos concellos (nomeadamente, os de Oleiros e Sada) denuncian que o goberno galego non está a atender as súas demandas.

O deber do goberno galego é fomentar o uso do transporte público, e para isto é fundamental protexer a súa utilidade. A comarca da Coruña é unha das máis poboadas do país, e nela danse de xeito habitual serios problemas de desprazamentos entre a cidade da Coruña e o resto de localidades, nomeadamente por motivos laborais e formativos.

O fomento do transporte colectivo tamén resulta fundamental por motivos ambientais. O número actual de desprazamentos en vehículo privado non deixa de aumentar, e un servizo público de transporte que resulta claramente deficiente non cumpre co seu deber de reducir a utilización do vehículo particular, para o que tamén cómpre ter en conta os horarios e espazos de lecer, tanto puntuais como habituais.

Por todo isto, faise imprescindible que exista un diálogo serio e aberto entre o goberno galego e os responsábeis municipais afectados, coa finalidade de atender as demandas da cidadanía e os cambios sociais que fan que sexa obrigatorio actualizar este servizo, non só os intereses das empresas concesionarias.

A cidadanía tamén debe estar informada das xestións que se fan neste sentido, e de por que se aceptan ou rexeitan as modificacións propostas polos concellos.

Por todo o exposto anteriormente fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cal é a posición do goberno galego en relación coas demandas dos concellos da comarca da Coruña e das usuarias e usuarios do autobús metropolitano no que se refire ás urxentes necesidades de actualización deste servizo?

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2025



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 14/07/2025 10:57:52

Mercedes Queixas Zas na data 14/07/2025 10:58:00

Paulo Ríos Santomé na data 14/07/2025 10:58:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 10:59:07
Nº Rexistro: 28467
Data envío: 14/07/2025 10:59:07,764

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/07/2025 10:59:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 10:59:07
Nº Rexistro: 28467
Data envío: 14/07/2025 10:59:07.764

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 14/07/2025 ás 11:03
Por Daniel Castro Ga

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Iria Taibo Corsanego, Cristina Fernández Davila e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a importancia de reverter a Xunta a actual discriminación da aprendizaxe da lingua galega na Formación Profesional.

Asinado o día 14/07/2025 ás 11:03
Por Iria Taibo Corsanego

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galiza regula a distribución das linguas vehiculares das distintas materias de estudo para dar cumprimento ao obxectivo determinado na Lei de normalización lingüística de garantir a competencia plena e en igualdade nas dúas linguas oficiais e o de acadar a adquisición dun coñecemento efectivo en lingua(s) estranxeira(s).

Neste sentido, a respecto do regulado para a formación profesional específica, ensinanzas artísticas e deportivas, o artigo 19 dispón o seguinte:

Na formación profesional específica, nas ensinanzas artísticas e nas deportivas, de grao medio ou superior, cada centro educativo, segundo o procedemento establecido no regulamento de centros, establecerá unha oferta equilibrada de materias e módulos en galego e en castelán que garanta que o alumnado acade a competencia lingüística propia do nivel nas dúas linguas oficiais.

Asinado o día 14/07/2025 ás 11:03
Por Mercedes Queixas Zas





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Na actualidade, non existe na FP, desde a FP Básica, unha oferta equilibrada que garanta a debida presenza do galego como lingua vehicular. Mesmo non existe como materia de estudo propiamente dita, do mesmo xeito que na ESO e no Bacharelato.

O novo marco legal estatal obriga a todos os ciclos medios e superiores ofertaren un módulo obrigatorio de 60 horas en lingua estranxeira.

Unha oferta docente en lingua estranxeira que a Xunta acrecentou cun novo módulo optativo de 60 horas a maiores para habilidades comunicativas en lingua estranxeira, case exclusivamente inglés como demostra a realidade da práctica docente.

Para alén de este módulo restarlle horas moi necesarias aos ámbitos profesionais, o certo é que o alumnado de ciclos formativos ten unha formación lingüística en que o galego fica desaparecido, xa que rematará calquera ciclo formativo cunha formación de 120 horas de inglés e 0 de galego.

Este agravio comparativo, para alén de conducir á perda de competencia lingüística en galego, lingua propia e oficial de Galiza, discrimina o alumnado de FP, xa que remata a súa formación profesional coa titulación equivalente ao Celga 3, mentres que o que obtén a titulación de bacharelato alcanza o Celga 4.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Como vai reverter a Xunta a actual discriminación da aprendizaxe da lingua galega na FP?

Santiago de Compostela, 2 de xuño de 2025





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 14/07/2025 11:03:32

Iria Taibo Corsanego na data 14/07/2025 11:03:37

Daniel Castro García na data 14/07/2025 11:03:43

Cristina Fernández Davila na data 14/07/2025 11:03:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 11:05:09
Nº Rexistro: 28469
Data envío: 14/07/2025 11:05:09.826

CSV: BOPGDSPG-IEZoeHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/07/2025 11:05:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 11:05:09
Nº Rexistro: 28469
Data envío: 14/07/2025 11:05:09.826

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

Oscar Insua Lema e Paulo Ríos Santomé, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a ampliación de rutas e horarios do transporte público na Costa da Morte.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

De todos é sabido que o único transporte público para mobilizar un alto número persoas na costa da morte é o autobús. É o único medio que temos a maioría dos veciños e veciñas que non teñen vehículo particular para desprazarse entre as distintas localidades da comarca e entre estas e as cidades máis próximas, A Coruña e Santiago de Compostela. Seguimos a espera de que os gobernos de Galiza e do Estado español comecen a realizar os estudos pertinentes para implantar o ferrocarril como transporte público na Costa da Morte.

Non hai moito que a Xunta de Galiza reformou e replanteou as rutas e horarios do servizo de transporte público de autobuses, co fin de optimizar e mellorar este servizo, mais non foi o caso da Costa da Morte, onde quedamos relegados a ter un peor servizo de conexións entre as localidades que conforman a comarca. Cos novos cambios quedamos en peor situación, peor que hai vinte anos na conexión da comarca con Santiago de Compostela, e máis en concreto, dende Fisterra, Cee ou Muxía á capital galega. A adxudicataria do servizo foi a empresa Monbús S.L., para realizar estas rutas, e nos horarios que ten publicados podemos comprobar a falla dun servizo directo e rápido. As distancias entre Fisterra e Santiago por estrada son de 81 Km. e dende Muxía 71 kms, polo que nun vehículo particular estas rutas realízanse no primeiro caso nunha hora e dez minutos e no segundo nunha hora escasa. No caso de Camariñas é preciso facer o transbordo en Muxía, non existindo xa conexión directa coa capital do encaixe.

Asinado o día 14/07/2025 ás
11:04
Por Paulo Ríos Santomé

Asinado o día 14/07/2025 ás
11:04
Por Oscar Insua Lema



Sen embargo, as rutas e horarios publicadas pola empresa encargada de levar a cabo este transporte de viaxeiros están moi lonxe do que os veciños e veciñas da comarca demandan. Así podemos confirmar que para ir de Fisterra a Santiago, previo paso por Cee, hai que ir por Carnota, Muros e Noia, chegando a durar a viaxe ata 3 horas. No caso da ruta que vai dende Cee por Dumbría, Pino do Val, A Pereira e Negreira, 2 horas e 18 minutos, máis só se pode coller ás 17.45 de luns a sábado. Estas circunstancias son as mesmas para as saídas dende Cee, pois é parada obrigatoria na ruta que vén de Fisterra. Na conexión entre Muxía e Santiago o tempo estimado da viaxe vai dende 1 hora 45 minutos, a ruta máis directa (Muxía, Berdoias, Baíñas, A Pereira, Negreira, Brión, Bertamiráns e Santiago), ata as 3 horas que dura a ruta entre Muxía e Santiago, que pasa por Fisterra e se dirixe de volta a compostela por Pino do Val e Negreira).

De todos é coñecido, que especialmente nos meses entre abril e outubro, coa chegada masiva de peregrinos tanto a Fisterra como a Muxía, a demanda se incrementa, reducíndose o número de prazas dispoñibles para a veciñanza, ao que se lle suma o ter que soportar os tempos excesivos de viaxe anteriormente descritos. Hai tempo que na comarca se vén demandando o establecemento de rutas máis directas coa capital galega, polo que é preciso que alo menos dúas veces ao día, pola mañá e pola tarde, durante toda a semana, se dispoñan de rutas que saian de Fisterra, vía Cee, ata Compostela, e viceversa, polo itinerario máis curto e coas paradas imprescindibles, e que a duración do traxecto non supere a hora e media, e o mesmo para o caso de Muxía- Santiago. É necesario mellorar estas conexións, en tempo e distancia, pois non é posible que unha persoa que precisa ir ao aeroporto, precise case cinco horas no peor dos casos, si opta por coller un autobús dende Fisterra ou dende Camariñas.

Cabe sinalar tamén, que a páxina web bus.gal non ten actualizadas as rutas e horarios, nin tampouco ofrece información veraz, pois un viaxeiro que pretende ir de Camariñas a Cee, e busca a ruta nesa web para ver os horarios, poderá comprobar que





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

non aparece máis conexións que entre A Ponte do porto e Cee, polo que descartaría ir dende Camariñas, cando si existen saídas dende alí. E o mesmo ocorre se buscas viaxes de Muxía a Cee, que só che ofrece a posibilidade de collelo en Caberta. un auténtico despropósito informativo do departamento de mobilidade da Consellería.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai a Consellería a incorporar na rede de transporte público novas rutas directas e máis rápidas de Fisterra e Muxía con Santiago de Compostela?

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2025



Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 14/07/2025 11:04:11

Paulo Ríos Santomé na data 14/07/2025 11:04:20



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 11:05:51
Nº Rexistro: 28471
Data envío: 14/07/2025 11:05:51.170

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/07/2025 11:05:51



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 11:05:51
Nº Rexistro: 28471
Data envío: 14/07/2025 11:05:51.170

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Secundino Fernández Fernández, Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a situación do Plan básico municipal de Viana do Bolo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Viana do Bolo é un concello situado no oriente ourensán no linde xeográfico con Castela Leon na provincia de Zamora nas terras de Porto e Pías. Estamos nun concello que ten unha poboación de 2736 habitantes, segundo o censo de 2024, nunha superficie de 256 km2, o que nos confire unha densidade de poboación duns 11 hab/km2.

Estamos nun concello que ten numerosas eivas; a modo de exemplos podemos resaltar os problemas nos servizos públicos como no tocante a sanidade, falla de pediatras ou servizos sociais tanto na atención a infancia como a falla de prazas na escola infantil, como na atención a grande cantidade de xente maior que temos como pode ser a falla dun centro de día ou a problemática co SAF. Tamén temos problemas nas infraestruturas concretamente nas vías de comunicación como a OU-533 que atravesa o concello de norte a sur incluíndo a capitalidade municipal e que se puxeron de manifesto numerosas veces a Xunta de Galiza.

Entre estas deficiencias que impiden un desenvolvemento adecuado tanto no urbano como no rústico está a inexistencia dun Plan Xeral de Ordenación Municipal.

Non imos explicar a vicisitudes do pasado para que o concello de Viana do Bolo non teña un plan xeral de ordenación municipal; o que está claro é que non se dotou deste





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

instrumento imprescindible para un bo e adecuado desenvolvemento de todas as potencialidades do noso querido concello.

A incapacidade de moitos concellos galegos de aprobar un plan xeral de ordenación municipal é pública e notoria; sexa por motivos políticos económicos, sociais ou de calquera índole. Nestes anos e anos a Xunta de Galiza mirou para outro lado e tampouco puxo os mecanismos adecuados para proceder a solucionar este grave problema.

Coa chegada da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galiza no que se regulan novas figuras como os Plans básicos municipais (PBMs), para os concellos de menos de 5.000 habitantes que non contan con planificación xeral, e cuxa formulación, tramitación e aprobación corresponde á Xunta de Galiza, en colaboración cos concellos. Esta norma parecía que ía solucionar minimamente o problema de ordenación

Con esta nova lexislación, concretamente de conformidade co disposto nos artigos 63 e 64 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galiza, e concordantes do Decreto 143/2016, do 23 de setembro, a Xunta de Galiza aprobou a redacción do plan básico municipal de Viana do Bolo, que comezou a súa tramitación.

Posteriormente a redacción do plan básico a naquela altura vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda acordou, mediante a Resolución do 23 de xaneiro de 2024, aprobar inicialmente o Plan básico municipal do Concello de Viana do Bolo, sometelo a información pública e suspender o outorgamento de licenzas por un prazo de dous anos contados desde a aprobación inicial naqueles ámbitos en que a nova ordenación do Plan básico municipal altera a ordenación vixente, segundo o recollido no resumo executivo que se integra no expediente.

En cumprimento da lexislación tamén se acordou nese mesmo día someter a información pública o Plan básico municipal do Concello de Viana do Bolo, polo prazo de





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

dous meses. Durante o referido prazo, que rematou en abril do 2024 presentáronse centos de alegacións ao plan básico.

Estamos a xullo do 2025 case ano e medio despois e a Xunta de Galiza non respondeu a estas alegacións ou reclamacións. As mulleres e homes de Viana do Bolo que presentaron estas alegacións sobre temas importantes para eles non recibiron ningunha contestación por parte da Xunta de Galiza; e o concello tampouco da ningunha explicación, de feito sempre indica o mesmo que é a Xunta quen ten que dar as explicacións oportunas

Ante esta situación totalmente pasiva e de desleixo da Xunta do PP que ten as vianesas e vianeses moi preocupados, preocupación que lle trasladaron numerosas veces ao Bloque Nacionalista Galego.

Atendendo a esta preocupación social o BNG trasladou a súa preocupación e a demanda de información ao concello de Viana, atopando como resposta evasivas e derivando a responsabilidade cara a consellería.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cantas alegacións se formularon, cando as van responder e se teñen pensado rematar e cando o plan básico municipal de Viana do Bolo?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 14/07/2025 11:49:01

Luis Bará Torres na data 14/07/2025 11:49:10

Alexandra Fernández Gómez na data 14/07/2025 11:49:22



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 11:50:09
Nº Rexistro: 28481
Data envío: 14/07/2025 11:50:09.722

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/07/2025 11:50:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 11:50:09
Nº Rexistro: 28481
Data envío: 14/07/2025 11:50:09.722

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Montserrat Prado Cores, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a asistencia médica no Centro de Saúde Trives.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo informa o Servizo Galego de Saúde o Centro de Saúde de Trives presta servizo de medicina familiar e comunitaria, enfermaría, odontoloxía e pediatría para toda a poboación do concello.

Dende hai anos a veciñanza ven manifestando o seu descontento coa precaria atención sanitaria que reciben, tanto en pediatría, cuxo facultativo se comparte con outros Centros de Saúde polo que as consultas redúcense a apenas un día a semana, non sendo obxecto de substitución no caso de baixa ou permiso do facultativo que atende semanalmente á poboación infantil de Trives e contorna; como tamén en medicina de familia e comunitaria que se ben no cadro de persoal está previsto que sexa cuberta por dúas profesionais, a realidade é que dende hai tempo só hai un profesional.

Das dúas prazas de facultativa especialista en medicina de familia dende hai tempo que só está cuberta unha, pois non se procedeu á cobertura temporal da facultativa de baixa por maternidade. A deficiente cobertura da atención médica convertese en falla total de asistencia, cando o único médico en activo dispón dun permiso ou baixa, como aconteceu hai uns días, no que a cidadanía de Trives ficou sen atención médica no Centro de Saúde.

Asinado o día 14/07/2025 ás
11:52
Por María Montserrat Prado Cores

Asinado o día 14/07/2025 ás
11:52
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

A desatención médica pode verse agravada coa chegada do verán e o notable incremento da poboación de Trives, o que unido ao eventual desfrute de vacacións do único facultativo actualmente en activo pode provocar, senón se remedia cunha axeitada planificación, un importante deterioro da calidade da asistencia médica á poboación, que non se verá compensada pola presumible reincorporación da outra médica destinada no Centro de Saúde.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas ten previsto adoptar o Goberno Galego para garantir no verán a asistencia por especialistas en medicina familiar e comunitaria no Centro de Saúde de Pobra de Trives, evitando que se reproduzan as carencias dos últimos meses?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 14/07/2025 11:52:35

María Montserrat Prado Cores na data 14/07/2025 11:52:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 11:53:21
Nº Rexistro: 28483
Data envío: 14/07/2025 11:53:21.936

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 11:53:21
Nº Rexistro: 28483
Data envío: 14/07/2025 11:53:21.936

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/07/2025 11:53:22

CSV: BOPGDSPG-IEZoeHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños e Montserrat Valcárcel Armesto, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a xestión da auga no Concello de Maside e as actuacións que debe impulsar a Xunta de Galiza a través de Augas de Galiza e da Consellaría de Sanidade para inspeccionar e fiscalizar a xestión do ciclo da auga e a seguridade sanitaria da veciñanza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A auga é un recurso imprescindible para a vida e, de aí, a importancia dunha adecuada xestión do ciclo da auga en todas as súas fases. Neste sentido, un dos grandes retos da humanidade é o abastecemento de auga potable á poboación en condicións de seguranza, dereito aínda non universalizado a escala mundial.

Hoxe en día, e máis aínda tendo en conta os retos da crise climática, un dos obxectivos principais aos que se enfrontan as administracións é dar un tratamento adecuado, eficaz e eficiente, a todo o ciclo da auga (captación, distribución, saneamento e depuración). Porén, aínda recentemente, o goberno da Xunta perdeu oportunidades de cambio, modernización e innovación coa aprobación dunha Lei do Ciclo da Auga que naceu fracasada por recadatoria, por elaborarse de costas ás necesidades do rural e non adaptarse á realidade galega e ao cambio climático. Unha lei que non buscou o consenso nin no CES nin no municipalismo galego e sen sequera cumprir o Pacto Local da Auga anunciado no 2013.

Neste sentido, cómpre recordar que as competencias relacionadas co ciclo da auga están compartidas entre os concellos, a Xunta e o Estado e que de forma singular a Xunta

Asinado o día 14/07/2025 ás
12:00
Por Montserrat Valcárcel Armesto

Asinado o día 14/07/2025 ás
12:00
Por Noa Presas Bergantiños





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

de Galiza ten unha responsabilidade que cumpre moi parcialmente canto ao apoio na planificación e no financiamento da depuración e do saneamento. Así mesmo, ten unha importante responsabilidade canto á seguranza e a vixilancia, toda vez que o goberno galego é o competente en materia sanitaria.

Recentemente o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego tivo coñecemento dunha serie de feitos graves vinculados á xestión da auga no Concello de Maside ante os que o goberno da Xunta debe actuar.

No SINAC consta analítica do 7 de febreiro de 2025, a última no momento de rexistrar esta iniciativa, que indica “auga non apta para o consumo humano”. Porén, non foi até o 2 de maio de 2025 que o Concello emitiu un bando recomendando non beber nin cociñar coa auga da traída, pero sen concretar cales parámetros incumprían nin que medidas se adoptarían. Así mesmo, o 7 de maio de 2025 medios de comunicación locais recollen a mesma advertencia sanitaria e estiman unha resolución “en dous ou tres días”. Porén, desde entón non houbo actualización oficial, non se publicou un novo bando que declare a auga de novo apta nin constan novas analíticas ou un cambio de situación. Asemade, tampouco se puxo en marcha por parte de ningunha administración unha subministración alternativa, deixando toda responsabilidade sobre a propia saúde nunha veciñanza que carece de información.

Ante a gravidade dos feitos e a falta de actuación do Concello, a Xunta de Galiza debe intervir como máxima responsable da xestión sanitaria e ao abeiro do recollido no Artigo 26º da Lei 9/2010 de Augas de Galiza que establece, verbo das “Competencias da Administración hidráulica da Comunidade Autónoma.” no seu punto “e)” que ostenta “O exercicio das funcións de inspección e control dos servizos de abastecemento, de saneamento e de depuración, en particular as relativas aos caudais circulantes, ás verteduras e á contaminación”.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Aínda que é competencia das entidades locais, de acordo co que se establece na lexislación de réxime local, a subministración de auga potable, a rede de sumidoiros e o tratamento das augas residuais, a inspección é responsabilidade da Xunta e, asemade, a lexislación recolle que “En xeral, correspóndelle á Administración hidráulica da Comunidade Autónoma de Galiza a coordinación da actuación das entidades locais nestes ámbitos e, igualmente, a regulación e o outorgamento de auxilios económicos ás devanditas entidades locais nas materias da súa competencia”.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións vai impulsar a Xunta de Galiza para fiscalizar a situación da auga potable e do ciclo da auga no Concello de Maside e garantir a saúde e seguranza do servizo para a veciñanza?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 14/07/2025 12:00:13

Montserrat Valcárcel Armesto na data 14/07/2025 12:00:22



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 12:01:14
Nº Rexistro: 28486
Data envío: 14/07/2025 12:01:14.673

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/07/2025 12:01:15



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 12:01:14
Nº Rexistro: 28486
Data envío: 14/07/2025 12:01:14.673

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Montserrat Valcárcel Armesto, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o peche do consultorio de Parga durante o verán e o futuro deste centro asistencial.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza decidiu pechar o consultorio de Parga entre os días 1 de xullo e 30 de setembro de 2025 obrigando as arredor de 1.500 persoas adscritas a el a desprazarse até o centro de saúde de Guitiriz para recibir asistencia sanitaria durante os meses de verán.

O consultorio de Parga conta con dúas persoas facultativas e unha de enfermaría que pasan consulta en días alternos –dous días á semana no caso do persoal médico-- e de luns a venres no caso de enfermaría.

Recentemente, o pleno municipal do Concello de Guitiriz posicionouse de maneira extraordinaria e unánime en contra da decisión adoptada polo Goberno do Partido Popular na Xunta e insta a Consellaría de Sanidade a reverter o peche garantindo o mantemento da asistencia sanitaria tamén no verán a través da cobertura das vacacións do persoal.

Porén, a veciñanza de Parga amosou a súa preocupación non só polo cesamento da actividade asistencial entre xullo e setembro senón polo futuro do propio consultorio toda vez que –segundo trasladaron ao G.P. do BNG-- un dos médicos prevé xubilarse e a outra persoa titular solicitou o seu traslado.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Para o Bloque Nacionalista Galego é inadmisíbel que se pechen servizos públicos esenciais, como os sanitarios, nos concellos rurais pois garanten o dereito fundamental da poboación a recibir unha asistencia sanitaria pública da máxima calidade, accesible e próxima. O peche do consultorio obriga a poboación adscrita a el a desprazarse a outro centro de saúde situado a máis de 8 quilómetros sen que exista máis medio de transporte que o particular de cada quen ou un taxi, co custe que isto leva aparelado.

Por todo o exposto fórmase a seguinte preguntas para resposta oral en Pleno:

Vai garantir a Xunta de Galiza a asistencia sanitaria no consultorio de Parga?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 14/07/2025 12:03:14

María Montserrat Prado Cores na data 14/07/2025 12:03:21

Montserrat Valcárcel Armesto na data 14/07/2025 12:03:30



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 12:04:10
Nº Rexistro: 28488
Data envío: 14/07/2025 12:04:10.013

CSV: BOPGDSPG-IEZoeHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/07/2025 12:04:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 12:04:10
Nº Rexistro: 28488
Data envío: 14/07/2025 12:04:10.013

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila e Ariadna Fernández González, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de modificar as instrucións para o curso 2025/26, garantindo apoios e reforzos de profesorado especialista para todo o alumnado NEAE.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Consellaría de Educación está a impulsar un novo curso con maiores dificultades que nos últimos 16 anos. A precarización laboral e os recortes no ensino volven caír como unha maza no alumnado, pero sobre todo naquel máis vulnerable e necesitado de apoios e reforzos, o alumnado NEAE (Necesidades Específicas de Apoio Educativo).

A Orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes en Galicia, establece que a diversidade é unha realidade social e a resposta educativa a esa diversidade debe concretarse, entre outras medidas, na oferta de recursos e medidas educativas que contribúa á participación de xeito autónomo, nunha sociedade democrática.

Polo tanto é un dereito que ten o alumnado NEAE que a administración educativa garanta unha educación de calidade para estes nenos e nenas que precisan de profesorado de reforzo e especialistas concretos para poder seguir o ritmo do resto de compañeiros/os da súa clase.

Son alumnas e alumnos matriculados en distintos centros, etapas e niveis que teñen un denominador común: todas elas e eles están diagnosticados, con informes

Asinado o día 14/07/2025 ás
12:08
Por Ariadna Fernández González

Asinado o día 14/07/2025 ás
12:08
Por Cristina Fernández Davila



médicos e tamén con informes do Orientador/a do propio Centro escolar que permiten deducir que este alumnado, máis vulnerable, precisa duns apoios concretos e cuantificados de especialistas en Pedagogía Terapéutica (algúns deles/as de xeito preferente), Audición e Linguaxe, ou inclusive necesidade de apoios por parte de Auxiliares Coidadoras/es, para poder avanzar tanto a nivel persoal como educativo.

Hai alumnado cunha gran discapacidade (superior a un 65%), ou que por sí mesmos non son quen de comunicarse e precisan axuda a través de dispositivos electrónicos comunicadores, e as direccións dos centros están a solicitar un PT preferente para cada un deles, pero estes recursos imprescindibles para a súa evolución persoal e educativa, foron denegados durante parte do curso que acaba de rematar.

O incumprimento da baixada das ratios e a falta de compromiso con todo o alumnado NEAE para os cálculos por dúas ou tres prazas na aula, fan que o titor/a non sexa quen de manexar o grupo e non realice unha atención axeitada e individualizada, por falta de tempo, para todas e todos.

Agora, coa publicación o pasado 13 de xuño de 2025, da Resolución do 5 de xuño da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria e bacharelato para o curso 2025/26, a situación empeora aínda máis para o alumnado NEAE. Deixa a este alumnado sen os apoios e reforzos que precisan para poder seguir o ritmo da clase.

É no seu capítulo VII de “**Atención á Diversidade**”, no punto 36.2.c), que a Consellería prima a atención do alumnado con Necesidades Educativas Especiais para a elaboración de adaptacións curriculares e de apoio de especialistas en Pedagogía Terapéutica ou Audición e Linguaxe, deixando de xeito moi excepcional a súa aplicación ao restante alumnado NEAE.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Esta norma deixa nunha situación de abandono a todas aquelas alumnas e alumnos que sin ter a certificación de discapacidade teñen diagnósticos claros que din necesitar apoios e reforzos educativos de especialistas no seu centro educativo para poder avanzar en igualdade de condicións co resto de alumnado.

Como consecuencia desta medida impulsada polo Goberno do PP na Xunta de Galiza a través das instrucións para o vindeiro curso escolar, non se realizou o concurso específico para postos de escolarización de alumnado de atención preferente, e moitas das prazas vacantes de especialistas PT e AL non se cubrirán neste novo curso. A alternativa na práctica vai ser que non se cubran todas as prazas que se precisen e en todo caso as que haxa sexan provisionais, deixando de atender como se debería ao alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo.

O BNG xa viña denunciando nos últimos anos a provisionalidade destes postos nos departamentos de orientación con contratos interinos, que producían o cambio da persoa de referencia para este alumnado de ano a ano, cos problemas de inseguridade, adaptación, confianza... que tiñan que voltar a xestionar con cada novo curso. Na actualidade aínda é peor esta situación, xa que o alumnado NEAE carecerá destes docentes de apoio e reforzo específico.

Toda a comunidade educativa entende perfectamente que será un ano perdido que, nestas primeiras etapas do ensino, non se volve a recuperar.

Mentres o Presidente Rueda e o Conselleiro de Educación alardean de baixas ratios nas aulas, de máis docentes e dunha inclusión do 93%, este vocabulario da linguaxe que usa o PP ultimamente deixa de ter o significado habitual e pasa a querer dicir todo o contrario. As familias afectadas cada día o saben mellor. Todas estas medidas producen unha maior desatención do alumnado con maiores necesidades e máis vulnerable e para nada é unha educación inclusiva.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que accións pensa levar a cabo a Consellaría de Educación para garantir os dereitos da comunidade educativa galega, en especial o alumnado NEAE, para garantir a axeitada atención á diversidade de todo o alumnado NEAE na aplicación das medidas ordinarias e extraordinarias que se establezan desde o centro?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 14/07/2025 12:08:07

Ariadna Fernández González na data 14/07/2025 12:08:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 12:09:01
Nº Rexistro: 28490
Data envío: 14/07/2025 12:09:01.592

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/07/2025 12:09:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 12:09:01
Nº Rexistro: 28490
Data envío: 14/07/2025 12:09:01.592

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Iria Taibo Corsanego e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a o abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a xestión por parte da Xunta de Galiza do fondo para a promoción da cinematografía en linguas cooficiais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Froito dunha emenda presentada polo BNG no Congreso e asinada conxuntamente por varios grupos parlamentarios representantes de comunidades con lingua propia dentro do Estado, incorporouse aos orzamentos para 2022 a creación dun fondo para a promoción da cinematografía en linguas cooficiais por un importe de 10,5 millóns de euros.

Esta cantidade acrecentouse até en 2024 case 12 millóns

Grazas a esta emenda recuperouse un fondo activado entre 2009 e 2011, co obxectivo de promover a produción de filmes en linguas cooficiais diferentes do castelán no Estado español e respectar, asemade, a diversidade lingüística e cultural.

A recuperación deste fondo permitiu a transferencia, a través de convenios, dunha cantidade extraordinaria aos organismos competentes das comunidades autónomas con lingua propia diferente do castelán, co obxectivo de fomentar a produción, distribución e promoción da industria cinematográfica e audiovisual en linguas cooficiais como o galego.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

No caso do audiovisual galego, a Xunta, a través da AGADIC, recibiu no reparto deste fondo anual as seguintes cantidades:

2022: 1.212.805, 03 (11,55%)

2023: 829.923,22 (8,30%)

2024: 606.096 (5,12%)

Superada a metade do ano 2025, aínda non foi publicado o reparto deste fondo, o que dificulta que a industria audiovisual galega que está a crear na nosa lingua propia e oficial, cun grande aval, recoñecemento, proxección e éxito a nivel internacional, non poida dispor deste fondo extraordinario para reforzar e avanzar no seu proxecto creativo.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Como vai efectivizar a Xunta a distribución do fondo para a promoción da cinematografía en linguas cooficiais para 2025?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 14/07/2025 12:10:57

Iria Taibo Corsanego na data 14/07/2025 12:11:09

Daniel Castro García na data 14/07/2025 12:11:20



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 12:11:59
Nº Rexistro: 28492
Data envío: 14/07/2025 12:11:59.207

CSV: BOPGDSPG-IEZoeHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/07/2025 12:11:59



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 12:11:59
Nº Rexistro: 28492
Data envío: 14/07/2025 12:11:59.207

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 12:21:52
Nº Rexistro: 28495
Data envío: 14/07/2025 12:21:52.812

Asinado o día 14/07/2025 ás 12:11
Por Roberto Rodríguez

A Mesa do Parlamento

Gonzalo Trenor López, Carmen María Pomar Tojo, María Deza Martínez, Cristina Campero Dorado, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Katherinie Varela Fernández e Roberto Rodríguez Martínez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en pleno**.

A Xunta de Galicia aprobou o novo Plan sectorial de xestión de residuos industriais de Galicia (Priga), que pretende ser un instrumento clave para abordar de maneira efectiva a xestión de residuos industriais na Comunidade ata 2030. Este plan alíñase coas directivas europeas e as estratexias de economía circular, cambio climático e enerxía, tendo como obxectivo principal facilitar a transición das empresas galegas cara a un modelo de economía circular.

Entre os obxectivos cuantitativos do Priga, destácase a redución da produción de residuos industriais nun 15% para 2025 en comparación cos niveis de 2010, contribuíndo así á contención das emisións contaminantes.

Así mesmo, promoverase o uso de materias primas recicladas no sector industrial, apoiando a economía circular e reducindo a dependencia de recursos naturais virxes.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

Cales son as principais medidas contempladas no novo Plan sectorial de xestión de residuos industriais de Galicia (Priga)?

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2025.

Asinado o día 14/07/2025 ás 12:10
Por Carmen Pomar Tojo

Asinado o día 14/07/2025 ás 12:09
Por Gonzalo Trenor López

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Trenor López na data 14/07/2025 12:09:37

Carmen Pomar Tojo na data 14/07/2025 12:10:56,14/07/2025 12:11:27

Roberto Rodríguez Martínez na data 14/07/2025 12:11:07

Cristina Campero Dorado na data 14/07/2025 12:11:49

Argimiro Marnotes Fernández na data 14/07/2025 12:12:27

Rubén Lorenzo Gómez na data 14/07/2025 12:12:56

Katherinie Varela Fernández na data 14/07/2025 12:13:08

María Deza Martínez na data 14/07/2025 12:14:23

José Luis Ferro Iglesias na data 14/07/2025 12:14:48



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/07/2025 12:21:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 12:21:52
Nº Rexistro: 28495
Data envío: 14/07/2025 12:21:52.812

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 12:26:56
Nº Rexistro: 28497
Data envío: 14/07/2025 12:26:56.244

Asinado o día 14/07/2025
12:26
Por Carmela González

Á Mesa do Parlamento

Brais Ruanova Vilas-Boas, Carmela González Iglesias, Alexandra Fernández Gómez e Ramón Fernández Alfonso, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a estratexia do Goberno Galego para facer do sector industrial da automoción un sector con futuro na Galiza.

Asinado o día 14/07/2025 ás
12:26
Por Ramón Fernández Alfonso

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector industrial da automoción no noso país leva consolidado como un sector maduro dende hai tempo, os últimos datos consolidan a Galiza na cabeza do ranking do Estado no que ten haber coa produción deste sector, representando un 21,7 % do total do Estado. Mais en datos desglosados o 2024 supuxo un retroceso en varios indicadores que amosan certas debilidades do sector que precisan da atención de quen ten as competencias exclusivas en materia de industria.

O sector pechou o 2024 cunha facturación de 12.800 millóns de euros, o que supuxo unha redución do 1,5 %, mais significativa foi a caída das exportacións onde ao peche de 2024 supuxeron 8.970 millóns de euros representando unha caída do 4,5 %.

O máis preocupante dentro da evolución deste sector é a situación do emprego, onde a clase traballadora está a asumir os custos da competitividade das empresas que se basean en custos laborais, tanto a través da devaluación das condicións laborais da matriz, como da aplicación de expedientes de regulación de emprego. Neste sentido o 2024 deixou 1.200 empregos menos no sector o que supuxo unha baixada do 5 %.

Asinado o día 14/07/2025 ás
12:25
Por Brais Ruanova Vilas-Boas





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Así e todo o Plan Director do sector aprobado polo Goberno Galego a pesar de ser anunciado como un plan froito do diálogo está tendo varias eivas que non van poñer o sector e o seu emprego no centro das transformacións do futuro. A comezar pola escasa proposta sectorial do plan, onde só cinco medidas son específicas con recursos consignados, que representan preto de 16 millóns de euros para o ano 2025. Mais onde hai están incluídas medidas de análise bianual do plan director e a estratexia de comunicación do mesmo que non son medidas de acción directa sobre o propio sector.

Tamén é salientable como, sendo as liñas de axudas e subvencións a única estratexia de política industrial da Consellería, quedaran case desertas como *Liña B das axudas extraordinarias á industria da automoción en Galicia*, onde de 8 millóns de euros iniciais só foron concedidos 392.850 euros pola baixa demanda. Este feito debería de facer rebrandexarse á propia consellería de se está a deseñar axudas para o sector que sexan de utilidade para as súas necesidades.

Paralelamente a isto está a incerteza para o emprego de empresas do sector, na súa rama auxiliar, onde empresas como Forvia Ourense ou Ankwel teñen centos de empregos en risco, onde a consellería nin tan sequera accedeu ás peticións de reunión coas traballadoras e traballadores para tentar de dar futuro a estas plantas.

panorama no sector auxiliar é alarmante en parte pola súa alta dependencia da matriz Stellantis e a deslocalización dos pedidos desta, mais tamén pola falta dunha estratexia do Goberno Galego por garantir que o sector auxiliar da automoción deixe de transformarse nos elementos máis facilmente substituíbles da cadea de valor de fabricación de vehículos.

No entanto faise preciso trazar sinerxías reais entre administración e sector para garantir que este último teña futuro no país no que ten haber co marco produtivo mais tamén na xeración de emprego de calidade.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Pensa o Goberno Galego reunirse coas traballadoras e traballadores de empresas da automoción onde hai ameazas de perda de emprego?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 14/07/2025 12:25:56

Ramón Fernández Alfonzo na data 14/07/2025 12:26:05

Carmela González Iglesias na data 14/07/2025 12:26:13

Alexandra Fernández Gómez na data 14/07/2025 12:26:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 12:26:56
Nº Rexistro: 28497
Data envío: 14/07/2025 12:26:56.244

CSV: BOPGDSPG-IEZoeHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/07/2025 12:26:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 12:26:56
Nº Rexistro: 28497
Data envío: 14/07/2025 12:26:56.244

CSV: BOPGDSPG-IEZoeHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Iria Taibo Corsanego, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a o abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a inclusión da docencia da lingua galega no Sistema de Escolas Europeas.

Asinado o día 14/07/2025 ás 12:32
Por Iria Taibo Corsanego

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O galego é a lingua propia e oficial de Galiza, mais tamén é unha lingua en proceso de normalización.

Para avanzar neste camiño de restitución de usos para a lingua galega, como lingua de pleno dereito, desde o BNG defendemos o seu uso sen exclusións en todos os ámbitos.

O avance da presenza do galego en novos espazos de comunicación, nomeadamente aqueles de maior prestixio e uso social, constitúe para o BNG un obxectivo irrenunciábel como estratexia que impulse o mantemento dos galegofalantes na súa lingua inicial e habitual e convide a se incorporar nela novos falantes, pasos imprescindíbeis para mudar a actual situación de emerxencia lingüística que confirmou recentemente o IGE.

É por iso que desde o BNG impulsamos avances no uso pleno do galego nas institucións onde estaba ausente como o Congreso, o Senado e as institucións europeas que, no entanto, contaron sempre co voto en contra do grupo parlamentario do Partido Popular e coa xustificación por parte do propio Presidente da Xunta, Alfonso Rueda.

Asinado o día 14/07/2025 ás 12:32
Por Mercedes Queixas Zas





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Conscientes da importancia destes avances para o futuro do galego como lingua viva e útil, desde o grupo parlamentario do BNG entendemos que é fundamental facer accesíbel o seu coñecemento tamén desde o Sistema de Escolas Europeas.

A partir de setembro de 2026, os nenos e nenas que cursen estudos nas Escolas Europeas, poderán escoller como lingua vehicular, ademais de calquera das linguas oficiais da Unión Europea, o catalán.

No BNG somos conscientes da demanda existente de estudos de galego nas Escolas Europeas por parte de alumnado de orixe galega, o que até o de agora era imposíbel, mais entendemos que si é viábel a partir de agora para as demais linguas cooficiais do Estado como acaba de selo para o catalán.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Comprométese a Xunta a solicitarlle ao goberno do Estado a inclusión da docencia da materia de lingua galega como ONL no Sistema de Escolas Europeas?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 14/07/2025 12:32:17

Iria Taibo Corsanego na data 14/07/2025 12:32:23

Daniel Castro García na data 14/07/2025 12:32:30



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 12:33:04
Nº Rexistro: 28500
Data envío: 14/07/2025 12:33:04.049

CSV: BOPGDSPG-IEZoeHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/07/2025 12:33:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 12:33:04
Nº Rexistro: 28500
Data envío: 14/07/2025 12:33:04.049

CSV: BOPGDSPG-IEZoeHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Brais Ruanova Vilas-Boas e Iria Taibo Corsanego, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre sobre o papel do Goberno Galego na demanda ao Goberno Central verbo da creación dun Punto de Coordinación Transfronteiriza na fronteira galego-portuguesa no marco do Regulamento 2025/925 do Parlamento Europeo e do Consello relativo a un instrumento para o desenvolvemento e o crecemento das rexións fronteirizas (BRIDGEforEU).

Asinado o día 14/07/2025 ás
12:34
Por Iria Taibo Corsanego

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza e o Norte de Portugal están unidos por uns lazos históricos, culturais, sociais e económicos moi estreitos, resultantes dunha longa compartición de territorios, tradicións e identidades. Estes lazos seguen hoxe en día facendo do seu espazo transfronteirizo un dos máis dinámicos no económico e no social de toda a UE, sendo significativo que o tránsito de vehículos entre Galiza e Portugal iguala ao do resto da fronteira que o país luso ten co Estado español.

Existindo estas relacións tan estreitas, faise preciso dotarnos de instrumentos que melloren a prestación de servizos compartidos, de planificación de infraestruturas e de rexeración ambiental mentres se avanza na superación das barreiras administrativas existentes nas zonas transfronteirizas.

As diferenzas de desenvolvemento que experimentan os territorios fronteirizos poden atribuírse a barreiras fundamentais, moitas veces estruturais, ás que se enfrontan, incluíndo obstáculos lexislativos, regulamentarios e territoriais-administrativos, así como

Asinado o día 14/07/2025 ás
12:34
Por Brais Ruanova Vilas-Boas





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

ás diferenzas normativas en materia de impostos, tarifas e estándares teñen un impacto significativo nas empresas situadas en territorios transfronteirizos.

A cidadanía, as empresas e as administracións públicas destas rexións enfróntanse a desafíos derivados de diferentes estándares técnicos, procedementos administrativos e marcos legais a ambos lados da fronteira. Isto afecta o desenvolvemento de infraestruturas transfronteirizas ou de proxectos de servizos públicos, como o acceso á sanidade e aos servizos de emerxencia, a coordinación da resposta ante desastres ou os proxectos de infraestrutura conxuntos. Abordar estes obstáculos mellorará o funcionamento do mercado único da UE e proporcionará un mellor acceso a servizos e oportunidades económicas tanto para a cidadanía como para as empresas.

Estímase que, se abordáramos tan só o 20 % dos obstáculos legais e administrativos existentes, o PIB das rexións fronteirizas aumentaría un 2 % e crearíanse máis de un millón de empregos. Estas cifras poñen de manifesto a necesidade urxente de establecer e reforzar mecanismos de gobernanza que apoién o crecemento socioeconómico, melloren a prestación de servizos públicos e incrementen a calidade de vida nas rexións fronteirizas.

O recentemente aprobado Regulamento 2025/925 do Parlamento Europeo e do Consello relativo a un instrumento para o desenvolvemento e o crecemento das rexións fronteirizas (BRIDGEforEU) do que foi co-relatora a eurodeputada galega do BNG, Ana Miranda Paz, establece un marco de coordinación que fixa as disposicións xerais e mecanismos procedementais para que os Estados membros poidan abordar un obstáculo que dificulte a planificación, o desenvolvemento, a dotación de persoal, o financiamento ou a execución dun proxecto conxunto da UE nun contexto transfronteirizo.

O Regulamento BRIDGEforEU ofrece unha oportunidade histórica para mellorarmos as relacións económicas, sociais e culturais entre Galiza e o norte de Portugal. O establecemento do Regulamento BRIDGEforEU vai permitir os habitantes





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

de ámbolos dous lados da Raia de poderen iniciar procedementos para resolver obstáculos administrativos e legais que dificulten ou aumenten o custo de vida por mor de viviren nun territorio transfronteirizo con fondos lazos históricos, culturais e lingüísticos como a fronteira galego-portuguesa.

Dito Regulamento inclúe a posibilidade de establecer Puntos de Coordinación Transfronteiriza, un novo servizo que avaliará as solicitudes dos actores locais sobre obstáculos potenciais e actuará de ligazón coas autoridades dos Estados Membros para abordalos.

Cómpre que Galiza, como nación ligada a Portugal, conte cun destes puntos de coordinación, os cales poden supoñer un avance na superación de barreiras administrativas entre os dous países, o galego e o portugués; e non é menos importante que dito punto de coordinación teña unha ubicación axeitada no treito internacional do río Miño por ser esta unha zona de alto intercambio social, económico, cultural e de coperación.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Como e cando vai activar o Goberno Galego a demanda ao Goberno do Estado verbo da creación dun Punto de Coordinación Transfronteiriza, co fin de cumprir as obrigas do Regulamento 2025/925 do Parlamento Europeo e do Consello relativo a un instrumento para o desenvolvemento e o crecemento das rexións fronteirizas (BRIDGEforEU), na fronteira galego-portuguesa?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 14/07/2025 12:34:36

Iria Taibo Corsanego na data 14/07/2025 12:34:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 12:35:14
Nº Rexistro: 28502
Data envío: 14/07/2025 12:35:14.083

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/07/2025 12:35:14



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 12:35:14
Nº Rexistro: 28502
Data envío: 14/07/2025 12:35:14.083

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadana Fernández González e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A porcentaxe da poboación galega de máis de 65 anos xa é superior ao 30% da total do país mais, estes datos son amplamente desbordados nas zonas de carácter rural onde a crise demográfica, que afecta especialmente ao interior galego, deixa un nivel de avellentamento e de taxas de natalidade preocupantes en comarcas coma a do Deza Tabeirós e Terra de Montes.

O grave descenso poboacional da devandita comarca, reflectido de xeito claro en concellos coma o de Agolada, Forcarei ou Rodeiro, e do que tampouco se libran outros de maior tamaño, revela a fonda crise demográfica que atravesa, agravada pola marcha da xente nova que ten alí as súas orixes cara vilas de maior tamaño ou cidades e que deixa imaxes nas que mais do 40% da poboación supera os 65 anos de idade confirmando que, de non tomarse medidas, o rural galego corre o perigo de ficar baleiro.

Factores coma a ampla dispersión xeográfica, a densidade poboacional de 20 habitantes por quilómetro cadrado, ou un crecemento vexetativo menor ao 10% sitúan a concellos de pequeno tamaño nunha deriva que o propio Consello de Contas advirte que só aplacará cunha boa oferta e prestación de servizos por parte do goberno da Xunta de Galiza, onde a poboación poida gozar das mesmas facilidades viva onde viva, con definicións claras e plans concretos no caso das localidades en reto demográfico coma a de Rodeiro.

Asinado o día 14/07/2025 ás
12:39
Por Olalla Rodil Fernández

Asinado o día 14/07/2025 ás
12:39
Por Ariadna Fernández González





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Un deses servizos de vital importancia e o que máis usuarios concentra na totalidade do país, é o Servizo de Axuda no Fogar (SAF), cada vez máis demandado en Galiza pola necesidade de conciliar das familias sumada á nosa esperanza de vida, unha das maiores do conxunto do estado. Este servizo, prioritario para os nosos maiores, está a ser sostido en grande parte polos concellos do país, que ven moi minguados os seus orzamentos ao ter que financialo a través dunhas contías que non lles corresponden e que, no caso dos concellos de menos de 20.000 habitantes dan lugar a unha inestabilidade e escaseza de recursos que impiden levar a cabo outros proxectos tamén necesarios para veciños e veciñas.

O resultado destas políticas de infrafinanciamento local, cun claro desmantelamento do sistema de coidados e dependencia por parte da Consellería de Política Social, aféctalle especialmente a concellos de pequeno tamaño e poboación envellecida, coma é o caso de Rodeiro. Ao igual que ocorre no resto do país, o concello está a asumir competencias que non lle son propias, xestionando servizos sen garantir a achega económica necesaria para facelo, aumentando a inestabilidade orzamentaria e poñendo en risco o benestar e a calidade do servizo que se lle oferta aos usuarios de Rodeiro.

No actual sistema de financiamento do SAF hai varios módulos, a través dos cales a Xunta de Galiza aporta para a prestación do servizo 12 euros/ hora, incumprindo abertamente a Lei de Dependencia, que deixa claro que dende o Goberno Galego e o Goberno do Estado deben financiar o 100% dos custos derivados do SAF. Mentres, a contía restante están a asumila os concellos e as persoas usuarias a través do copago en función da súa renda e patrimonio. Desta maneira os concellos son quen lle fan fronte á maior parte dos gastos, asumindo a práctica totalidade do que resta ata os 21-23 euros que dende o Colexio de Traballo Social indican que é o custe da hora de traballo, con efectos moi negativos sobre a súa capacidade económica.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Non entanto, e aínda que ningún dos gobernos cumpren coas súas obrigas, a Xunta de Galiza foi quen de iniciar expedientes por incumprimento do servizo a diversos concellos galegos, entre os que se atopa Rodeiro. Nada se coñece sobre o compromiso do presidente da Xunta de fai un ano, onde se confirmaba pola súa parte que era necesario aumentar a contía aportada pola administración autonómica e se comprometía a facelo, sen que se saiba nada diso actualmente e cunha situación cada vez máis preocupante por parte dos concellos de menor tamaño coma o que se está a tratar, asfixiados por gastos impropios, onde no caso de Rodeiro tamén asumen a maior parte dos gastos derivados do PAI que presta atención ás crianzas do concello.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera a Xunta de Galiza que está garantindo o correcto funcionamento do SAF en Rodeiro coas contías que lle achega ao concello para levar a cabo este servizo?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 14/07/2025 12:39:09

Olalla Rodil Fernández na data 14/07/2025 12:39:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 12:40:37
Nº Rexistro: 28504
Data envío: 14/07/2025 12:40:37.425

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/07/2025 12:40:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 12:40:37
Nº Rexistro: 28504
Data envío: 14/07/2025 12:40:37.425

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral nen Pleno**, sobre a matriculación nas casas niño.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As casas niño, creadas coma un recurso de conciliación en concellos de menos de 5000 habitantes, son actualmente mais de cen no noso país, implantadas especialmente en Ourense e Lugo, onde contan con mais de medio cento e case trinta respectivamente, favorecidas pola mingua de habitantes dos concellos de pequeno tamaño con escaso número de nacementos, onde a crise demográfica deixa datos de poboación e envellecemento preocupantes.

O funcionamento deste servizo, en mans de mulleres autónomas maioritariamente, depende exclusivamente da concesión dunha axuda por parte da Consellería de Política Social como único ingreso destas traballadoras, que fan fronte a todos os gastos derivados da atención ás crianzas de entre 0 e 3 anos de idade cunha contía menor a 30.000 euros, sempre que se adapten ás condicións que se lle requiren por parte da administración. Entre estes están os derivados do consumo enerxía, da cotización no réxime de autónomos ou os relativos ao local, cuxo custe asumen as titulares, a excepción daqueles que son cedidos, nalgúns casos en instalacións propias ou inmediatas aos centros educativos destes concellos, coma por exemplo no caso de Samos ou Dozón.

A continuidade destes centros educativos debера ser prioritaria para o goberno galego, ao igual que o é para os docentes e traballadoras que os escollen co obxecto de

Asinado o día 14/07/2025 ás
12:39
Por Olalla Rodil Fernández

Asinado o día 14/07/2025 ás
12:39
Por Ariadna Fernández González





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

desenvolverse laboralmente, ofertando un servizo educativo chave para os pequenos concellos. Unha das medidas que favorecería o mantemento do nivel de alumnado matriculado nestes centros, normalmente de carácter máis rural, é que as crianzas que teñen irmáns nos centros educativos, teñan prioridade no acceso ás prazas de casas niño presentes no mesmo concello, favorecendo a loxística das familias que decidan matricular aos seus nenos e nenas en centros educativos de pequeno tamaño, co que iso implica na súa pervivencia.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Prevé a Xunta de Galiza priorizar na matriculación das casas niño, a maiores dos criterios xa existentes, ás crianzas que teñen irmáns escolarizados nos centros educativos do mesmo concello?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 14/07/2025 12:39:42

Olalla Rodil Fernández na data 14/07/2025 12:39:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 12:41:15
Nº Rexistro: 28506
Data envío: 14/07/2025 12:41:15.920

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/07/2025 12:41:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 12:41:15
Nº Rexistro: 28506
Data envío: 14/07/2025 12:41:15.920

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



A Mesa do Parlamento

Gonzalo Trenor López, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Roberto Rodríguez Martínez e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en pleno.**

A Xunta de Galicia investirá preto de 25 millóns de euros na construción e xestión da primeira planta pública de clasificación de residuos téxtiles, que se localizará na Complexo Medioambiental de Sogama, en Cerceda, e terá capacidade para procesar 3.000 toneladas anuais, coa posibilidade de ampliarse ata, aproximadamente, as 24.000 toneladas por ano.

A construción e a xestión integral da planta licitouse por 24.950.145,45€. A previsión do Goberno galego é que a nova planta, que constitúe un dos eixos do Plan estratéxico de Sogama para o período 2025-2030, poida estar rematada e lista para funcionar en xuño de 2026.

Esta nova instalación inclúese no proxecto estratéxico do Goberno autonómico para impulsar un hub ou polo téxtil, cunha rede de infraestruturas que axude a atraer investimentos, empresas e iniciativas relacionadas cun sector que, nos próximos anos, realizará unha forte aposta pola reciclaxe e a innovación.

É polo que, as deputadas e deputados asinantes do Grupo Parlamentario Popular de Galicia formulan a seguinte pregunta:

- Que valoración fai o Goberno galego da primeira planta pública de clasificación de residuos téxtiles localizada no Complexo Medioambiental de Sogama, en Cerceda?

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2025.

Asinado o día 14/07/2025 ás
12:44
Por Carmen Pomar Tojo

Asinado o día 14/07/2025 ás
12:43
Por Gonzalo Trenor López



Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Trenor López na data 14/07/2025 12:43:51,14/07/2025 12:49:06

Carmen Pomar Tojo na data 14/07/2025 12:44:34

José Luis Ferro Iglesias na data 14/07/2025 12:44:50,14/07/2025 12:45:18

Cristina Campero Dorado na data 14/07/2025 12:45:35

Rubén Lorenzo Gómez na data 14/07/2025 12:50:06

Argimiro Marnotes Fernández na data 14/07/2025 12:50:26

Roberto Rodríguez Martínez na data 14/07/2025 12:50:41

Katherinie Varela Fernández na data 14/07/2025 12:50:49



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/07/2025 12:54:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 12:54:27
Nº Rexistro: 28508
Data envío: 14/07/2025 12:54:27.628

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





A Mesa do Parlamento

Gonzalo Trenor López, Carmen María Pomar Tojo, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, José Luis Ferro Iglesias, Argimiro Marnotes Fernández, Katherine Varela Fernández e Roberto Rodríguez Martínez deputada e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en pleno**.

Galicia por fin xestiona, desde o pasado 1 de xullo, o seu litoral, despois de que a Xunta, tras largos meses de intenso traballo e grazas á constancia do Goberno galego neste asunto prioritario para a nosa comunidade autónoma, conseguira que o Estado transfira as funcións e servizos, un proceso longo no que a Xunta tivo que sufrir o paso de pelota deste asunto entre ministerios e a falta dunha resposta clara.

A primeira vez que o presidente da Xunta reclamou a transferencia a Sánchez do litoral foi en xullo do 2022. Ante tal negativa, Galicia non se deu por vencido e en xullo de 2023, o Parlamento galego aprobou a Lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia (Loxilga), unha norma que converteu a Galicia na primeira comunidade española que regulaba mediante lei o seu litoral en toda a súa extensión. É dicir, tanto mar dentro como terra dentro.

En Galicia, polo tanto, somos líderes na xestión integral da nosa costa grazas ao deseño e aprobación desta Lei.

A costa galega ordenouse desde un triplo perspectiva tal como establece a Unión Europea, é dicir, desde unha perspectiva social, económica e medioambiental.

Foi unha normativa que naceu do profundo convencemento de que o Estatuto de Autonomía outorgaba á nosa Comunidade Autónoma a competencia para legislar sobre o noso litoral, sen necesidade de modificar o Estatuto.

Tras a súa aprobación no Parlamento de Galicia, sen un só voto en contra, foi recorrida de inconstitucionalidade polo Goberno Central, pero o Tribunal Constitucional declarou constitucionais 70 dos 72 preceptos recorridos.

Acadar este fito histórico para Galicia responde única e exclusivamente a un completo traballo desenvolvido polo Goberno galego en defensa dos lexítimos intereses de Galicia e ao obxectivo que se marcou a Xunta hai meses: ordenar de forma integrada





a costa, ofrecendo seguridade xurídica a todos os que viven nela. Garantindo, desta forma, a función social da costa galega. E consolidando o futuro do noso litoral, dos seus valores naturais, patrimoniais, paisaxísticos e económicos.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia presentan a seguinte pregunta oral:

-Cal é o cronograma que o Goberno galego ten deseñado para a xestión integral do litoral e en que fase se atopa cada unha das iniciativas propostas?

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2025.



Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Trenor López na data 14/07/2025 13:19:59
Roberto Rodríguez Martínez na data 14/07/2025 13:20:06
Katherinie Varela Fernández na data 14/07/2025 13:20:26
Cristina Campero Dorado na data 14/07/2025 13:20:50
Argimiro Marnotes Fernández na data 14/07/2025 13:21:11
Rubén Lorenzo Gómez na data 14/07/2025 13:21:33
Carmen Pomar Tojo na data 14/07/2025 13:22:44
María Deza Martínez na data 14/07/2025 13:23:01
José Luis Ferro Iglesias na data 14/07/2025 13:24:08



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/07/2025 13:24:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 13:24:55
Nº Rexistro: 28510
Data envío: 14/07/2025 13:24:55,977

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 13:39:46
Nº Rexistro: 28512
Data envío: 14/07/2025 13:39:46,558

Asinado o día 14/07/2025
13:35
Por Katherine Varela

A Mesa do Parlamento

Gonzalo Trenor López, Carmen María Pomar Tojo, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, José Luis Ferro Iglesias, Argimiro Marnotes Fernández, Katherine Varela Fernández e Roberto Rodríguez Martínez deputada e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en pleno**.

A Xunta ten actualizada a plataforma ambiental GalA, que permite dixitalizar integralmente a xestión dos residuos en Galicia, desde a súa orixe ata o destino final. Con esta iniciativa, que conta cun orzamento de preto de un millón de euros cofinanciado polo Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da UE, a Xunta de Galicia dá un paso máis no seu compromiso coa economía circular, coa modernización tecnolóxica e coa loita contra o cambio climático.

Esta ferramenta, que consolidará a Galicia como referente estatal en innovación ambiental, permitirá ás administracións, aos produtores e aos xestores contar con datos en tempo real e operar cun modelo 100 % dixital, facilitando o cumprimento da normativa, reducindo a burocracia e impulsando a competitividade do tecido produtivo galego.

Desde o Grupo Popular queremos poñer en valor o compromiso decidido do Goberno galego por converter a nosa comunidade nun líder en dixitalización e sustentabilidade ambiental.

Por todo isto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

Podería o Goberno galego detallar cales serán os principais pasos e prazos previstos para a posta en marcha da plataforma ambiental GalA (iniciativa pioneira) así como os mecanismos de coordinación cós distintos axentes implicados para consolidar o liderado galego neste ámbito e garantir que o proxecto cumpra cós obxectivos de economía circular, eficiencia e modernización da xestión ambiental?

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2025.

Asinado o día 14/07/2025 ás
13:35
Por Roberto Rodríguez Martínez

Asinado o día 14/07/2025 ás
13:35
Por Gonzalo Trenor López

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Trenor López na data 14/07/2025 13:35:29

Roberto Rodríguez Martínez na data 14/07/2025 13:35:36

Katherinie Varela Fernández na data 14/07/2025 13:35:52

Cristina Campero Dorado na data 14/07/2025 13:36:07

Argimiro Marnotes Fernández na data 14/07/2025 13:36:28

Rubén Lorenzo Gómez na data 14/07/2025 13:36:46

José Luis Ferro Iglesias na data 14/07/2025 13:37:54



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 13:39:46
Nº Rexistro: 28512
Data envío: 14/07/2025 13:39:46,558

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/07/2025 13:39:47

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 28514
Data envío: 14/07/2025 14:03:07,098

Asinado o día 14/07/2025
13:56
Por Katherine Varela

A Mesa do Parlamento

Gonzalo Trenor López, Carmen María Pomar Tojo, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, José Luis Ferro Iglesias, Argimiro Marnotes Fernández, Katherine Varela Fernández e Roberto Rodríguez Martínez deputada e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en pleno**.

O Goberno galego recorrerá aos tribunais para impugnar a decisión do Estado de non iniciar un procedemento de esixencia de responsabilidade ambiental polo incidente provocado pola vertedura de pellets do Toconao.

O accidente do buque Toconao exixiu á comunidade autónoma un amplo despregue de medios por terra, mar e aire e un gasto estimado de máis de 2,3 millóns de euros.

E dado que o suceso causante dos danos ocasionados á ribeira do mar polo verquido dos pellets foi un verquido desde mar a mar, a Administración competente tanto para actuar contra o dito verquido como para esixir a recuperación dos costes incorridos é a Administración xeral do Estado del Estado.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

Pode detallar o Goberno galego as xestións levadas a cabo para solicitar ao Goberno Central a apertura deste procedemento de esixencia de responsabilidade ambiental e os motivos polos que ten decidido acudir á Xustiza?

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2025.

Asinado o día 14/07/2025 ás
13:56
Por Roberto Rodríguez Martínez

Asinado o día 14/07/2025 ás
13:56
Por Gonzalo Trenor López

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Trenor López na data 14/07/2025 13:56:20
Roberto Rodríguez Martínez na data 14/07/2025 13:56:29
Katherinie Varela Fernández na data 14/07/2025 13:56:39
Cristina Campero Dorado na data 14/07/2025 13:56:52
Argimiro Marnotes Fernández na data 14/07/2025 13:57:14
Rubén Lorenzo Gómez na data 14/07/2025 13:57:37
José Luis Ferro Iglesias na data 14/07/2025 13:57:54
Carmen Pomar Tojo na data 14/07/2025 13:58:11
María Deza Martínez na data 14/07/2025 13:59:23



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/07/2025 14:03:07



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 28514
Data envío: 14/07/2025 14:03:07.098

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 28515
Data envío: 14/07/2025 14:22:22.565

Asinado o día 14/07/2025 ás 14:13
Por Manuel Santos C

Á Mesa do Parlamento

Cristina Sanz Arias, Rubén Lorenzo Gómez, Gonzalo Trenor López, Manuel Santos Costa, Juan Manuel Casares Gándara, Miguel Fidalgo Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, José Alberto Pazos Couñago e Noelia Pérez López, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**

No actual contexto económico e empresarial, a simplificación de trámites administrativos e o acceso áxil á información constitúen factores clave para a competitividade e o desenvolvemento de proxectos empresariais. Así, a burocracia excesiva é unha das principais barreiras para a creación e a consolidación de empresas, especialmente para as pequenas e medianas empresas (pemes) e para as persoas traballadoras autónomas.

De feito, as pemes, así como as persoas traballadoras autónomas, enfróntanse, a miúdo, a unha maraña de procedementos burocráticos complexos e dispersos que retardan a posta en marcha e o crecemento das súas iniciativas. Ademais, a transformación dixital e a implementación de mecanismos de tramitación simplificada debe ir da man dun modelo de atención próximo e personalizado. Non basta con dixitalizar procesos se estes seguen sendo complexos ou se as persoas emprendedoras e empresarias non atopan un acompañamento axeitado.

Por iso, contar cun mecanismo eficaz que centralice e facilite o acceso á información ás empresas resulta esencial para a promoción do emprendemento, a consolidación do tecido empresarial e a atracción de novos investimentos. Neste sentido, concibiuse a Oficina Económica de Galicia, dependente do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Cal é o balance do funcionamento da Oficina Económica de Galicia?

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2025

Asinado o día 14/07/2025 ás 14:13
Por Rubén Lorenzo Gómez

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



Asinado dixitalmente por:

Rubén Lorenzo Gómez na data 14/07/2025 14:13:02
Gonzalo Trenor López na data 14/07/2025 14:13:14
Manuel Santos Costa na data 14/07/2025 14:13:29
Juan Manuel Casares Gándara na data 14/07/2025 14:13:43
Miguel Fidalgo Iglesias na data 14/07/2025 14:14:00
Julio García Comesaña na data 14/07/2025 14:14:12
Patricia García González na data 14/07/2025 14:14:34
Alberto Pazos Couñago na data 14/07/2025 14:15:13
Noelia Pérez López na data 14/07/2025 14:15:32
Cristina Sanz Arias na data 14/07/2025 14:15:48



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/07/2025 14:22:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 28515
Data envío: 14/07/2025 14:22:22.565

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 16:48:24
Nº Rexistro: 28524
Data envío: 14/07/2025 16:48:24.706

Asinado o día 14/07/2025 ás 16:40
Por Manuel Santos C

Á Mesa do Parlamento

Rubén Lorenzo Gómez, Gonzalo Trenor López, Manuel Santos Costa, Juan Manuel Casares Gándara, Miguel Fidalgo Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, José Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e Cristina Sanz Arias, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**

O proxecto Gama que a multinacional Altri deseñou para a localidade lucense de Palas de Rei -a través de Greenfiber- aspira a converterse na primeira fábrica de fibras téxtiles biodegradables de Galicia.

Máis en concreto, trátase dunha iniciativa, pioneira a nivel mundial, para a produción de lyocell, unha fibra téxtil elaborada a partir de celulosa procedente de madeira, que neste caso proviría de eucalipto galego certificado.

De superar o proceso de avaliación ambiental e implantarse, situará a Galicia na vangarda dunha nova industria capaz de pechar o ciclo produtivo da madeira e baseada na sustentabilidade e na innovación, en liña coas directrices da Unión Europea.

Concibida como un modelo integral, na que a produción da pasta soluble servirá para fornecer á produción de lyocell, prevé utilizar eucalipto procedente dos montes galegos, asumindo unha oferta que na actualidade se comercializa fóra de Galicia.

Servirá, en consecuencia, como pulo para dinamizar o tecido industrial de Galicia, fomentando a xeración de maiores beneficios económicos e de sustentabilidade en dous sectores estratéxicos para nosa comunidade, como son o forestal e o téxtil.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Que beneficios traerá aparellada a posta en marcha, de ser o caso, da primeira fábrica de fibras téxtiles biodegradables en Galicia sobre o tecido industrial galego?

Asinado o día 14/07/2025 ás 16:40
Por Gonzalo Trenor López

Asinado o día 14/07/2025 ás 16:39
Por Rubén Lorenzo Gómez

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



Asinado dixitalmente por:

Rubén Lorenzo Gómez na data 14/07/2025 16:39:05
Gonzalo Trenor López na data 14/07/2025 16:40:11
Manuel Santos Costa na data 14/07/2025 16:40:30
Juan Manuel Casares Gándara na data 14/07/2025 16:40:44
Miguel Fidalgo Iglesias na data 14/07/2025 16:40:53
Julio García Comesaña na data 14/07/2025 16:41:05
Patricia García González na data 14/07/2025 16:41:16
Alberto Pazos Couñago na data 14/07/2025 16:41:40
Noelia Pérez López na data 14/07/2025 16:41:54
Cristina Sanz Arias na data 14/07/2025 16:42:10



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/07/2025 16:48:25



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 16:48:24
Nº Rexistro: 28524
Data envío: 14/07/2025 16:48:24.706

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 17:24:33
Nº Rexistro: 28528
Data envío: 14/07/2025 17:24:33.140

Asinado o día 14/07/2025 ás 17:22
Por José Luis Ferro Iglesias

Á Mesa do Parlamento

Roberto Rodríguez Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, Argimiro Marnotes Fernández, Roberto Rodríguez Martínez, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas dirixiu diversas comunicacións ao Goberno de España na que se trasladaba a preocupación pola situación da transferencia da AP-9, a suba das peaxes así como para solicitar información sobre a apertura do expediente por parte da Comisión Europea para o estudo das prórrogas do contrato de concesión que actualmente rexe para esta infraestrutura.

Ante a falta de resposta e baixo o convencemento de que cómpre seguir avanzando no compromiso asumido pola Xunta de Galicia para lograr unha AP9 galega que permita levar adiante unha xestión máis eficiente e apegada ao territorio, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

Asinado o día 14/07/2025 ás 17:22
Por Carmen Pomar Tojo

1. Que valoración lle merece ao Goberno galego o posicionamento do Presidente do Goberno de España, Pedro Sánchez, ante as solicitudes de información e reunión por parte da Xunta de Galicia?

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2025

Asinado o día 14/07/2025 ás 17:22
Por Roberto Rodríguez Martínez

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



Asinado dixitalmente por:

Roberto Rodríguez Martínez na data 14/07/2025 17:22:05

Carmen Pomar Tojo na data 14/07/2025 17:22:20

José Luis Ferro Iglesias na data 14/07/2025 17:22:37

Cristina Campero Dorado na data 14/07/2025 17:22:53

María Deza Martínez na data 14/07/2025 17:23:11

Argimiro Marnotes Fernández na data 14/07/2025 17:23:46

Gonzalo Trenor López na data 14/07/2025 17:23:58

Katherinie Varela Fernández na data 14/07/2025 17:24:07



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/07/2025 17:24:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 17:24:33
Nº Rexistro: 28528
Data envío: 14/07/2025 17:24:33.140

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 17:41:50
Nº Rexistro: 28530
Data envío: 14/07/2025 17:41:50,207

Asinado o día 14/07/25
17:39
Por José Luis Ferro IG

Á Mesa do Parlamento

Roberto Rodríguez Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, Argimiro Marnotes Fernández, Rubén Lorenzo Gómez, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

Galicia leva 16 anos reclamando a transferencia da AP-9, iniciativa que aglutina un amplo consenso social e político que despois choca coa posición obstrucionista da Mesa do Congreso dos deputados. O Goberno de coalición entre PSOE e Sumar seguen impoñendo o seu control na Mesa do Congreso para dilatar un debate que acumula xa 38 prórrogas no que levamos de lexislatura, e 53 desde que Pedro Sánchez é presidente do Goberno. Tampouco o BNG, que apoiou a investidura de Pedro Sánchez baixo a promesa de facer efectivo este traspaso, é quen de forzar ao Executivo central a cumprir este obxectivo, sen que este manifesto incumprimento teña consecuencias políticas.

Desde a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) vén convocaron unha xuntanza para esixir que a AP-9 sexa gratuíta e que os galegos non sigan pagando por imposición do Goberno Sánchez as autoestradas máis caras de España. Como é lóxico calquera iniciativa que teña por obxecto perseverar na reclamación ao Executivo central para que aborde as cuestións relativas á AP-9 con maior seriedade e transparencia, merecen todo o apoio. Con todo, resulta rechamante que a Fegamp, presidida por un alcalde socialista, sexa incapaz de reclamar dentro do seu partido ao Goberno de Sánchez que asuma o compromiso que prometeron durante a campaña electoral.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

1. Que valoración fai o Goberno galego respecto da actitude obstrucionista que protagonizan o Goberno de España e a Mesa do Congreso dos Deputados en relación coa transferencia da AP-9?

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2025

Asinado o día 14/07/2025 ás
17:38
Por Roberto Rodríguez Martínez

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



Asinado dixitalmente por:

Roberto Rodríguez Martínez na data 14/07/2025 17:38:59

Carmen Pomar Tojo na data 14/07/2025 17:39:12

José Luis Ferro Iglesias na data 14/07/2025 17:39:26

Cristina Campero Dorado na data 14/07/2025 17:39:39

María Deza Martínez na data 14/07/2025 17:39:49

Argimiro Marnotes Fernández na data 14/07/2025 17:40:18

Rubén Lorenzo Gómez na data 14/07/2025 17:40:35

Gonzalo Trenor López na data 14/07/2025 17:40:48

Katherinie Varela Fernández na data 14/07/2025 17:40:59



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/07/2025 17:41:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 17:41:50
Nº Rexistro: 28530
Data envío: 14/07/2025 17:41:50.207

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 18:00:30
Nº Rexistro: 28532
Data envío: 14/07/2025 18:00:30,737

Asinado o día 14/07/2025 ás 17:55
Por José Luis Ferro Iglesias

Á Mesa do Parlamento

Roberto Rodríguez Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, Argimiro Marnotes Fernández, Rubén Lorenzo Gómez, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

Tanto o Parlamento de Galicia como o Goberno galego veñen tempo demandando lealdade institucional e compromiso do Goberno central coa nosa comunidade en materia de conexións e infraestruturas relacionadas coa mobilidade.

A situación lonxe de corrixirse parece empeorar co paso do tempo, ata o punto de que desde o Ministerio competente nestas materias non se facilita información á administración autonómica sobre os proxectos, prazos e investimentos comprometidos.

Son constantes os anuncios e promesas que non se materializan e as principais obras e conexións prometidas de titularidade estatal acumulan retrasos constantes. Esta evidente falta de avances só se pode explicar pola falta de compromiso con Galicia do Goberno de coalición que preside Pedro Sánchez.

A isto hai que engadir, o incumprimento sistemático do pacto de investidura selado entre o PSOE e o BNG que amosa a renuncia de ambas forzas políticas a impulsar eixes de comunicación estratéxicos para Galicia. O Executivo estatal nin avanza na planificación dos tramos comprometidos para impulsar estas infraestruturas viarias, nin habilita os investimentos correspondentes.

En contraste con esta situación a Xunta de Galicia continúa a súa aposta por incrementar os quilómetros das vías de alta capacidade e variantes, libres de peaxe e avanza nas infraestruturas orientadas a fomentar a intermodalidade en Galicia.

É polo que, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Que valoración fai o Goberno galego da falta de avances en materia de infraestruturas viarias de titularidade estatal en Galicia?

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2025

Asinado o día 14/07/2025 ás 17:55
Por Carmen Pomar Tojo

Asinado o día 14/07/2025 ás 17:55
Por Roberto Rodríguez Martínez

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



Asinado dixitalmente por:

Roberto Rodríguez Martínez na data 14/07/2025 17:55:17

Carmen Pomar Tojo na data 14/07/2025 17:55:31

José Luis Ferro Iglesias na data 14/07/2025 17:55:45

Cristina Campero Dorado na data 14/07/2025 17:55:56

María Deza Martínez na data 14/07/2025 17:56:06

Argimiro Marnotes Fernández na data 14/07/2025 17:56:24

Rubén Lorenzo Gómez na data 14/07/2025 17:56:41

Gonzalo Trenor López na data 14/07/2025 17:56:52

Katherinie Varela Fernández na data 14/07/2025 17:57:01



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/07/2025 18:00:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 18:00:30
Nº Rexistro: 28532
Data envío: 14/07/2025 18:00:30.737

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 18:13:04
Nº Rexistro: 28534
Data envío: 14/07/2025 18:13:04.601

Asinado o día 14/07/2025 ás 18:10
Por José Luis Ferro Iglesias

Á Mesa do Parlamento

Roberto Rodríguez Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, Argimiro Marnotes Fernández, Rubén Lorenzo Gómez, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

A día de hoxe, o Goberno de España foi incapaz de explicar por que non elaborou e presentou o estudo sobre as vías xurídicas para a anulación da prórroga e a valoración dos custos económicos que tería para o Estado a asunción da xestión directa da autoestrada AP-9.

Todo iso a pesar de que son varios os acordos, tanto no Parlamento de Galicia como nas Cortes Xerais que supoñen unha obriga ao Goberno de España nese mesmo sentido e que insistían na oportunidade de dispoñer dese estudo.

O obxectivo é coñecer con transparencia cales son eses cálculos e que esta avaliación favoreza a toma de decisións políticas ao redor do futuro da autopista do Atlántico, unha das infraestruturas viarias máis importantes para a vertebración do territorio galego.

O desprezo do Goberno Sánchez é tal que mesmo desoe as iniciativas lexislativas e non lexislativas aprobadas por unanimidade dos deputados que forman o Parlamento de Galicia, incluídos os nove deputados socialistas.

Por citar os exemplos máis significativos, o 25 de setembro de 2024, unha proposición non de lei aprobada por unanimidade no Parlamento de Galicia neste mesmo sentido. En segundo lugar, este mesmo ano, o 26 de febreiro: o Pleno do Parlamento de Galicia aproba por unanimidade unha proposición non de lei instando a que non se bloquee a transferencia da AP-9 a Galicia e instando a realización deste estudo.

Desta situación non parece ser moi consciente o PSdeG tendo en conta que os seus dirixentes -mesmo no recente congreso político autonómico- prometen chegar á liberación das peaxes, promesa que tamén formularon en campaña electoral e que se converteu nun incumprimento máis que manifesto.

De calquera xeito, para Galicia é prioritario poder considerar os custos que xa soporta hoxe o Estado para financiar as actuais bonificacións e as peaxes na sombra, pero tamén os que quedan ata o fin da concesión.

Asinado o día 14/07/2025 ás 18:10
Por Carmen Pomar Tojo

Asinado o día 14/07/2025 ás 18:10
Por Roberto Rodríguez Martínez

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Ante a pasividade do Goberno de España, a Xunta de Galicia si foi capaz de mover ficha e facilitou o estudo destes temas, cos datos dispoñibles, e encargou en xuño de 2024, unha análise sobre o custe pormenorizado do que podería supoñer o rescate e outros escenarios da transferencia e da propia gratuidade.

Ese estudo púxose en setembro de 2024 ao dispor do ministerio, e cifraba un valor desde 526 millóns de euros no escenario simplemente de transferencia máis as bonificacións, e que podía chegar ata os 2.355 millóns de euros no suposto máis gravoso.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

1. Que valoración fai o Goberno galego da negativa do Goberno de España a cumprir o mandatos que lle obrigan a elaborar e presentar un estudo sobre o custe do que podería supoñer o rescate e outros escenarios como o da gratuidade da AP-9?

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2025



Asinado dixitalmente por:

Roberto Rodríguez Martínez na data 14/07/2025 18:10:34

Carmen Pomar Tojo na data 14/07/2025 18:10:42

José Luis Ferro Iglesias na data 14/07/2025 18:10:54

Cristina Campero Dorado na data 14/07/2025 18:11:10

María Deza Martínez na data 14/07/2025 18:11:21

Argimiro Marnotes Fernández na data 14/07/2025 18:11:36

Rubén Lorenzo Gómez na data 14/07/2025 18:11:54

Gonzalo Trenor López na data 14/07/2025 18:12:06

Katherinie Varela Fernández na data 14/07/2025 18:12:14



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/07/2025 18:13:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 18:13:04
Nº Rexistro: 28534
Data envío: 14/07/2025 18:13:04.601

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 18:27:56
Nº Rexistro: 28536
Data envío: 14/07/2025 18:27:56.126

Asinado o día 14/07/2025 ás 18:26
Por José Luis Ferro Iglesias

Á Mesa do Parlamento

Roberto Rodríguez Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, Argimiro Marnotes Fernández, Rubén Lorenzo Gómez, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

Abusando da súa maioría na Mesa do Congreso dos Deputados socialistas (PSOE) e comunistas (Sumar) veñen de acordar a 38ª prórroga nesta lexislatura de presentación de emendas á proposición de lei orgánica de transferencia da titularidade e competencias da autoestrada á Comunidade galega. Polo tanto, son xa 53 as prórrogas desde que Sánchez asumise a Presidencia do Goberno de España.

É absolutamente inexplicable e inxustificable o desprezo a esta iniciativa lexislativa aprobada pola unanimidade do Parlamento de Galicia e que siga bloqueándose a súa tramitación parlamentaria, mentres Sánchez cumpre os caprichos do independentismo catalán e vasco.

Tampouco é sinxelo explicar como o BNG pode seguir apoiando ao Goberno de Sánchez mentres desde A Moncloa seguen maltratando a Galicia, como demostra o feito de que tamén no Senado votaron recentemente en contra da transferencia e da gratuidade da AP-9, demostrando o seu escaso interese en que se fagan efectivas.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Que valoración fai o Goberno galego do bloqueo protagonizado por PSOE e Sumar, coa complicidade do BNG, á proposición de lei orgánica de transferencia da titularidade e competencias da autoestrada á Comunidade galega?

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2025

Asinado o día 14/07/2025 ás 18:26
Por Roberto Rodríguez Martínez

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

Roberto Rodríguez Martínez na data 14/07/2025 18:26:09

Carmen Pomar Tojo na data 14/07/2025 18:26:16

José Luis Ferro Iglesias na data 14/07/2025 18:26:26

Cristina Campero Dorado na data 14/07/2025 18:26:37

María Deza Martínez na data 14/07/2025 18:26:47

Argimiro Marnotes Fernández na data 14/07/2025 18:27:00

Rubén Lorenzo Gómez na data 14/07/2025 18:27:13

Gonzalo Trenor López na data 14/07/2025 18:27:27

Katherinie Varela Fernández na data 14/07/2025 18:27:33



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/07/2025 18:27:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 18:27:56
Nº Rexistro: 28536
Data envío: 14/07/2025 18:27:56.126

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de contar coa figura de coordinación de convivencia e benestar para xestionar o malestar emocional do alumnado galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cada vez hai maiores problemas de saúde mental e malestar emocional entre o alumnado dos centros educativos galegos. En ocasións pásanse por alto e interfíren na saúde das nenas, nenos e adolescentes e na súa educación, así como na súa capacidade para alcanzar o seu pleno potencial.

A Xunta de Galiza, e máis en concreto a Consellería de Educación, leva anos detectando estes problemas pero sen facer os investimentos necesarios para solventalos. Coa chegada da pandemia, esta situación agravouse, notándose aínda máis a falta de servizos de prevención e atención.

As persoas afectadas deben agardar por unha cita (primeira ou sucesivas) entre 13 e 14 meses nas Unidades de Saúde Mental en moitos casos, polo tanto non se pode falar de prevención, tendo que recurrir as familias á sanidade privada se queren atender as diferentes casuísticas nun estado inicial.

Por outra banda, existe un protocolo de suicidios no ámbito escolar, nos que aínda funcionando debidamente nos centros educativos atopan problemas para o seu desenvolvemento no ámbito sanitario, cando deben ser atendidos por especialistas en

Asinado o día 15/07/2025 ás
10:06
Por María Montserrat Prado Cores

Asinado o día 15/07/2025 ás
10:06
Por Cristina Fernández Davila





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

psiquiatría e/ou psicoloxía, por falta de citas áxiles. Na actualidade hai máis expedientes abertos de protocolos de suicidios nos centros dos que sería aconsellable.

O Comité dos Dereitos das Nenas e Nenos, xa considerou prioritario no ano 2018 que as nacións adoptaran políticas de saúde mental infantil, ademais de asegurar a dispoñibilidade de persoal especializado e o incremento de servizos.

Dende a entrada en vigor da LOPIVI, Lei Orgánica de Protección á Infancia e Adolescencia fronte á violencia, aprobada en xuño de 2021, o Goberno da Xunta de Galiza non foi quen de incorporar a figura de Coordinación de Convivencia e Benestar nos centros, unha nova categoría de persoas especialistas con formación específica, orientadas a unha maior protección fronte á violencia, pero que tamén poden abordar a saúde mental e o benestar psicosocial do alumnado galego. Estas prazas incorporadas aos departamentos de Orientación de cada un dos centros educativos sería un pilar fundamental para dar apoio ao Orientador/a de cara á prevención, sensibilización e detección daquelas situacións, no ámbito familiar ou escolar, que afectan á saúde mental das nenas, nenos e adolescentes.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas pensa impulsar a Consellaría de Educación para garantir o dereito á saúde mental do alumnado, así como abordar a saúde mental e o benestar psicosocial das nenas, nenos e adolescentes nos centros educativos galegos? Vai crear no curso 2025-26 a figura de Coordinación de Convivencia e Benestar, con persoas especialistas coa formación necesaria, segundo a LOPIVI, a Lei Orgánica de Protección á Infancia e Adolescencia fronte á violencia?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 15/07/2025 10:06:41

María Montserrat Prado Cores na data 15/07/2025 10:06:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2025 10:07:36
Nº Rexistro: 28540
Data envío: 15/07/2025 10:07:36.982

CSV: BOPGDSPG-IEZoeHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2025 10:07:36
Nº Rexistro: 28540
Data envío: 15/07/2025 10:07:36.982

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/07/2025 10:07:37

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2025 10:09:07
Nº Rexistro: 28542
Data envío: 15/07/2025 10:09:07.104

Asinado o día 15/07/2
Por María Encarnació
Díaz

Á Mesa do Parlamento

Patricia García González, Felisa Rodríguez Carrera, Encarna Amigo Díaz, María Deza Martínez, Miguel Fidalgo Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Angel Rodríguez Conde, Cristina Sanz Arias, Borja Vereja Fraiz e Miguel A. Viso Diéguez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

En 2022, o sector da construción naval da nosa Comunidade representou o 3,5% do PIB de Galicia, xerando un total de 2.447 millóns de euros e 14.000 empregos directos, concentrados principalmente en dous polos de actividade -máis de 9.000 persoas traballadoras entre Vigo e Pontevedra, e 4.000 na contorna de Ferrol-; ao que hai que sumar varios miles máis de postos de traballo vinculados á cadea de valor e loxística na que se apoia.

Estes datos non só avalan a importancia estratéxica dun sector que se posiciona como un pilar fundamental para o desenvolvemento doutras actividades, como o transporte de mercadorías, o aproveitamento de recursos de orixe mariña ou o turismo, senón que tamén reforzan a idoneidade de telo declarado, polo Consello da Xunta, como sector industrial estratéxico, en febreiro de 2024.

Esta declaración, segundo o previsto no Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto legislativo 1/2015, de 12 de febreiro, permite establecer medidas específicas para fomentar a expansión da construción naval na nosa terra.

Por todo isto, e tendo en conta a importancia económica, social e estratéxica do sector naval en Galicia, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que medidas está a adoptar o Goberno galego para consolidar e reforzar o liderado do sector naval galego, garantindo o mantemento do emprego de

Asinado o día 15/07/2025 ás 10:07
Por María Felisa Rodríguez
Carrera

Asinado o día 15/07/2025 ás 10:06
Por Patricia García González

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2025 10:09:07
Nº Rexistro: 28542
Data envío: 15/07/2025 10:09:07.104

calidade, o relevo xeracional e a captación de novos investimentos para o futuro desta industria clave?

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Patricia García González na data 15/07/2025 10:06:47
María Felisa Rodríguez Carrera na data 15/07/2025 10:07:03
María Encarnación Amigo Díaz na data 15/07/2025 10:07:16
María Deza Martínez na data 15/07/2025 10:07:27
Miguel Fidalgo Iglesias na data 15/07/2025 10:07:37
Rubén Lorenzo Gómez na data 15/07/2025 10:07:54
Ángel Rodríguez Conde na data 15/07/2025 10:08:08
Cristina Sanz Arias na data 15/07/2025 10:08:24
Borja Vereza Fraiz na data 15/07/2025 10:08:35
Miguel Ángel Viso Diéguez na data 15/07/2025 10:08:49



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/07/2025 10:09:07



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2025 10:09:07
Nº Rexistro: 28542
Data envío: 15/07/2025 10:09:07.104

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2025 10:20:16
Nº Rexistro: 28548
Data envío: 15/07/2025 10:20:16.127

Asinado o día 15/07/25
Por María Encarnación
Díaz

Á Mesa do Parlamento

Rubén Lorenzo Gómez, Felisa Rodríguez Carrera, Encarna Amigo Díaz, María Deza Martínez, Miguel Fidalgo Iglesias, Angel Rodríguez Conde, Cristina Sanz Arias, Borja Vereja Fraiz e Miguel A. Viso Diéguez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Unión Europea estableceu un amplo marco normativo para fomentar a mobilidade eléctrica, mellorar a infraestrutura de recarga e reducir as emisións de carbono, é dicir, para impulsar a descarbonización e a substitución dos medios de transporte que empregan os combustibles fósiles por outros máis eficientes e sostibles, tanto entre particulares como entre as empresas e no propio sector público.

En definitiva, para asegurar unha rede suficiente, accesible e sostible que, á vez, garanta que a transición cara aos vehículos eléctricos sexa viable, accesible e eficiente.

Neste contexto, Galicia, no marco das súas competencias e seguindo as directrices europeas, está a avanzar na expansión da súa infraestrutura de recarga, reflexando o seu compromiso coa mobilidade eléctrica.

Recentemente, a Xunta de Galicia acaba de dar un paso máis ao pór en marcha o primeiro rexistro galego de puntos de recarga de acceso público para vehículos eléctricos, unha medida que irá acompañada da entrada en funcionamento dun visor para permitir o acceso á información en tempo real dos lugares nos que se poden atopar estas infraestruturas na nosa Comunidade.

Estas medidas contribuirán a que Galicia dispoña dunha rede sólida de infraestruturas e a seguir avanzando na electrificación e modernización do parque móbil galego.

Asinado o día 15/07/2025 ás 10:18
Por María Felisa Rodríguez
Carrera

Asinado o día 15/07/2025 ás 10:17
Por Rubén Lorenzo Gómez

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2025 10:20:16
Nº Rexistro: 28548
Data envío: 15/07/2025 10:20:16.127

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cal é a situación de instalación de puntos de recarga de vehículos eléctricos en Galicia?

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

Rubén Lorenzo Gómez na data 15/07/2025 10:17:57
María Felisa Rodríguez Carrera na data 15/07/2025 10:18:12
María Encarnación Amigo Díaz na data 15/07/2025 10:18:26
María Deza Martínez na data 15/07/2025 10:18:38
Miguel Fidalgo Iglesias na data 15/07/2025 10:18:49
Ángel Rodríguez Conde na data 15/07/2025 10:19:03
Cristina Sanz Arias na data 15/07/2025 10:19:17
Borja Vereza Fraiz na data 15/07/2025 10:19:48
Miguel Ángel Viso Diéguez na data 15/07/2025 10:19:59



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2025 10:20:16
Nº Rexistro: 28548
Data envío: 15/07/2025 10:20:16.127

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/07/2025 10:20:17

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2025 10:31:57
Nº Rexistro: 28553
Data envío: 15/07/2025 10:31:57.152

Asinado o día 15/07/21
Por María Felisa Rodri
Carrera

Asinado o día 15/07/2025 ás
10:30
Por Cristina Sanz Arias

Asinado o día 15/07/2025 ás
10:30
Por Rubén Lorenzo Gómez

Á Mesa do Parlamento

Rubén Lorenzo Gómez, Cristina Sanz Arias, Felisa Rodríguez Carrera, Encarna Amigo Díaz, María Deza Martínez, Miguel Fidalgo Iglesias, Angel Rodríguez Conde, Borja Vereza Fraiz e Miguel A. Viso Diéguez, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Nunha contorna económica cada vez máis dinámica e globalizada, a competitividade empresarial converteuse nun factor determinante para garantir a sustentabilidade e o crecemento sostido do tecido produtivo.

A capacidade dunha empresa para innovar, optimizar os seus procesos e adaptarse aos cambios do mercado determina o seu éxito a longo prazo.

Fortalecer a súa capacidade non só contribúe a mellorar a súa produtividade e eficiencia, senón que tamén impulsa o crecemento económico e social dunha rexión.

Ademais, as empresas máis competitivas xeran emprego de maior calidade, aumentan a súa capacidade de internacionalización e fomentan o investimento en investigación e desenvolvemento.

Neste contexto, é fundamental que as administracións públicas e os organismos de apoio empresarial implementen programas que faciliten ás empresas ferramentas e estratexias para mellorar o seu desempeño.

En Galicia, o Goberno galego puxo en marcha o programa ReAcciona, unha iniciativa deseñada para axudar as empresas a optimizar a súa xestión, dixitalizar procesos e mellorar a súa eficiencia operativa.

Este programa ofrece servizos de asesoramento e acompañamento en áreas clave como a estratexia empresarial, a dixitalización, a innovación ou a eficiencia produtiva.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





En marcha desde o ano 2012, aborda os retos cun enfoque integral para intentar que o tecido produtivo se adapte mellor aos desafíos actuais e, á vez, se potencie o seu crecemento.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Hai 25 anos que a Xunta de Galicia puxo en marcha o programa ReAcciona, ¿que balance fai do mesmo?

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2025



Asinado dixitalmente por:

Rubén Lorenzo Gómez na data 15/07/2025 10:30:07

Cristina Sanz Arias na data 15/07/2025 10:30:20

María Felisa Rodríguez Carrera na data 15/07/2025 10:30:31

María Encarnación Amigo Díaz na data 15/07/2025 10:30:43

María Deza Martínez na data 15/07/2025 10:30:54

Miguel Fidalgo Iglesias na data 15/07/2025 10:31:04

Ángel Rodríguez Conde na data 15/07/2025 10:31:15

Borja Vereza Fraiz na data 15/07/2025 10:31:27

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 15/07/2025 10:31:39



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2025 10:31:57
Nº Rexistro: 28553
Data envío: 15/07/2025 10:31:57.152

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/07/2025 10:31:57

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2025 10:38:56
Nº Rexistro: 28556
Data envío: 15/07/2025 10:38:56.686

Asinado o día 15/07/21
Por María Felisa Rodri
Carrera

Á Mesa do Parlamento

Rubén Lorenzo Gómez, Cristina Sanz Arias, Felisa Rodríguez Carrera, Encarna Amigo Díaz, María Deza Martínez, Miguel Fidalgo Iglesias, Angel Rodríguez Conde, Borja Vereza Fraiz e Miguel A. Viso Diéguez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O tecido empresarial galego constitúe un pilar fundamental para a nosa economía, representando unha fonte esencial de emprego, innovación e desenvolvemento.

Sen embargo, moitas pequenas e medianas empresas, así como persoas traballadoras autónomas e emprendedoras, enfrontan dificultades para acadar o financiamento necesario que lles permita consolidarse, crecer ou facer fronte a situacións económicas adversas.

Neste contexto, os préstamos públicos eríxense como ferramentas clave para facilitar a liquidez e garantir a solvencia e viabilidade dos nosos negocios, permitindo a creación e o mantemento de postos de traballo, o fortalecemento do tecido produtivo e a atracción de investimentos.

A situación económica derivada das recentes crisis, así como as fluctuacións dos mercados e os cambios na política financeira global, acentuaron a necesidade de mecanismos de apoio efectivos.

O acceso limitado ao crédito bancario e as esixencias de garantías dificultan a moitas empresas a posibilidade de obter financiamento en condicións razoables.

Neste sentido, a actuación da Administración mediante préstamos convértese nunha medida de equidade económica e cohesión social e a Xunta de Galicia hai anos que ten en marcha unha liña neste sentido, en colaboración coas Sociedades de Garantía Recíproca e as entidades financeiras.

Asinado o día 15/07/2025 ás
10:37
Por Cristina Sanz Arias

Asinado o día 15/07/2025 ás
10:37
Por Rubén Lorenzo Gómez

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cal é o balance da colaboración da Xunta de Galicia coas Sociedades de Garantía Recíproca e as entidades financeiras no marco de apoio ás pemes e ás persoas traballadoras autónomas?

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

Rubén Lorenzo Gómez na data 15/07/2025 10:37:13
Cristina Sanz Arias na data 15/07/2025 10:37:26
María Felisa Rodríguez Carrera na data 15/07/2025 10:37:36
María Encarnación Amigo Díaz na data 15/07/2025 10:37:47
María Deza Martínez na data 15/07/2025 10:37:56
Miguel Fidalgo Iglesias na data 15/07/2025 10:38:06
Ángel Rodríguez Conde na data 15/07/2025 10:38:17
Borja Vereza Fraiz na data 15/07/2025 10:38:29
Miguel Ángel Viso Diéguez na data 15/07/2025 10:38:40



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2025 10:38:56
Nº Rexistro: 28556
Data envío: 15/07/2025 10:38:56,686

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/07/2025 10:38:57

CSV: BOPGDSPG-IEZoeHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2025 10:40:47
Nº Rexistro: 28559
Data envío: 15/07/2025 10:40:47,099

Asinado o día 15/07/2025 ás 10:37
Por Katherine Varela

A Mesa do Parlamento

Gonzalo Trenor López, Carmen María Pomar Tojo, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, José Luis Ferro Iglesias, Argimiro Marnotes Fernández, Katherine Varela Fernández e Roberto Rodríguez Martínez deputada e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en pleno**.

A Xunta leva publicadas dúas convocatorias de axudas para para cubrir os gastos de adopción dun animal doméstico procedente de centros de acollida.

Foi en xuño de 2024 cando se puxeran en marcha por primeira vez estes apoios.

A iniciativa responde a un compromiso electoral do presidente Alfonso Rueda nunha firme aposta do Goberno galego por políticas que favorezan a adopción de animais abandonados.

Case un de cada tres galegos teñen unha mascota o que demostra a especial sensibilidade da nosa sociedade e, outro moitos, colaboran con frecuencia cos centros de acollida de animais de compañía.

A estas iniciativas en favor das familias acolledoras hai que engadir as colaboracións que o Goberno galego mantén con entidades locais e asociacións protectoras de animais que se dedican ao coidado das mascotas abandonadas.

Sen esquecer outras medidas como a futura construción dun de titularidade autonómica para a recollida de animais de compañía en situación de abandono ou o compromiso de dotar ás sete cidades galegas de parques caninos, áreas seguras para animais e familias.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

Que valoración fai o Goberno galego das políticas dirixidas a fomentar a adopción responsable e o benestar animal en Galicia?

Asinado o día 15/07/2025 ás 10:37
Por Roberto Rodríguez Martínez

Asinado o día 15/07/2025 ás 10:37
Por Gonzalo Trenor López

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2025 10:40:47
Nº Rexistro: 28559
Data envío: 15/07/2025 10:40:47,099

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2025.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Trenor López na data 15/07/2025 10:37:38
Roberto Rodríguez Martínez na data 15/07/2025 10:37:45
Katherinie Varela Fernández na data 15/07/2025 10:37:53
Cristina Campero Dorado na data 15/07/2025 10:38:06
Argimiro Marnotes Fernández na data 15/07/2025 10:38:22
Carmen Pomar Tojo na data 15/07/2025 10:38:33
María Deza Martínez na data 15/07/2025 10:38:41
Rubén Lorenzo Gómez na data 15/07/2025 10:38:54
José Luis Ferro Iglesias na data 15/07/2025 10:39:07



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/07/2025 10:40:47



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2025 10:40:47
Nº Rexistro: 28559
Data envío: 15/07/2025 10:40:47,099

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2025 10:58:42
Nº Rexistro: 28564
Data envío: 15/07/2025 10:58:42.597

Asinado o día 15/07/2025
10:57
Por María Montserrat

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Brais Ruanova Vilas-Boas, Oscar Insua Lema, Ramón Fernández Alfonso e Rosana Pérez Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ao endebedamento de Galiza e ás actuacións que debe levar adiante o goberno galego ante a oportunidade histórica de se beneficiar dunha quita.

Asinado o día 15/07/2025 ás
10:57
Por Brais Ruanova Vilas-Boas

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un dos principais problemas económicos de Galiza, no presente e no futuro, é a débeda pública galega, que os gobernos do Partido Popular triplicaron ao longo dos seus mandatos, de forma que hoxe supón, cos últimos datos dispoñibles do Protocolo de déficit público excesivo do Banco de España, o 15% do PIB cando no ano 2009 se situaba no 8,6%. Unha débeda que pasou de supoñer 4.859 millóns no conxunto de 2009 a 12.154 millóns de euros nos datos máis recentes respecto do terceiro trimestre de 2024.

Á hora de avaliar esta situación, cómpre ter en conta dúas cuestións. Dunha banda, un modelo económico de relación co Estado español absolutamente desigual e centralista, polo cal Galiza, ademais de ter un sistema financiamento inxusto e cuxa revisión leva bloqueada unha década, vese sometida desde a crise financeira de 2008 a un marco inxusto de reparto do déficit que limita o seu autogoberno e brinda maior capacidade ao Estado malia non ser o responsable dos servizos públicos esenciais. Doutra banda, hai unha responsabilidade fundamental na mala xestión económica do Partido Popular, que triplicou a débeda ao tempo que non preservou os servizos

Asinado o día 15/07/2025 ás
10:56
Por Noa Presas Bergantiños



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

públicos dos efectos das crises económicas e das súas medidas antisociais nin apostou pola transformación económica do noso país. Así as cousas, a débeda supón o terceiro volume de gasto máis importante dos Orzamentos aprobados para o ano 2025, só por detrás dos servizos educativos e sanitarios.

Así mesmo, a isto habería que sumar as colaboracións público privadas, o que nos dá unha cifra que supera os catorce mil millóns de euros de débeda total nunha estimación conservadora, e sen termos en conta as advertencias do Consello de Contas que advirte da falta de transparencia verbo destas colaboracións e ten elevado a estimación do seu importe.

Ante a apertura dun debate político sobre o endebedamento e a responsabilidade do marco estatal, no Debate sobre o Estado da Nación de 2023 os grupos parlamentarios dos Populares de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego chegaron a un acordo político a respecto das eivas do sistema de financiamento e da demanda dun trato xusto para Galiza na súa negociación e na negociación das débedas das comunidades de réxime común. Dito acordo, recollía os seguintes termos “O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a demandar do Goberno de España a urxente convocatoria do Consello de Política Fiscal e Financeira, onde se aborde a reforma do modelo de financiamento autonómico, no que Galicia traballará a prol de avanzar no autogoberno económico e financeiro para blindar o autogoberno e garantir uns servizos públicos de calidade e as necesidades de transformación económica, defendendo unha financiación xusta para Galicia, mellorando a proposta actual de poboación axustada e para defender a ponderación adecuada dos sobrecustes que a dispersión e o envellecemento implican na prestación dos servizos públicos galegos, así como doutros factores que condicionan o desenvolvemento socioeconómico galego. Así mesmo, defenderase a valoración un modelo xusto de Financiamento Local que supere a discriminación histórica dos



concellos galegos e no caso de condonación ás comunidades que se adheriran ao FLA, se compense equitativamente ás comunidades que non o fixeron.”

O nacionalismo galego, en coherencia coa súa demanda da Axenda Galega no Estado e dun trato xusto para o noso país e en coherencia co respecto e seguimento dos acordos políticos emanados da cámara galega, conseguiu un acordo de investidura no ano 2023 que comprometía ao Estado a que en caso de condonacións totais ou parciais da débeda adquirida por CC.AA. adheridas ao Fondo de Liquidez Autonómica, establecemento de medidas compensatorias análogas para a Galiza.

O acordo impulsado polo Bloque Nacionalista Galego abría a porta a avanzar na resolución dun dos principais problemas de Galiza e hipoteca para xeracións e gobernos futuros, máis aínda nun momento de novas restricións de gasto e retirada dos recursos extraordinarios de financiamento dos que gozou o goberno da Xunta desde o ano 2020.

Porén, xa desde o mes de decembro de 2023, no que se celebraba un primeiro Consello de Política Fiscal e Financeira até a actualidade, o goberno da Xunta priorizou os seus intereses partidarios e nivel estatal por riba dos intereses dos galegos e galegas.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai dar prioridade o goberno da Xunta aos intereses de Galiza aproveitando a vía que abriu o Bloque Nacionalista Galego e aceptar unha quita da débeda?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 15/07/2025 10:56:49

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 15/07/2025 10:57:01

María Montserrat Prado Cores na data 15/07/2025 10:57:11

Óscar Insua Lema na data 15/07/2025 10:57:25

Ramón Fernández Alfonzo na data 15/07/2025 10:57:35

Rosana Pérez Fernández na data 15/07/2025 10:57:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2025 10:58:42
Nº Rexistro: 28564
Data envío: 15/07/2025 10:58:42.597

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/07/2025 10:58:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2025 10:58:42
Nº Rexistro: 28564
Data envío: 15/07/2025 10:58:42.597

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2025 11:01:43
Nº Rexistro: 28565
Data envío: 15/07/2025 11:01:43,690

Asinado o día 15/07/21
Por María Felisa Rodri
Carrera

Á Mesa do Parlamento

Rubén Lorenzo Gómez, Cristina Sanz Arias, Felisa Rodríguez Carrera, Encarna Amigo Díaz, María Deza Martínez, Miguel Fidalgo Iglesias, Angel Rodríguez Conde, Borja Vereza Fraiz e Miguel A. Viso Diéguez, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Nun mundo globalizado e altamente competitivo, a internacionalización empresarial converteuse nun factor clave para o crecemento e a sustentabilidade de calquera economía.

A expansión a mercados exteriores permite ás empresas diversificar ingresos, aumentar a súa facturación e mellorar a competitividade a través da innovación e adaptación ás novas tendencias.

Neste sentido, a economía galega, caracterizada pola súa forte vocación exportadora en sectores como a automoción, a industria agroalimentaria, a pesca, o téxtil ou as TIC, debe continuar fortalecendo a súa presenza no comercio internacional para garantir un desenvolvemento económico sostible e xerar emprego de calidade.

E aínda que Galicia volveu anotar un novo récord en 2024, superando os 31.000 millóns de euros -un 3,3% máis que en 2023-, en fronte hai numerosos desafíos, como os posibles aranceis de Estados Unidos ou os habituais relacionados co proceso de internacionalización: acceso a financiamento, adaptación a normativas internacionais ou a busca de socios estratéxicos no estranxeiro.

Có obxectivo de acompañar as empresas neste contexto e contribuír á súa expansión e ao seu crecemento económico, a Xunta de Galicia puxo en marcha a Estratexia de Internacionalización da Empresa Galega 2021-2025, que inclúe programas de apoio, incentivos a dixitalización ou misións comerciais para incrementar a internacionalización do noso tecido produtivo.

Asinado o día 15/07/2025 ás
11:00
Por Cristina Sanz Arias

Asinado o día 15/07/2025 ás
10:59
Por Rubén Lorenzo Gómez

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





Aínda así, as dinámicas dos mercados internacionais e os cambios xeopolíticos obrigan a actualizar e reforzar estas estratexias para adaptalas ás novas esixencias do comercio global.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cal é o balance xeral da Estratexia de Internacionalización da Empresa Galega 2021- 2025?

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2025



Asinado dixitalmente por:

Rubén Lorenzo Gómez na data 15/07/2025 10:59:58
Cristina Sanz Arias na data 15/07/2025 11:00:09
María Felisa Rodríguez Carrera na data 15/07/2025 11:00:20
María Encarnación Amigo Díaz na data 15/07/2025 11:00:33
María Deza Martínez na data 15/07/2025 11:00:45
Miguel Fidalgo Iglesias na data 15/07/2025 11:00:54
Ángel Rodríguez Conde na data 15/07/2025 11:01:03
Borja Vereza Fraiz na data 15/07/2025 11:01:14
Miguel Ángel Viso Diéguez na data 15/07/2025 11:01:25



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/07/2025 11:01:44



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2025 11:01:43
Nº Rexistro: 28565
Data envío: 15/07/2025 11:01:43,690

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Rubén Lorenzo Gómez, Cristina Sanz Arias, Felisa Rodríguez Carrera, Encarna Amigo Díaz, María Deza Martínez, Miguel Fidalgo Iglesias, Angel Rodríguez Conde, Borja Vereja Fraiz e Miguel A. Viso Diéguez, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A eficiencia enerxética é un elemento clave para o desenvolvemento sostible dun territorio e tamén para a competitividade empresarial.

No contexto actual, caracterizado pola volatilidade dos prezos enerxéticos e a crecente preocupación pola transición ecolóxica, resulta imprescindible que o tecido empresarial, incluídas as pemes e as persoas traballadoras autónomas, adopten medidas que optimicen o uso da enerxía e reduzan o impacto ambiental.

A diminución do consumo enerxético non só implica un aforro nos custos operativos, senón que tamén contribúe á transición ecolóxica, á redución de emisións de gases de efecto invernadoiro e ao cumprimento dos obxectivos da Unión Europea en materia de enerxía e clima.

Pero a necesidade de avanzar cara unha industria e unha economía descarbonizada non só responde á urxencia climática, senón que tamén é unha oportunidade para mellorar a competitividade das nosas empresas, atraer novos investimentos e fomentar o emprego verde.

Ademais, a transición enerxética permite reducir a dependencia de fontes de enerxía fósiles, mellorar a seguridade enerxética e diminuír o impacto da volatilidade dos prezos da enerxía na nosas industrias.

Tendo todo isto en conta, é fundamental que a Administración Autonómica, no marco das súas competencias, impulse políticas e programas que faciliten a modernización enerxética do noso tecido produtivo, fomentando o uso de





enerxías renovables, impulsando a dixitalización para o control do consumo ou implementado tecnoloxías máis eficientes.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cal é o balance das medidas postas en marcha pola Xunta de Galicia para mellorar a eficiencia enerxética do tecido produtivo galego?

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2025



Asinado dixitalmente por:

Rubén Lorenzo Gómez na data 15/07/2025 11:06:12
Cristina Sanz Arias na data 15/07/2025 11:06:27
María Felisa Rodríguez Carrera na data 15/07/2025 11:06:38
María Encarnación Amigo Díaz na data 15/07/2025 11:06:49
María Deza Martínez na data 15/07/2025 11:07:00
Miguel Fidalgo Iglesias na data 15/07/2025 11:07:10
Ángel Rodríguez Conde na data 15/07/2025 11:07:21
Borja Vereza Fraiz na data 15/07/2025 11:07:32
Miguel Ángel Viso Diéguez na data 15/07/2025 11:07:45



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/07/2025 11:08:07



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2025 11:08:06
Nº Rexistro: 28567
Data envío: 15/07/2025 11:08:06.438

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Rubén Lorenzo Gómez, Cristina Sanz Arias, Felisa Rodríguez Carrera, Encarna Amigo Díaz, María Deza Martínez, Miguel Fidalgo Iglesias, Angel Rodríguez Conde, Borja Vereza Fraiz e Miguel A. Viso Diéguez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Galicia é un referente no eido da xeración de enerxía eléctrica a partir de fontes renovables, grazas á hidráulica e á eólica, mentres que na xeración de enerxía térmica destaca a biomasa.

Pero se algo caracteriza á xeración eléctrica a partir de fontes renovables é a súa difícil xestionabilidade, polo que é necesario apostar polo almacenamento para poder casar a demanda coa oferta de enerxía eléctrica.

Nese sentido resulta de especial interese apoiar aqueles proxectos de almacenamento, por entender que son unha boa opción e que van na liña por todos desexada de apostar por unha transición enerxética planificada, ordenada e sen improvisacións.

Todo iso, sempre que as iniciativas sexan ambientalmente viables e respecten os principios que inspiran a nova lexislación na que é pioneira a nosa Comunidade en relación coa promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia, en particular, xeren riqueza no territorio.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galicia sobre os proxectos de almacenamento de enerxía a partir de fontes renovables que buscan implantarse na nosa Comunidade?



PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2025 11:16:05
Nº Rexistro: 28569
Data envío: 15/07/2025 11:16:05.104

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Rubén Lorenzo Gómez na data 15/07/2025 11:14:25
Cristina Sanz Arias na data 15/07/2025 11:14:36
María Felisa Rodríguez Carrera na data 15/07/2025 11:14:47
María Encarnación Amigo Díaz na data 15/07/2025 11:14:58
María Deza Martínez na data 15/07/2025 11:15:09
Miguel Fidalgo Iglesias na data 15/07/2025 11:15:18
Ángel Rodríguez Conde na data 15/07/2025 11:15:30
Borja Vereza Fraiz na data 15/07/2025 11:15:40
Miguel Ángel Viso Diéguez na data 15/07/2025 11:15:49



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/07/2025 11:16:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2025 11:16:05
Nº Rexistro: 28569
Data envío: 15/07/2025 11:16:05.104

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2025 11:23:12
Nº Rexistro: 28571
Data envío: 15/07/2025 11:23:12.296

Asinado o día 15/07/21
Por María Felisa Rodri
Carrera

Á Mesa do Parlamento

Rubén Lorenzo Gómez, Cristina Sanz Arias, Felisa Rodríguez Carrera, Encarna Amigo Díaz, María Deza Martínez, Miguel Fidalgo Iglesias, Angel Rodríguez Conde, Borja Vereza Fraiz e Miguel A. Viso Diéguez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A factoría que Alcoa ten na Mariña lucense é a única planta de produción de aluminio primario en España, en consecuencia, trátase dunha industria estratéxica ademais dun importante motor económico, polo que é fundamental o traballo conxunto e coordinado para garantir a continuidade da súa actividade e dos empregos.

Neste escenario, a Xunta de Galicia vén de asinar xunto co Ministerio de Industria e Turismo, a propia Alcoa e a que aspira a ser o seu socio enerxético Ignis, un memorando de entendemento (MoU) para asegurar o futuro a longo prazo e garantir a competitividade da planta.

Resulta incuestionable que, a diferenza doutras administracións, a Xunta de Galicia ten feitos os seus deberes: xa rematou a tramitación ambiental da ampliación da balsa de lodos, e unicamente agarda pola súa autorización administrativa, xa a piques de rematar a súa tramitación, e todos os parques eólicos con PPAs asinados con Alcoa, dependentes da administración autonómica, xa contan con autorización.

Non amosou ata agora o mesmo grado de compromiso o Goberno de España, que debe acordar o desbloqueo dos parques eólicos da súa competencia e incrementar o máximo posible as compensacións polas emisións de CO2 ás empresas electrointensivas.

Con todo, para afianzar este proceso parece imprescindible que a compañía comece a traballar xunto cos empregados e o Comité de Empresa nun novo plan de viabilidade, dando prioridade á reactivación das instalacións de aluminio.

Asinado o día 15/07/2025 ás
11:21
Por Cristina Sanz Arias

Asinado o día 15/07/2025 ás
11:21
Por Rubén Lorenzo Gómez

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





Tamén resulta esencial a convocatoria por parte do Ministerio da mesa de seguimento, aínda pendente tras ser aprazada o pasado mes de decembro, un foro multilateral ideal para que Alcoa poida expoñer o seu plan de negocio e consensuar os novos pasos a dar dentro do camiño que aínda hai que percorrer para blindar esta actividade e os empregos.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galicia das medidas dirixidas a garantir o futuro da actividade e dos empregos na factoría de aluminio que Alcoa ten na Mariña lucense?

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2025



Asinado dixitalmente por:

Rubén Lorenzo Gómez na data 15/07/2025 11:21:32

Cristina Sanz Arias na data 15/07/2025 11:21:44

María Felisa Rodríguez Carrera na data 15/07/2025 11:21:55

María Encarnación Amigo Díaz na data 15/07/2025 11:22:05

María Deza Martínez na data 15/07/2025 11:22:17

Miguel Fidalgo Iglesias na data 15/07/2025 11:22:26

Ángel Rodríguez Conde na data 15/07/2025 11:22:37

Borja Vereza Fraiz na data 15/07/2025 11:22:47

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 15/07/2025 11:22:57



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/07/2025 11:23:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2025 11:23:12
Nº Rexistro: 28571
Data envío: 15/07/2025 11:23:12.296

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2025 11:29:37
Nº Rexistro: 28573
Data envío: 15/07/2025 11:29:37.007

Asinado o día 15/07/21
Por María Felisa Rodri
Carrera

Á Mesa do Parlamento

Rubén Lorenzo Gómez, Cristina Sanz Arias, Felisa Rodríguez Carrera, Encarna Amigo Díaz, María Deza Martínez, Miguel Fidalgo Iglesias, Angel Rodríguez Conde, Borja Vereza Fraiz e Miguel A. Viso Diéguez, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Na planificación eléctrica 2021-2026 aprobada inicialmente, Galicia foi moi penalizada respecto aos plans anteriores ao asignarlle tan só 68 millóns de euros dun total de 6.964 millóns de euros, menos do 1% do total, fronte aos 308 millóns do período 2015- 2020, cifra que entón representaba o 6,7%.

En paralelo á tramitación e aprobación desta planificación, promovéronse en Galicia unha serie de proxectos industriais intensivos en enerxía que precisan conexión á rede eléctrica para o seu consumo e para poder garantir a súa viabilidade e competitividade.

Sen embargo, coa planificación actual, quedan fóra proxectos que precisan case 1.200MW adicionais para garantir a súa posta en marcha e a súa viabilidade, e que constitúen proxectos industriais relevantes que pretenden ser o motor da economía galega na próxima década en sectores diversos, como, por exemplo, os biocarburentes ou a fabricación de hidróxeno e amoníaco, xerando á súa vez emprego directo na nosa Comunidade.

Por iso, desde Galicia demandouse en reiteradas ocasións que se incluíran nas modificacións da actual planificación eléctrica as infraestruturas precisas para garantir a demanda dos proxectos industriais.

Con atraso, o 14 de decembro de 2023 iniciouse a audiencia e información pública da modificación de aspectos puntuais do Plan de desenvolvemento da rede de transporte de enerxía eléctrica 2021-2026, permitindo alegacións ata o 12 de xaneiro de 2024.

Asinado o día 15/07/2025 ás
11:27
Por Cristina Sanz Arias

Asinado o día 15/07/2025 ás
11:27
Por Rubén Lorenzo Gómez

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





Finalmente, por Acordo do Consello de Ministros, do 16 de abril de 2024, modificáronse aspectos puntuais do Plan de desenvolvemento da rede de transporte de enerxía eléctrica 2021-2026.

Se ben é certo que o documento aprobado recolle un aumento dos investimentos ata os 469 millóns de euros, non se recolle ningunha das actuacións propostas nas alegacións remitidas pola Xunta de Galicia, é dicir, mantivéronse as mesmas actuacións que xa incluía o documento sometido a audiencia e información pública, volvendo quedar sen resposta proxectos de grande interese para a nosa Comunidade Autónoma.

De feito, o principal investimento destas modificacións puntuais é o da subestación Novo Vigo 220 kV, que desaparecera na planificación 2021-2026, primeira planificación aprobada polo Goberno de Pedro Sánchez, a pesar de que si estaba na planificación 2015-2020, última planificación aprobada polo Goberno de Mariano Rajoy.

Así mesmo, a pesar de incluír unha nova subestación na zona das Pontes, a SET Maciñeira 400 kV, non debemos esquecer que pretende ser unha solución a un problema creado polo propio Goberno central ao deixar a 0 MW a capacidade no nó das Pontes.

Pero é que ademais é unha solución limitada, xa que nas capacidades de acceso que Red Eléctrica de España publica o primeiro día de cada mes, pódese apreciar que a capacidade de acceso para módulos de xeración síncrona é de 945 MW, é dicir, 450 MW menos dos 1.400 MW que deberían ter os galegos e galegas para conseguir a atracción de proxectos que contribúan á reconversión da comarca afectada polo peche da central térmica.

Pero de igual xeito que falamos de insuficiencia nas redes para dar resposta aos proxectos industriais consumidores de enerxía, tamén debemos falar de insuficiencia para evacuar a enerxía xerada e así acadar unha maior electrificación dos usos enerxéticos.





Para conseguir os obxectivos fixados pola UE, vai ser necesario incrementar o parque de xeración eléctrica a partir de enerxías renovables, que se suma a que as industrias irán sendo máis intensivas en consumos eléctricos, con electricidade xerada a partir de enerxías renovables, abandonando, polo tanto, combustibles fósiles.





En calquera caso, resulta necesario implantar de forma áxil nova infraestrutura eléctrica (liñas e subestacións), que permitan evacuar máis electricidade xerada a partir de fontes renovables (eólica terrestre, eólica offshore, solar fotovoltaica, etc.), e dar servizo a industrias con grandes consumos eléctricos (industrias tradicionais, pero tamén plantas de produción de hidróxeno, entre outras).

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Ten coñecemento a Xunta de Galicia de se o Goberno de España vai dar unha “solución enerxética” aos proxectos industriais estratéxicos da nosa Comunidade?

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2025



Asinado dixitalmente por:

Rubén Lorenzo Gómez na data 15/07/2025 11:27:44
Cristina Sanz Arias na data 15/07/2025 11:27:56
María Felisa Rodríguez Carrera na data 15/07/2025 11:28:06
María Encarnación Amigo Díaz na data 15/07/2025 11:28:18
María Deza Martínez na data 15/07/2025 11:28:30
Miguel Fidalgo Iglesias na data 15/07/2025 11:28:40
Ángel Rodríguez Conde na data 15/07/2025 11:28:50
Borja Vereza Fraiz na data 15/07/2025 11:29:00
Miguel Ángel Viso Diéguez na data 15/07/2025 11:29:12



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2025 11:29:37
Nº Rexistro: 28573
Data envío: 15/07/2025 11:29:37.007

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/07/2025 11:29:37

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2025 11:35:39
Nº Rexistro: 28575
Data envío: 15/07/2025 11:35:39.005

Asinado o día 15/07/21
Por María Felisa Rodri
Carrera

Á Mesa do Parlamento

Rubén Lorenzo Gómez, Cristina Sanz Arias, Felisa Rodríguez Carrera, Encarna Amigo Díaz, María Deza Martínez, Miguel Fidalgo Iglesias, Angel Rodríguez Conde, Borja Vereza Fraiz e Miguel A. Viso Diéguez, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Nun momento de transición enerxética como o actual resulta fundamental proceder á descarbonización dos principais sectores da nosa economía.

Nese sentido, a industria, a construción, o sector enerxético ou o transporte son ámbitos nos que era habitual o uso de combustibles fósiles.

Por ese motivo, o proceso de transición ten que abordar a substitución destes combustibles por outras alternativas máis racionais, coa fabricación de materiais de construción e procesos de produción eficientes, a instalación de proxectos de xeración de enerxía a partir de fontes renovables ou o emprego de vehículos máis eficientes e menos contaminantes.

No eido industrial, o hidróxeno verde está a configurarse como un vector enerxético que, por unha banda, require e incentiva unha importante xeración de enerxía renovable e, por outra, permite a redución do emprego de combustibles fósiles naquelas industrias que fagan uso del.

Para un adecuado desenvolvemento tecnolóxico é fundamental a universalización dos seus posibles usos, e para iso resultará esencial unha rede europea de transporte que permita chegar a produción ao consumo.

Conscientes da importancia desta rede de transporte, e tendo en conta que desde xuño de 2022 incluíronse por primeira vez os proxectos de hidróxeno nas categorías elixibles como proxectos de interese común (PCI), desde Galicia o Goberno galego defendeu a inclusión do hidroxenoduto Guitiriz-Zamora nos PCI, có fin de contribuír a que o elevado potencial de fontes de enerxías renovables de

Asinado o día 15/07/2025 ás
11:34
Por Cristina Sanz Arias

Asinado o día 15/07/2025 ás
11:34
Por Rubén Lorenzo Gómez

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Galicia poida aproveitarse para a produción de hidróxeno verde e o seu posterior transporte que facilite a descarbonización dos distintos sectores produtivos.

Neste contexto, en febreiro de 2023 Reganosa (empresa con participación da Xunta de Galicia) e Enagás asinaron un acordo polo cal, entre outras cuestións, Enagás adquiriu o total da rede de gasodutos de Reganosa e esta cedeu a Enagás a súa posición como promotor do hidroxenoduto entre Guitiriz e Zamora, candidato a PCI da Unión Europea.

Pola súa banda, Enagás comprometéase a impulsar o desenvolvemento desa infraestrutura de transporte e a súa conexión á interconexión con Portugal.

Este compromiso foi reafirmado o 4 de abril de 2023, coa firma do Pacto pola Enerxía, entre a Xunta de Galicia e Enagás, polo cal este último incorporouse á Alianza Industrial Galega do Hidróxeno Verde, e comprometéase a actuar como promotor do hidroxenoduto entre Guitiriz e Zamora e a asegurar así a conexión enerxética da Comunidade coa Península e Europa.

Finalmente, en novembro de 2023, a Comisión Europea deixou este investimento fóra da súa última lista de PCI, o que implica que non estará entre as infraestruturas candidatas a lograr financiamento comunitario.

En cambio, si se incluíu o ramal que conecta Puertollano co eixe Huelva-Zamora, tras contar cun apoio explícito e decisivo por parte do Goberno central.

Recentemente, procedeuse á apertura do prazo para as novas candidaturas para a lista PCI, cunha Call for Interest na que os interesados puideron rexistrar ata o 18 de decembro as súas iniciativas.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Tralo desleixo do Goberno central o ano pasado, ¿que valoración fai o Goberno galego para a posible inclusión na nova lista PCI do hidróxeno-ducto Guitiriz Zamora?





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2025 11:35:39
Nº Rexistro: 28575
Data envío: 15/07/2025 11:35:39.005

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Rubén Lorenzo Gómez na data 15/07/2025 11:34:01
Cristina Sanz Arias na data 15/07/2025 11:34:12
María Felisa Rodríguez Carrera na data 15/07/2025 11:34:23
María Encarnación Amigo Díaz na data 15/07/2025 11:34:32
María Deza Martínez na data 15/07/2025 11:34:44
Miguel Fidalgo Iglesias na data 15/07/2025 11:34:54
Ángel Rodríguez Conde na data 15/07/2025 11:35:03
Borja Vereza Fraiz na data 15/07/2025 11:35:12
Miguel Ángel Viso Diéguez na data 15/07/2025 11:35:23



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/07/2025 11:35:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2025 11:35:39
Nº Rexistro: 28575
Data envío: 15/07/2025 11:35:39.005

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2025 11:45:10
Nº Rexistro: 28580
Data envío: 15/07/2025 11:45:10.456

Asinado o día 15/07/2025 ás 11:43
Por Cristina Sanz Arias

Á Mesa do Parlamento

Rubén Lorenzo Gómez, Miguel Fidalgo Iglesias, Cristina Sanz Arias, Felisa Rodríguez Carrera, Encarna Amigo Díaz, María Deza Martínez, Angel Rodríguez Conde, Borja Vereza Fraiz e Miguel A. Viso Diéguez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A aposta pola transformación dixital é unha compoñente clave para asegurar o crecemento económico sostible e a competitividade do tecido produtivo galego, especialmente das pemes e autónomos.

A transformación dixital busca modernizar as empresas, fomentar a innovación e crear unha contorna empresarial que sexa capaz de prosperar na economía dixital.

A RIS3 Galicia 2021-2027 establece tres prioridades de especialización definidas a partir dos tres grandes retos da RIS3 14-20. En particular, o reto 2 «Modelo industrial baseado na competitividade e no coñecemento», ten o obxectivo de aumentar a intensidade tecnolóxica da estrutura industrial de Galicia a través da hibridación e das tecnoloxías facilitadoras esenciais, e define a prioridade 2 «Apoio á tecnificación e dixitalización (desenvolvemento e/ou incorporación de tecnoloxías) para impulsar o modelo industrial galego e a xestión e prestación de servizos sanitarios e sociais de calidade, como panca para a transformación resiliente de Galicia».

Por outra banda, os hubs de innovación dixital son unha aposta da Xunta de Galicia para estender o impacto positivo da innovación baseada na transformación dixital a todas as empresas galegas, en especial ás pemes.

Representan unha evolución da RIS3 na que a Xunta de Galicia asume o papel de facilitadora, promovendo, acompañando e apoiando a constitución e consolidación dos hubs galegos, que operan nos ámbitos de especialización identificados como estratéxicos para Galicia.

Asinado o día 15/07/2025 ás 11:43
Por Miguel Fidalgo Iglesias

Asinado o día 15/07/2025 ás 11:43
Por Rubén Lorenzo Gómez

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





O sistema loxístico galego é un vector da competitividade territorial e empresarial, clave na adaptación do sistema produtivo ao proceso de globalización económica e a cuarta revolución industrial, liderando unha estratexia exterior compartida para Galicia. Esta visión incorpora o crecente valor da loxística na competitividade empresarial e territorial e a necesidade de que Galicia dispoña dunha función loxística de primeiro nivel.

A Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, regula a iniciativa galega de concellos emprendedores.

Neste contexto, a comunidade autónoma galega establecerá unha discriminación positiva nas ordes de axudas, que se convocan en réxime de concorrência competitiva a favor das empresas, dos autónomos ou das entidades sen ánimo de lucro, nas axudas destinadas á implantación e ao funcionamento das iniciativas empresariais en Galicia, cuxos proxectos se desenvolvan nun concello emprendedor.

Neste escenario cómpre poñer ao dispor das empresas as ferramentas adecuadas que lles permitan aproveitar as oportunidades que existen para Galicia e para a súa industria no actual contexto de transición enerxética e dixital.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que iniciativas e servizos de apoio ten a Xunta de Galicia para apoiar a transformación dixitalización de autónomos e pemes?

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2025



Asinado dixitalmente por:

Rubén Lorenzo Gómez na data 15/07/2025 11:43:23

Miguel Fidalgo Iglesias na data 15/07/2025 11:43:33

Cristina Sanz Arias na data 15/07/2025 11:43:46

María Felisa Rodríguez Carrera na data 15/07/2025 11:43:57

María Encarnación Amigo Díaz na data 15/07/2025 11:44:08

María Deza Martínez na data 15/07/2025 11:44:19

Ángel Rodríguez Conde na data 15/07/2025 11:44:30

Borja Vereza Fraiz na data 15/07/2025 11:44:42

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 15/07/2025 11:44:53



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/07/2025 11:45:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2025 11:45:10
Nº Rexistro: 28580
Data envío: 15/07/2025 11:45:10.456

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2025 11:51:09
Nº Rexistro: 28585
Data envío: 15/07/2025 11:51:09.856

Asinado o día 15/07/2025
11:49
Por Cristina Sanz Arias

Á Mesa do Parlamento

Rubén Lorenzo Gómez, Miguel Fidalgo Iglesias, Cristina Sanz Arias, Felisa Rodríguez Carrera, Encarna Amigo Díaz, María Deza Martínez, Angel Rodríguez Conde, Borja Vereja Fraiz e Miguel A. Viso Diéguez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A competitividade empresarial non só é decisiva para acadar o éxito individual das empresas, senón que tamén xoga un papel fundamental no desenvolvemento económico e, polo tanto, social dun país.

Consciente desta realidade o Goberno galego, no ámbito das súas competencias, ademais da boa regulación que demostra a través de iniciativas como a nova Oficina Económica de Galicia e a estabilidade política, favorable para mellorar a acción empresarial, vén impulsando outras actuacións específicas que reverteren na mellora da competitividade.

Referímonos, por exemplo, ás actuacións que está a promover a Consellería de Economía e Industria, para mellorar a competitividade dos equipos directivos das empresas galegas.

Segundo manifestou o propio Goberno galego, o seu obxectivo é dotar ao empresariado e aos equipos de dirección das ferramentas necesarias para enfrontarse aos retos actuais do mercado global e asegurar o crecemento sustentable das empresas galegas, promovendo a profesionalización da xestión empresarial e o desenvolvemento de proxectos innovadores que permitan competir ao tecido empresarial galego tanto a nivel nacional como internacional.

Non obstante, debido ao alcance que poden ter as actuacións na economía galega é polo que os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Asinado o día 15/07/2025 ás
11:49
Por Miguel Fidalgo Iglesias

Asinado o día 15/07/2025 ás
11:49
Por Rubén Lorenzo Gómez

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2025 11:51:09
Nº Rexistro: 28585
Data envío: 15/07/2025 11:51:09.856

Cal é o balance das medidas que está a promover a Consellería de Economía e Industria para mellorar a competitividade dos equipos directivos das empresas galegas?

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

Rubén Lorenzo Gómez na data 15/07/2025 11:49:31
Miguel Fidalgo Iglesias na data 15/07/2025 11:49:41
Cristina Sanz Arias na data 15/07/2025 11:49:52
María Felisa Rodríguez Carrera na data 15/07/2025 11:50:03
María Encarnación Amigo Díaz na data 15/07/2025 11:50:14
María Deza Martínez na data 15/07/2025 11:50:25
Ángel Rodríguez Conde na data 15/07/2025 11:50:34
Borja Vereza Fraiz na data 15/07/2025 11:50:45
Miguel Ángel Viso Diéguez na data 15/07/2025 11:50:55



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/07/2025 11:51:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2025 11:51:09
Nº Rexistro: 28585
Data envío: 15/07/2025 11:51:09.856

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Daniel Pérez López, Oscar Insua Lema e Brais Ruanova Vilas-Boas, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o impacto negativo que teñen para o desenvolvemento económico e social, a mobilidade, a conectividade e competitividade do tecido empresarial de Carballo e dos concellos de Bergantiños, os incumprimentos reiterados na execución de obras vitais para a comarca como a ampliación do polígono de Bértoa, a variante de Carballo e a gratuidade da AG-55.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello de Carballo experimentou nos últimos anos unha transformación evidente en diferentes planos.

No demográfico, a evolución de Carballo contrasta coa evolución do número de habitantes na maioría dos concellos de Bergantiños e Costa da Morte. Todos perderon poboación agás Cee, A Laracha e, por suposto, Carballo.

A curva demográfica de Carballo é ascendente nos últimos anos, superando no ano 2007 a barreira das 30.000 persoas empadroadas, e no 2010 as 31.000, até estar a piques de acadar a día de hoxe o fito dos 32.000 habitantes. Con estes algarismos, Carballo eríxese coma a treceava localidade galega máis poboada, por detrás de cidades coma Vigo, A Coruña, Ourense, Santiago de Compostela, Lugo, Pontevedra ou Ferrol, e vilas como Narón, Oleiros, Vilagarcía, Arteixo ou Ames.

No ano pasado, o 65,5% dos habitantes concentrábase na zona urbana, cun saldo vexetativo negativo do concello, mais compensado pola chegada de persoas de outros





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

países. Na zona rural, segundo os últimos datos estatísticos, medra o número de habitantes na metade das parroquias e baixa na outra metade.

A tendencia de perda de poboación e abandono do rural que sofre o noso país, só se pode reverter dotando de máis servizos as nosas parroquias e lugares. Nesa liña, e dentro do seu ámbito competencial, o Concello de Carballo leva anos apostando por dotar estas zonas dun servizo imprescindible e básico como é o abastecemento e saneamento, pola mellora da recollida e xestión do lixo, ou a programación de actividades formativas, lúdicas e deportivas na rede de centros sociais a demanda dos consellos parroquiais.

No ámbito urbano, tamén se aprecia esa acción transformadora, iniciada hai máis de 10 anos cunha estratexia de humanización e reordenación de espazos, que desde o 2023 aborda os desafíos urbanos e ambientais a través da Axenda Urbana. Unha estratexia que involucra administracións, sociedade civil, sector privado e comunidade académica, perseguindo obxectivos de mobilidade sostible, a eficiencia enerxética, conservación de espazos naturais e desenvolvemento económico. Transformación patente tamén no eido cultural e deportivo, que converteu nos últimos anos a Carballo nun referente a nivel galego, froito dun tecido asociativo forte e dinámico. Ecosistema deportivo e cultural potenciado pola administración local a través de políticas de acompañamento, e complementado con iniciativas e actividades organizadas e xestionadas directamente polas áreas de deportes e cultura.

Todo isto, conxuntamente cun compromiso claro coas políticas de igualdade e de carácter social, así como coas de promoción económica e turismo implementadas polo goberno local dentro do seu ámbito competencial, fixeron de Carballo unha vila atractiva e, sobre todo, dinámica. Carballo conta, pois, cun indubidable dinamismo social, económico e empresarial, que como cabeceira de comarca, se irradia ao resto de concellos bergantiñáns e boa parte da Costa da Morte.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E nese dinamismo empresarial e económico, xoga un papel fundamental o polígono industrial de Bértoa (Carballo). Este polígono é unha das areas industriais e de implantación empresarial de maior proxección de Galiza. Empresariado do polígono, Concello de Carballo e a propia Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) coinciden no carácter estratéxico deste parque como polo de xeración de emprego, cunha incidencia claramente supra comarcal.

O eixo industrial que conforma este polígono industrial conxuntamente co da Laracha e Arteixo, e a conexión con Punta Langosteira e o porto exterior, converteuno nun dos de maior actividade e crecemento nos últimos anos. Conta cun dinamismo diferenciado e diferencial polo pulo do empresariado e dunha xerencia comprometida coa mellora constante de servizos e na procura da calidade desta área de actividade económica como espazo de valor e xeración de riqueza para o territorio. Ese dinamismo e a súa ubicación fixeron do parque carballés un dos máis atractivos para a implantación empresarial e hoxe son máis de 240 empresas as censadas neste parque, que dan emprego directo a preto de 3.000 persoas traballadoras.

Mais a capacidade de medre do parque, e por ende a súa forza tractora de xeración de emprego e de desenvolvemento económico a nivel local e comarcal, atópase literalmente paralizada. O feito de esgotarse oficialmente a oferta de solo industrial de promoción pública constitúe, de xeito indefectible, un freo insuperable a medio prazo. Polo seu carácter estratéxico, a ampliación deste parque foi unha demanda constante do empresariado, e do goberno local. E aínda así, malia que no ano 2009 esa ampliación contaba cunha partida nos orzamentos da Xunta de Galiza, houbo que esperar ao 2020 para que se anunciase a actuación para o 2021. Cinco anos despois dese anuncio, a realidade é que en Carballo non pode ofertar nin un só metro de chan industrial.

O reiterado incumprimento, por parte da Xunta de Galiza, dos prazos fixados pola propia Administración galega, sitúan a Carballo na situación, perfectamente





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

evitable, de non dispor dun só metro cadrado de solo que ofertar para a implantación de empresas. O que supón un auténtico “tapón” para o desenvolvemento e crecemento do tecido industrial tanto a nivel local como comarcal.

Outra actuación vital e estratéxica, complementaria da anterior, é a circunvalación de Carballo. Unha vía que conectaría o polígono coa saída cara o Sur do país, mellorando a competitividade das empresas radicadas en Carballo mais tamén a conectividade externa e interna de Galiza, como reflexa a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) no seu informe do 2023. Ao tempo que tería unha importante incidencia a nivel local desde o punto de vista da seguridade e a mobilidade urbana, liberando do tráfico pesado o centro urbano e un barrio como o do Chorís, onde se concentra zona escolar, deportiva e de ocio infantil. É unha obra cunha tramitación tamén en punto morto, que acumula retrasos e incumprimentos constantes, aparecendo e desaparecendo dos orzamentos da Xunta de Galiza desde que se licitara a redacción do proxecto no 2010.

A xíria social e o músculo empresarial amosado por Carballo, auténtico catalizador do desenvolvemento económico da comarca, contrasta co “efecto rémora” que a Xunta de Galiza está a supoñer para esta zona do noso país.

E un claro exemplo son esas dúas obras “paralizadas” desde que o Partido Popular acadara a Presidencia da Xunta de Galiza no ano 2009. Ás que hai que sumarlle un novo fito (negativo) do goberno galego ao anunciar o rescate de catro autoestradas galegas para o 2025, excluindo a AG-55.

Esta vía manterá as súas peaxes. O que constitúe un agravio comparativo e un lastre para a mobilidade, conectividade e desenvolvemento económico e social, e competitividade do tecido empresarial de toda a comarca de Bergantiños, por constituír a autovía unha arteria vital de comunicación coa Coruña e o eixo industrial A Laracha-Arteixo-Punta Langosteira.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo tanto, todas estas actuacións son vitais para Carballo e toda a comarca de Bergantiños, longamente demandadas e sistematicamente denegadas pola Xunta de Galiza do Partido Popular nos seus 16 anos de goberno.

Ante este auténtico boicot, só cabe esixir ao Goberno galego un compromiso claro, inequívoco e avaliable con Carballo e coa comarca de Bergantiños.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera o Goberno galego que a ampliación do polígono de Bértoa, o rescate da AG-55 ou a execución da variante de Carballo, son actuacións que condicionan o desenvolvemento económico e social do concello de Carballo e da comarca de Bergantiños?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 15/07/2025 11:54:05

Óscar Insua Lema na data 15/07/2025 11:54:13

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 15/07/2025 11:54:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2025 11:55:11
Nº Rexistro: 28588
Data envío: 15/07/2025 11:55:11.562

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/07/2025 11:55:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2025 11:55:11
Nº Rexistro: 28588
Data envío: 15/07/2025 11:55:11.562

CSV: BOPGDSPG-IEZceHpC7-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

